



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Pleno
Número 17

Sesión Plenaria
21 de febreiro de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Solicitude de creación de comisión de investigación

A proposta dos grupos parlamentarios de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego, sobre as causas do accidente ferroviario de Angrois, así como sobre as condicións de seguridade na rede ferroviaria de alta velocidade en Galicia (doc. núm. 4229, 10/SCI-000003).

Publicación da solicitude de creación, BOPG nº 58, do 02.02.2017

Punto 2. Comparecencias

2.1 1132 (10/PPP-000003)

Do Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.11.2016

2.2 1134 (10/PPP-000005)

Do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.11.2016

Acumúlase na anterior a seguinte:

2.3 4878 (10/PPP-000015)

Do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición dos GG. PP. de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta dos feitos producidos na Unidade Psiquiátrica do Hospital de Conxo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 67, do 16.02.2017

Punto 3. Mocións

3.1 4879 (10/MOC-000014)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e a actuación que debe levar a cabo en relación coas dificultades das familias para o pagamento do recibo da luz. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 3797, publicada no BOPG nº 53, do 26.01.2017, e debatida na sesión plenaria do 07.02.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 67, do 16.02.2017

3.2 4883 (10/MOC-000015)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa pobreza enerxética. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 1318, publicada no BOPG nº 21, do 29.11.2016, e debatida na sesión plenaria do 07.02.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 67, do 16.02.2017

3.3 4903 (10/MOC-000016)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de emprego público. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 1429, publicada no BOPG nº 21, do 29.11.2016, e debatida na sesión plenaria do 07.02.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 67, do 16.02.2017

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 353 (10/PNP-000002)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín, e Toja Suárez, María Dolores

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intencións da empresa Ferroatlántica de segregar as súas actividades de produción de enerxía eléctrica e de ferroalixes, así como a venda das centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande

Publicación da iniciativa, BOPG nº 6, do 03.11.2016

4.2 1846 (10/PNP-000178)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel, e oito deputados/as máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego, coa participación do Consello de Acción Exterior de Galicia, dun informe respecto do posible impacto do *Brexit* na economía galega e nos seus sectores produtivos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 26, do 07.12.2016

4.3 2506 (10/PNP-000233)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro, e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas a consolidar o recurso das casas niño

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 36, do 28.12.2016

4.4 3051 (10/PNP-000268)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas sentenzas dadas polo Tribunal Supremo en decembro de 2016 referidas ás taxas municipais por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local

Publicación da iniciativa, BOPG nº 48, do 19.01.2017

4.5 3765 (10/PNP-000309)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla, e cinco deputados/as máis**

Sobre a aplicación pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 53, do 26.01.2017

4.6 4209 (10/PNP-000345)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre a apertura polo Goberno galego dunha mesa de negociación coas organizacións sindicais do eido sanitario para recuperar os acordos acadados no ano 2008 en relación coas condicións laborais e retributivas do persoal do Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 62, do 08.02.2017

4.7 4271 (10/PNP-000348)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís, e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de desbloquear a posta en marcha da Área Metropolitana de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 62, do 08.02.2017

4.8 4411 (10/PNP-000363)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia, e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa decisión da Dirección Xeral de Tributos, do Ministerio de Facenda, de suprimir a exención do IVE para os servizos que prestan as e os profesionais da avogacía e procuradoría adscritos á quenda de oficio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 62, do 08.02.2017

5.1 1510 (10/INT-000060)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña, e dous deputados/as máis**

Sobre os compromisos asumidos polo Goberno galego no Pacto local

Publicación da iniciativa, BOPG nº 21, do 29.11.2016

5.2 4095 (10/INT-000148)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio, e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia para afrontar problemas relacionados coa violencia no deporte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 57, do 01.02.2017

5.3 4113 (10/INT-000151)**Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón, e Cal Ogando, Marcos**

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación co peche da venda ao público de billetes e do servizo de atención ao viaxeiro en diversas estacións de ferrocarril

Publicación da iniciativa, BOPG nº 57, do 01.02.2017

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 4945 (10/POPX-000016)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación co anuncio da consolidación da venda pola empresa Ferroatlántica das centrais hidroeléctricas no río Xallas e a súa posible incidencia no emprego da Costa da Morte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 67, do 16.02.2017

6.2 4991 (10/POPX-000017)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a avaliación dos efectos da situación laboral no Sergas na asistencia sanitaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 67, do 16.02.2017

6.3 5086 (10/POPX-000018)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre o sufrimento que están a provocar os recortes en materia sanitaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 67, do 16.02.2017

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 2660 (10/POP-000250)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín, e sete deputados/as máis

Sobre a execución pola Xunta de Galicia da estación intermodal no concello de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43, do 12.01.2017

7.2 4269 (10/POP-000539)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel, e trece deputados/as máis

Sobre as razóns do aumento rexistrado en Galicia, desde xaneiro a novembro de 2016, do número de persoas afectadas por un expediente de regulación de emprego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 63, do 09.02.2017

7.3 5084 (10/PUP-000057)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis, e trece deputados/as máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego diante do anuncio de venda pola empresa Ferroatlántica das centrais hidroeléctricas do río Xallas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 67, do 16.02.2017

7.4 3858 (10/POP-000471)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela, e dous deputados/as máis**

Sobre a data prevista polo Goberno galego para a apertura do Museo dos Viños de Galicia na reitoral de Santo André de Camporredondo, no concello de Ribadavia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 58, do 02.02.2017

7.5 3982 (10/POP-000500)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla, e cinco deputados/as máis**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para garantir a titularidade e o uso civil do Panteón de Galegos Ilustres

Publicación da iniciativa, BOPG nº 58, do 02.02.2017

7.6 3470 (10/POP-000409)**Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula, e Rodríguez Estévez, David**

Sobre as previsións da Consellería do Medio Rural respecto da realización dunha análise para a introdución de cambios no actual proceso de contratación do servizo integral de helicópteros e brigadas para a prevención e defensa contra os incendios forestais e na prevención, vixilancia e coordinación de medios aéreos de defensa contra eles durante os anos 2017 e 2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 53, do 26.01.2017

7.7 4974 (10/PUP-000053)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla, e cinco deputados/as máis**

Sobre as medidas concretas que vai adoptar a Consellería do Medio Rural para conter e erradicar a praga de couza guatemalteca que está a afectar a pataca

Publicación da iniciativa, BOPG nº 67, do 16.02.2017

7.8 5073 (10/PUP-000055)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Gómez Salgado, Carlos, e seis deputados/as máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo e as previstas polo Goberno galego en relación coa presenza da praga de *Tecia solanivora* ou couza guatemalteca que está a afectar a pataca

Publicación da iniciativa, BOPG nº 67, do 16.02.2017

7.9 5017 (10/PUP-000054)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Quiroga Díaz, José Antonio, e Pérez Seco, José Manuel**

Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para controlar a praga de couza guatemalteca que está a afectar a pataca

Publicación da iniciativa, BOPG nº 67, do 16.02.2017

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e dezasete minutos da mañá.

Antes de comezar co desenvolvemento da orde do día, o señor presidente pídelles ás señoras e aos señores deputados que garden un minuto de silencio polo crime de violencia machista que se perpetrrou onte en Chapela. (Páx. 11.)

Modificacións no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor presidente anuncia os cambios que terán lugar no desenvolvemento da sesión plenaria. (Páx. 11.)

Solicitud de creación dunha comisión de investigación, por proposta dos grupos parlamentarios de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego, sobre as causas do accidente ferroviario de Angrois, así como sobre as condicións de seguridade na rede ferroviaria de alta velocidade en Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Intervención dos grupos proponentes: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 11.) e Sr. Sánchez García (EM). (Páx. 13.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 16.) e Sr. Fernández Prado (P). (Páx. 18.)

Rolda de réplica: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 20.) e Sr Sánchez García. (EM). (Páx. 22.)

O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e o de En Marea solicitan que a votación sexa secreta e en urna. O señor presidente informa que se pospón a votación para poder preparala. (páx. 23.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López). (Páx. 24.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 34.), Sr. Losada Álvarez (S) (Páx. 38.), Sr. Lago Peñas (EM) (Páx. 41.) e Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 44.)

Réplica do Goberno: Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López). (Páx. 48.)

O señor presidente (Calvo Pouso) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 51.) Nesta rolda interveñen a señora Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 52.), o señor Losada Álvarez (S) (Páx. 53.), o señor Lago Peñas (EM) (Páx. 55.), o señor Tellado Filgueira (P) (Páx. 58.) e o señor conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López). (Páx. 60.)

O señor presidente comunica a acumulación das seguintes comparencias para o seu debate conxunto. (Páx. 63.)

Comparencia do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento. (Punto segundo da orde do día.)

Comparencia do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición dos GG. PP. de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta dos feitos producidos na Unidade Psiquiátrica do Hospital de Conxo. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña). (Páx. 63.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 70.), Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 74.), Sra. Solla Fernández (EM) (Páx. 78..) e Sr. Núñez Centeno (P). (Páx. 80,)

Réplica do Goberno: Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña). (Páx. 84.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 88.) Nesta rolda interveñen a señora Prado Cores (BNG) (Páx. 88.), o señor Torrado Quintela (S) (Páx. 90.), a señora Solla Fernández (EM) (Páx. 92..), o señor Núñez Centeno (P) (Páx. 94.) e o señor conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña). (Páx. 96.)

Modificacións no desenvolvemento da sesión plenaria e alteracións da orde do día

O señor presidente comunica o aprazamento da interpelación 5.3 e da pregunta 7.1; e que as preguntas 7.2 e 7.3 serán tramitadas despois das preguntas ao presidente. (Páx. 97.)

Suspéndese a sesión ás tres e dez minutos da tarde e retómase ás catro e media.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e a actuación que debe levar a cabo en relación coas dificultades das familias para o pagamento do recibo da luz. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 98.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 99.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Losada Álvarez (S) (Páx. 102.) e Sra. Nóvoa Iglesias (P). (Páx. 104.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Merlo Lorenzo (EM). (Páx. 106.)

A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 107)

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa pobreza enerxética. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Sánchez García (EM). (Páx. 109.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 111.), *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 112.) e *Sra. Nóvoa Iglesias (P)*. (Páx. 114.)

Nova intervención do señor Sánchez García (EM). (Páx. 116.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de emprego público. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 118.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Díaz Villoslada (S)*. (Páx. 119.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Santos Queiruga (EM)*. (Páx. 122.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 124.) e *Sr. Moreira Ferro (P)*. (Páx. 126.)

O señor Díaz Villoslada (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 128.)

Votación das mocións

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e a actuación que debe levar a cabo en relación coas dificultades das familias para o pagamento do recibo da luz: *rexeitado por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 128.)

Votación da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa pobreza enerxética: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 129.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de emprego público: *rexeitado por 34 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 129.)

Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación

Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación, por proposta dos grupos parlamentarios de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego, sobre as causas do accidente ferroviario de Angrois, así como sobre as condicións de seguridade na rede ferroviaria de alta velocidade en Galicia: *rexeitada por 20 votos a favor, 39 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 130.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Abel Fermín Losada Álvarez e D^a María Dolores Toja Suárez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intencións da empresa Ferroatlántica de segregar as súas actividades de produción de enerxía eléctrica e de ferroalixaxes, así como a venda das centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 131.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Toja Suárez (S). (Páx. 131.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 133.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Rivas Cruz (BNG) (Páx. 135.), Sr. Casal Vidal (EM). (Páx. 137.)

A señora Toja Suárez (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 138.)

Interpelación de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os compromisos asumidos polo Goberno galego no Pacto local. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 139.)

Resposta da Xunta: Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela). (Páx. 143.)

Réplica da autora: Sra. Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 146.)

Réplica da Xunta: Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela). (Páx. 147.)

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións da Xunta de Galicia para afrontar problemas relacionados coa violencia no deporte. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 149.)

Resposta da Xunta: Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela). (Páx. 153.)

Réplica do autor: Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 155.)

Réplica da Xunta: Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela). (Páx. 157.)

Suspéndese a sesión ás sete e cincuenta e sete minutos do serán.

Ábrese a sesión ás dez e dezasete minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días, outra vez.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura. Non se xustificaron inasistencias.

Antes de dar comezo ao desenvolvemento da orde do día, e logo das informacións ás que puiden acceder hoxe á mañá, parece confirmarse que é un crime de violencia machista o que se perpetrou onte en Chapela; polo tanto, eu pídolles a todos vostedes, a todos os que nos acompañan aquí hoxe, que gardemos un minuto de silencio.

(Todos os membros da Cámara, postos en pé, gardan un minuto de silencio.) (Aplausos.)

Modificacións no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor PRESIDENTE: Entramos no desenvolvemento da orde do día, e antes comunicolles unhas alteracións nela que consisten, basicamente, en que agora empezaremos coa solicitude de creación da comisión de investigación; logo procederemos coas dúas comparecencias. Pola tarde, as mocións, que votaremos dependendo de cando acaben as comparecencias de hoxe á mañá; será ás seis ou seis e media, arredor desa hora, cando se producirán as votacións. Logo debateremos unha proposición non de lei; e, a continuación, debateremos dúas interpelacións, que son do Grupo Parlamentario Socialista, en concreto, compromisos asumidos no Pacto local e unha interpelación para afrontar os problemas relacionados coa violencia no deporte. Estas son as alteracións que haberá para o día de hoxe.

Comezamos, sen máis xa, co desenvolvemento da orde do día.

Solicitud de creación dunha comisión de investigación, por proposta dos grupos parlamentarios de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego, sobre as causas do accidente ferroviario de Angrois, así como sobre as condicións de seguridade na rede ferroviaria de alta velocidade en Galicia

O señor PRESIDENTE: Para comezar con esta proposta, ten, en primeiro lugar, a palabra polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día, señorías.

Quixera hoxe empezar cuns versos de Rosalía que en principio ían dedicados ás vítimas de Angrois, pero que tamén queremos hoxe dedicar a unha nova vítima desta violencia machista, deste terrorismo machista, que nos deixa desoladas:

«Aqués que tén fama d' honrados na vila / roubáronme tanta brancura qu' eu tiña; / botáronme estrume nas galas dun día, / a roupa de cote puñéronma en tiras. / Quedei deshonorada, mucháronm' a

vida, / fixéronm' un leito de toxos e silvas; /-Salvádeme, jough, xueces!, berrei... / ¡Tolería! / De min se mofaron, vendeum' a xusticia. /-Bon Dios, axudaime, berrei, berrei / inda... / tan alto qu' estaba, bon Dios non m' oíra.>>

Estes versos forman parte deste coñecido poema de Rosalía, «A xustiza pola man». De certo, na obra de Rosalía a xustiza é un tema transversal, que aparece claramente como un desafío ético e como un desafío político. E hoxe, precisamente, é a demanda de xustiza a que trae, a que provoca, que volvamos pedir nesta Cámara que constituamos unha comisión de investigación.

Unha comisión de investigación que piden as vítimas, piden tamén que haxa unha comisión de investigación independente, pero cren que é importante que se diriman as responsabilidades políticas, e eu creo, e dígoo en nome do Bloque Nacionalista Galego, que temos unha débeda ética e democrática coas vítimas do accidente, mais que, sobre todo, esta comisión de investigación debe servir para que coñezamos a verdade, para que haxa xustiza e para que haxa reparación.

Porque se vostedes, señorías, que hoxe non van apoiar esta iniciativa, se sentaran por un momento a escoitar as vítimas, creo que se lles estremecería o corazón escoitando o seu relato. Porque non están pedindo vinganza, non están pedindo nada que non sexa normal, senón que realmente o que están reclamando —desde a dignidade do que levan feito durante estes tres anos e desde esa fortaleza de saber que só buscan a verdade e a xustiza—, o que nos están pedindo, é que hoxe camiñemos da man con elas.

Non queren simplemente que lles digamos que compartimos a dor, senón, sobre todo, que non imos escatimar esforzos ata que se coñeza a verdade e, sobre todo, ata que se asuman responsabilidades. E, por riba de todo isto, que se tomen as decisións políticas oportunas para que nunca máis no noso país volva producirse un accidente destas características.

Quero que pensen que hoxe non só estamos falando de investigar todo o relacionado co accidente, senón tamén que estamos falando de que investiguemos cales son as condicións de seguridade das vías do tren no noso país. E creo que despois de ter o segundo maior accidente do Estado español, o maior accidente ferroviario de Galiza, despois de que en menos de tres anos houbera dous accidentes ferroviarios en Galiza con mortos, temos a obriga, como deputados e deputadas, como representantes do pobo galego, de constituír esta comisión e de dar un paso adiante.

Porque tamén estamos vendo que cando as vítimas saen dese cerco que crearon o Partido Popular e o Partido Socialista, a verdade vaise abrindo paso. ¿Canto tempo nos dixeron neste Parlamento que houbera unha comisión independente en Madrid? Pois ben, tiveron que as vítimas peregrinar a Europa. Por certo, aproveito, tamén, para recoñecer o traballo que nese labor fixo a representante do BNG Ana Miranda, e para que as propias institucións europeas recoñeceran que ese informe estaba viciado, que era un informe que non era independente, porque o fixeran os mesmos que tiñan responsabilidades en Adif, en Renfe, e que, polo tanto, ese informe non tiña ningún tipo de validez.

Lémbrolles que durante moito tempo esa foi a escusa oficial para impedir que se constituíra unha comisión de investigación.

Polo tanto, nós o que nos preguntamos é: ¿de que teñen medo os señores e señoras do PP e os señores e señoras do PSOE? ¿Que hai tan forte que teñan vostedes que ocultar para que tendo unha maioría parlamentaria neguen que exista unha comisión de investigación? ¿Por que teñen medo a que realmente neste Parlamento poidamos avanzar na verdade?

Non sei, quizais vostedes teñen medo de que se coñezan as súas mentiras, as mentiras desa comisión técnica independente, as mentiras relacionadas con que saben que estiveron incumprindo as normativas de seguridade ferroviaria, que inauguraron un AVE que logo resulta que non era AVE, e que, polo tanto, iso pode ser un delito de publicidade enganosa, que se incumpriron normativas de seguridade ferroviaria europeas.

Quizais teñen medo de que se descubra que non avaliaron o risco da decisión política de retirar o ERTMS xusto na curva máis perigosa de todo o trazado no noso país, ou non sei, sinceramente, ao que vostedes teñen medo se están tan seguros de que non hai ningún tipo de responsabilidade política.

A constitución desta comisión de investigación é legal, é unha débeda que temos coas persoas que morreron nese accidente, coas vítimas, e unha débeda con todas as persoas neste país que queremos saber a verdade e que queremos que haxa...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...xustiza.

Mais tamén, señorías, é o paso necesario para que as vítimas atopen un amparo real e para que neste país digamos que estamos á altura das circunstancias.

Ao longo destes últimos case catro anos, desde que foi o accidente, as vítimas demostráronos coa súa dignidade que están á altura. Eu pídolles que hoxe, antes de votar e de apretar o botón vermello, pensen realmente que votarían vostedes se foran unhas das 218 persoas que ían no tren Alvia. ¿Están seguros de que votarían non ou a súa conciencia faría que hoxe tiveran que votar si?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días.

Un saúdo para as representantes e os representantes da Plataforma de Vítimas do Alvia, que levan anos exixindo o que de por si lles deberían dar uns gobernos dignos de tal nome, uns

políticos dignos de tal nome. Como tamén tiveron que pelexar durante catorce anos os familiares das vítimas do *Yak-42*, vítimas tamén do mesmo partido político que agocha a corrupción en espazos escuros. Ou as vítimas e familiares do metro de Valencia, que teñen que pelexar tamén porque se esclarez a que alí pasou e porque se depuren responsabilidades.

Os mesmos responsables do acontecido no metro de Valencia e do *Yak-42*, que estiveron durante anos en responsabilidades de goberno para humillación das familias das vítimas e para humillación, en xeral, da nosa cidadanía. Dixo unha crónica xornalística hai pouco: «Cando o portavoz da organización, Jesús Domínguez, tomou a palabra, a Cámara enmudeceu.» —refírese ao Parlamento europeo— «Apenas tres minutos escasos para resumir aos representantes europeos o extenso catálogo de irregularidades e incumprimentos nos que incorreron as autoridades españolas antes e despois de producirse o accidente. Denunciaron a ausencia dunha avaliación correcta dos riscos durante a modificación do trazado da liña Ourense-Santiago, a falta de información ás vítimas durante as pescudas que lideraron compañías implicadas nos sinistros (Renfe, o Adif e Ineco), a desconexión do sistema de freado automático ERTMS antes da curva de Angrois e a publicidade enganosa da suposta liña de alta velocidade. «Se se cumprise a directiva de seguridade ferroviaria europea, o accidente non tería ocorrido, evitando máis de 80 mortos.» «Fomos vítimas» —diciá Jesús— «dun accidente gravísimo por incumprimento por parte do Estado español, necesitamos que se abra unha nova investigación independente. Cando nos falla un Estado só nos queda Europa», asegurou Domínguez.

«O rostro do director xeral da Axencia Ferroviaria Europea, Joseff Doppelbauer, tornouse cara ás vítimas con mirada incrédula e volveu sacar as cores ao Goberno Español e á CIAF» (a Comisión de Investigación de Accidentes Ferroviarios) «ao lembrar que a investigación do corpo español «non cumpriu os requisitos», sinalou antes de enumerar a ristra de anomalías detectadas. «Non se investigaron as causas do problema, non se deron respostas, non atopamos referencias á avaliación de riscos e non hai probas de aplicación das directivas de interoperabilidade. O accidente non foi obxecto dunha investigación a fondo, como exige a directiva», sentenciou.

Isto é o que dicía a crónica, e creo que isto a resume perfectamente. Só discrepo nunha cuestión da crónica, en que aos señores do Partido Popular non lles saca as cores nada. Parece ser que nin isto lles saca as cores.

En resumo, anúnciase a alta velocidade en decembro de 2011; en 2013, o 24 de xullo, un accidente con 80 mortes; un cambio do proxecto orixinal que retira o ERTMS onde ocorreu o accidente, co cal que todo o mundo recoñece que non se tería producido o accidente. Ese ERTMS retírase o 23 de xullo de 2012.

Ante a rebaixa da seguridade non se toman medidas que amortigüen esa baixada de seguridade, déixase todo o risco en mans do maquinista, sen un segundo nivel de protección. Desóense as alertas do xefe de maquinistas de Ourense, que alertaba do perigo da transición brusca de velocidade que había que facer; perigo que se podía eliminar cunha simple baliza. Non se teñen en conta informes sobre zonas similares, como a curva de Puertollano. Néganse a crear unha comisión no Parlamento galego e no Congreso dos Deputados; unha aquí porque

disque non ten competencias o Parlamento galego e, outra porque, segundo Rafael Hernando –ese [...] (Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retírase esta expresión do Diario de Sesións.) que teñen como portavoz no Congreso dos Deputados–, é propio de miserables demandar esa comisión de investigación.

A CIAF é declarada pola Axencia Ferroviaria Europea non independente e que non vai ao fondo do asunto. Aquí non dimite ninguén. Non se colabora coa investigación. A análise de xestión de riscos do Adif entrégase tres anos tarde, disque por despiste. Aquí non dimite nin Dios. ¡Unha vergoña! ¡Unha vergoña, señores do Partido Popular! E non é estraño, vostedes néganlles a colaboración ás vítimas, negan a colaboración para esclarecer a verdade, tápanse entre vostedes, e non é de estrañar, porque vostedes teñen unha historia, unha historia negra co Yak-42, co metro de Valencia, unha historia negra tamén coa lexislación hipotecaria, que tamén tiveron que recibir á sociedade civil que estivo durante anos pelexando...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...oxixeno dende Europa. E vostedes virán aquí votar que non, votar que non á verdade, escudándose en escusas mentireiras. Aquí pódese facer e débese facer unha comisión de investigación. No Regulamento di que se pode facer calquera comisión de investigación por un asunto de interese público. Pero é máis, non a fan aquí e non a fan en Madrid, e fixeron todo o que fixeron tapando, obstruíndo, faltándolles ao respecto ás vítimas, porque vostedes teñen moito que agochar. Se queren vostedes acabar con esa negra historia que teñen no pasado, vostedes, os de aquí, os de aquí que tamén participaron en todo este paripé, non os de Madrid... Vostedes son o Partido Popular, son os que participaron neste paripé...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Cada un de vós sodes responsables deste paripé, desta falta de respecto ás vítimas, deste encubrir a un *lobby* que anda manexando en espazos escuros...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...ao seu antollo. É unha exixencia democrática, de transparencia...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...que se constitúa a comisión de investigación neste Parlamento...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...e que deixen descubrir o esclarecemento da verdade.

O señor PRESIDENTE: Grazas, rematou o seu tempo.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Son vostedes responsables.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Señor Sánchez, pídlle que retire a expresión que fixo en alusión ao portavoz do Congreso, pídlle que a retire. (*O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.*) Esa expresión pídlle que a retire. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, pídlle que a retire e, se non, teño que retirarlle eu... (*O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, non me responda. Respóndame á pregunta que eu lle estou facendo. ¿Retira vostede iso que acaba...? (*Negación.*) (*O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.*) ¿Non o retira? Ten unha chamada á orde.

Queda retirada pola Presidencia e ten unha chamada á orde. (*Murmurios.*) Non, está falado, está falado... Non, non, xa non está no uso da palabra. (*O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.*) Vouno ter que volver chamar á orde. Xa non procede que siga falando.

Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bos días a todos e a todas.

A verdade é que a data do 24 de xullo de 2013 está gravada eu creo que na memoria de todos. Lembrámonos —eu, polo menos, así é— do que estaba facendo no momento en que coñecín a noticia do gravísimo accidente. Estaba fóra de Santiago, pero lémbrome perfectamente, e, en fin, pasamos —supoño que todos— por momentos de estupefacción, de preocupación e de dor, de dor polos danos persoais que ocasionaba ese accidente, que só quizais máis tarde foi atemperado todo isto pola satisfacción, polo comportamento, non só da xente de Angrois e, en xeral, de Santiago de Compostela, senón tamén polos servizos públicos e os voluntarios que alí acudiron a intentar minimizar os danos causados.

O certo é que a partir de aí hai dous procedementos en marcha. A portavoz do BNG demandaba xustiza. Eu creo que é de lei que isto sexa así, e o procedemento xudicial está xustamente para iso. A Audiencia Provincial ordenou retomar a investigación na fase de instrución para ampliar o abano da mesma, para determinar as responsabilidades xustamente en relación co ERTMS, para facer unha avaliación integral do risco da liña e, en fin, ver se isto era normativa e tecnicamente necesario. Nós estamos a favor de que isto se faga, de que se complete perfectamente e canto antes mellor esta investigación de carácter xudicial, porque é a que vai permitir, ao final, determinar as responsabilidades penais, se existen, en toda a súa amplitude.

E, en segundo lugar, hai unha investigación de carácter técnico —tamén foi aludida aquí—, unha investigación do accidente por parte da Comisión de Investigación de Accidentes Ferroviarios do Ministerio de Fomento, cuestionada desde a Axencia Europea de Ferrocarrís xustamente porque esa comisión non parece gardar as características de independencia dos

seus compoñentes en relación coas empresas encargadas da infraestrutura e coas empresas públicas encargadas do deseño e da supervisión das obras.

A nós tamén nos parece ben ese ditame da Axencia Europea de Ferrocarrís. Cremos que hai que reabrir a investigación de carácter técnico para garantir o seu carácter independente e que poidamos, ao final, todos coñecer ben, cunha peritaxe técnica imprescindíbel neste como noutros accidentes, non só de carácter ferroviario, cales foron os elementos que, ao final, produciron a concatenación de sucesos que deron lugar a este accidente. E esa peritaxe debería servir adicionalmente para mellorar a seguridade nas liñas de ferrocarrís no conxunto de España e facer que o transporte por este medio sexa máis seguro para todos.

Por tanto, hai dúas investigacións en marcha que deben determinar as responsabilidades penais —se existen— que están detrás deste accidente e que deben permitir definir as melloras técnicas na seguridade para minimizar o risco de que outro accidente deste tipo se poida producir. Ambas responden en realidade á petición material da comisión de investigación que estamos determinando aquí se se crea ou non. Pero, en fin, cabe pensar que falta outra pata nesta investigación, que é a determinación das responsabilidades políticas, e iso faise, en todo caso, a través das comisións de investigación propias dos parlamentos; responsabilidades políticas que teñen que ir máis alá das penais, que van máis alá das avaliacións técnicas e que teñen que ver con asuntos de índole máis xeral nas que interveñen decisións de carácter político.

A nós parécenos que non é no Parlamento de Galicia onde hai que facer este traballo. Sabemos da necesidade que teñen os familiares das vítimas e as vítimas en ter unha satisfacción completa e en poder ter un relato convincente das responsabilidades que hai detrás deste accidente, pero tamén sabemos que non é o Parlamento de Galicia o instrumento adecuado para facer progresar o coñecemento sobre as causas do accidente. O Parlamento de Galicia, por outras comisións que xa se teñen producido aquí, non ten capacidade para que os informes pertinentes sexan emitidos en tempo e forma, para que os testemuños necesarios se produzan e para que a comisión de investigación poida funcionar de maneira operativa e producir un coñecemento útil. E esa é unha cuestión básica, porque se decidíramos entre todos crear esa comisión de investigación no Parlamento de Galicia estaríamos alimentando uns meses, seguramente, de frustración pola incapacidade por facer avanzar a investigación sobre este tema.

¿Podemos crear a comisión de investigación? Podemos creala. ¿Sería útil para a determinación de eventuais responsabilidades políticas? Na nosa opinión, non sería útil no Parlamento de Galicia, porque o ámbito adecuado para o funcionamento da comisión de investigación non é este, é o Congreso dos Deputados, que é quen ten a competencia plena sobre estas cuestións e quen ten a capacidade de poder exixir que os responsábeis técnicos, políticos, empresariais, de todo tipo, etc., que teñen que explicar cales foron as súas decisións poidan acudir. A este Parlamento non teñen a obriga de acudir e só virían cun carácter estritamente voluntario.

A pesar disto, cremos que as demandas das vítimas e dos seus familiares precisan unha satisfacción completa que a día de hoxe non se produciu; nin hai un resultado da investigación

xudicial nin hai un resultado adecuado da investigación de carácter técnico e non se creou ningunha comisión de investigación política.

Hai algúns grupos —que son os que plantexan esta comisión— que consideran que este é o lugar adecuado, e nós non nos imos opoñer a ese criterio. Simplemente, non o compartimos. Pero saiban vostedes todos que a responsabilidade da creación ou non desta comisión de investigación hoxe neste Parlamento non vai depender do noso grupo. Se o noso grupo votase a favor, isto non garantiría que a comisión se crease; se votase en contra, tampouco garantiría que non se crease; se nos abstiveramos, o resultado non influiría no final. É o Partido Popular quen ten a decisión, non somos nós. Nós imos ser coherentes co que eu estou expresando aquí na nosa votación, pero, en todo caso, saiban vostedes que é o Partido Popular quen ten non só a decisión sobre a comisión de investigación, senón tamén sobre o seu funcionamento, sobre as súas conclusións, sobre a súa organización e sobre todos os aspectos da mesma. Este é un réxime de maiorías, e o réxime das maiorías funciona así.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Presidente, señorías, bos días.

Permítanme que saúde dun xeito especial, co máis profundo respecto, no meu nome e no do grupo parlamentario, as representantes das vítimas do tren *Alvia* que teñen hoxe a amabilidade de acompañarnos nesta sesión plenaria e tamén a todas as familias de todas e cada unha das vítimas deste accidente.

Antes de entrar no contido da proposición, este Grupo Popular quere manifestar unha vez máis a nosa solidariedade coas vítimas e coas familias das vítimas deste accidente. Esta solidariedade gustaríame non facela soamente de xeito colectivo como grupo, senón tamén a modo individual, xa que eu, como tantos outros galegos, tiña e teño amigos persoais entre as vítimas. Quixera tamén trasladarlles o noso respecto, cariño e comprensión. Todos cantos temos perdido nun accidente tráxico un dos seres máis queridos para nós, para vostedes, non atopamos consolo, dígase o que se diga, nin tranquilidade. O lento paso do tempo e a verdade —tamén a verdade— axudan a que poidamos seguir vivindo, seguir tirando e ter ese alivio que nos dea valor para continuar.

Quero tamén comezar reiterando que quede claro o interese deste Grupo Popular de que se esclarezan completamente as causas deste accidente coa maior profundidade e rapidez posible. Cremos que é unha demanda xusta das vítimas, dos familiares das vítimas e do conxunto dos galegos, que queremos saber que pasou e que queren que, como consecuencia desta investigación, se tomen as medidas oportunas para que non volva pasar. Pero para acadar este coñecemento é necesario que se faga nos foros adecuados, nos que teñen competencias para iso, con profundidade e rigorosidade, fuxindo de usos demagóxicos e partidistas.

O Grupo Popular aceptou por cuarta vez que se debata neste Parlamento sobre a constitución dunha comisión de investigación sobre o accidente de Angrois. Aceptamos todos os debates, pero reiteramos os argumentos que xa temos defendido nesta Cámara, porque entendemos que este non é o foro adecuado.

No ámbito competencial a Galicia correspondeulle socorrer as vítimas, e fíxoo dilixente e adecuadamente, e como a totalidade dos galegos estamos moi orgullosos e agradecidos das persoas que traballaron e colaboraron nesta atención ás vítimas e aos seus familiares: persoal sanitario, de seguridade, de emerxencias e os mesmos veciños. Todos estiveron á altura e fixeron un gran traballo, máis que loable, eu diría que excelente. E aí remataron as competencias da Xunta. Á marxe de temas relacionados con emerxencias e atención sanitaria, a Xunta non ten competencias sobre o accidente. Os aspectos de seguridade ferroviaria, de planificación das infraestruturas, das obras, do transporte por ferrocarril, aspectos de mantemento ou xestión da vía e do tráfico, entre outros, son todos de competencia estatal. Segundo a xa asentada doutrina do Consello do Estado, os directivos da Administración do Estado non responden ante os parlamentos autonómicos, e os responsables da Administración xeral do Estado e dos seus organismos responden politicamente ante as Cortes Xerais, polo que esta comisión de investigación cremos que tería pouca capacidade para investigar este accidente, como xa se dixo anteriormente.

Se a razón para que veña agora a esta Cámara —por cuarta vez, como dicía— a solicitude dunha comisión de investigación é o informe elaborado pola Axencia Europea Ferroviaria e as demandas realizadas pola Eurocámara para a apertura dunha investigación que reúna os requisitos de independencia e analice as debilidades das investigacións realizadas sobre o accidente de Angrois, teño que dicir claramente que nós estamos a favor e compartimos coa Eurocámara as necesidades dun informe independente. Estamos dispostos, e propoñemos por terceira vez, aprobar unha declaración institucional por parte deste Parlamento na que se solicite a redacción deste informe cos criterios de total independencia propostos polos organismos europeos.

Quero recordarlles que a primeira reacción do presidente do partido e da Xunta ao coñecer a opinión da Axencia Ferroviaria Europea foi demandar a elaboración dun informe independente, incontrovertido e incuestionable sobre o accidente. E digo a terceira vez porque xa propuxo o Grupo Popular, o pasado 12 de xullo, a aprobación polo pleno dunha declaración institucional a través da que se solicitaba a apertura dunha investigación independente sobre o accidente de Angrois, aínda que, lamentablemente, esa declaración non saíu adiante como consecuencia do veto dos grupos parlamentarios do BNG, AGE e Mixto naquel momento.

O noso portavoz Pedro Puy, hai uns días, propuxo por segunda vez a estes grupos da oposición facer esta declaración conxunta, e eu hoxe, por terceira vez, volvo facerlles esa mesma proposta.

Desde o Grupo Popular estamos dispostos a retomar esa declaración institucional, coa incorporación das recomendacións da Eurocámara, que propoña a redacción dun novo informe técnico incontrovertido e incuestionable que aporte certezas e verdades ás vítimas.

Gustaríanos darlle lectura a esa declaración durante este mesmo pleno. Aínda están a tempo de que fagamos esta declaración institucional, depende de vostedes.

Ademais, gustaríame lembrar —xa se falou— que o Regulamento do Parlamento recolle a posibilidade de que un terzo dos deputados pidan e aproben a apertura dunha comisión de investigación, polo que, se os grupos da oposición queren abrir esa comisión de investigación, poderían facelo sen os votos do Grupo Popular, señores do PSOE.

Máis alá da vía parlamentaria, o accidente está sendo investigado a instancias xudiciais, polo que as responsabilidades deberán ser dirimidas nese marco, e as responsabilidades técnicas no marco das comisións técnicas independentes que correspondan. Unha vez coñecida a investigación xudicial e as conclusións técnicas, será o momento de exixir, se é o caso, as responsabilidades políticas, pero sempre no foro adecuado.

Cremos que a investigación máis profunda que se pode facer é a xudicial ou a das comisións técnicas independentes, por iso insistimos, unha e outra vez, nesta vía para alcanzar a verdade sobre as causas do accidente.

Ademais, os xuíces —se o consideran oportuno, como estamos vendo— poden pedir todos os informes independentes que consideren necesarios para o esclarecemento do accidente. A experiencia, en todos os casos coñecidos, é que as investigacións xudiciais chegaron moito máis lonxe que calquera comisión de investigación parlamentaria. Creo que temos que deixar actuar a xustiza.

O Grupo Parlamentario Popular comprende e comparte o dolor das vítimas e dos seus familiares, e o que pedimos dende o primeiro momento é que se chegue ao final no esclarecemento de todas as causas que provocaron o accidente, para iso a nosa máxima colaboración. E gustaríame a min rematar reiterando o noso apoio a que se elabore un informe independente, incontrovertido e incuestionable sobre o accidente.

Cremos que é o máis efectivo para axudar a acadar a totalidade da verdade.

Moitas grazas. Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Prado.

Rolda de réplica.

En primeiro lugar, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Eu a verdade é que lamento que hoxe tanto o Partido Popular como o Partido Socialista perdan a oportunidade de que neste Parlamento fagamos algo útil de verdade.

A xustiza dirime responsabilidades xudiciais e penais, é o seu papel, e o noso papel como Parlamento é dirimir as responsabilidades de tipo político e administrativo. Polo tanto, se-

ñorías, que haxa unha investigación xudicial non ten absolutamente nada que ver con que este Parlamento poida ou non constituír unha comisión de investigación. Isto é unha decisión de tipo político, e o problema non son as competencias deste Parlamento, o problema é que o Partido Popular se nega a que haxa unha investigación política sobre as responsabilidades do Alvia. Aquí sempre votaron en contra, pero é que no Congreso dos Deputados, que en teoría ten todas as competencias, o Partido Popular tamén votou en contra.

O actual ministro de Fomento, cando era alcalde, votaba a favor da creación dunha comisión de investigación, e agora que teñen na súa man poder crear esa comisión, néganse en ro-tundo e intentan dicirnos aquí que agora están a favor de que haxa unha investigación independente no Estado.

Hai moi poucos días, o señor Feijóo reuniuse co ministro de Fomento, ¿por que non lle plan-texou esta demanda? Agora veñen aquí dicirnos que o PP non pode aprobar algo no Parla-mento porque nós estamos en contra. ¿Pero que manipulación é esta da realidade? Isto non é de recibo, señores e señoras do Partido Popular.

Nós, desde logo, cremos que, se non hai comisións de investigación, se non hai control po-lítico sobre os gobernos, non hai democracia, e iso é o grave do que hoxe está pasando neste Parlamento. Vostedes, na práctica, decidiron inhabilitar este Parlamento. Se vai ter tan pouco impacto, ¿que problema hai en creala? Vexamos cal é o impacto que ten esa comisión de in-vestigación, non poñan a ferida antes que a venda. Fagamos un plan de traballo e cremos realmente unha tensión política para saber a verdade, e despois avaliemos cal foi o alcance desa comisión de investigación. Pero non devalúen o Parlamento porque é devaluar a insti-tución que representa aos galegos e as galegas.

¿Por que, señores e señoras, este Parlamento creou unha investigación sobre o *Prestige*? ¿Por que hai anos tamén se creou unha comisión para estudar como queriamos o desenvolvemento ferroviario en Galiza? Hai miles de antecedentes sobre temas que son de interese para o país, pero sobre os que non temos competencias, que se teñen analizado e sobre os que temos falado.

Nós, señores e señoras do PP, señoras e señores do PSOE, hoxe queremos darlles a oportunidade de que voten en conciencia. O Regulamento da Cámara permite que a votación, se o piden dous grupos parlamentarios, sexa secreta. Eu comenteille ao Grupo de En Marea que solicitemos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...esa votación, e pediría, señores e señoras do Partido Popu-lar, señores e señoras do Partido Socialista, que hoxe non pensen en cales son as directrices do seu partido, que hoxe non pensen en cales son, realmente, as ordes que lles dan os seus xefes, senón que pensen en conciencia se cren que é máis digno que este Parlamento lle dea un portazo ás vítimas do Alvia ou que abramos unha porta á esperanza para que haxa ver-dade, xustiza e reparación.

Está na súa man, non depende de ningunha dirección de ningún partido. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señores do Partido Popular, señor presidente do Parlamento, eu chameille camisa azul ao señor Hernando. ¿Dixéronlle algo ao señor Hernando despois de que acusase de miserables aos que pedían unha comisión de investigación? ¿dixéronlle algo polos cauces do seu partido? Pois eu creo que os que merecen unha chamada de atención, unha chamada á orde, son vostedes. (*Aplausos.*)

Se por algo podemos definir a posición do Partido Popular e a intervención neste momento é a hipocrisía. Hipocrisía: queremos esclarecer, estamos ao lado das vítimas, agradecemos-lles as vítimas, temos xente afectada polo accidente. Pero ¿que fixeron nos case catro anos dende o accidente, señor Fernández Prado? ¿Que fixeron? Porque vostedes teñen un pasado, non só xa o que comentaba do *Yak-42* ou do metro de Valencia, é que a vostedes a Axencia Ferroviaria Europea acaba de dicirles que a comisión técnica que crearon non era independente nin tratou de desentrañar a verdade, que foi un paripé para obstruír o coñecemento da verdade, non dimitiu ninguén e non exixiron o cesamento de ninguén.

Vostedes non teñen credibilidade aquí para vir facer proposta ningunha. Súmense ás propostas dos que defendemos sempre o mesmo. Vostedes non teñen credibilidade agora para vir pedir declaracións institucionais para seguir co eterno paripé no que están. Catorce anos estiveron mantendo ese mesmo paripé co *Yak-42*, e agora queren facer que a xente que está defendendo a verdade, os familiares das vítimas e as vítimas, fagan unha peregrinaxe tamén ata que pase o suficiente tempo. Dicía o portavoz do Partido Popular: ten que pasar tempo. ¡Claro!, ¡ata que pase o tempo! Cando xa sexa imposible depurar as responsabilidades políticas e o señor Federico Trillo se retire do Consello de Estado despois de ser embaixador en Londres.

O señor Rafael Catalá, despois de defender os contratos do AVE por encima da dignidade das persoas —igual que o señor Feijóo—, foi premiado co Ministerio de Xustiza. Ese é o seu pasado, polo tanto, non teñen credibilidade. Teñen, iso si, a oportunidade de rectificar. Igual que ten a oportunidade de rectificar o Partido Socialista, que está debatendo a renovación do Partido. Non poderán rexenerarse e renovarse se non rachan con este pasado, señores socialistas. Non poderán.

Por outra parte, este non é un parlamento de segunda, non busquen excusas falsas. Este non é un parlamento de segunda, temos o dereito, e é o noso dereito, nun accidente ocorrido en Galicia, en territorio galego, de traballar por coñecer a verdade. ¡Non poñan excusas!, porque, como xa dixen aquí, votan isto aquí, din isto aquí, e en Madrid tamén impiden que haxa unha comisión de investigación que depure as responsabilidades políticas.

Pasaron cousas moi graves, xa o sabemos. Modificouse o proxecto orixinal, non se tomaron medidas para paliar que o único responsable, todo o risco, recaese sobre o maquinista. Houbo fallos evidentes, ¿que máis ten que ocorrer para que votedes afronten de verdade o esclarecemento desta cuestión e a depuración das responsabilidades polas vítimas e, en xeral, pola

calidade democrática deste Estado, que, desgraciadamente, teñen que vir persoas e autoridades europeas a facer o que vostedes deberían facer aquí? ¿Por que a Axencia Ferroviaria Europea di isto? Porque son de En Marea, porque son do Bloque Nacionalista Galego, porque son comunistas... Non, non, simplemente porque son independentes, porque non están metidos no meollo, e vostedes puxeron a investigar os que estiveron...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Remate, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...durante anos metidos no meollo e no negocio da alta velocidade. Simplemente o dixeron por iso, porque eles ven con ollos independentes....

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez. Rematou o seu tempo.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...e poden xulgar de xeito correcto, e iso é o que estamos pedindo aquí.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Procedemos á votación. ¿Vostede xa manifestou a súa petición, señor Sánchez?

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Si, nós tamén pedimos que sexa votación secreta.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Iso contéplao o Regulamento no seu artigo 92. Polo tanto, imos proceder a votar. Votamos polo sistema actual, pero non aparecerá reflectido. Non vai aparecer reflectido. Eu creo que é exactamente igual, non vai aparecer reflectido quen vota nin a súa intención de voto. Eu creo que é exactamente igual. Que o letrado me asesore a min nesta cuestión porque, se non, votariamos en urna, pero eu penso que, se non vai aparecer a intención de voto, eu creo que estamos ante unha votación secreta, penso.

Ademais, contéplao o artigo 91, señora Pontón, que di que a votación secreta —escóiteme o que di o artigo 91 e despois podemos valorar isto— poderá facerse por procedemento electrónico que acredite o resultado total da votación, omitindo a identificación dos votantes. E segundo, por papeleta, cando se tratar de eleccións de persoal, cando o decida a Presidencia e cando se tiver especificada esta modalidade na solicitude de voto secreto.

(*A señora Pontón Mondelo solicita a palabra.*)

O señor PRESIDENTE: Si, déanlle voz.

A señora PONTÓN MONDELO: Nós o que pedimos é que haxa unha votación secreta en urna, para que realmente os deputados e deputadas desta Cámara poidan votar en conciencia. Hai unha diferenza moi grande entre votar véndose no teu escano o que se vota e que o voto

sexa realmente secreto nesta urna. Moi poucos votos poden decidir ou non a creación desta comisión de investigación. Pídlle que non entorpeza —dado que isto é unha competencia súa— e que permita que votemos en urna esta cuestión, que creo que ten a suficiente transcendencia e importancia. Se non, non llo pediría, porque sabe que isto non é algo que fagamos todos os días, senón que é algo que cremos que debe facerse desta maneira. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Eu creo que dei unha explicación sobre o que era. E creo que o que se trata de preservar é que o voto sexa secreto. Creo que é a esencia do que vostede estaba pedindo. Agora, eu non teño ningún problema tampouco en que se faga unha votación en urna, eu non teño problema. Pero creo que nisto o que di o Regulamento e o que me di o letrado é que se garante tamén a votación secreta. Entón, non sei, é unha cuestión que estamos... *(Prónúncianse palabras que non se perciben.)* *(O señor Sánchez García solicita a palabra.)*

Pode falar cando eu lle dea a palabra.

Isto é o que está así estipulado no Regulamento.

Agora pode falar, dígame.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Grazas, señor presidente.

Nós pedimos a votación secreta e coa modalidade de votación en urna. É o que estamos pedindo.

O señor PRESIDENTE: Bueno, iso xa o entendín, pero a ver se me entende a min. Eu tam-pouco teño problema. *(Murmurios.)* Non, non, pero ¡por favor!, estamos razoando, creo que as cousas se poden razoar.

Se temos que ir a unha votación en urna, teremos que facelo máis tarde. Non imos poder facelo agora porque haberá que preparar todo. Poderemos facer unha votación en urna.

Eu estáballes pondo enriba da mesa un asunto contemplado no Regulamento, que é en esencia o que vostedes están pedindo, que é que isto sexa secreto, que non se saiba o que votan os deputados. Agora, ¿está o tema en que votemos en urna? Non teño problema ningún. Votaremos en urna cando proceda. Pois votaremos en urna cando proceda, non hai problema ningún. *(Aplausos.)* Queda claro, pero hai que preparala con tempo.

Despois avisaremos. Agora imos substanciar a comparecencia

Comparecencia do Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento

O señor PRESIDENTE: Cando queira ten a palabra o señor conselleiro de Economía.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, bos días .

Hoxe comparezo nesta Cámara para expoñer ás súas señorías e ao conxunto da sociedade galega as liñas estratéxicas da Consellería de Economía, Emprego e Industria para a décima lexislatura autonómica, unhas liñas estratéxicas que buscan responder a tres obxectivos que nos marcamos como goberno cara ao ano 2020.

O primeiro obxectivo é consolidar o crecemento económico apoiando a creación de máis empresas en Galicia e o impulso e crecemento daquelas empresas que xa temos, nomeadamente no sector industrial. O segundo obxectivo é acelerar a creación de emprego e fomentar a calidade e igualdade, porque queremos...

O señor PRESIDENTE: Perdoe un momento.

Silencio, por favor, hai moito murmurio e molesta a quen está no uso da palabra.

Prégolles, por favor, se pode ser, que gardemos silencio, porque se está no uso da palabra.

Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Decía, señor presidente, que o segundo obxectivo é acelerar a creación de emprego e fomentar a calidade e igualdade, porque queremos unha economía máis competitiva, sen dúbida, pero tamén unha economía con máis oportunidades para todos e unha economía que rompa coas desigualdades que aínda permanecen. Mentres, o terceiro obxectivo centrarase nas persoas; en concreto, en ampliar a protección dos galegos e das galegas como consumidores, porque queremos, ademais, unha economía que respecte a liberdade de elección e os intereses de todos nós cando mercamos. (*Murmurios.*)

Estes obxectivos son os que guiarán a acción política da Consellería nos vindeiros anos, para facer de Galicia... (*Murmurios.*)

Decía, señor presidente, que estes obxectivos son os que guiarán a acción política da Consellería nos vindeiros anos para facer de Galicia a mellor terra onde investir, a mellor terra onde traballar e a mellor terra onde vivir. E farémolo a través das directrices das que nos dotamos para escribir o futuro de Galicia. Falo da Lei do emprendemento e da competitividade de Galicia, da Lei de innovación ou da Lei de economía social. E falo tamén das estratexias de especialización intelixente e de internacionalización da empresa galega, así como da Axenda Industria 4.0 e da Axenda para o emprego 2020. Todos eles son instrumentos plenamente vixentes e plenamente aceptados, que reflicten o noso modo de facer política, con propostas e ideas pegadas á realidade que xorden da planificación e do consenso. Por iso imos actualizar e ampliar estes instrumentos con outros novos —que detallarei máis adiante—, ofrecendo, coma sempre, diálogo político e diálogo social. Porque todos os esforzos seguen a ser necesarios e porque estamos convencidos de que é a vontade dos galegos e das galegas.

Así que, señorías, acudo a esta comparecencia cun dobre obxectivo: en primeiro lugar, compartir a visión que este goberno ten para a Galicia económica, a Galicia industrial e a Galicia laboral no horizonte do 2020, e tamén coa vocación de escoitar as súas propostas, invitándooos dende o primeiro momento a establecer pontes de entendemento que superen as nosas diferenzas a prol do interese común de Galicia. Estou convencido de que a todos os aquí presentes nos une o amor por esta terra. E seguro que, se primamos este sentimento, dende o realismo e dende o respecto ás normas e institucións, e se primamos tamén a confianza nas capacidades das nosas empresas, dos nosos emprendedores e da nosa xente, señorías, será máis doado abordar as solucións que temos pendentes e as respostas que nos piden os cidadáns; unhas respostas que doten Galicia dun futuro con máis benestar e máis riqueza, dun futuro que maximice o potencial produtivo de Galicia para empuxar a creación de emprego e dun futuro asentado na industria, na innovación, no talento do capital humano, nos autónomos e nas pequenas e medianas empresas.

Señorías, que Galicia está consolidando a súa recuperación económica é difícil discutilo, e que hoxe a situación para moitos galegos e galegas é mellor que nas pasadas lexislaturas, tamén. Igual que é difícil negar que Galicia, polo xeral, ten unha mellor situación que o conxunto do Estado. Esta é a realidade, aínda que somos conscientes de que temos que seguir traballando intensamente para seguir conseguindo que a nosa economía sexa máis dinámica, sexa máis competitiva e que, sobre todo, xere máis emprego e emprego de calidade.

De feito, se miramos os datos, Galicia pechou o ano 2016 cos principais indicadores en verde. A economía galega xa medra a un ritmo anual do 3,3 %, a maior velocidade do produto interior bruto galego dende mediados do ano 2008; unha evolución que se explica polo bo comportamento do consumo interno, polo bo comportamento de todos os sectores produtivos —e moi especialmente no caso da industria, cuxo índice de produción medra un 4,1 % durante o ano 2016 cando España tan só o está facendo ao 1,6 %— e tamén polo bo comportamento das exportacións galegas, que un ano máis mostraron unha evolución excepcional cun incremento do 6,4 %, rexistrando un novo récord histórico e marcando nos últimos catro anos o mellor ciclo exportador de toda a nosa historia.

Pola súa banda, os datos de creación de empresas tamén demostran que Galicia é unha terra para emprender. E iso déixano de manifesto as máis de 8.500 empresas creadas entre o ano 2015 e o ano 2016, unha tendencia que se está a consolidar ao comezo deste ano 2017 coa creación de 439 firmas que se constituíron en xaneiro, máis de 14 empresas ao día.

Así mesmo, as estatísticas confirman que creamos emprego, aínda que agardamos facelo aínda con moita máis intensidade. Pero o certo é, señorías, que Galicia remata xaneiro con preto de 20.000 afiliacións máis que hai un ano, que é a maior cifra dende o ano 2012. Ademais, os contratos indefinidos crecen nun 22,1 %, máis do dobre da contratación temporal. E son todas elas cifras que permiten explicar que hoxe 2 de cada 3 traballadores en Galicia teñan un contrato indefinido a tempo completo.

En definitiva, señorías, Galicia mellorou e avanzou moito nos últimos anos nun contexto moi difícil e nun contexto moi exixente, e non só pola crise e a recesión económica, que sería suficiente para explicalo, senón tamén polas novas demandas dunha economía máis global

e dunha economía máis conectada. E ao que aspiramos é a que esta situación de evolución positiva poida seguir mellorando e avanzando nesta lexislatura, porque contamos —así o entendemos dende o Goberno— con suficientes resortes para dar un novo pulo para acadar na lexislatura o futuro que propoñemos, con máis crecemento, máis emprego e máis benestar. Un empuxe no que estamos a traballar dende o primeiro momento en que se formou o actual Goberno da Xunta, e que no caso da Consellería de Economía, Emprego e Industria recolle, como principais fitos, a Estratexia do autónomo 2020, que suma máis de 40 millóns de euros no ano 2017, para impulsar a posta en marcha de novos proxectos dos autónomos galegos, o crecemento dos que xa están e tamén a maior calidade do emprego; o Programa de formación e de emprendemento no rural, con preto de 30 millóns de euros, para promover a diversificación económica e crear máis opcións laborais nos concellos menos poboados; o plan de acción para a captación de investimentos, co obxectivo de poñer en valor todas as capacidades de Galicia cara ás novas instalacións; a segunda fase do polo tecnolóxico e industrial de Rozas, anunciando sete licitacións para a compra de solucións innovadoras que servirán para mellorar os servizos públicos galegos, e que suporán un investimento de 14 millóns de euros; e tamén, señorías, a posta en marcha de programas de formación para o emprego, como os obradoiros, as unidades formativas de empresas e o Programa Cualifica Formación Profesional, dotados no seu conxunto con 32 millóns de euros, cos que permitimos activar xa o 40 % do orzamento de formación para este ano 2017.

Polo tanto, señorías, falamos de feitos. E, se mo permiten, falamos de moitos feitos nos últimos oito anos. Iso grazas á confianza maioritaria dos galegos, revalidada o pasado setembro, pero sobre todo grazas ao compromiso e á vontade de cada un deles por saír adiante. E nós, como goberno, dende logo, non os queremos defraudar. Por iso a nosa máxima durante esta lexislatura será, unha vez máis, o traballo con plena vocación de servizo, que articularemos sobre catro grandes liñas estratéxicas que constituirán os eixos principais da actuación da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Refírome, en primeiro lugar, á industria e á innovación, como prioridades para facer unha Galicia máis competitiva. Refírome a mellorar a competitividade para facer da nosa comunidade un lugar máis atractivo cara a novos investimentos. Refírome a seguir traballando para crear máis e mellores empregos, con máis igualdade e máis calidade. E refírome, en cuarto lugar, a intensificar a protección e defender os dereitos dos galegos como consumidores e usuarios.

Paso, señorías, a detallarlles cada unha destas catro liñas estratéxicas.

A primeira liña, e no que respecta ao impulso da industria e da innovación, a nosa tarefa, señorías, será avanzar cara á consolidación de Industria 4.0 cun novo pulo: a fábrica intelixente, a competitividade de todas as nosas empresas e a súa internacionalización; continuar co desenvolvemento do polo tecnolóxico de Rozas; iniciar a posta en marcha de grandes consorcios de innovación en sectores emerxentes que nos sitúen como líderes europeos internacionais; fortalecer a cadea de valor do sector forestal no marco da bioeconomía; e conseguir que as pequenas e medianas empresas incorporen nas súas estratexias a innovación.

A aposta da Xunta de Galicia pola industria continuará co desenvolvemento da axenda de competitividade Industria 4.0. Para iso daremos continuidade ao xa feito, especialmente nos eidos da innovación, do solo industrial e da aposta polo talento. E, neste sentido, seguiremos

coas axudas a proxectos Fábrica 4.0, chamados a transformar a industria galega, tamén coa formación dos traballadores, porque a modernización da industria depende, necesariamente, das persoas. E cos focos de emprendemento industrial de carácter sectorial que dean continuidade á Business Factory Auto, sen esquecer, loxicamente, os programas de apoio á internacionalización tanto en orixe como en destino.

Pero, ademais de continuar coas iniciativas postas en marcha durante a lexislatura pasada, promoveremos novas medidas. E así poremos en marcha un programa de transformación dixital na industria para apoiar proxectos que aceleren a implantación de tecnoloxías TIC, nomeadamente nas pequenas e medianas empresas. Crearemos espazos colaborativos que faciliten a creación de novos produtos da Industria 4.0 a un custo máis económico. E elaboraremos a Estratexia integral de optimización loxística de Galicia, para mellorar un activo moi valioso da competitividade das nosas empresas e para atraer novos investimentos.

Así mesmo, no eido industrial centraremos os nosos esforzos no polo de Rozas para construír un novo corazón tecnolóxico e industrial en Lugo, un polo tecnolóxico e industrial vinculado a un sector de grandes expectativas, como son os sistemas aéreos non tripulados. Somos conscientes de que investir en coñecemento é o único camiño para desenvolver o noso modelo produtivo. E nun sector emerxente como é o sector aeronáutico, vinculado aos avións non tripulados, estamos a apostar neste polo de Rozas con compromisos por un importe de 150 millóns de euros, cun claro impacto nas nosas universidades, nos nosos centros tecnolóxicos e nas nosas empresas.

Rozas constitúe, señorías, unha oportunidade para captar talento e para crear emprego de calidade. E tamén constitúe unha oportunidade para introducir solucións innovadoras na prestación de servizos públicos, como é o caso dos servizos de xestión de recursos mariños, xestión do territorio ou xestión do tráfico aéreo.

Pero, señorías, a aposta polo novo modelo produtivo de Galicia exíxenos seguir dando pasos en favor dunha innovación capaz de xerar grandes ideas e grandes proxectos coa suma de todos. E por iso nesta lexislatura daremos un paso máis e o que faremos será poñer en marcha tres consorcios de innovación arredor das cadeas de valor do sector aeronáutico, da bioeconomía e da Industria 4.0. Estes consorcios de innovación terán como obxectivo aglutinar talento, coñecementos, capacidades tecnolóxicas e financiamento para xerar produtos e servizos de alto valor para o mercado sobre a base dunha cooperación máis eficaz. Falo de colaboración público-privada, que nos permitirá ser máis atractivos á hora de captar fondos fóra de Galicia e prepararnos para o escenario europeo da I+D+i do horizonte do ano 2030.

No eido industrial merece a pena unha mención especial á creación da Axencia da Industria Forestal de Galicia, unha axencia que terá como obxectivo desenvolver unha estratexia en favor da competitividade e internacionalización da cadea de valor dos nosos bosques, con atención específica tanto á primeira como á segunda transformación do sector madeireiro. A prioridade neste eido será valorizar os recursos forestais e facelo a través dunha maior presenza da madeira, como o material usado noutros sectores —como é o sector da automoción, o aeronáutico ou o sector naval—, incrementar o valor engadido dos actuais produtos forestais e promover o desenvolvemento de novos produtos —neste caso a través da

innovación e a través do deseño—. E tamén apoiar a trazabilidade e as certificacións de calidade para impulsar a súa comercialización no exterior. A aposta, señorías, da Industria 4.0 e da innovación terá un protagonismo especial na próxima lexislatura no sector forestal.

Pero a importancia da innovación vai máis aló da innovación aplicada á industria. A innovación é un factor decisivo en todos os ámbitos da nosa economía, e por iso tamén será a peza clave nesta lexislatura en toda a súa dimensión. Para poder alcanzar este obxectivo prevemos modificar a Lei de fomento da investigación e da innovación de Galicia, a Lei 5/2013, co obxecto de actualizar os aspectos de valorización e de transferencia dos resultados da I+D+i que melloren a competitividade do noso tecido produtivo. E de forma especial dedicáronos ao desenvolvemento de novos modelos de dinamización que xorden nun contexto cambiante, como son a Asociación para a Innovación e a Transferencia Inversa.

Así mesmo, elaboraremos o novo plan de I+D+i de Galicia, que será un instrumento de programación do Goberno para executar ata o ano 2020 as principais liñas de actuación da Estratexia de especialización intelixente. Impulsaremos o liderado da comunidade en compra pública innovadora; un liderado, señorías, que se ten posto de manifesto, por segunda vez, coa consecución do Premio Nacional de Innovación que recibimos hai uns días. E faremos esta aposta a través dun programa específico focalizado non só na Xunta, senón tamén noutros axentes da I+D+i galegas. Este Programa de compra pública innovadora permitirá a identificación de novos proxectos transformadores en ámbitos como a economía verde, a formación dos empregados públicos sobre o novo modelo de administración pública innovadora ou a creación dun laboratorio de intelixencia estratéxica que permita sistematizar os procesos de compra pública innovadora.

En cuarto lugar, continuaremos coa aposta para fixar investigadores excelentes en Galicia. E imos favorecer a contratación de novos investigadores, non só nas universidades e nos centros tecnolóxicos, senón tamén nas empresas. Por iso lles podo anunciar que a Axencia Galega de Innovación porá en marcha un novo programa de captación de talento innovador que amplíe os programas oportunos de Principia, co obxectivo de converter a nosa comunidade nun polo de coñecemento e de innovación.

E todo isto farémolo reforzando tamén os apoios á innovación empresarial, desenvolveremos novas convocatorias de axudas para que ningún proxecto de interese para o noso país, sexa grande ou pequeno, se deixe de desenvolver en Galicia. Novas axudas que, por suposto, se sumarán aos programas coñecidos polas súas señorías, como son as unidades mixtas de investigación, os programas Conecta Pemes, Ignicia proba de concepto e, tamén, a Rede de aceleradoras da innovación.

A segunda área das políticas da Consellería de Economía, Emprego e Industria centrarase en mellorar o escenario no que as empresas teñen que desenvolver a súa actividade. Neste sentido, continuaremos co traballo que iniciamos coa Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, que xa ten permitido avanzar, como saben, na procura dun contexto axeitado para aprender. Teno feito con maiores facilidades administrativas a través da eliminación, con carácter xeral, das licenzas municipais e da creación das entidades de

certificación de conformación municipal. E teno feito, tamén, con maiores instrumentos de apoio a través da Unidade Galicia Emprende e os actuais programas de financiamento.

Así pois, nesta lexislatura daremos novos pasos para reforzar este ecosistema e, o máis importante, para que sexa un ecosistema máis facilitador. E farémolo traballando en tres ámbitos: a axilización administrativa, o financiamento e a enerxía.

Señorías, a capacidade de Galicia para fixar tecido industrial e captar novos investimentos está directamente relacionada coas facilidades que lles poidamos dar ás empresas para a súa implantación en Galicia. Temos que facilitar e axilizar as tramitacións administrativas, e temos que ofrecer, tamén, o mellor tratamento fiscal dos seus investimentos. Precisamente estes obxectivos están recollidos no Plan para a captación de investimentos que a Xunta de Galicia vén de lanzar hai unhas semanas e que recolle dúas medidas que entendemos son de especial importancia. Estoume a referir á nova Lei de fomento da implantación empresarial, orientada a facilitar as actividades industriais con medidas como a simplificación administrativa da implantación dos proxectos e medidas específicas de xestión e dinamización das áreas empresariais. E estoume a referir, tamén, á posta en marcha dun protocolo de boas prácticas, en colaboración coa Fegamp, que poña en valor o atractivo de Galicia; tanto na axilización administrativa —tamén dos concellos— como en dar publicidade e dispoñibilidade de solo industrial, así como medidas fiscais e medidas de promoción con beneficios adicionais.

Esta actuación para facilitar a implantación de actividades industriais virá acompañada pola posta á disposición de novos instrumentos financeiros a prol dos empresarios e das pequenas e medianas empresas. As achegas financeiras da consellería, polo tanto, volverán dar resposta ás necesidades de emprendemento, de internacionalización, de innovación e, tamén, de incremento do tamaño e de crecemento das nosas empresas.

A Xunta de Galicia manterá as axudas a fondo perdido a través dos programas Galicia Emprende e Galicia Investe. Pero, sobre todo, e con máis énfase, desenvolveremos un novo programa de instrumentos financeiros e innovadores que nos permita multiplicar o impacto dos recursos públicos. Este programa contará cunha dotación de 80 millóns de euros ata o ano 2020 e terá catro liñas de actuación: o ICE Emprende, para as sociedades constituídas por novos emprendedores; o ICE Innova, para pequenas e medianas empresas que desenvolvan proxectos innovadores; o ICE Crecemento, para investir na creación dun novo establecemento ou para mellorar a competitividade de instalacións existentes, e, tamén, para permitir o incremento do tamaño do noso tecido produtivo; e o ICE Exporta, para ampliar a capacidade produtiva para atender as necesidades de exportacións.

En materia de financiamento tamén complementaremos os instrumentos financeiros innovadores con instrumentos de capital risco a través de XES Galicia, como son os fondos XES Innova, o Fondo I2C, ou o Fondo Galicia Iniciativas Emprendedoras. E tamén consolidaremos a Rede galega de investidores privados, porque entendemos que o capital risco en Galicia ten que seguir apuntalando os proxectos máis innovadores.

Sen dúbida, a enerxía é outro dos ámbitos de apoio á economía de Galicia e tamén do noso benestar, como falarei máis adiante. Neste sentido, garantir a dispoñibilidade dun sistema

de abastecemento enerxético máis competitivo e sostible continúa a ser, señorías, unha prioridade para este Goberno. Precisamente por iso proporemos a esta Cámara un pacto que permita consensuar os proxectos enerxéticos de interese autonómico, así como todas as medidas necesarias para simplificar e axilizar a súa tramitación administrativa. Un novo marco que nos permita aumentar a maior ritmo a nosa capacidade de xeración enerxética con fontes renovables.

Así mesmo, traballaremos para dar un maior pulo ao autoconsumo a través dun paquete de medidas acorde coas competencias da comunidade autónoma: a mellora das infraestruturas enerxéticas impulsando máis avances en calidade e seguridade, especialmente nas zonas rurais e nas áreas industriais; o desenvolvemento das interconexións planificadas con Francia e Portugal; o seguimento da adaptación das centrais térmicas á Directiva de emisións industriais; e na realización de medidas de aforro e eficiencia enerxética que beneficien as empresas.

A terceira liña estratéxica céntrase no emprego. Os compromisos do Goberno coas galegas e cos galegos de aquí ao 2020 están claramente definidos: xerar entre 80.000 e 100.000 postos de traballo nesta lexislatura, reducir a taxa de paro ata o 10 % e crear ou converter 50.000 contratos en indefinidos. Todos estes obxectivos están recollidos na Axenda 2020 para o emprego, co obxectivo de impulsar un marco máis favorable para que se active aínda máis a creación de emprego e a súa calidade, e sacar, en definitiva, o maior rendemento ao noso capital humano.

Por iso, señorías, entre outras medidas, é imprescindible o desenvolvemento dunha nova estratexia do emprego autónomo, coa que buscamos mellorar as condicións destes traballadores, que en Galicia, como saben, representan 1 de cada 4. Hai unha semana celebramos a III Mesa do Autónomo —en menos dun ano— cunha reunión coas principais asociacións deste colectivo, na que tivemos a ocasión de avaliar un paquete de 20 medidas dotado con 160 millóns de euros ata o ano 2020, 20 medidas para incorporar novas persoas ao sector, facilitarlles as mellores condicións posibles e, sobre todo, simplificar e axilizar a tramitación administrativa.

Desde a consellería queremos apoiar máis de 10.000 traballadores ao ano, cunha dotación orzamentaria que aumentará un 45 % respecto da pasada lexislatura. Para iso, entre as medidas innovadoras estará a ampliación á tarifa plana de 50 euros do Estado; mellorar a conciliación aumentando en dezaseis semanas máis a bonificación do 100% da cota da Seguridade Social que lle corresponde á persoa contratada; crearemos un bono autónomo, por primeira vez, para apoiar a aqueles autónomos que teñan unha antigüidade de máis de corenta e dous meses para a consolidación da súa actividade; e lanzaremos un programa de relevo xeracional. Todo isto coa constitución dunha oficina de autónomo, co obxectivo de que os autónomos teñan na Xunta de Galicia unha xanela única para actuar cunha interacción directa, para identificar as súas necesidades e resolver as súas dúbidas..

Así mesmo, en materia de emprego temos que acelerar a creación de emprego en Galicia, polo que desenvolveremos unha lei de emprego —como xa temos anunciado—, unha lei que nos converta na primeira comunidade en aprobar un texto legal adaptado ao novo marco

estatal. Pero, sobre todo, unha lei que nos permita executar políticas máis efectivas para conseguir novos empregos estables e de calidade, e que ordene o actual ecosistema de emprego favorecendo a coordinación das actuacións que levan a cabo as diferentes administracións.

Por iso, señoría, no contexto desta nova lei plantexaremos un pacto polo emprego en Galicia, un pacto polo emprego que sirva para estimular a creación de postos de traballo e mellorar a empregabilidade dos galegos. Un pacto que permita a renovación das políticas activas de emprego, co foco na modernización do Servizo Público de Emprego de Galicia, a mellora dos sistemas de formación e de acreditación profesional e o estímulo na contratación entre os colectivos máis vulnerables.

En todo caso, dende a consellería seguiremos a traballar para maximizar os resultados dos últimos anos. E, neste contexto, quero destacar tres ámbitos especialmente relevantes polo seu elemento cualitativo: falo do desenvolvemento dun plan de emprego que fomente a igualdade, buscando a colaboración dos interlocutores sociais para avanzar na igualdade salarial entre homes e mulleres; facilitar a reincorporación laboral das mulleres, que deixaron o seu emprego por razóns persoais e familiares; ao igual que o desenvolvemento da carreira profesional e a incorporación en ocupacións de alta cualificación.

Ademais do fomento da igualdade, prestaremos especial atención ao emprego xuvenil. Por iso, a Xunta seguirá a traballar para crear máis e mellores empregos entre os máis novos. Como saben, temos ampliado o sistema de garantía xuvenil a todos os menores de trinta anos rexistrados nas oficinas de emprego, o que vai facilitar a execución e a accesibilidade dos máis xoves ao sistema de axudas do Plan de garantía xuvenil, e seguiremos ofrecendo maiores axudas á súa contratación, mellorando as oportunidades de formación e as oportunidades de inserción laboral.

Tamén desenvolveremos novos programas que faciliten a adquisición de competencias e habilidades que demandan as empresas, e, sobre todo, señorías, no eido da Industria 4.0.

E o terceiro eido son as persoas con maiores dificultades. Promoveremos novas medidas, como o Programa de orientación e inserción laboral, dirixido a persoas pertencentes a unidades familiares nas que todos os seus membros activos estean en paro, ampliaremos os recursos para facilitar a inserción dos colectivos en risco de exclusión, nomeadamente os perceptores da Risga, e, ademais, seguiremos coas axudas aos parados de longa duración de máis de corenta e cinco anos.

Por último, queremos incidir de maneira máis directa na creación de emprego estable e de emprego de calidade. E farémolo primando os contratos indefinidos nas axudas de emprego, introducindo criterios de valoración a favor das empresas, cunha maior taxa de estabilidade no emprego e cunha maior ratio de equilibrio entre homes e mulleres nos seus cadros de persoal. Potenciaremos as medidas de prevención de riscos laborais e saúde no traballo, favoreceremos a implantación da responsabilidade social e empresarial e as políticas de igualdade, conciliación e racionalización de horarios nas empresas, e estimularemos a formación dos traballadores.

Paso a detallarlles a cuarta liña estratéxica, e refírome, neste caso, ás actuacións nas persoas e á ampliación na protección dos consumidores, un eixe prioritario para este goberno, porque sabemos que o desenvolvemento económico e a competitividade tamén teñen que estar ao lado dos servizos e dos dereitos de todos os galegos como consumidores. Por iso melloraremos os servizos de atención aos consumidores e promoveremos un consumo responsable, reforzando tamén a loita contra a pobreza enerxética, ademais de seguir adiante co estímulo das enerxías renovables e do aforro e a eficiencia enerxética para mellorar o benestar das vivendas e das cidades.

Tamén levaremos a cabo actuacións que reforcen o excelente traballo que está a desenvolver o Instituto Galego de Consumo e de Competitividade. Saben que ten traballado en asuntos moi sensibles, como foron as preferentes, e que agora o están a facer coa mesma profesionalidade e rigor á hora de trasladar información e asesoramento nas cláusulas chan e tamén nas situacións coas eléctricas.

Neste sentido, e no eido do Instituto Galego de Consumo e de Competitividade, desenvolveremos un plan para a protección das persoas consumidoras. Este plan terá como obxectivo mellorar a calidade do servizo aos consumidores galegos dixitalizando e optimizando procesos para facilitar e axilizar a presentación e resolución das denuncias, potenciando recursos de mediación para a solución de conflitos e poñendo en marcha, señorías, unha medida pioneira, como será a arbitrase electrónica, unha arbitrase electrónica que permitirá presentar dixitalmente a documentación, pero que, sobre todo, permitirá que as reunións sexan con medios virtuais, evitando, neste caso, os desprazamentos.

O plan tamén incluírá accións para incrementar a prevención de riscos para as persoas consumidoras, como impulso de códigos de boas prácticas sectoriais, cuxa adhesión poida ser un certificado de garantía para o consumidor, ou campañas de control dos novos formatos de consumo, que están a xurdir no mercado, nomeadamente, a través do comercio electrónico e a través das ofertas de contratación telefónica.

Xa no eido enerxético, sinalar que a Xunta de Galicia seguirá a adoptar as medidas necesarias para apoiar o benestar de todos os galegos, aínda que o noso principal interese estará, unha vez máis, coas familias que máis o necesitan.

Como saben, señorías, en Galicia temos axudas para baixar os recibos eléctricos das familias máis vulnerables dende o ano 2014, sendo unha das primeiras comunidades en facelo. Tamén temos axudas para evitar os cortes de subministración dende o ano 2015, que agora neste ano 2017 ampliamos ao gas natural; axudas que no seu conxunto teñen beneficiado xa a máis de 6.000 fogares. Desenvolveremos tamén a campaña «Dálle luz á túa factura» para informar e, sobre todo, para formar aos consumidores eléctricos. E seguiremos co desenvolvemento do Plan de aforro e eficiencia enerxética nas vivendas, co cal estamos mellorando a calidade térmica de máis 7.000 fogares galegos en dous anos.

Polo tanto, señorías, seguiremos con esta e con outras medidas ao longo da lexislatura, conscientes de que hai marxe para a mellora, pero co compromiso manifestado nesta Cámara de avanzar unha vez que o Estado concrete o bono social para que a Xunta poida desenvolver

un novo marco de axudas que dea unha resposta máis integrada aos consumidores enerxéticos galegos máis vulnerables.

Señorías —termino—, estas son, en grandes liñas, as prioridades e as estratexias máis importantes da Consellería de Economía, Emprego e Industria cara ao ano 2020. Con elas procuramos, como dixen ao principio, consolidar o crecemento económico apoiando os empresarios e tamén os autónomos, porque eles son —empresarios e autónomos— os que realmente arriscan e traballan día a día pola creación de emprego e de riqueza en Galicia; acelerar a creación de emprego e fomentar a calidade e a igualdade, porque sabemos que hai galegos e galegas que aínda non teñen un posto de traballo; e ampliar a protección dos galegos como consumidores, porque queremos estar ao servizo do seu benestar.

Polo tanto, temos por diante un intenso traballo no que pedimos a implicación de todos e tamén dos grupos da oposición, porque esta é a mellor forma de conseguir e de ser máis eficaces cara a acadar o noso principal obxectivo, que non é outro que defender, señorías, os intereses de Galicia e os intereses dos galegos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Por parte do Grupo Parlamentario do BNG ten a palabra a señora Noa Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día, señores e señoras deputados e deputadas.

Observamos, desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o mesmo nesta exposición de liñas estratéxicas da consellería que nos ocupa hoxe —o mesmo, dicía— que vivimos no período de debates nos orzamentos. Vemos como a estratexia do Partido Popular para industria e para o emprego é a estratexia do duplo pe, con pe de propaganda e pe de publicidade, pero pouco máis que lugares comúns.

Nestes desiguais dez minutos tentarei introducir algunhas das cuestións que desde o Grupo Parlamentario do BNG vemos con fonda preocupación a respecto de que entendemos que a actuación do Goberno non é a que precisa este país, nin a actuación nin a actitude. Con todo, eu valoro positivamente que o señor Conde hoxe nos pedira tamén suxestións, así que tentarei, na miña quenda, facer algunha pregunta para algunha aclaración e algunha suxestión.

E, a primeira que teño que facer, lamentablemente, é pedirlle de novo que por favor se reúna dunha vez por todas co Comité de Empresa de Ferroatlántica, tal e como lle solicitan (*Aplausos.*) Eu preguntolle, desde a máis absoluta sinceridade, se esta vai ser a estratexia da consellería, a de esconderse cando este país ten un problema.

Dicía Albert Einstein, precisamente, que a formulación dun problema é máis importante que a súa solución. Desde o BNG entendemos esa filosofía, entendemos que o primeiro paso para

buscar a saída a calquera problema é precisamente enuncialo. Por iso vemos con preocupación certa análise autocompracente do contexto socioeconómico que estamos a vivir. Vostedes, con certeza, acusarannos de alarmistas e de cincentos, pero eu dígolles que non, que traballamos desde o optimismo, desde a confianza no potencial do noso país e desde o optimismo de saber que é posible outra saída grazas a outras políticas.

Pero vai na nosa conciencia, tamén, o deber de poñer as cartas sobre a mesa e de trasladar a preocupación e a incerteza que vivimos moitos galegos e galegas diante dunha teórica recuperación que só chega nas notas de prensa da Xunta de Galiza, non no crecemento do emprego neto estábel, non no aumento do traballo non temporal e non na reorientación do noso modelo produtivo.

Ogallá a diagnose fora outra, pero a verdade é que a análise que nós facemos do mercado de traballo demostra que as políticas austericidas do Partido Popular, tanto na Xunta como no Estado, contribuíron a dismantelar, e contribúen a dismantelar, Galicia a prezo de saldo, mentres perdemos poboación a un ritmo que ningunha economía nin ningún país se poden permitir. Non negarán que para iso hai un elemento que é fundamental, que é o emprego. Entón, vostedes aí aproveitan certos indicadores macroeconómicos que presentan unha evolución positiva, como é o PIB, ou o dato en frío, sen maior profundización da ocupación, pero o certo é que se rascamos un pouco, se imos máis abaixo, o que agochan é a consolidación da precariedade e do modelo de traballadores e traballadoras pobres, que é algo que vemos con fonda preocupación, pois temos un mercado laboral no que escasea a creación de emprego neto e no que a perda de poboación activa avanza sen freo desde o 2012.

Por poñer un exemplo, neste último trimestre perdemos sobre 10.800 persoas en activo, isto equivale ao concello do Grove ou ao Concello de Xinzo, pero o peor é que o groso da poboación activa que se perde é o da miña xeración, é o desa xeración entre vinte e cinco e trinta e catro anos, que teríamos que estar desenvolvendo as nosas carreiras profesionais e a nosa vida persoal neste país.

E tampouco son para botar demasiados foguetes os datos de ocupación, que aínda que se incrementou no último ano, no trimestre que pechamos vemos como descendeu nun 0,78 %. Entón, eu si que lle quero trasladar, en nome do Grupo do BNG, a preocupación por este fenómeno do traballador e da traballadora pobre e que ten pensado facer a Xunta coa capacidade normativa que ten para impedir esa consolidación, e se esa vai ser unha das liñas de obxectivo desa futura lei do emprego que agardemos que teña realmente unha fundamentación, un diálogo social, como vostedes indican.

Tamén vemos con preocupación a perda de afiliación á Seguridade Social, xa con 30.000 persoas menos, que é como coller ou Ames ou Carballo e tamén eliminalo do noso mapa.

Falou vostede das persoas autónomas, efectivamente é o grupo laboral que máis aumentou en volume de traballo e que máis incentivos está a recibir tanto da Xunta como do Estado. Porén, a nós preocúpanos que tamén se está a dar o fenómeno dos falsos autónomos, ten un dobre fío esta navalla. Dunha banda, ser unha ferramenta para esa creación de emprego, pero, doutra banda, tamén estamos vendo como as forzas sindicais e diferentes asociacións

denuncian como se está vendo ese fenómeno de que determinadas empresas fan unha política de coerción de cara a que a xente se faga autónomo e autónoma.

Entón, eu preguntolle se ten previsto xa a Xunta maiores mecanismos de control para iso, para que non acabe en lugar de nunha saída converténdose noutra bolsa con certo contido perigoso e tóxico para o noso mercado laboral. Entón, preguntolle iso e se entrará tamén nalgún tipo de estratexia dentro desa oficina do autónomo que nos anunciou.

Nós, neste sentido, a respecto da futura lei de emprego, queremos convidalos a que realmente sexan ambiciosos e ambiciosas desde a Xunta de Galiza e que se comprometan con que sexa unha ferramenta a favor da clase traballadora e contribúa a blindarse das reformas laborais do Estado español, tanto a súa como a do Partido Socialista, pois dentro da marxe normativa que temos, temos vías para iso.

Canto á igualdade, eu, a verdade, estou un pouco decepcionada, señor Conde, porque ao contrario de vostede, que adoita subestimar os demais, eu teño por un home hábil. Entón, sorpréndeme que estando tan cerca do 8 de marzo se limite a anunciarnos un plan de igualdade que xa anunciaron en xullo, e desde xullo non houbo ningunha novidade.

Eu espero que ese plan estea xa listo e exposto a ser dialogado coas organizacións sindicais e feministas. Porque a verdade, tendo en conta que neste 2015 as mulleres ingresamos o 77 % do que ingresaron os homes, eu creo que é hora de algo máis que plans teóricos e que lugares comúns. Hai un ano, precisamente, o BNG propúxolles cumprir a Lei de igualdade e facer un plan de emprego feminino, e a resposta da Xunta foi que iso xa ía na Axenda 20 polo emprego. Pero un ano despois seguimos sen ver esa concreción, sen debater aquí ese texto de ter a oportunidade de xulgallo desde a oposición.

Se ollamos tamén os datos do emprego industrial, vemos algunha cuestión tamén perigosa, malia o leve incremento, porque segue estando moi lonxe do horizonte que tiñamos de 190.000 empregados neste sector que había cando o señor Feijóo chegou á Xunta. Tamén a enquisa industrial de empresas nos ofrece información ata o 2014 un tanto preocupante, tamén en canto ao índice de produción industrial. Isto preocúpanos, pero, sobre todo, preocúpanos que nós vemos que fóra dos lugares comúns non acaba de haber un proxecto comprometido coa reorientación dos nosos sectores produtivos.

Por iso queremos insistir, nos últimos minutos desta comparecencia, na importancia que para nós ten a aposta pola innovación. Unha aposta que eu escoitándoo agora a vostede, a verdade é que é un bo comercial, e case nos convence de que é unha prioridade para o Goberno, pero logo imos ás cifras, imos ao esforzo económico, e vemos que seguimos ancorados nese 0,89 % do PIB nos últimos datos que temos do 2015, cando realmente si que houbo un crecemento do PIB, como vostedes sacan peito repetidamente. Entón, apliquemos ese crecemento tamén ao investimento e á investigación. Por iso queremos facerlles algunha proposta neste sentido.

Quedan apenas seis meses para debatermos nesta Cámara uns novos orzamentos, por iso queremos instalos a que agora, con tempo e con planificación —sen marxe a que nos digan

que as nosas emendas son inexactas—, se comprometan a elevar ese investimento ao 1 % do PIB para os vindeiros orzamentos da Xunta de Galiza.

Despois detereime máis nas cuestións de investigación, por falta de tempo, porque o certo é que estes dez minutos se fan limitados.

Hai outra cuestión que non quería deixar de tocar na miña intervención, que é todo o referido ás deslocalizacións. Desde o BNG vemos como unha boa noticia que por fin o señor Feijóo, o o señor Rueda, falan de deslocalización. Cando eu entrei neste Parlamento, hai uns meses, eramos uns extraterrestres cando dicíamos que existía este fenómeno, malia os preocupantes datos. Entón, eu voulle tomar a palabra desa vocación de escoitar, eu creo que precisamente nesta cuestión da automoción e da loita contra o asentamento da deslocalización é algo no que temos que dialogar todas as forzas políticas. Entón, preguntolle tamén se nesa nova lei do fomento terá unha consideración específica a cuestión das deslocalizacións e, sobre todo, como iso afecta as provincias do sur.

Nós diante disto propoñémoslle que, en nome do BNG, convertamos a cuestión da deslocalización nunha estratexia de país, que primeiro aposte pola investigación; non nos vale a política de pan para hoxe e fame para mañá, senón que entendemos que a investigación é un pilar fundamental para asentar aquí o corpo do automóbil. Temos persoal cualificado de primeiro nivel, aproveitémolo.

Reivindicamos, tamén, que outro dos eixes sexa un control transparente do destino do diñeiro público, eliminar as axudas a aquelas empresas que recorran á deslocalización de parte da plantilla ou da produción, e tamén apostar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...—remato xa— por un terceiro punto para esa proposta colectiva de traballarmos arredor de combater a deslocalización e blindar tamén as garantías para que os traballadores e traballadoras non poidan seguir sendo a moeda de cambio para reter aquí empresas deste sector.

Nós entendemos que as políticas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...do dobre pe, propaganda e publicidade, non son suficientes, e hoxe, que celebramos a memoria de Rosalía, convidámoslos a que adopten o seguinte verso como o seu lema: «*No sembrante a alegría, / no corazón o esfuerzo*». Desde logo, pola nosa parte terá suxestións en positivo para ese esforzo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario Socialista o señor Abel Fermín Losada Álvarez.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor conselleiro, falou vostede trinta e sete minutos, máis ou menos. Botei de menos todo o que ten que ver coa distribución da riqueza. Falou, na miña opinión, moi pouco, moi por riba, de desigualdade, e practicamente nada, e eu creo que é un tema importante, moi importante neste contexto.

Eu, se tivera que cualificar a súa intervención dependendo dun enfoque máis erudito ou menos, podería quedarme entre *A realidade e o desexo*, de Cernuda, ou ben, nin unha mala palabra nin un bo feito. É un enfoque así un pouco máis de andar pola rúa, pero seguro que entende vostede perfectamente a que me refiro.

Segue vostede sendo un mestre de verdade, máis alá da falta de rigor dos grupos da oposición, que xa eu dou por... En fin, é unha constante no modelo e, polo tanto, non imos incidir sobre ela. Polo menos, falta de rigor deste voceiro, non me erixo en representante do resto dos voceiros.

É vostede un mago da posverdade e dos feitos alternativos. A verdade é que non sei se o ficharán en Washington, pero faino bastante ben.

Todos os indicadores en verde. Eu voulle dar dous que se publicaron hoxe. Instituto Nacional de Estatística, entrada de pedidos na industria, dato de decembro de 2016, polo tanto, dato anual: en España baixa un 4,6 %, en Galicia un 25,8 %. É verdade, eu díxenlle nalgún momento, señor conselleiro, cando sobe moito non veña con este dato, que ten compoñentes cíclicos moi importantes.

Claro, pero se ten compoñentes cíclicos moi importantes cando sobe e vén aquí para que despois ao día seguinte nos medios de comunicación saia que a industria vai como un tiro, pois veña agora, tamén, e cóntenos esta segunda maior baixada das 17 comunidades autónomas de España.

Pero o outro indicador que sae está moito menos afectado polo ciclo tendencia e pola estacionalidade, como vostede ben sabe, e é a cifra de negocios. En España a industria medrou no 2016 un 2,5 %, en Galicia un 0,8 %. Insisto, datos publicados hoxe polo Instituto Nacional de Estatística. Eu creo que algo debería de facelo reflexionar.

Resúltame moi difícil, a verdade é que non sei moi ben para que preparo as intervencións, porque logo, escoitándoo, é vostede extremadamente suxerinte. Faltoulle falar —absolutamente nada— do contorno internacional. Galicia podía ser galáctica, podíamos estar no medio do espazo interestelar perfectamente situados; Estados Unidos non existe; o *revival* das políticas proteccionistas, esas que defende Trump e algúns outros partidos ou movementos so-

ciais, que os socialistas non compartimos, están aí; o *Brexit* está aí; as eleccións en Francia, en Alemaña e en Holanda neste ano están aí. En fin, a min gustaríame que vostede, que é unha persoa ilustrada, nos contara algo sobre estas cuestións. Sobre todo, señor conselleiro, porque vostede sabe que o 10 % das exportacións galegas se van a Inglaterra, a Reino Unido e a Estados Unidos. Polo tanto, eu creo que, en fin, é unha variable da que pagaría a pena dicir algo.

Seguimos con variables en verde. Mire, é verdade que no ano 2016 o PIB medrou o mesmo que en España, 3,2 %, segundo datos do PIB. Pero tamén é verdade que no conxunto da crise o impacto negativo foi maior en Galicia que en España, en España un 4 % do PIB de diminución, falo dos anos 2008–2015, que son os que fun capaz de homologar, e xa poño 2008 para coller o ano do deostado Goberno de Emilio Pérez Touriño, e collo tres anos do Goberno do deostado presidente Rodríguez Zapatero, é dicir, collo os anos da crise. En España baixou un 4 % o PIB, en Galicia un 6 %. Polo menos, son os datos que me saen a min. Pero non me saen só a min, saen en termos de xeración de renda, de riqueza e de distribución desa renda e da riqueza, que é o tema do que vostede, en fin, fala un pouco menos.

Un titular de hai pouco tempo e, por certo, con fontes tamén do Instituto Galego de Estatística, non de Abel Losada nin do Partido Socialista de Galicia: «A economía galega roza os niveis precrise». Aquí xa contando os datos do 2016, que non están desagregados como para comparalos dende o ano 2008, con case un 20 % menos de horas de traballo.

E aquí imos ao quid da cuestión, señor conselleiro. Producimos o mesmo cun 20 % menos de horas de traballo e cunha remuneración media da hora traballada á baixa. *¿Quién se lleva el pastel?* Unha pregunta —eu creo que pertinente—, tendo en conta que vostede é conselleiro de Traballo, Economía e Industria, sei que non de Facenda, pero bueno, eu creo que é unha pregunta..., non sei se ten rigor ou non, ten ideoloxía, iso si. Non é unha pregunta de xestión, nin é unha pregunta técnica, (*Aplausos.*) é unha pregunta de que producimos o mesmo co 20 % menos de horas de traballo, e ademais a retribución media da hora traballada diminúe. Polo tanto, salvo que haxa cuarta dimensión, e que nesta galáctica na que se move Galicia pois, efectivamente, acontezan fenómenos paranormais, ocorre o que as estatísticas din que ocorre: que a masa salarial perdeu un 4 % do PIB na crise e aumentou a remuneración do capital e a riqueza, chamémoslle como queiramos.

A min gustaríame que nos falara algo disto, porque eu entendo que trinta e sete minutos falándonos..., absolutamente respectable. Vostede é un membro do Goberno e vén aquí e fala, exactamente, do que considera, de plans e outros plans e máis plans, e falando, pedindo ademais a apelación, a colaboración dos grupos parlamentarios. Eu non sei como quere que colaboremos, eu non sei se pretende que fagamos unha peregrinación simbólica á Consellería de Economía e Industria, porque logo dáme igual que sexa o I2C, o RIS3, a Industria 4.0 ou Galáctica 5.0, o certo é que chegan aquí cun plan, vostede nos larga unha historia durante unha comparecencia, trinta e cinco minutos de media... *¿Cal é a vía de colaboración?* Eu tamén lle agradecería que nos explicara cal é a vía de colaboración, porque a verdade é que este humilde deputado ten algunhas dificultades para colaborar.

Mire, hai pouco Valonia, unha rexión de Bélxica, bloqueou durante un tempo, cun gran alboroto mediático na Unión Europea, a firma do tratado comercial con Canadá. *¿Sabe por*

que? Porque perdeu o 5 % dos seus postos de traballo na crise, exactamente 9.000 sobre aproximadamente 350.000 empregos industriais. Esa foi a razón que deu o Goberno de Válonia para bloquear ou intentar bloquear —despois efectivamente negociouse— ese tema.

Aquí en Galicia perdéronse agora o 20 %, chegou a ser o 25 %, e ninguén conta nada desta cuestión. Vostede vén aquí, efectivamente, de entre a realidade e o desexo, fálanos de moitos plans, pero a min gustaríame, señor conselleiro, que nos falara un pouco de cuestións concretas. ¿Que vai pasar coa deslocalización?

O outro día a conselleira de Ordenación do Territorio e Medio Ambiente anunciou a licitación do proxecto da depuradora da Plisan, anunciou, insisto. Repito, por se é unha falta de rigor do interviniente, anunciou a licitación do proxecto da depuradora da Plisan. Vostede sabe, perfectamente, que sen depuradora non pode haber empresas. E non sei se sabe —pero recórdollo eu— que esa mesma conselleira dixo hai un ano que a estas alturas as primeiras empresas estarían instalándose na Plisan. Polo tanto, señor conselleiro, ¿de que nos vén falar aquí?

Logo, outro tema que tamén é extremadamente relevante, o tema da enerxía, máis alá da dimensión social, da que falaremos na segunda intervención, que sen ningunha dúbida ten moita importancia. ¡Oia!, eu creo que, de verdade, este camiño de Damasco converteuse nunha autopista, porque están caendo vostedes a moreas do cabalo. ¿De verdade que vén aquí falarnos de renovables e de autoconsumo, despois do que lexislou o goberno do PP en Madrid na anterior lexislatura? Eu entendo que o señor Arias Cañete non teña vergonza — non no sentido de desvergonzado senón de que *no se pone colorado cuando se contradice*, obviamente— e veña facer apostolado segrar a Santiago de Compostela e a falarnos das bondades das enerxías renovables. Pero, ¡home!, ¡un pouquiño de vergonza allea!, un pouco de poñerse algo colorados; polo menos, un pouco. Non se trata de apertar ningún cilicio, trátase de poñerse un pouco colorados.

¿De verdade que vostede, despois do que pasou co concurso eólico, despois, exactamente, de todo o que ten acontecido coas enerxías renovables en Galicia e en España —que a Unión Europea e todos os organismos internacionais din que estamos perdendo o tren a pasos axigantados—, vén dicirnos aquí que iso é o futuro de non se sabe moi ben que? ¡Oia!, non, que nós lemos algo, entendemos algún gráfico, algunha táboa de datos, en fin, algo diso imos sabendo.

O financiamento tamén é outro tema extremadamente interesante. Non imos falar do que pasou coas caixas.

O Igape. Oia, hai algún aval sorprendente, e vostede, que estaba tan en contra dos avais e lle parecía unha solución de risco desmedido por parte da Administración pública..., bla, bla, bla, bla... No ano 2016 houbo un extremadamente xeneroso que seguro que cumpría todos os requisitos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Remato, señor presidente.

Pero, en todo caso, recoñecerá que é sorprendente, porque a empresa, que xa estivera avalada en condicións anteriores... Polo tanto, xa todos temos o noso Alfageme. ¿Non sabe do que lle falo? Bueno, pois nada, pregunte, documéntese —documéntese no sentido de que pregunte—, que seguro que alguén llo explica.

E no tema do emprego, mire, dicíao antes en termos da distribución da renda e da riqueza, pero en termos cualitativos, de calidade dos salarios, os datos son todos absolutamente abrumadores.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Un terzo dos ocupados galegos cobran o salario mínimo ou menos. Por certo, a subida do salario mínimo, que eu defendo, se non ten unhas políticas públicas de apoio á formación moi fortes, é un risco para estes traballadores. A esquerda sábeo. Pero a esquerda, cando goberna, intenta que esas políticas de formación...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...sexan capaces de corrixir estes riscos.

E con vostedes —quero recordarllo, señor conselleiro— no ano 2016 —eu non sei se era competencia súa ou non— os cursos de formación para empregados estiveron exactamente [...]. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Losada.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Manuel Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Bo día a todos e a todas.

O que hoxe o conselleiro nos anunciou aquí é que vai continuar coa mesma política que leva facendo o Goberno da Xunta de Galicia oito anos. Esa é a novidade. E faino segundo a lóxica de que o balance da xestión deste período é tan boa que xustifica que esas políticas continúen. Polo tanto, eu vou concentrarme en facer unha lectura diferente da realidade.

Vou empezar cunha afirmación: o Goberno Feijóo é o que ten o peor balance económico en trinta e cinco anos de autogoberno. Recoñezo que é unha opinión, pero unha opinión que se sustenta sobre datos obxectivos. O primeiro é que, baixo o seu mandato, a economía galega estivo catro anos en recesión e dous en estancamento, de tal xeito que dende o ano 2009 ao 2014 sufrimos o ciclo recesivo máis longo e máis duro da historia moderna do noso país.

O resultado dese período tan negativo é demoledor. Cos datos do 2015, polo mesmo argumento que dicía o señor Losada, o nivel de produción de riqueza de bens e servizos é aínda inferior en seis puntos ao que tiñamos no ano 2008. Aínda faltaban 3.500 millóns de euros para volver a onde estabamos.

Saquemos a lectura desta información, porque isto nunca sucedera na historia moderna do noso país: que un goberno rematara unha lexislatura — neste caso dúas — cun nivel de riqueza inferior ao que había cando empezou. Nunca ningún goberno pechou un mandato cun nivel de PIB por debaixo do que atopou cando iniciou a lexislatura. Sen embargo, ata ben avanzado o 2017 non volveremos ter o nivel de riqueza que tiñamos antes de que Feijóo comezara a gobernar. Galicia perdeu unha década, porque dúas lexislaturas e media non van servir para outra cousa que volver á casiña de saída. Non avanzamos nada, retrocedemos, e ademais facémolo máis que a media do Estado.

O segundo dato é que a economía galega evoluciona peor que a media do Estado. Dende o ano 2009 ao 2013, no duro da recesión, o PIB en España caeu o 8,6 % mentres que en Galicia o 9,5 %, un punto máis. E agora está sucedendo o contrario: no período 2014-2015 o PIB medrou en España o 4,6 % mentres que en Galicia o 3,6 %, un punto menos. Galicia está entre o grupo de comunidades autónomas que ocupan o pelotón de cola. Só medramos máis que Asturias, Cantábría, A Ríoxa e Castela-A Mancha. E cando un dá a relación das comunidades que están por detrás, sabe o que son: comunidades uniprovinciais de pequeno tamaño e de escaso autogoberno. Polo tanto, entre os grandes territorios do Estado, nós somos os que temos a peor evolución.

A recesión foi máis intensa aquí, e a recuperación está sendo máis feble. Caemos máis e agora medramos menos, de forma que dende o ano 2009 a economía galega perdeu dous puntos en comparación coa media española.

Galicia aportaba no ano 2009 o 5,3 % o PIB do Estado. Co último dato coñecido, aportamos o 5,1 %. Son dúas décimas. Aos de letras pódelles parecer pouco, pero dúas décimas sobre o PIB do Estado español son 2.000 millóns de euros. Este é o custo diferencial da xestión dos gobernos Feijóo, porque, se Galicia evolucionara igual que a media española, a riqueza producida no noso país estaría 2.000 millóns por riba da que acadamos na realidade.

Galicia comparte ciclo económico con España e coa Unión Europea, existe unha elevada sincronía. Para valorar a xestión dun goberno, o que hai que medir é o diferencial, cal é a diferenza. E este diferencial é o que acabo de dicir, cuantificado neses 2.000 millóns de euros de menor crecemento. E ¿a que se debe? Pois débese a que o Goberno Feijóo foi a administración que antes empezou a recortar e a que o fixo con máis eficiencia. Cumprimos co déficit, iso é certo. Pero, para facelo, pagamos un elevado prezo en termos de emprego e de benestar. E por iso o Goberno Feijóo é o peor dos trinta e cinco anos de autogoberno tamén na economía.

Señor conselleiro, voulle facer unha afirmación que me gustaría que a puidera desmentir cando suba á tribuna. Galicia é a comunidade autónoma que ten a peor evolución de emprego de todo o Estado. Despois de oito anos de goberno de Feijóo, hai 103.000 ocupados menos que cando empezou, e hoxe hai 38.000 homes e mulleres sen traballo máis dos que había no ano 2009. E iso tampouco sucedera nunca na historia da autonomía. Nunca ningún goberno pechou unha lexislatura con menos ocupados que cando empezou, nin sequera o malévolo de Touriño e Quintana. Sen embargo, agora, despois de dúas lexislaturas, aínda faltan case 100.000 empregos para volver onde estabamos cando vostedes empezaron a gobernar.

Ese é o balance real do Goberno Feijóo. Por iso En Marea fala de tres lexislaturas perdidas para o emprego. Porque aínda que se cumprira ese obxectivo que vostedes teñen definido de crear 100.000 empregos no que queda de lexislatura, chegaríamos ao 2020 co mesmo nivel de ocupación que tiñamos no ano 2009. Doce anos de goberno para volver ao peor ano da recesión, a unha situación catastrófica que o entón líder da oposición, Núñez Feijóo, cualificaba con toda a razón como un desastre.

Decía que Galicia ten a peor evolución de emprego de todo o Estado. Porque é certo que se perderon postos de traballo no conxunto do Estado, pero aquí máis. Perdéronse máis na recesión e agora medran menos na fase alcista do ciclo económico. Dende o segundo trimestre do ano 2009, cando empezou a gobernar Feijóo, ata agora o emprego en Galicia caeu o 9 %; no conxunto do Estado, o 3,4 %. Se se fai a división, aparece un dato creo eu que aterrador, e é que a destrución de emprego no noso país multiplica por tres veces a media do Estado.

O resultado deste diferencial negativo é que Galicia é a comunidade autónoma que encabeza o ránking de destrución de emprego en España. Somos a comunidade autónoma que está na cabeza da destrución de emprego en todo o Estado. Son datos do Instituto Nacional de Estatística.

Menos emprego e emprego de peor calidade, porque a precariedade laboral en todas as fórmulas non deixa de medrar ata converterse xa nunha característica estrutural do noso modelo de relacións laborais. É certo, conselleiro, que a taxa de precariedade está —e logo falamos dela— no 27 % e, polo tanto, que unha de cada catro persoas que traballan como asalariadas ten un contrato temporal..., perdón, que dúas de cada tres teñen un contrato indefinido e unha de cada tres o ten temporal. Pero iso ten que ver co pasado do país, porque a súa xestión nese sentido é aterradora. Voulle dicir: dende o final de 2013 ata agora, o 95 % do emprego asalariado xerado é temporal, e só 5 de cada 100 postos de traballo asalariados xerados en Galicia dende o ano 2009 é indefinido. Aínda —como ben di vostede— dous de cada tres teñen un contrato indefinido. Pero como lles deixemos un par de lexislaturas máis a este ritmo, señor conselleiro, a ratio vai cambiar. E non é un problema que se corresponda —atenda a este dato, conselleiro, por favor— coa fase inicial do ciclo. É que o peor dato é xusto o dos últimos doce meses.

No ano 2016 todo o emprego asalariado xerado foi de carácter precario, temporal. A saída da recesión estase facendo sobre o traballo precario, como demostra a evolución disparada e disparatada da taxa de temporalidade. Conselleiro, no ano 2013 a taxa de temporalidade era do 22,5 %. Agora é do 26,7 %. A recuperación, o crecemento, a maior riqueza, tradúcese en que a precariedade aumentou en catro puntos. E aquí tamén temos unha evolución peor que a media española, porque, como moi ben di o IGE, Galicia e Polonia encabezamos a taxa de precariedade na Unión Europea.

Señor conselleiro, ¿este é o modelo de recuperación do que está satisfeito a Xunta de Galicia, un modelo laboral precario, de baixos salarios e en actividades de baixo valor engadido? Porque iso é o que está sucedendo. Dende o ano 2013 increméntase a ocupación na hostalería, no comercio, na limpeza, nas vixilancias, nas ETT, e diminúe no sector primario, no sector financeiro, nas telecomunicacións e na industria do automóbil.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate por favor.

O señor LAGO PEÑAS: Perdéronse dende o ano 2009 35.000 empregos industriais. A industria aportaba o 18 % da ocupación cando vostedes empezaron a gobernar, e agora é o 16 %. E o mesmo ocorre co sector primario, que perdeu o 20 % das persoas que traballaban nel; un dato enormemente preocupante porque neste período, no conxunto do Estado español, o emprego nas actividades primarias medrou o 3 %.

Vou rematando.

Menos traballo e, polo tanto, máis desemprego. O número de persoas en paro en Galicia aumentou o 23 % dende o ano 2009, mentres que en España a variación foi do 2 %.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor LAGO PEÑAS: Incrementábase o desemprego 11 veces máis que na media do Estado.

E remato con tres preguntas. ¿Como pode explicar isto a Xunta de Galicia? ¿Como pode explicar que Galicia sexa a segunda comunidade onde máis aumenta o paro dende o ano 2009, só por detrás de Estremadura? ¿Como pode explicar que o número de persoas desempregadas baixara o 24 % en Baleares, o 20 % en Navarra, o 10 % en Cataluña...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: ...mentres que aquí medrou o 23 %? (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Lago.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular, o señor Miguel Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Señorías, bo día a todos.

Señor conselleiro, primeiramente gustaríame agradecerlle a súa comparecencia. Eu teño a sensación de que algúns cambian de nome cada catro anos, cando se presentan ás eleccións, porque poden pensar así que o mundo empeza de cero. Pero, señor Lago, vostedes non naceron o 25 de setembro, máis ben empezaron a morrer. Vostedes teñen pasado, polo tanto, non poden vir aquí facer *tabula rasa*, aparecer nesta tribuna e dicir que acaba de descubrir a crise económica, unha cousa que non coñecía, a culpa é de Feijóo.

Vostede vén aquí, fai unha parafernalia, pero se esquece de que é unha crise que afectou a toda Europa. Afectou de forma moi especial a España porque en España non se adoptaron medidas. Vostedes daquela non sei onde estaban. Estarían pensando que nome poñerse nas eleccións catro anos despois. Pero a realidade é que houbo unha crise e nós estivemos aquí traballando para que Galicia saíse ben parada desa crise. Vostedes estaban non se sabe onde, e agora veñen aquí dar leccións que nós, dende logo, non compartimos.

Escoitándoos, nós o que cremos é que vostedes non cren en Galicia, porque a recuperación é unha realidade innegable; unha recuperación que non é un logro do Goberno, é un logro do conxunto da sociedade.

E despois de escoitalo, o que sabemos, o que temos claro, do que temos a certeza, é de que vostedes non participaron en absoluto dese logro da recuperación económica. Por iso están hoxe aquí participando dese negacionismo da realidade, participando dese catastrofismo: todo está fatal. Vostedes saben como facelo ben, pero os galegos, que son parvos —como di ese compañeiro seu— e están alienados, non saben recoñecer en vostedes a solución a unha crise que, cando se xeraba neste país, non se sabía moi ben onde estaban vostedes.

Mire, como non podía ser doutro xeito, dende o Grupo Popular compartimos plenamente os tres obxectivos fundamentais deste Goberno que expuxo o conselleiro na súa intervención. Necesitamos consolidar o crecemento económico e que este se asente nunhas raíces sólidas. Necesitamos acelerar a creación de emprego, pelexando para que cada vez este sexa de maior calidade. E necesitamos ampliar a protección dos consumidores como garantía do benestar dos nosos cidadáns e da súa liberdade.

A miúdo este grupo e este Goberno teñen que oír da oposición, a propósito da economía, que vivimos nun mundo irreal, que non saímos á rúa e que estamos posuídos de triunfalismo; iso é o que nos din vostedes.

Dende o Bloque Nacionalista Galego fálannos dunha análise autocompracente. Eu non lles vou dar ningunha lección acelerada de economía, de industria e de emprego. Creo que hai voces moito máis autorizadas cá miña nesta Cámara. Pero si me gustaría facer hoxe unha reflexión eu diría que case lingüística.

O dicionario da Real Academia Galega define a palabra *realismo* como fidelidade e detalle que se manifesta ao representar a realidade. Vostedes están instalados no negacionismo, no catastrofismo, e nós non practicamos o triunfalismo, nós practicamos o realismo.

Para representar a realidade coa maior fidelidade e o maior detalle posible, permítanme facer unha pequena escolma de prensa das últimas semanas, dos últimos días, algo que adoita facer habitualmente o señor Abel Losada. Hoxe non o fixo, permítame que o faga eu por vostede.

«Galicia cierra 2016 con la tasa de paro más baja en seis años.» Esta non a trouxo vostede, vese que non lle interesou. «Galicia cierra el año 2016 con 18.500 parados menos y 17.100 ocupados más.» «En 2 de cada 3 municipios gallegos se creó empleo el año pasado.» «Los hogares gallegos con todos sus miembros en paro caen a mínimos en un lustro.» Esta tampouco lles interesou. «Galicia vuelve a liderar la industria naval en España, por primera vez en cinco años.» Esta tampouco lle interesou ao señor Abel Losada, que xeralmente vén aquí co dossier de prensa. (Aplausos.)

«Textil, motor y bienes de equipo llevan a la exportación a un nuevo récord en Galicia.» Esta tampouco lles interesa. «Galicia aumenta sus ventas al Reino Unido, pese a las sombras del Brexit.»

«Galicia culmina el ejercicio pasado creciendo al 3,7 %, el mayor ritmo en ocho años.» Na mesma páxina podemos ver arriba: «Felipe VI bendice con un premio nacional de innovación al pionero polo de drones.» Recolle o premio o conselleiro de Industria.

¡Ah!, esta non vai disto, esta tampouco a traería o señor Losada nin o señor Manuel Lago: «Compostela destruye puestos de trabajo por primera vez en cinco años.»

Mire, iso é o que nos diferencia a uns de outros. E iso é o que diferencia aos que gobernamos pensando no interese xeral e aos que gobernan intentando defender a parcela propia. Supoñemos que o alcalde de Santiago diría que iso é coincidencia, que a culpa é a súa situación xurídica, que é estraña, ou sería *el rock and roll*, o caso é que Santiago, efectivamente, se sae desa senda.

Miren, señorías, creo que nos poderían acusar de triunfalistas se a algún de nós nos escoitasen dicir que Galicia está na *Champions League*, pero iso non o dixemos nós; iso foi por aí, nós non. Poderíannos chamar triunfalistas se nós viñeramos aquí prometer a lexislatura do pleno emprego. Non fomos nós, non fomos nós, ¡foron vostedes! Poderíannos tachar de triunfalistas se nós dixeramos todas esas cousas.

Dende logo, cremos moito máis nunhas receitas que nos serven para crecer o 3,3 % e crear 17.000 postos de traballo no último ano que naquelas do Partido Socialista, que cogobernaba co Bloque Nacionalista Galego nun Bipartito do que hoxe non se sabe se presumen ou non presumen, pero, en calquera caso, o señor Manolo Lago estaba por alí. Polo tanto, nós desas receitas non temos nada que aprender.

Con vostedes decrecía a economía a un ritmo do 3,4 %; polo tanto, señor Lago, leccións ningunha. Destruían 35.000 empregos alá polo ano 2009; esas eran as súas receitas. Nós, dende logo, estamos orgullosos de todo o que fixemos, pero non imos reivindicar ese modelo, o modelo fracasado. O problema non é que saibamos nós que foi un modelo fracasado, o problema é que o saben os galegos. Os únicos que aínda non se deron conta de que ese modelo era fracasado, e de que vostedes levaron a Galicia a esa peor situación da que vostede nos falaba, son vostedes, e non aprenden. Non aprenderon no 2009, non aprenderon no 2012, e, logo de escoitalos, temos a sensación de que aínda non aprenderon a lección do pasado 25 de setembro.

Miren, nós imos seguir traballando para abrir a economía de Galicia. ¡Aí está o récord de exportacións que a vostedes tanto lles molesta! Nós imos traballar para abrir a economía galega.

Se algo nos demostrou o estudo da ciencia económica ao longo destes séculos, é que os países que mellor se desenvolven en todos os aspectos son os que teñen as economías máis abertas. Estamos traballando nesa dirección. Só así se explica que os populistas de todo signo, que necesitan da permanente confrontación e basean o seu ascenso nas crises económicas — como moitos de vostedes —, sexan sempre os que se opoñen ao progreso e á apertura das sociedades e das economías.

Só así se explica que os señores de Las Mareas de Podemos e os señores do BNG teñan exactamente a mesma postura sobre os tratados de libre comercio que o señor Donald Trump ou

que a señora Marine Le Pen. Non lles gusta que llelo digan. Enténdoo, señor Sánchez. Non lles gusta, pero teñen o mesmo discurso que o señor Donald Trump e que a señora Marine Le Pen. É a realidade.

Falan de indicadores económicos, de poñer cifras en verde, e aí eu síntoo moito, señorías, os datos falan por si mesmos. Cando gobernaban vostedes, o PIB decrecía un 4,5 %; hoxe o PIB medra por riba do 3 %. O paro rexistrado, no seu último ano, medrou un 32 %; 50.000 parados máis no último ano de Bipartito. Hoxe o paro baixa un 10 % anual. Hoxe estamos falando de 24.000 parados menos que hai un ano. As afiliacións á Seguridade Social con vostedes baixaban un 4,7; con nós soben un 2,13. Índice de produción industrial, ¿pero de que nos falan? Con vostedes baixaba un 20 %, con nós o IPI sobe un 4,1 %. Exportacións, récord histórico.

Señorías, eu creo que o que nos diferencia a uns e outros son, dende logo, as políticas, os resultados das políticas e os indicadores macroeconómicos, que, por moito que molesten, están enriba da mesa para comprobar de que falamos.

O señor conselleiro veu hoxe falarnos de cuestións concretas: a estratexia autónoma 2020; o programa de formación e emprendemento no rural; o plan de acción para a captación de investimentos; a segunda fase do polo tecnolóxico industrial de Rozas. Falounos da implantación da senda de competitividade industrial 4.0; falounos da posta en marcha de tres consorcios de innovación sobre aeronáutica, bioeconomía e industria 4.0; falounos da modificación da Lei de fomento de investigación e innovación. O conselleiro anunciou unha nova lei de emprego para Galicia e amosou a disposición dun pacto polo emprego. Pero de todo iso vostedes non quixeron falar porque vostedes están instalados nese discurso negacionista, nese discurso catastrofista.

¿A nosa folla de ruta? Máis industria, máis innovación, máis apertura da nosa economía; mellorar a competitividade, máis e mellores empregos, defender os dereitos dos consumidores.

¿Cal é a súa folla de ruta? A súa folla de ruta coñecémola perfectamente, señor Sánchez: pechar Reganosa, pechar a central térmica de Endesa nas Pontes, pechar Ence, pechar Meirama. Están en contra da eólica mariña, están en contra de Rozas, en contra da ampliación de PSA-Citroën, en contra de todo aquilo que poida significar oportunidades de futuro para Galicia.

É evidente que é difícil negociar, é difícil consensuar, é difícil chegar a acordos con aqueles que están instalados no negacionismo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...e que están instalados en que, canto peor lle vaia a Galicia, mellor lles pode ir a vostedes.

Creo que deberían corrixirse. Levaron xa un bo correctivo o 25 de setembro. Vostedes seguen mirando para adiante porque toda Galicia está equivocada, só vostedes teñen a razón.

Conselleiro, dende logo ten un mandato que emana das urnas, do 25 de setembro, que di que a folla de ruta dos últimos anos foi a correcta. Siga nesa liña, porque sós imos mellor que mal acompañados cando os que non queren acompañar están en contra de Galicia; porque é mellor ir sós cando detrás de nós o que temos é a ampla maioría de Galicia reflectida no resultado electoral do 25 de setembro.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor Tellado.

Ten a palabra, para a réplica, o señor conselleiro de Economía e Emprego, señor Conde.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que estou un pouco sorprendido porque eu non sei moi ben, despois de escoitar as diferentes intervencións, de que viñamos falar aquí esta mañá. Eu pensaba que viñamos falar das liñas estratéxicas da consellería e, polo tanto, que viñamos falar de política industrial, de política económica, de innovación; que viñamos falar de futuro, que viñamos falar de propostas, e a min sorpréndeme que as intervencións da oposición sexan simplemente seguindo táboas estatísticas, que loxicamente hai que avalialas, pero en ningún caso ningunha das intervencións están a plantexar e a falar de futuro, e sobre todo de política industrial, de política de innovación e, polo tanto, señorías, de creación de emprego de calidade.

Creo que sería un bo exercicio —e eu, dende logo, viña con esta intención— saber en que obxectivos dos que se marcan por parte do Goberno vostedes non estaban de acordo. Creo que sería bo facer ese exercicio. Porque eu falei aquí de industria, de internacionalización, de innovación, de financiamento, de enerxía, falei de simplificación administrativa, falei de protección dos galegos... e eu creo que sería bo —como lles dicía— ese exercicio de poñernos de acordo no qué; non tería que ser tan complicado. Despois poderíamos falar do cómo, pero eu creo que nunha comparecencia deste tipo, e unha vez que o Goberno plantexa cales son os seus obxectivos, sería bo saber en que non están de acordo vostedes.

Insisto en que poderíamos construír e debater sobre o cómo, incluso poderíamos debater sobre as prioridades, pero o primeiro é saber en que estamos de acordo, para quen estamos de acordo e tamén con quen queremos facer e desenvolver cada unha das políticas. Creo, sinceramente, que ese debería de ser o exercicio, máis aló —insisto— da análise —que hai que facela tamén— de avaliación das diferentes estatísticas.

Á señora Presas diríalle, xa que estamos no día da lingua materna, que cambie a letra, porque tóxico, propaganda, austericidio, publicidade... isto é recorrente, e creo que xogar coas mesmas palabras lle vai dar o mesmo resultado. Creo que debería de cambiar a letra; non sei se os versos, pero, dende logo, a letra creo que si.

Vostede fálame a min de lugares comúns. ¿E que é para vostede un lugar común? Porque eu non lle escoitei nada de cal é o seu plantexamento sobre a compra pública innovadora e de

se, realmente, a política de innovación debe de promover ou non a creación de consorcios de innovación, que é, por certo, a política que se está marcando por parte da Comisión Europea no horizonte do ano 2030. Eu non lle escoitei falar en ningún momento tampouco de Rozas, e non me sorprende. Pero non lle escoito falar de cousas concretas de materia de política industrial. Polo tanto, cando vostede se refire a que este Goberno plantexa lugares comúns, a min gustaríame saber, porque eu querería identificar en que estamos de acordo, que creo que é a forma de avanzar.

Se se remite ás estatísticas, teñen moitas lecturas, non fala de exportacións. Nunca nos últimos catro anos, nunca, señor Lago, nunca Galicia tivo un ciclo exportador no que se incrementaran tanto as exportacións, ¡nunca! E iso é un reflexo claro de como a competitividade do tecido produtivo se está trasladando aos mercados internacionais.

Fálame vostede do falso autónomo. Vostede debería de saber perfectamente que a Inspección de Traballo desenvolve máis de 33.000 actuacións todos os anos. E que a Inspección de Traballo ten tamén, entre os seus obxectivos, loxicamente, loitar contra o emprego irregular e, nomeadamente, tamén contra os falsos autónomos. Creo que cando fala e se dirixe a este Goberno con que se dedica á política comercial, ¡home!, eu a única política comercial á que me dedico é a traballar no impulso, na visibilidade e na internacionalización das nosas empresas, dedícome a iso. Se vostede entende que iso é política comercial, eu si, efectivamente, porque eu me debo ás empresas para que creen emprego e creen mercados.

Varias intervencións referíronse a ter localización. Permítanme que nos poñamos de acordo no que é, unha vez máis, porque eu na miña intervención do que falei é de como Galicia debe localizar e debe fixar aquí en Galicia tecido industrial. E faleilles, en concreto, dun plan de captación de investimentos e dun plan para fixar tecido industrial aquí sobre o cal ninguén fixo ningún tipo de referencia.

A min gustaríame saber se vostedes están de acordo co impulso da Lei de fomento da implantación industrial. E gustaríame saber, polo tanto, se vostedes están de acordo co feito de que simplifiquemos e traballemos na Xunta de Galicia para seguir simplificando as tramitacións administrativas.

Tamén me gustaría saber se estamos de acordo en que debemos de promover un protocolo de boas prácticas cos concellos, para que os concellos tamén se impliquen na política industrial e que, polo tanto, desenvolvan boas prácticas, dende o punto de vista da axilización administrativa que teñen que facer os concellos e dende o punto de vista da fiscalidade que aplican os concellos no seu desenvolvemento industrial. Creo que sería bo, polo tanto, falar tamén dese protocolo de boas prácticas. Igual que entendo que esa política de fixación de investimentos ten que ir directamente vinculada co apoio á innovación.

Cando falamos de localización e cando falamos do balance deste Goberno e se refiren vostedes á automoción, ¿por que non falamos de verdade de que co traballo que se desenvolveu por parte do sector, por parte da factoría Citroën, por parte dos traballadores e por parte deste Goberno, hoxe podemos falar dunha blindaxe do sector da automoción para dez anos aquí en Galicia? ¿Iso non é localización, dende o seu punto de vista? ¿Non é localizar que,

efectivamente, vinculados á nova furgoneta K9, haxa 500 millóns de euros anuais de facturación? ¿Non é localizar, señorías, que grazas ao segundo modelo, o V20, haxa 250 millóns de euros de facturación no sector da automoción? ¿Iso para vostedes non é localizar? ¿Localizar, para vostedes, non é desenvolver un polo industrial e tecnolóxico en Rozas, coa aportación de 150 millóns de euros de investimento público-privado, para que se xere tecido industrial e se xeren investimentos en Galicia? ¿Fixar tecido industrial non é apoiar o desenvolvemento dun investimento de Goodleit para a transformación do leite en Curtis?

Señorías, a realidade de Galicia, grazas ao desenvolvemento da industria, grazas ao desenvolvemento do tecido industrial e grazas ao coñecemento das nosas universidades, dos centros tecnolóxicos e da propia actuación do Goberno, é totalmente distinta á que vostedes queren reflectir cos seus datos.

Señor Losada, fálame vostede de se eu son mago. A verdade é que sempre se me deu fatal o tema da maxia, pero gustárame porque me parece unha actividade moi interesante. Pero claro, ¡home!, diga todos os datos, porque non quere dicir... Fíxese o xogo de maxia na súa intervención. Vostede non quere falar de que Galicia incrementou o índice de produción industrial. O efectivamente producido no ano 2016, un 4,1 %, e no Estado o incremento foi do 1,6 % —4,1 Galicia, 1,6 España no ano 2016—. E vénme falar aquí da entrada de pedidos en Galicia no mes de decembro do ano 2016. Se vai aos datos do ano 2016, verá e comprobará que no conxunto do ano 2016, na entrada de pedidos en Galicia, Galicia foi a terceira comunidade autónoma con maior entrada de pedidos. Como pode comprobar, se vimos falar de estatísticas, podemos facelo, pero eu creo que non aportariamos nada —insisto— nas políticas e nas actuacións que debemos facer, e deberíamos estar de acordo no «que».

Efectivamente, o contorno internacional é un contorno co que temos que ser vixiantes porque, loxicamente, nos afecta, salvo ao señor Lago, que vive nunha autarquía e, polo tanto, só considera o que pasa en Galicia. Pero, efectivamente, temos que traballar no impacto que pode ter o *Brexit* e no impacto que poden ter determinadas políticas —coas cales este Goberno non está de acordo— de carácter proteccionista. E nós o que intentaremos, loxicamente, é non só acompañar os nosos empresarios, senón, loxicamente, a través do Estado, defender os intereses da nosa economía.

Galicia incrementou o 49 % das súas exportacións dende o ano 2009, polo tanto, a consolidación da recuperación económica está directamente relacionada, precisamente, coa evolución das exportacións. Polo tanto, o contexto internacional é algo que teremos que ter, loxicamente, moi en conta.

Que o PSdeG me fale de renovables, co seu historial..., pois eu creo que temos que falar de futuro, non de pasado. Eu vin aquí falar de futuro e, polo tanto, a plantexar un pacto pola enerxía. Pero, claro, se vostede me fala de pasado, eu téñolle que recordar, señor Losada, que o déficit enerxético que vostedes deixaron foi de 30.000 millóns de euros; e que o custo que tivemos que pagar todos os españois pola introdución de determinadas renovables eran uns compromisos anuais de máis de 6.000 millóns de euros en primas. E si, houbo que corrixir esa situación, señor Losada; e houbo que afrontar unha reforma difícil do sector eléctrico en España. E agora, corrixido ese déficit, señor Losada, o Goberno ten convocada unha

subasta de 3.000 megavatios de renovables porque o Goberno ten como obxectivo cumprir o Obxectivo 2020 e, polo tanto, impulsar as enerxías renovables. Creo, señor Losada, que aí é onde nos temos que poñer de acordo de cara ao futuro e identificar como Galicia pode recuperar ese liderado. Fixémolo acompañando o sector eólico durante estes anos de dificultades, e, dende logo, farémolo, e o sector eólico teranos ao seu lado para seguir impulsando as enerxías renovables.

Señor Lago, vostede na súa análise parece que non identificou ningún tipo de crise económica nin crise internacional entre o ano 2007 e o 2009; parece que ese período para vostede non conta. ¡Home!, eu lamento que veña buscar aquí un titular. Pode quedarlle moi ben. Sinceramente, non ten ningún tipo de contido; como vostede dixo, é unha opinión. ¡Pero que do ano 2007 ao 2009 non pasou nada en España, non pasou nada en Galicia! ¡Parece que o Bipartito non gobernou e parece que Zapatero tampouco! (*Murmurios.*) Parece... (*Murmurios.*) Parece...

Eu non sei se vostede se atreve, eu creo que cun exceso verbal, a cualificar ou intentar cualificar a actuación da Xunta de Galicia durante estes oito anos. Adiántase xa a saber cal vai ser o resultado, porque xa falaba do balance de tres lexislaturas. Eu non sei como valora entón vostede a xestión do Goberno Zapatero nin como valora a xestión do Bipartito. Porque, claro, aquí todo o mundo negaba a crise, ¿recorda? ¿Recorda que non había crise? ¿Recórdano nas eleccións do ano 2008? E claro, despois, loxicamente, houbo que pagar un prezo que nin os galegos nin os españois merecían por unha mala actuación e unha mala política tanto do Goberno socialista de Zapatero como do Goberno bipartito aquí en Galicia. (*Aplausos.*)

O que si está claro é que, efectivamente, dende o ano 2009 empezamos a corrixir as políticas. Non sei se vostede está de acordo ou non en que, efectivamente, a política do cumprimento do déficit público nos levou a unha senda de control da débeda pública. Somos a comunidade autónoma que menos aumentou a débeda durante toda a crise. E sabe que con esa xestión Galicia evitou ter que pagar 3.000 millóns de euros máis de débeda; sabe que mantivemos e estamos mantendo a autonomía financeira; e sobre todo sabe que nos está permitindo —cando o señor Losada me falaba da distribución da riqueza— a maior rebaixa fiscal da historia de Galicia. O 98,5 % están pagando menos polo imposto da renda das persoas físicas; o 99 % dos galegos non están a pagar impostos de sucesións; e os que aposten por dinamizar o rural saben que se beneficiarán de impostos cero. Polo tanto, creo que se está a desenvolver un esforzo importante e, sobre todo —como lles dicía—, cunha visión de futuro.

Eu, señorías, quero honestamente —e así o espero na súa réplica— que falemos do qué, que falemos de en qué estamos de acordo, qué podemos impulsar en materia de política industrial, en materia de política económica, en materia de política de innovación. E unha vez que identifiquemos o qué, seguro que podemos debater sobre o cómo e seguro que podemos debater sobre as diferentes prioridades.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Conde.

Hai unha rolda especial de aclaracións con dúplica do Goberno. *(Pausa.)*

Por parte do Grupo Parlamentario do BNG ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: «*No sembrante a alegría, / no corazón o esforzo*». ¡Se ata lle dediquei un poema, señor Conde! *(Risos.)* ¡Eu non sei que máis quere para que lle demostramos que, de verdade, non estamos sempre no «non» e no catastrofismo! Pero, loxicamente, hai datos que están aí e nós temos unha lectura diferente, por iso somos organizacións e proxectos políticos diferentes, cuasi antagónicos, atreveríame a dicir, pero non quero ofendelo con eses adxectivos que tan pouco lle gustan. Xa se ve que na réplica perdeu un pouco ese botón co que chegaba hoxe.

Mire, eu fágolle unha petición e unha recomendación para o resto da lexislatura. De verdade, hai argumentos que non son sólidos e que son tramposos. Porque, de verdade, tendo a oposición só dez minutos para avaliar que a análise é diferente e que as propostas teñen matices diferentes, que o seu argumento forte sexa que facemos poucas preguntas e poucas propostas, ¡home!, pois eu teño que aprender, se cadra, a falar máis rápido, pero, desde logo, fixemos bastantes e bastante concretas. E, de verdade, por aí non, porque por aí o que facemos é enrarecer o clima do debate e vai ser complicado que realmente, se vostedes queren aceptar algunha proposta, poidamos ter tempo para materializala e defendela, ¿non?

Indo ao concreto. Por exemplo, I+D+i. ¿Estamos de acordo en que —como vostede dixo— é a chave para desenvolver unha economía de futuro para Galiza? Si. ¿Que pasa? Non estamos de acordo no como, non estamos de acordo co orzamento que hai, por exemplo, para a I+D+i. Fixemos unha proposta concreta, fixemos unha pregunta: «¿Vai considerar o Goberno para os orzamentos que debateremos dentro de seis meses que se suba ao 1 % do PIB?». Pois paren de vangloriarse de que sobe o PIB e fagan un esforzo correspondente en materia de I+D+i, por exemplo.

Falamos de estatísticas, efectivamente, porque as estatísticas demostran que tamén no I+D+i imos mal. Hai que ver, por exemplo, a evolución das empresas con actividades innovadoras, e é preocupante ata o punto de que son os datos referidos a empresas galegas os que lastran a media estatal. De feito, se ao conxunto do Estado lle restamos os datos correspondentes a Galiza, observamos que no resto do Estado se incrementan. ¿Como non imos estar preocupados e preocupadas? Pero falemos desa estratexia. O que pasa é que non pretenderá que o resolvamos todo en dez minutos.

Tamén por falta de tempo houbo cousas que quedaron no tinteiro, no meu e no seu. Porque a min gustaríame que faláramos aquí do canon eólico. ¿Que vai facer a Xunta de Galiza diante do canon eólico se iso vai repercutir na factura dos e das consumidoras? ¿A súa avaliación do canon eólico é a mesma que facía antes do 27 de xaneiro? E como queremos falar de futuro en lugar de entrar na retahíla, que non terei tempo de responder aos seus argumentos anticoncurso eólico do Bipartito —que, por suposto, xa lle aclaro que defendo—, pois en lugar de falar do pasado, fale do futuro e dígame que vai facer diante desa imposición previsible do canon eólico.

Exportacións, por exemplo. A min preocúpame que nas exportacións en Ourense os datos desvelen estancamento. Entón, ¿que medidas correctoras van aplicar para ese aspecto concreto?

Das deslocalizacións. Ben, a min que son filóloga de formación e non economista como o señor Lago, aínda que si que me preocupan as porcentaxes, gústame falar de semántica. Se quere falamos de semántica, pero é que, de verdade, reducir o problema a que a oposición fala de deslocalizacións en vez de localización, cando estamos falando dun sector que en Galiza perdeu 2.000 empregos e que en Portugal gañou 6.000, ou que o informe do Ceaga, que non do BNG, di que hai 27 provedores de compoñentes do automóbil con matriz galega que están instalados no norte de Portugal, é desvirtuar o debate e facelo pola súa parte, cando aquí desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego se fixeron tres propostas concretas para a cuestión da deslocalización. ¿Non están de acordo? Pois sigamos discutindo. Pero non deslexitimen, que nós temos alternativas tamén, porque iso é facer un debate reduccionista.

Falando de máis propostas e cuestións concretas que se trasladaron aquí, pois falemos de Ferroatlántica. Esta é unha pregunta moi concreta que levamos facendo semanas: «¿Vaise reunir ou non co Comité de Traballadores e Traballadoras de Ferroatlántica?». Teremos que seguir. Claro, antes falou de 2008, agora estamos en 2017, non sei se temos que esperar a que pase o mesmo abano temporal e perder unha década ata que falemos disto e sexa tarde.

Entón, ten que desculpar que ao final si que hai cuestións que nos enfadan e que nos afastan. Pero, desde logo, por nós non vai quedar en facerlle propostas, en facer concreción. Agora tamén, sexa un pouco honesto, pois, loxicamente, se estamos falando de futuras leis, non imos facer aquí en dez minutos o desglose das propostas concretas. Igual que se falamos deses consorcios, pois teremos que ver a planificación deses consorcios dunha forma máis detallada para avaliar e facer propostas en positivo. Desde logo, cando vostede veña aquí comparecer para concretar maiormente, pois farémolas. Tamén llas faremos a ese plan de emprendemento feminino se temos oportunidades, se a súa consellería nos dá oportunidade de que ese procedemento sexa participativo e poidamos facer achegas, desde logo que si.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas, ten a palabra o señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, señorías.

Bueno, rematou vostede moi ben, rematou vostede falando de ideoloxía. Mire, as baixadas fiscais nunca redistribúen a renda, nunca, e nun contexto de crise como o actual menos, señor conselleiro. E iso non é nin xestión nin filosofía, iso é ideoloxía. Entón, se vostede plantexa ese modelo, está moi ben, é o seu, tiveron non sei cantos votos, 41 deputados, pero

non é certo, é un mantra que non é verdade. ¿Cando as baixadas fiscais redistribuíron renda e riqueza? Polo tanto, rematou vostede... En fin, a min gústame que se fale de ideoloxía aquí. Eu recoñezo que me parece que é o sitio, claro, isto de falar de política no bar está moi ben, pero no Parlamento tamén convén por manter un pouco as formas.

O señor Tellado, nada, dende o momento en que unha abordaxe estatística significativa é o número de *selfies* que se fai o señor presidente, pois eu creo que xa non imos falar máis de estatística. (*Aplausos.*)

Eu quero falar do señor presidente. Eu quero falar de cando se di que saca peito en Madrid polo cumprimento do déficit, e volvo aos datos. Por certo, señor conselleiro, non fun eu o primeiro que falou da entrada de pedidos industriais neste Parlamento, foi vostede, cando lle interesaba, e por iso o traio aquí. E por iso lle dixen naquel momento que era un dato pouco representativo, e volvinllo dicir hoxe. Pero se vostede o utiliza, non me diga a min que non podo utilizalo. ¿Ou é que hai algún pedigree especial na universidade CEU San Pablo, que permite utilizar estatísticas que outros non podemos utilizar? Polo tanto, utilizamos todos. Eu creo que é un mal índice, si; pero quen empezou a utilizalo foi vostede.

O teito do déficit e o teito de baixar impostos está en que os fogares sen ingresos —por certo, señor Tellado, deixe os *selfies* a un lado—, efectivamente, os fogares con todos en paro baixaron en Galicia un 7,3 %, pero no conxunto de España un 10,8 %. Polo tanto, cónteo todo. Pero vou aos outros, vou aos que non teñen ingresos, eses 37.500 fogares que están, eses si que están en galáctica, ¿sabe?, pero é unha galáctica moi fodida, perdón, moi preocupante, desculpe pola expresión. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vale, vale, moi preocupante. Ben, eu sei que isto é como un club inglés, seino. Nese caso, señor conselleiro, ese déficit e esas baixadas de impostos o que significaron foi que no último ano, mentres que no conxunto de España ese número de fogares baixaba un 12,6 %, en Galicia subía un 13,1 %. E son datos da EPA, non son datos de Abel Losada, nin do PSdeG, nin de Touriño, nin de Zapatero; son datos da EPA.

Por certo, eu estou moi orgulloso do Goberno presidido por Emilio Pérez Touriño, moi orgulloso, (*Aplausos.*) moi orgulloso. E, por certo tamén, vostede que naquel momento estaba dando clase en Madrid, na CEU San Pablo, sabe que nun Consello da Xunta de febreiro de 2008 se aprobaron as primeiras medidas para facilitar o financiamento nun contexto de crise de restrición do financiamento ás empresas galegas. E se non o sabe, pois si que o sabe porque llo dixen mil veces; está ben que non o queira recoñecer. Insisto: febreiro de 2008. Pode ir revisar as actas do Consello da Xunta.

Pero non imos ao último ano, señor Tellado, imos dende o ano 2009 —e vou ao ano 2009, ao terceiro trimestre, non porque empezara aí o señor Feijóo, senón porque é dende que están homoxeneizados os datos no Instituto Nacional de Estatística—, dende o terceiro trimestre do ano 2009 ao cuarto trimestre de 2017. Os fogares sen ingresos, —insisto— sen ingresos—¿sabe de que estou falando, señor conselleiro?—, en España medraron un 21 %, en Galicia un 88 %, de 19.700 a 37.100. Este é o resultado das políticas de Feijóo.

E non pode pedirnos que en dez minutos... A min gustaríame cambiar o Regulamento do Parlamento e ter tempo indefinido, tamén para intervenir a señora Presas, o señor Lago, o

señor Losada e o señor Tellado. Claro, é que non é posible dar resposta a trinta e sete minutos de intervención en dez, ou polo menos eu non son capaz. Eu sei que o nivel intelectual de certos grupos parlamentarios permite certos exercicios de maxia; eu non son capaz.

En todo caso, insisto: 21 % de incremento, eses que non teñen nada en España, 88 % en Galicia. Será responsabilidade de alguén. ¿De Zapatero? Zapatero gobernaba no conxunto de España, que eu saiba. E, ¡home!, do Bipartito paréceme xa demasiada responsabilidade.

E, por certo, xa o último, de verdade. Entón, ¿vostedes fixeron o novo concurso eólico aquel brillante de 6.000 millóns de euros de investimento e cen mil empregos para corrixir as disfuncións do modelo enerxético español? É a primeira vez que llo escoito. É unha novidade, en fin, importante. O certo é que foi un fracaso estrepitoso. O certo, señor conselleiro, é que foi un fracaso estrepitoso, e se non aí están os molinillos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Remato, señor presidente, dúas cousas máis.

De verdade, non diga que hai 150 millóns de euros investidos en Rozas, que parece que estamos falando de James Bond cando se abrían as montañas e dentro había unha cidade somerxida. Oia, ¿onde están os 150 millóns investidos en Rozas?, ¿vostede vai por alí? Eu non sei canto vai haber investido, e alégrome moito de que haxa moito investido. Insisto solememente, alégrome moito de que se invista en Rozas o máis posible. Dito iso, non engane os galegos, alí non hai investidos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...150 millóns de euros. En fin, non son capaz de calibrar canto hai, pero non siga repetindo eses mantras que...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...non responden á realidade.

E, señor conselleiro, en termos de I+D+i díganos o que queira, pero xa sabe...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...Ucráina e Turquía, seguimos niso. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Losada.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Manuel Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Señor conselleiro, vin falar da realidade do país e utilizarei a técnica do diferencial, porque é certo que non foi Emilio Pérez Touriño o que nos meteu na recesión,

iso terá que ver co mercado norteamericano das *subprimes*, nin é Feijóo o que nos quita da recesión. Estamos nun ciclo económico que ten unha enorme sincronía e, polo tanto, o que hai que explicar é o diferencial. E o diferencial é: ¿por que Galicia é a comunidade autónoma onde máis emprego se destrúe de todo o Estado?, (*Aplausos.*) ¿por que Galicia é a segunda comunidade na que máis medrou o desemprego?, ¿por que Galicia é a terceira comunidade na que máis caeu a poboación activa?, ¿por que somos a quinta comunidade cos salarios máis baixos?, ¿por que temos unha taxa de precariedade superior á media española? e ¿por que o noso nivel de protección por desemprego está por debaixo da media do Estado?

Pero, señor conselleiro, ten que desculparme, pois vou caer na provocación de Miguel Tellado, apetécame, teño ganas. Señor Tellado, eu son deputado de «En Marea», e estamos orgullosos de que en En Marea estea Podemos, que estea Cerna con Paula Verao, que estea Anova, que esteamos incluso os de Esquerda Unida, que estea Equo, que estean os ecoloxistas, que estean as mareas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Estamos orgullosos da nosa historia e do noso pasado. Como parece que neste Parlamento un deputado pode chamar un partido e un grupo parlamentario co nome que queira, eu vou facelo. Cando fale do Partido Popular falarei do partido herdeiro da ditadura de Franco, (*Aplausos.*) porque o pai fundador dese partido asinou a pena de morte de Julián Grimau...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Chámoo á orde...

O señor LAGO PEÑAS: ...un demócrata...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Perdón, perdón, por favor, espere un momento, señor Lago. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Perdón, respecten. (*Murmurios.*) Perdón, pido silencio a todos os deputados, pido silencio a todos deputados de todas as bancadas. Deixen falar a quen está no uso da palabra. E tamén lle pido ao que está no uso da palabra que se ataña ao Regulamento, que se ataña á cuestión e que non utilice ningún nome. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Non, vou explicarllo, vou aproveitar. Cando o señor Tellado fala de Mareas de Podemos non é ningún insulto. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, perdón, estou eu no uso da palabra, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Eu creo que si.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non, o que crea poderá ser. Aquí non insulta o que pode se non... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, escoite. Mareas, efectivamente, o grupo parlamentario é En Marea, e non hai ningún problema e está formado por varios grupos políticos, entre os cales se encontra Podemos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Polo tanto, non é ningún insulto nin falta de respecto. Así que, por favor, pídlle que se ataña á cuestión ou se lle retirará a palabra. E tamén lles pido a todos os deputados de todas as bancadas que respecten ao que está falando, a todos. Moitas grazas.

Pode seguir, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Teño un segundo nome que é o partido da guerra, porque o segundo pai fundador do Partido Popular meteunos na guerra de Iraq, unha guerra que están investigando por presuntos crimes de guerra en países máis democráticos que o noso. *(Aplausos.)* Podo dicir que é o partido con amizades perigosas co narcotráfico. E non vou falar máis porque me dá vergoña. *(Aplausos.)* Podo falar que é o partido da corrupción, porque a lista completa de ministros, ex-ministros, presidentes de comunidades autónomas, concelleiros e alcaldes do Partido Popular faría que necesitáramos dous días...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Lago, chámoo á cuestión, estamos nunha...

O señor LAGO PEÑAS: ...para falar de que é o partido dos recortes...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Lago, señor Lago... *(O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señor Lago, señor Lago, chámoo á cuestión por segunda vez; na terceira seralle retirado o uso da palabra. Moitas grazas. *(O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor LAGO PEÑAS: ...Francisco Franco que ameaza a deputados do Grupo En Marea. Podo dicir que é o partido do Yak e o partido do accidente de Angrois. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Podo dicir que é un partido que ten un longo historial do que non sei se o señor Tellado se sente orgulloso como me sinto eu.

Vou rematar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Lago...

O señor LAGO PEÑAS: ...vou rematar facendo un rogo precisamente á Presidencia do Parlamento. O meu grupo chámase «En Marea», e eu demando *(Murmurios.)* formalmente da Presidencia do Parlamento que cando un deputado se trabuque... *(O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Lago, non ten vostede a palabra porque leva todos os cinco minutos falando... É a terceira chamada á orde a vostede, retíraselle o uso da palabra. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Ten a palabra o señor Miguel Tellado por parte do Grupo Parlamentario Popular. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Perdón, o Regulamento está ben aprendido, hai alguén que non o entendeu. E xa sei que vostede chama ao señor Lago previamente ao seu escano para dicirlle o que ten que facer nesta segunda intervención porque iso o señor Lago non o fai. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Así que, por favor, respecte, porque vostede non está no uso da palabra, e iso pono o Regulamento ben clariño. Ben clariño: non está no uso da palabra.

Así que lles pido que escoiten a quen ten o uso da palabra. E, neste caso, comeza o señor Tellado Filgueira.

Moitas grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Mire que eu viña moderado porque tiña pouca voz. Lamento ter ofendido o señor Lago porque non era a miña intención en ningún caso, e creo que no debate parlamentario é bo non perder os nervios.

Señora Presas, aplíquese o conto, efectivamente, ou neste caso o poema de Rosalía: «*No sembrante a alegría, / no corazón o esfuerzo*». É o que levamos facendo estes anos: crendo en Galicia, apostando por Galicia e traballando duro dende o Goberno. Eu creo que ao BNG lle viría ben abandonar ese cabreo sempiterno do nacionalismo galego e deixar de traballar para o partido e empezar a traballar por Galicia, ¿non? E, polo tanto, eu creo que se seguen esa senda nos poderemos atopar. (*Aplausos.*)

Señor Losada, vostedes, que negaron a crise, son agora os que negan a recuperación. Creo que é coherente a súa postura porque no negacionismo é onde vostedes mellor están. E eu hoxe teño que dicirlllo: ¿vostede en nome de quen fala?, ¿de que Partido Socialista? Porque eu linlle a hemeroteca destes días, pero non lin eses que non quixen ler para non molestalo como ao señor Manolo Lago.

Falaba vostede dos *selfies* nun comentario que eu fixen nunha entrevista, e creo que foi vostede quen rexistrou neste Parlamento unha iniciativa sobre un tuit. Presentou vostede unha iniciativa sobre un tuit, que firmaron dúas compañeiras súas e que logo se borraron, e quedou vostede só defendendo esa iniciativa. Non frivolicie coa política, non frivolicie con esta Cámara. Nós estamos aquí para falar de Galicia. (*Aplausos.*) Nós estamos aquí para poñer solucións onde vostedes deixaron problemas, e deixaron moitos.

Polo tanto, eu teño a sensación de que vostede vén hoxe falar aquí non en nome do seu grupo, nin en nome do seu portavoz, vén falar en nome dun emisario que lle manda dende Vigo para xerar máis confrontación interna dentro do seu partido. Póñanse do lado dos que estamos a favor de buscar solucións para Galicia e déixense xa da pelexa interna e desa guerra norte e sur. Creo que sería bo. Sería bo para todos.

Falou vostede sobre fogares con todos os seus integrantes en paro. Mire, dio a EPA do cuarto trimestre: o número total de fogares en Galicia con todos os seus membros en paro activos baixou; baixou un 6,38 % no último ano, ¡baixou! Polo tanto, non veña aquí retorcer as cifras porque creo que é un erro.

Señor Lago, nós non lle imos pedir desculpas por sacar a Galicia da peor crise económica da nosa historia, non llas imos pedir. Cando gobernaban vostedes, porque vostede formaba parte dese goberno, do Bipartito, dese mal goberno para Galicia —non o dicimos nós, dixérono os galegos—, o PIB baixaba un 3,7 %, e hoxe medra un 3,7 %. ¿Vostede sabe a diferenza de baixar e subir? É Epi e Blas. (*Murmurios.*) Con vostedes baixaba o PIB, con nós sobe. Entón, ¿de que nos está a falar? (*Aplausos.*)

Eu teño que agradecerlle os esforzos que fixo para explicarnos o galimatías que son *las mareas* de Podemos. Teño que agradecerllo. E descubrín unha cousa despois da súa intervención. Á parte dun nivel de sectarismo sen precedentes e dunhas feridas históricas do pasado lamentables para vir dun membro do Partido Comunista de España, eu descubrín unha cousa despois da súa intervención, e é que *las mareas* de Podemos son máis partidos que deputados. Esa é a realidade da minoría que vostede representa aquí.

Eu estou orgulloso de pertencer a un partido democrático como é o Partido Popular, primeiro partido de España, primeiro partido en Galicia, non porque o queiramos nós, senón porque cando chamamos os cidadáns ás urnas nos votan. (*Aplausos.*) E vostedes cando hai unha chamada ás urnas, ¿sabe que ocorre? Que nin sequera son capaces de poñerse de acordo en que nome concorren. Polo tanto, eu teño que darlle a razón a un membro do meu partido que di que vostedes non se chaman «En Marea», que nin sequera se chaman «*las mareas* de Podemos», vostedes chámanse «Podemos marear». É o que fan, é o que levan facendo ao longo dos últimos meses. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señor conselleiro, vostede veu a esta Cámara traer iniciativas de futuro para a industria, a economía e o emprego de Galicia. Do outro lado o que hai é grupos cerrados en si mesmos, falándonos dos seus propios problemas, non lles importa absolutamente nada nin a economía de Galicia, nin o emprego, nin a nosa industria. Son os mesmos grupos que cando teñen ocasión traen a esta Cámara iniciativas para pechar empresas. Eu teño que dicirlle, señor conselleiro, que non atopará nas filas do Grupo Parlamentario Popular ningún deputado que veña aquí propoñer o peche de empresas. Eses séntanse na bancada de En Marea, séntase aí coa complicidade dun BNG que non sabe que quere defender e dun Partido Socialista que lamentablemente está á deriva. (*Murmurios.*)

Oxalá poidamos manter a nosa folla de ruta para seguir contribuindo a que Galicia siga na senda da recuperación económica e da creación de emprego.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Dende logo, deste lado imos poder esperar bastante pouca colaboración. Primeiro, porque aínda non acertaron coa análise, coa diagnose da situación que vive Galicia. E, en segundo lugar, porque non hai disposición...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...non hai predisposición. Canto peor lle vaia a Galicia cren que mellor lles pode ir aos seus grupos. Nós cremos que canto mellor, mellor.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas...

O señor TELLADO FILGUEIRA: Canto mellor lle vai a Galicia, mellor nos irá a todos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...e mellor lle irá a esta Cámara.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra para pechar a comparecencia o conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, dicía Napoleon Hill que o fracaso asola aqueles que se resignan a el con indife-renza.

As propostas que presentamos hoxe, señorías, para esta lexislatura demostran que, pese a que os principais indicadores económicos nos fan ser optimistas, dende logo, este goberno non se conforma. Non se conforma porque entendemos que esta lexislatura debe de ser a lexislatura da consolidación, do crecemento económico, a lexislatura de darlle continuidade á aposta pola innovación e a lexislatura para acelerar a creación de emprego e emprego de calidade.

Temos catro anos nos que desenvolveremos medidas que contribúan a consolidar Galicia como sinónimo de Industria 4.0. Isto é do que quere falar o Goberno en materia de política industrial, que Galicia sexa sinónimo de Industria 4.0, e que o sexa non só desenvolvendo os programas que puxemos en marcha a pasada lexislatura, senón tamén impulsando novos programas de transformación dixital na industria, de espazos colaborativos que favorezan o desenvolvemento de novos produtos e tamén a través desa Estratexia integral de optimización loxística da que vostedes non quixeron falar.

Señora Presas, as propostas do BNG en materia de automoción están no *Diario Oficial*. Vos-tes o único que propoñían era poñer en cuestión as axudas á automoción e propoñer o control por parte dos sindicatos. Se esa é a súa proposta, lamentablemente vexo que non ten visión das necesidades que ten o sector da automoción para competir nos mercados inter-nacionais.

Tamén lamento que En Marea en materia de política industrial non teña aportacións; é dedicar o tempo a calquera outra cousa menos a falar de política industrial. Eu entendo que o señor Lago non queira falar de Rozas, que non queira falar de Reganosa e que non queira falar de política industrial porque, sinxelamente, non teñen propostas en materia de política industrial.

E, señor Losada, eu claramente o único que lle recordei é que vostede non falou do índice de produción industrial, falou da carga de pedidos e tamén da entrega de produción industrial, pero simplemente lle recordaba que omitiu un dato verdadeiramente importante —como vostede sabe— que é o índice de produción industrial. E simplemente lle recordei que se quere dar un dato pode fixarse no que vostede considere máis axeitado en cada momento,

pero, claro, dar o dato de entrega de pedidos do mes de decembro e omitir que xa hai un dato de todo o ano 2016 é unha referencia cando menos curiosa de como le vostede as estatísticas, dende a perspectiva neste caso de Vigo.

En calquera caso, creo que temos iniciativas importantes para que este goberno, este país, poida xogar un papel importante en materia de innovación. Por iso estamos propoñendo políticas concretas; por iso queremos desenvolver consorcios vinculados a sectores emergentes en materia de innovación: no sector aeronáutico, na bioeconomía e na Industria 4.0; por iso queremos desenvolver un novo plan de I+D+i; e por iso queremos seguir captando talento innovador e completar os programas Oportunius e Principia.

E, señora Presas, a I+D empresarial en Galicia é a quinta no ránking do período 2013-2015. Galicia é a terceira Comunidade Autónoma con máis gasto en I+D no ano 2015. E se vou ao dato orzamentario, debería de saber que nos últimos catro anos a Axencia Galega de Innovación incrementou un 22 % o seu orzamento entre o ano 2013 e 2017. E se quere un dato adicional: o gasto en I+D dende a Administración pública en Galicia incrementouse un 10,4 %, e en España ese incremento foi de menos da metade, un 4,7 %. Claramente en Galicia estamos a falar de innovación.

Igual que, señor Losada, falamos de innovación cando falamos de Rozas. Eu falei dun compromiso de investimento en Rozas no Horizonte do ano 2020 de 150 millóns de euros. E vostede sabe perfectamente que ese desglose está acreditado ademais no *Diario Oficial de Galicia*, porque sabe que son 10 millóns de investimento que xa se están desenvolvendo no aeródromo de Rozas, 10 millóns de euros de fondos Feder, 24 millóns de euros de compra pública innovadora cun convenio asinado co Ministerio de Economía e Competitividade, e que xa temos anunciado o desenvolvemento de sete licitacións por importe de 14 millóns de euros. E sabe perfectamente que hai un contrato asinado con Indra e con Inaer por un investimento de 115 millóns de euros, dos cales 40 millóns de euros son investimentos da Xunta de Galicia e 75 millóns de euros son investimentos de Indra e Inaer. Polo tanto, un escenario perfectamente coñecido, perfectamente comprometido e perfectamente coñecido por todas as partes. E o que temos que facer é apostar para que, efectivamente, ese corazón tecnolóxico-industrial de Rozas lata con toda a súa forza. Eu o que espero é seguir contando co apoio do Partido Socialista.

En materia de mellora da competitividade temos catro anos nos que seguiremos a traballar para que Galicia sexa unha terra capaz de seguir captando investimentos e que sexa capaz de localizar investimentos en Galicia. Non queren falar cando se refiren a estes aspectos da automoción, non queren falar da Directiva de emisións industriais e, polo tanto, dos investimentos que hai que facer nas centrais térmicas para adecuar o cumprimento da Directiva de emisións industriais.

Creo sinceramente que se queremos falar de localización e de fixación do tecido industrial hai que falar en serio e, polo tanto, identificar cales son as pancas. E esas pancas pasan, efectivamente, por unha lei de fomento da implantación empresarial que permita que os proxectos industriais se poidan tramitar con axilidade e que se poida simplificar a súa tramitación; pasa por ese protocolo de boas prácticas, porque entendemos que os concellos

teñen que colaborar tamén no desenvolvemento e na fixación de tecido industrial en Galicia; e pasa, efectivamente, por unha aposta pola innovación, como esa convocatoria de Industria 4.0 de 60 millóns de euros, que vai permitir investir en I+D en Galicia por parte das empresas que presentaron os seus proxectos de investimento. Polo tanto, estamos a falar de converter Galicia nunha terra de oportunidades, fixando o tecido industrial, captando investimentos cunha política concreta. Igual que con ese programa de instrumentos financeiros innovadores. Ningún dos grupos da oposición quixo falar de financiamento nin das oportunidades que nos xeran os fondos europeos a través dos instrumentos financeiros innovadores.

O Goberno seguirá apoiando os emprendedores, seguirá apoiando os innovadores, seguirá apoiando o crecemento das empresas para que incrementen o seu tamaño e poidan ser competitivas. e seguirá favorecendo as exportacións.

Catro anos, señorías, nos que o emprego volverá ser a pedra angular sobre a que pivoten as políticas da Xunta de Galicia. Porque con política industrial, con política de innovación, podemos xerar emprego de calidade. E aí están os obxectivos para crear entre 80.000 e 100.000 postos de traballo, reducir a taxa de paro por debaixo de dous díxitos e crear ou converter 50.000 contratos en indefinidos.

E para alcanzar todas esas cifras, señorías, apoiaremos os autónomos. Ninguén na súa intervención falou do apoio aos autónomos. Investiremos 160 millóns de euros —que é un 45 % máis que na pasada lexislatura— en 20 medidas concretas que estamos consensuando cos autónomos. Elaboraremos esa lei de emprego para permitir unha redefinición das políticas activas de emprego e, por suposto, articularemos ese pacto polo emprego en Galicia para poder darlles respostas concretas aos cidadáns.

E esas medidas complementaranse, por suposto, co fomento da igualdade e co fomento do emprego de calidade. Señor Lago, é rotundamente incerto que Galicia sexa a comunidade autónoma que ten a taxa de temporalidade máis alta, é sinxelamente incerto. Pero nós seguiremos apostando pola contratación indefinida, pola estabilidade laboral e polas políticas de responsabilidade social empresarial.

E, señorías, falaremos durante estes catro anos dos cidadáns, falaremos da defensa dos galegos e das galegas a través dese plan para a protección das persoas consumidoras. Imos potenciar a mediación e imos poñer en marcha a arbitrase electrónica, porque entendemos que tamén na defensa dos consumidores hai moita capacidade de mellora.

Polo tanto, por todo isto, señorías, creo sinceramente —así empecei a miña intervención— que é o momento de establecer pontes de entendemento, de camiñar na mesma dirección, de saber en qué estamos de acordo e —seguro— discutir sobre o como e sobre as prioridades. Creo que temos catro anos por diante para seguir mantendo unha posición proactiva en Galicia, para que Galicia sexa efectivamente o mellor país onde investir, onde traballar e onde vivir. E creo que, se a isto vostedes lle suman a estabilidade política e institucional que garante este goberno e suman que é un goberno perfectamente predicible, seguro que seremos capaces de seguir crecendo, de crear máis emprego e de seguir xerando benestar para a nosa sociedade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Antes de pasar á segunda comparecencia, que é a do conselleiro de Sanidade, comunícolles que a votación sobre a comisión de investigación que quedou pendente da mañá farase logo da votación das mocións, pola tarde. Polo tanto, comunícollelo a todos os deputados. Será cando se acabe de votar as mocións.

E agora acumúlanse as dúas comparecencias da orde do día do señor conselleiro de Sanidade.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento

Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición dos GG. PP. de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta dos feitos producidos na Unidade Psiquiátrica do Hospital de Conxo

O señor PRESIDENTE: Para formular a intervención ten a palabra o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, moi bo día a todos.

No día de hoxe comparezo ante este Pleno para informar das principais liñas que orientarán a nosa actividade e a da sanidade galega durante o 2017, e tamén para informar sobre a Unidade Psiquiátrica do Hospital de Conxo, en Santiago.

Os sucesivos gobernos do presidente Feijóo mostraron sempre unha especial sensibilidade polo servizo sanitario, sen lugar a dúbida o máis importante e mellor valorado pola cidadanía. Por iso, a Consellería de Sanidade contará cun orzamento para este ano —recen aprobado, como ben saben— de 3.614 millóns de euros, case o 42 % do total da Xunta de Galicia; cifras que reflicten de maneira clara o firme compromiso e a aposta decidida do Goberno da Xunta polo noso sistema sanitario público.

A evolución da sanidade desde a transferencia foi enorme. E, aínda que hoxe falo de 2017, quixera dar algún dato para que tamén saibamos de onde vimos. No ano 1995, o gasto por habitante era en sanidade de 525 euros, no 2015 foi de 1.403 euros. O gasto medio por persoa en medicamentos foi de 135,38 euros en 1997 e de 306 no 2015. Eramos 19.000 traballadores no 1997 e 36.000, aproximadamente, no 2015. Eramos 36 centros de saúde en 1990 e 393 no 2015. E desde as transferencias do ano 1991 ata a actualidade construíronse sete novos hospitais, fronte a un só hospital que se construíu no País Vasco —por certo, un comarcal que a día de hoxe só ten abertas as consultas externas—. Pasamos de 142 quirófanos a 255. E temas tamén moi importantes: a mortalidade infantil tiña unha taxa de 8,7 no ano 1990, e

actualmente é de 2,1 —unha diminución moi importante da mortalidade infantil—; e a esperanza de vida era no ano 1990 de 76,88, e no 2013 de 82,58.

Estes datos, que son importantes, non indican a actividade real. No ano 2016 o número de intervencións cirúrxicas foi de 204.000; o número de consultas hospitalarias, máis de 5 millóns; as consultas en primaria, máis de 25, case 26, millóns de consultas; e as urxencias hospitalarias chegaron practicamente ao millón. Isto quere dicir que a sanidade galega evolucionou de maneira moi importante día a día, mellorando servizos pero tamén aumentando en número.

E se falamos de presupostos, tamén facemos unha comparativa, ademais moi recente, da Federación de Asociacións para a Defensa da Sanidade Pública —do 14 de febreiro deste mesmo ano—, que nos sitúa, dentro das dezasete comunidades autónomas, primeiro, como unha das comunidades autónomas que ten o presuposto xa aprobado fronte a outras que a día de hoxe non o teñen aprobado, pero tamén nas que crece o presuposto, o gasto por habitante. Estamos practicamente ao nivel de 2010. Creo que estes son datos significativos.

E tamén é significativo, cando falamos da accesibilidade e a comparamos coa doutros países da Unión Europea, que a accesibilidade que temos no noso sistema é total fronte a diversos copagos que, por urxencias, por hospitalización, teñen en países tan avanzados, tan poderosos economicamente, como Alemaña, Gran Bretaña e Francia.

Pero, como dicíamos, queremos expresar o que imos facer neste 2017 tendo como base a Estratexia do Sergas 2020, que, como saben, ten catro eixes estratéxicos: unha atención integral adaptada ás necesidades dos pacientes, familiares e cuidadores; pacientes máis e mellor informados que poidan decidir; profesionais comprometidos e coidados pola organización; e unha xestión eficiente que contribúa á sostibilidade do sistema sanitario e unhas infraestruturas, equipamentos sanitarios e sistemas de información do maior nivel.

Na área de saúde pública —unha área moi importante porque determina moitas das condicións futuras da nosa poboación— desde o ano 2017, como primeira liña de acción, imos insistir no fomento de hábitos de vida saudables e iniciativas que contribúan a capacitar as persoas na xestión da súa saúde e no seu autocoidado —especialmente os máis cativos, xa que a obesidade infantil é un problema serio de toda Europa actualmente e de todos os países desenrolados, e cremos que debemos incidir niso de forma importante—. Os estilos de vida seguen sendo o principal determinante da saúde modificable, e iniciativas como o Plan Xermola e Xente con vida seguirán contando co apoio do Goberno galego.

Neste labor xoga un papel fundamental a Escola Galega de Saúde para Cidadáns, orientada á formación de pacientes, familias e cidadáns en materia de saúde para mellorar a toma de decisións nos seus procesos de saúde e enfermidade, á que seguiremos potenciando.

Tamén o achegamento ás asociacións de pacientes e o traballo con elas non é só un obxectivo estratéxico para nós, senón que, ademais, contribúe de forma clara á mellora da nosa sanidade. E, como dicía, cunha incidencia especial nos máis novos porque ao final son parte do noso futuro.

Nesta liña, no presente ano —nesta mesma semana— imos abordar iniciativas sobre un problema importante, que é coñecido de todos, que é o tema do alcohol, o alcohol nos menores, que, como tóxico, é moi importante para calquera cidadán pero máis nestas idades que están na fase de crecemento, polas graves secuelas que poden producir. Farémolo buscando e facilitando a implicación de sectores implicados, sanitarios e non sanitarios. Como dicía, esta mesma semana poremos en marcha esa mesa de consenso na que estarán representadas as administracións —con nós estará Educación e Política Social— pero tamén produtores e distribuidores, minoristas, sociedades científicas, periodistas, publicistas e —algo fundamental— as familias a través de asociacións de pais e nais. Desde aquí invito a todos os grupos a implicarse nesta problemática, e estamos, loxicamente, abertos a todas as propostas que nos poidan facer chegar.

Tamén neste ano 2017 é moi importante centrarnos nos calendarios vacinales, que producen tanta melloría na calidade da saúde dos cidadáns e aos que lles imos dedicar máis de 12 millóns de euros, ao calendario vacunal infantil —como saben, unificado actualmente para toda España e actualizado a datas de xaneiro deste mesmo ano— e tamén imos iniciar o calendario vacunal do adulto —recollendo todo o que ata agora había, imos adecualo e metelo como calendario vacunal do adulto—.

O programa de prevención do cancro de colon, neste ano 2017, estará implantado xa na súa totalidade na comunidade autónoma. Estamos xa na implantación na EOXI da Coruña e a continuación farémolo na EOXI de Vigo, adiantando en catro anos o que pedía o Ministerio como unha recomendación: que en 2021 estivera a poboación totalmente cuberta.

Loxicamente continuaremos cos programas de detección precoz de cancro de mama, de enfermidades endocrinas e metabólicas en período neonatal, de detección de xordeira neonatal, así como cos programas de prevención e control da tuberculose, de VIH-sida e doutras enfermidades de transmisión sexual. Aprobaremos nas próximas semanas o novo programa galego de prevención e control da tuberculose e tamén melloraremos o sistema de vixilancia da infección por VIH, e poremos en marcha, das novas zoonoses, o dos virus Zika, Chikungunya, o da febre do virus do Nilo e febre hemorráxica de Crimea e Congo, que ameazan con introducirse no noso ámbito a través dos seus vectores, aínda con certa dificultade. E poñeremos en marcha a Rede Galega de Control Aerobiolóxico, que supón a monitorización da atmosfera galega polo seu grande interese clínico debido a capacidade alerxénica da mesma.

Polo que respecta á prevención das dependencias e do VIH, mantemos tamén a colaboración coas asociacións e ONG que traballan neste eido, e aumentaremos o control da lexielose, das piscinas, de cosméticos, tatuaxes e controis de produtos químicos e biocidas.

En asistencia sanitaria, os sistemas sanitarios atopámonos nun momento en que as novas demandas de servizos sanitarios, focalizados fundamentalmente de cara a pacientes maiores con pluripatoloxías crónicas, requiren unha adaptación de servizos e dos recursos existentes. O obxectivo fundamental para este ano é avanzar nesta adaptación, especialmente relevante para estes pacientes.

Na consolidación da rede de atención ao ictus, pretendemos incorporar os avances que supón a telemedicina e conseguir diagnósticos máis precoces e máis tratamentos. Tamén a disposición dun centro para tratamento do dano cerebral adquirido, que é unha eiva que tiñamos actualmente e que imos poder crealo neste mesmo ano.

No proxecto Acude e Axuda, para a mellora da atención á parada cardiorespiratoria fóra do ámbito sanitario, en lugares públicos, están implicadas, ademais da asistencia sanitaria e o 061, a cidadanía, a través do voluntariado, e a Sociedade de Cardioloxía de España. Agora está o proxecto piloto neste momento en Santiago, e imos continuar para chegar a final de ano cun dispositivo xa a nivel de toda a comunidade.

Tamén estamos traballando no novo modelo de atención primaria, que inclúe o Plan galego de atención á cronicidade e a estratificación dinámica da poboación por risco, como ferramenta de xestión e asistencia, cunha historia clínica electrónica adaptada ao proceso patolóxico principal do paciente. Camiñaremos de cara a un modelo de atención primaria máis proactivo, no que o profesional de referencia de cada paciente dispoña das ferramentas necesarias para monitorizar os pacientes crónicos desde o seu domicilio.

É necesario ter unha atención primaria máis próxima á cidadanía, que sexa capaz de resolver —como fixo todos estes anos— unha gran porcentaxe das patoloxías máis frecuentes que recibe, pero tamén que realice un seguimento activo que evite reagudizacións ou agravamentos que se producen nos pacientes crónicos e fráxiles.

Un dos obxectivos desta lexislatura é visibilizar máis o traballo dos centros de saúde dende o ámbito comunitario. O desenvolvemento de programas de intervención comunitaria dende a atención primaria posibilitará a realización de actuacións que mellorarán a saúde da cidadanía, implicando para iso o sistema sanitario cos centros educativos residenciais, ou do terceiro sector.

Queremos unha atención primaria aberta á sociedade. O conxunto do sistema sanitario de atención primaria enfróntase a desafíos coñecidos, como dicíamos antes, como a cronicidade, o envellecemento e a dispersión xeográfica, para o que necesitamos que sexa resolutiva e cunha axeitada capacidade diagnóstica e terapéutica, que se incorporen e evolucionen as novas tecnoloxías neste ámbito, e estea coordinada cos hospitais máis alá das EOXI e coordinada cos recursos sociais.

Na atención á muller, continuaremos co desenvolvemento dos programas específicos de prevención de cancro xenital, citoloxía e vacinación contra o virus do papiloma humano, programas de detección precoz e vías rápidas para o cancro de mama, planificación familiar, educación sexual, prevención de enfermidades de transmisión sexual, preparación ao parto, atención ao embarazo, parto e puerperio, incluíndo medidas para reducir a taxa de cesáreas, ou a consulta perimenopáusicas; continuación das actividades de educación para a prevención de violencia machista no Sergas, con actividades específicas na Escola Galega de Saúde para Cidadáns, na Axencia para a Xestión do Coñecemento (ACIS), e na Dirección de Recursos Humanos.

En atención pediátrica propomos un plan 2017-2020, co que queremos seguir garantindo unha atención pediátrica de calidade, seguindo necesidades e recursos dispoñibles. Conso-

lidaremos a estratexia da abordaxe integral da dor infantil, reforzaremos o papel da enfermería —sobre todo no programa do neno san— e aseguraremos a continuidade asistencial e a integración, definindo protocolos comúns e procesos asistenciais integrados.

Na saúde mental, nos próximos días aprobarase o Plan de prevención do suicidio de Galicia. O gran reto de cara a estes próximos meses será a elaboración do Plan estratéxico galego de saúde mental 2017-2020. Por certo, que foi tumbado no Consello Interterritorial despois de tres anos de traballo de profesionais de toda España. Quedou sobre a mesa no último Consello e desgraciadamente iso retrasou o que é a elaboración do que poden ser os plans estratéxicos das comunidades autónomas.

E, desde logo, apostamos polo reforzo da psiquiatría infantoxuvenil e de área. Queremos que o plan sexa o resultado do esforzo colaborativo dun numeroso grupo de profesionais do ámbito da saúde, pacientes e outros axentes sociais implicados. As actuacións do plan estarán aliñadas coas descritas na Estratexia do Sergas 2020, entre as que cómpre destacar a dotación de recursos para a atención á enfermidade mental en idades extremas da vida —patoloxía infantoxuvenil e psicoxeriátrica—.

En canto á accesibilidade da prestación sanitaria, seguiremos desenvolvendo e mellorando a accesibilidade a través da consulta telefónica e do programa Conecta 72, que tan bos resultados está dando.

As consultas telefónicas incrementaron o seu número de xeito sostido, cun total de preto de 5,4 millóns de consultas, das que o 99,8 % se puideron resolver sen necesidade de desprazamento.

Tamén quero destacar a plataforma É-saúde, que representa un avance na relación e comunicación entre a Administración sanitaria, profesionais e doentes, nunha fase inicial pero que xa ten un éxito indubidable.

E imos traballar no 2017 para estender o concepto de «visita única», resolvendo nun mesmo día, para os procesos seleccionados, as consultas, exploracións e probas necesarias para chegar a un diagnóstico o antes posible.

Na atención domiciliaria e a hospitalización a domicilio, entendemos que é necesario reforzar o papel do domicilio como lugar de atención, o que implica desenvolver iniciativas nos dous ámbitos: potenciar a atención domiciliaria reforzando estas unidades —como dicíamos antes— dende a atención primaria, esa atención primaria forte que necesitamos, e potenciar e protocolizar os programas de alta hospitalaria precoz, con implicación de atención primaria e a enfermería comunitaria.

Nos cuidados paliativos, imos favorecer a permanencia do paciente no seu ámbito. E para iso estableceremos procesos asistenciais que aseguren unha rápida resposta. As melloras no Plan galego de cuidados paliativos, integrado no Plan galego para a cronicidade, incluírán melloras na súa organización e no traballo en rede das unidades de referencia. Tamén renovaremos a Comisión Galega de Cuidados Paliativos.

Sobre a hepatitis C, despois do magnífico traballo realizado polos profesionais do Sistema Galego de Saúde, imos neste mesmo ano comezar a tratar xa os pacientes máis leves, os F0 e F1, e faremos a detección de persoas en risco de estar infectadas —segundo protocolos agora aprobados tamén coa colaboración de profesionais galegos— en atención primaria.

Dentro dos profesionais —como dicíamos, tamén un dos eixes fundamentais da sanidade para nós—, como prioridade está a estabilidade no emprego. Constitúe unha das liñas básicas da ordenación dos recursos humanos no sistema sanitario público de Galicia. Mante-remos a convocatoria anual de procedementos selectivos para a adquisición da condición de persoal fixo, ofertando o máximo de prazas que permita a lexislación —800 en 2017—. En paralelo, executaremos un plan de estabilidade no emprego, de máis de 400 prazas nun momento inicial, tendo en conta que estamos pendentes da resposta do Goberno central á petición da desaparición ou incremento da taxa de reposición, e iso daranos tamén unha ampla marxe para poder actuar. E fomentaremos os procedementos de mobilidade voluntaria, procederemos á implantación de novas categorías profesionais, especialmente as categorías de enfermeiro e enfermeira especialista —particularmente de enfermería familiar, comunitaria e enfermería pediátrica—, e seguiremos avanzando na enfermería do traballo, na enfermería da saúde mental e na obstétrica-xinecolóxica. Seguiremos coa nosa política de prórroga no servizo activo dos profesionais, que tan boa acollida tivo. Reforzaremos os principios da conciliación da vida familiar e laboral. Seguiremos apostando polas políticas de prevención de riscos laborais. Adaptaremos as retribucións de determinados colectivos, como os médicos de familia, pediatras de atención primaria e enfermeiros e enfermeiras de atención primaria, á tarxeta individual sanitaria. E, loxicamente, seguiremos coidando a formación docente, que temos unha excelente formación sanitaria na nosa comunidade.

En canto a infraestruturas, equipamentos sanitarios e sistemas de información, pois temos, a verdade, un plan importante para este ano 2017, empezando por que nas próximas semanas imos proceder á apertura dos centros de saúde de Pontedeiva, de Barbadás, do Couto, das Neves, e tamén empezaremos a construción dos novos centros de Ares e de Gondomar. Pero, ademais, estamos con proxectos de novos centros; en concreto, cos de Laracha, Narón, Milladoiro, Melide, Pereiro de Aguiar, Paderne de Allariz, O Saviñao, A Estrada, e coa ampliación do de Anafáns, do da Illa, e do de Salceda de Caselas. E realizaremos tamén novos proxectos. Nestes momentos estamos falando con diversos concellos; entre eles, Caldas de Reis, Cangas ou A Coruña.

Nos centros hospitalarios temos o gran Montecelo. Estamos xa co plan funcional e de espazos —neste momento estase executando—, e a continuación faremos o plan sectorial. E tamén acabaremos a ampliación do Hospital do Salnés, da que, xa con urxencias e bloque cirúrxico funcionando, nos quedará agora o que son as novas salas de hospital de día.

No Complexo Hospitalario de Ferrol levaremos a cabo a redacción do plan director, neste momento xa contratado, e imos proceder á maior reforma e ampliación do Complexo Hospitalario de Ferrol, non só do que é o Arquitecto Marcide senón tamén no Hospital Naval.

En canto ao complexo de Ourense, pois estamos a punto de abrir o novo edificio de hospitalización, e seguiremos co plan director.

No CHUAC, na Coruña, á parte de ampliar as urxencias do Hospital Materno-Infantil e ampliar o hospital de día, seguiremos desenrolando o que é o plan director, ademais, como digo, dunha nova central de esterilización e un quirófano híbrido.

No Clínico de Santiago vaise facer unha reforma de ampliación, que permitirá abandonar o Gil Casares e proceder a unha remodelación, tanto no Hospital de Conxo como no Clínico.

No Hospital da Costa seguiremos coas obras xa iniciadas de ampliación, nesta fase 1 do plan director. E no CHUVI continuaremos coa mellora tanto do Hospital do Meixoeiro como do Álvaro Cunqueiro —o laboratorio CORE ou as fachadas e cubertas do Hospital do Meixoeiro—.

Na renovación de alta tecnoloxía, pois temos dende os equipos de radiocirurxía do Hospital Clínico Universitario ao TAC intraoperatorio no Álvaro Cunqueiro; e, como dicíamos, os quirófanos híbridos, tanto no hospital da Coruña como no complexo de Vigo.

En canto á Axencia Sangue, Órganos e Tecidos, temos o Proxecto «Blood», que ten como propósito mellorar os procesos de xestión de doazóns, laboratorio e reservas, transfusión e terapia celular.

Na Axencia Galega de Xestión do Coñecemento aprobaremos o decreto polo que se regula a protección e a valorización da transferencia de investigación. E aprobaremos a contratación estable de investigadores que traballan nos hospitais do Sergas, así como a captación de novos investigadores con potencial de desenvolver liñas de investigación de interese para Galicia.

En canto á Fundación Pública de Urxencias Sanitarias de Galicia, 061, ademais dos numerosos programas asistenciais que seguiremos desenrolando, potenciaremos o Progaliam, para infarto de miocardio, e o programa Acude e Axuda, que comentei anteriormente, que é un proxecto piloto, coa Cruz Vermella e coa Sociedade Española de Cardioloxía, sobre a atención á parada cardiorrespiratoria fóra do ámbito hospitalario.

Para finalizar esta primeira intervención, quixera falar do Hospital de Conxo, da súa unidade de atención psiquiátrica, e que, sobre esta denuncia realizada baseándose en dúas situacións concretas ocorridas nos últimos meses na área de hospitalización de pacientes agudos, teño que dicir unha vez máis que nos últimos anos non se produciu diminución ningunha dos recursos sanitarios dedicados ao ámbito da saúde mental na área de Santiago, nin en infraestruturas nin en persoal, senón que, polo contrario, se potenciou coa dotación de novos dispositivos. Tal é o caso da unidade de hospitalización psiquiátrica infantoxuvenil, que é a única de Galicia en servizo como centro de referencia de toda a comunidade galega para este tipo de pacientes. E simultaneamente implementáronse numerosos programas asistenciais comunitarios e domiciliarios, así como dispositivos intermedios de integración comunitaria, para estes pacientes. E podemos confirmar que se cubriu o cen por cento das vacantes xeradas por xubilación, incluída a parte asistencial das prazas vinculadas á USC.

E respecto dos sucesos que se recollen nos medios de comunicación, hai que sinalar que continúan en proceso xudicial, e que en ambos casos se activaron os protocolos previstos

ante tales circunstancias. Neste sentido, e no que á dotación se refire, tanto as ratios de persoal como os protocolos preventivos eran os adecuados segundo as indicacións clínicas e as patoloxías dos pacientes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día a todos e a todas.

Eu tamén vou comezar hoxe esta miña primeira intervención neste pleno, anterior ao 24 de febreiro, data na que se conmemora o nacemento da nosa gran escritora Rosalía de Castro —que neste ano se conmemora o 180 aniversario do seu nacemento—, lendo un poema seu, poema do libro *Follas Novas*, titulado *Xan*. «*Xan vai coller leña ó monte, / Xan vai a compoñer cestos, / Xan vai a poda-las viñas, / Xan vai a apaña-lo esterco, / e leva o fol ó muíño, / e trai o estrume ó cortello, / e vai á fonte por auga, / e vai á misa cos nenos, / e fai o leite e o caldo... / Xan, en fin, é un Xan compreto, / desos que a cada muller / lle conviña un polo menos. / Pero cando unha busca un Xan, / case sempre atopa un Pedro.*»

Pois, indo ao tema da comparecencia hoxe aquí do conselleiro de Sanidade, eu teño que empezar dicindo que volve vostede, señor conselleiro, con varios plans e a referencia á mesma Estratexia Sergas que xa nos presentou aquí en varias ocasións, e da que, dende logo, moito avance non hai.

Vén hoxe aquí a pintar unha situación que pouco ten que ver cos problemas reais da sanidade de Galiza. Eu estábao escoitando a vostede e lembrábame do que fan os nenos pequenos, que se tapan cunha manta ou debaixo de algo e, como eles non ven, pensan que a realidade que está fóra deles non existe; ou as avestruces, que meten a cabeza debaixo da ala para facer o mesmo; entón, como eles non ven, pensan que xa non existe mundo fóra. E vostede hoxe fixo aquí algo moi parecido, transitou así por algunhas cuestións, fixo uns enunciados e no resto meteu a cabeza debaixo da ala e parece que os problemas xa deixaron de existir.

Porque resulta que os traballadores do Sergas —voulle facer unha pequena referencia ás cuestións que están nos medios de comunicación e que son as que realmente están preocupando aí fóra— protestan para reclamar da Xunta a recuperación dos seus salarios. É dicir, estamos diante de profesionais que están a reclamar que o pacto acadado en mesa sectorial no ano 2008 —os acordos de mesa sectorial teñen a cualificación de norma—, suspendido polo Goberno do Partido Popular —polo seu goberno, señor conselleiro—, en aras de que a crise non permitía levalos a cabo, que se ía recuperar en canto se puidera. Resulta que o suspenderon vostedes no ano 2009, e estamos no ano 2017 e resulta que os profesionais seguen sen que nin sequera vostede acepte sentarse en mesa sectorial a falar destas cuestións.

Encontrámonos con que o outro día, a semana pasada, na Comisión 5ª, a súa directora xeral de Recursos Humanos atreveuse a dicir que xa había cuestións en marcha e que os traballadores e traballadoras da sanidade ían traballar menos e cobrar máis. Atreveuse a dicir algo desta envergadura. Co cal, eu agradeceríalle que na súa seguinte intervención nos dixera cal é a razón de que nin sequera acepten sentarse en mesa sectorial a falar cos representantes dos traballadores e traballadoras deses acordos que deixaron en suspenso; e, dende logo, no BNG cremos que xa é hora de que se recuperen.

Vostede obviou falar de cuestións polas que as actuacións da súa consellería están sistematicamente nos xulgados. Investígase se houbo prevaricación nun concurso de ambulancias do 061, unha concesión por máis de 120 millóns de euros, señor Almuíña; unha concesión que o BNG denunciou e que trouxo a este Parlamento; denunciámos que esa concesión se estaba facendo nuns termos todos tendentes a beneficiar unha empresa, unha empresa que viña precedida de cantidade de escándalos e de mala actuación en Cataluña, en Cantabria, en Asturias, en Aragón...; que detrás desas concesións —unhas concesións á baixa— soamente había conflictividade laboral e mala asistencia, porque pretendía sacar beneficios a custa da calidade asistencial; que á fronte desa empresa estaba un membro do Partido Popular, unha persoa que era concelleiro en Valladolid, deputado provincial, e que non se podía adxudicar neses termos, que estaba acabando co empresariado galego. Como sempre, oídos xordos, miraron para outro lado, e agora —á parte do denunciado, que se está verificando que o denunciado polo BNG e pola CIG era así— resulta que hai unha investigación por presunta prevaricación para adxudicarlle ese concurso. Vostede diso non ten nada que dicir; é deses temas dos de debaixo da ala, dos que vostede tapa a cabeza e, entón, non existen. Pero si, si existen, señor conselleiro, existen eses problemas: descontrol no servizo de ambulancias, os traballadores e traballadoras das ambulancias denuncian toda unha serie de irregularidades, que, como non teño tempo, non vou desmenuzar, pero denuncian que as empresas campan ás súas anchas, que son elas as que deciden o que se fai, o que non se fai, como, canto, cantas ambulancias hai, o uso de ambulancias básicas para a atención de urxencias... Cuestións desas que vostede tam pouco...; son dos temas de debaixo da ala, de taparnos coa mantita para non ver o que pasa.

E podemos seguir con que a xustiza investiga por homicidio a dous altos cargos polo tema da hepatite C, señor Almuíña... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, pero é que segue aí. A actuación feita na súa consellería... Señor Almuíña, aínda que non lle guste, é que está aí, está nos xulgados. Vostedes fan oídos xordos, miran para outro lado, veñen aquí pintarnos un mundo irreal e veñen aquí pintarnos o país de «Galicia no país das marabillas». E na sanidade iso non é así; é dicir, un caso, no xulgado; outro caso, a hepatite C, no xulgado...

E podemos seguir, señor Almuíña, os médicos do Servizo de Urxencias do Álvaro Cunqueiro acaban de facer pública unha carta onde din que non aguantan máis, que a situación do Servizo de Urxencias do Álvaro Cunqueiro é insostible, que son insostibles as ratios de persoal, que é insostible a mala organización dos espazos..., bueno, todas as cuestións que levamos denunciado por activa e por pasiva e nas que vostede mira para outro lado: listas de espera... Bueno, toda unha serie de cuestións ás que logo na réplica, se teño tempo, farei referencia —e agardo que vostede fale dalgunha delas—. E digo logo na réplica porque agora eu quería referirme á situación, aos acontecementos, efectivamente, que sucederon no Hospital de Conxo.

O BNG, xunto coas outras organizacións da oposición, pedimos a súa comparecencia para falar deste tema con tranquilidade, exclusivamente. Vostedes non aceptaron. Veu aquí e dedicoulle escasos vinte segundos ao tema, o cal é, en si mesmo, como unha burla, porque era unha comparecencia acumulada e suponse que iamos abordalo con certa seriedade. Pero vostede le vinte segunditos, de corrido, e parece que non ten ningunha intención de abordar este tema. E no BNG si queremos facelo, porque denunciámos xa en moitas ocasións que tiñan totalmente abandonado o tema da saúde mental en Galiza, que en saúde mental Galiza estaba sen planificación, que o Partido Popular na Xunta de Galiza deixou colgada a saúde mental. E estes gravísimos acontecementos ocorridos na unidade de saúde mental do Hospital de Conxo non os pode saldar vostede con vinte segundiños, señor conselleiro; non pode facelo así, con vinte segundos, dicindo que o tema está nos xulgados e que os recursos son os acaídos, porque a situación non está ben e non se salda con eses vinte segundos.

O tema é que o acontecido en Conxo pon o Partido Popular, o Goberno do Partido Popular e a vostede, señor conselleiro, contra o espello no que se reflicten realmente as consecuencias das políticas sanitarias en xeral, e no caso da saúde mental en particular. Levamos anos denunciando a deterioración da saúde mental, que o orzamento era máis que deficiente, a falta de planificación, a nefasta xestión. Denunciámos que esa actuación comprometía a saúde e a vida dos doentes, e as condicións laborais dos profesionais. Tivemos que atoparnos estes días de atrás con que o Movemento Galego de Saúde Mental tivera que denunciar o falecemento dunha doente por suicidio e a denuncia uns días antes dunha agresión sexual por parte doutra doente. Son cuestións de indubidable gravidade para que —insisto— vostede lles dedicara un pouco máis de tempo. E simplemente son o reflexo das políticas sanitarias, porque denuncia o Movemento Galego de Saúde Mental que esta unidade ten unha escasa dotación, que frecuente e reiteradamente se quita persoal desta unidade para que atenda outras unidades do hospital, que hai unha escasa actividade cos pacientes ingresados, que hai unha carencia de terapeuta ocupacional no equipo, que hai unha falta de medios para a coordinación e a elaboración de plans terapéuticos nos que participen os profesionais e se coordinen entre eles, que a repetición de agresións ao persoal é sistemática e que, diante de que isto non é a primeira vez que pasa —no 2014 denunciáronse xa outros suicidios e outras cuestións que estaban a pasar e pediuse que se tomaran medidas—, diante desa situación, vostedes non tomaron medidas.

Agora vostede dixo aquí que existían as ratios precisas, os protocolos precisos e que as actuacións eran correctas, e eu vou desmentirlle cada unha desas cousas, señor Almuíña. Primeiro, con protocolos, ¿a que se refire?, ¿a este papel sen asinar por ninguén aparecido neste taboleiro de anuncios despois de que aconteceran os feitos? ¿Ese é un protocolo acaído ao que vostede se refire? Este protocolo —por certo, en castelán— sen asinar por ninguén, colgado nun taboleiro de anuncios, onde pasa calquera —puido poñelo calquera, pode quitalo calquera—, ¿considera vostede que é un protocolo axeitado? Eu, dende logo, non me atrevería a dicir tal cousa.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: E, mire, en canto ás ratios —logo continuamos—, seguindo as previsións —dío o Movemento Galego de Saúde Mental—, sacando as ratios que establecen os

documentos que están elaborados desde a Consellería, tería que haber na unidade: 1 psiquiatra por cada 7 camas; 1 psicólogo clínico por cada 15; 1 membro de persoal de enfermería por cada cama; 1 terapeuta ocupacional; 1 traballador social; e 6 celadores por cama. E resulta que en Conxo hai: 4 psiquiatras; 1 psicólogo clínico; 7 diplomados en Enfermería; 6 TCAE; e 6 celadores. É dicir, que, como mínimo —segundo os seus propios datos—, faltaría 1 psicólogo clínico, 6 persoas de enfermería, 1 terapeuta ocupacional e 1 traballador social; como mínimo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: Co cal, protocolos non, ratios de persoal non e, dende logo, actuación cun mínimo de satisfacción por parte da Consellería dende logo que non, porque nin se reuniron cos profesionais, nin activaron ningún protocolo...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...nin abriron ningunha investigación para saber realmente o que pasou...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...e se se pode prever...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...—remato xa, señor presidente—, que é o máis importante de cara ao futuro, señor conselleiro.

Co cal, eu agardo que na súa segunda intervención teña algo máis que vinte segundos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...e nos diga que medidas se puxeron en marcha para que se puidera evitar o que pasou en Conxo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado. Terminou o seu tempo.

Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: ...e cales se van poñer en marcha para que isto non siga a pasar no futuro. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado. Xa terminou o seu tempo, señora Prado. Grazas.

Dous minutos, para despois compensar. Dous minutos.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Bo día.

Grazas, presidente.

A verdade é que quedo lixeiramente sorprendido pola capacidade do señor conselleiro de celebrar que está todo fantasticamente, marabillosamente. Debe de ir ben a sanidade —e por aí está o xerente do Sergas para felicitalo— porque ao xerente do Sergas o nomearon membro dun consello de administración dun porto. ¡O xerente do Sergas nun porto, o porto de Vilagarcía! Debe ser que non teñen nada que facer polas tardes. ¡Parabéns por iso! Lembre, cando chegue ao porto de Vilagarcía, que o mar é o que está á esquerda, lémbreo.

Pois xa que vai ben a sanidade e que ao xerente do Sergas o nomean conselleiro para un porto, unha falta de respecto é nomear o xerente do Sergas conselleiro dun porto en Galicia. Iso é unha falta de respecto, señor conselleiro. (*Aplausos.*) Iso é unha falta de respecto. (*Aplausos.*)

En todo caso, aproveitando a comparecencia, nós imos expoñerlle cales son as nosas ideas, falar dalgúns dos puntos que vostede tratou e dalgúns que non tratou, para intentar aportarlle cales son as nosas visións.

A primeira cuestión, sobre os catro puntos que vou tocar, é en temas de persoal. Na nosa valoración, a situación do persoal é dunha clara precariedade. Hai unha sentenza da Unión Europea —que vostede coñece— de setembro do ano pasado na que se advirte de que no sistema sanitario español —tamén o galego, a pesar de que algún membro do PP en comisión dixo que non lle afectaba a Galicia— se están contratando durante moito tempo persoas de maneira conxuntural cando están ocupando postos estruturais e, polo tanto, están sendo contratados en fraude. Hai casos galegos —é que hai xa xurisprudencia en Galicia, a pesar de que algún membro do Partido Popular dixera que non—, e iso produce un déficit asistencial, porque as persoas están sendo contratadas por días, por semanas, por horas..., cando, ademais, son postos estruturais, o que leva a que, cando chegan, teñen que adaptarse a un posto novo porque un día os contratan para un sitio e outro día para outro. E esa infra- calidade do sistema só se suple con sobre esforzos do persoal, que, como xa teño advertido —porque traslado o que me trasladan a min os profesionais—, provoca situacións de queime profesional e de risco profesional, porque teñen dúbidas sobre aquilo que teñen que facer e, polo tanto, tardan máis en facelo e fano con máis inseguridade.

Hai unha situación de precariedade —como xa se advertiu nestes días, o noso portavoz denunciouno onte—, unicamente menos do 20 % dos 1.000 que hai en Galicia se contrataron nos últimos anos, e aproximadamente uns poucos máis de 300 dos últimos 1.500. Polo tanto, o que nós pretendemos é denunciar que estamos formando grandes profesionais —porque hai moi boa formación sanitaria en Galicia— para que, despois de todo o investimento que facemos en formalos, se aproveiten fóra, no resto de España e en Europa. Estamos sendo o laboratorio formativo doutros lugares, e non os aproveitamos. Debe ser que aquí non hai pacientes ou, como pasa en verán, que a xente enferma menos e por iso se pechan camas.

A nosa proposta neste terreo é a de eliminar as taxas de reposición, das que xa presentamos unha iniciativa en Madrid —xa o temos anunciado aquí—, abrir mesas de negociación cos sindicatos —xa temos presentado a iniciativa— e facer plans de incorporación do persoal en termos específicos, tamén no ámbito de urxencias o rexeitaron e tamén no ámbito pediátrico o rexeitaron.

Infraestruturas. Falou vostede de centros de saúde, señor conselleiro, e citou Ares e Gondomar. Bueno, eu quero facer unicamente unha lembranza. Na posición sobre os orzamentos do 2016, feita en 2015, falou vostede da finalización dos centros de Gondomar e Ares. Na memoria dos orzamentos deste último ano xa se fala dos novos centros de saúde de Ares e Gondomar. Primeiro os ían finalizar e logo ían facelos novos. Debe ser que o que ían finalizar déronse conta de que non era un centro de saúde. Tamén anunciaban iniciar a construción do centro de Melide, Pereiro de Aguiar, Milladoiro, Narón e Salceda de Caselas, e ao ano seguinte anuncian novos centros en Narón, Milladoiro, Melide, Pereiro de Aguiar, Salceda de Caselas; e, ao ano seguinte, volverán anunciar o de Pereiro de Aguiar, o de Melide, o de Milladoiro, o de Narón e o de Salceda de Caselas.

Nos hospitais, nós xa temos anunciado claramente a nosa posición sobre o Hospital Álvaro Cunqueiro: que se reverta, pola súa titularidade pública. Estiveron en contra.

Agradecemos a vitoria social no caso da ampliación de Montecelo, que obrigou ao Partido Popular a dar a volta sobre a súa intención de facer o mesmo que en Vigo, pero neste caso confiamos en que se manteña a opinión de ampliar Montecelo e en que non se faga un hospital novo con titularidade privada.

E si, invitamos a superar o caos, como no Gil Casares, como no Chou, no que xa trouxemos algunha iniciativa que foi rexeitada, ou no Chuac, con iniciativas que trouxemos en todos os casos e que pretendemos expoñer ou ben no pleno ou ben na comisión, demandando claridade.

En calidade asistencial temos un bo nivel, un alto rendemento, diríamos. Si se citou moito a investigación, aínda que non houbo aumento orzamentario, e todos os investigadores sanitarios demandan constantemente un maior aumento e unha mellora das súas condicións. É difícil apostar máis pola investigación sen facer máis investimento.

A realidade da situación asistencial é de saturación. Eu xa sei que se presume moito das listas de espera e que hai listas de espera non estruturais porque hai un servizo externalizado que decide quen pasa á lista de espera e quen non, porque ás veces as axendas están cerradas. Non sei por que é tan fácil pechar unha axenda e non é tan fácil abri-la. Se é un libro, ábrese, e, se é un programa de aplicación informática, ten extensión longa suficiente para abri-se. Pero cando están pechadas non contan, que é moi importante ser conscientes de que non conta moita xente nas estatísticas e de que si que están esperando.

Pero incluso nas listas oficiais, na Coruña: 53 días de media de espera, pero 103 en neurocirurxía, 100 en anestesia; en Ferrol: 65 días de espera, 100 en oftalmoloxía, 85 en xinecoloxía;

en Vigo: 60 días, 123 en cirurxía vascular, xeriatria, 120. Todo isto só para esperar para a primeira consulta. Todos eles rompen o criterio que o propio Sergas se quixo impoñer a si mesmo. Aínda que con este criterio así, pódense derivar á privada, que, se cadra, era unha boa intención.

A saturación das urxencias. Xa trouxemos unha iniciativa aquí sobre este tema que foi rexeitada. No barómetro sanitario, que vostede tamén menciona para dicir que o servizo sanitario é o máis valorado polos cidadáns —que o é, evidentemente—, tamén din que tres de cada catro persoas valoran que a atención especializada é igual ou peor que hai cinco anos. Tres de catro persoas din que os servizos de urxencia seguen igual ou peor que hai cinco anos. Iso tamén o di o último barómetro sanitario. Non o dicimos nós, son do Ministerio, non os fai ningún movemento anarquista. É o propio Ministerio quen fai ese baremo.

Nós temos un obxectivo no plano sanitario, no plano asistencial, que é fuxir desa saturación, a de espera, e facer unha sanidade eficiente, realmente eficiente, para evitar esas esperas, e non caer no hospitalcentrismo. Pero para iso, ¿que é necesario? É necesario reforzar a nosa atención primaria. Lémbrolles que había un grandísimo plan de mellora á atención primaria daquel mal goberno do que eu si me sinto moi orgulloso —do Goberno bipartito que lle chaman, do Goberno que presidía Emilio Pérez Touriño—, o Plan de mellora da atención primaria, porque, fortalecendo a atención primaria, evitamos que moita xente derive á atención especializada. Pero, claro, nós trouxemos aquí propostas para aumentar número de pediatras, que hai un déficit... Por certo, no barrio con máis escolares de Galicia, que é Novo Mesoiro, teñen problemas para substituír un pediatra, e a provincia máis envellecida de España, que é Ourense, non ten servizo de xeriatria. Co cal, dígame vostede se iso é boa planificación.

Nós defendíamos un reforzo da atención primaria, e defendíámola coa incorporación de pediatras, coa incorporación de máis persoal, coa maior construción de centros de saúde, con aquel plan de mellora, que os tiña, e non prometendo todos os anos o mesmo centro de saúde. Ou, como nos orzamentos deste ano, incluír 2 millóns de euros e prometer eses 2 millóns de euros en todas as poboacións, para as que non chegan nin dous nin vinte para todo o que prometeron, e hai noticias para demostralo.

Nós o que si defendemos é que exista unha planificación de centros de saúde, abaratando, por exemplo, o custo do Álvaro Cunqueiro, se fora de titularidade pública. E propoñemos aumentar a capacidade profesional dos profesionais sanitarios, por exemplo, retirando ou solapando as consecuencias do decreto que prohíbe prescribir ou indicar algúns medicamentos ás enfermeiras, como, por exemplo, que non poidan determinar un óvulo para unha candidiase, que é algo que non é entendible, porque están perfectamente capacitadas. Temos —recordo que o dixen— un dos mellores niveis formativos e creo que iso o compartimos, señor conselleiro. Pero vostedes rexeitaron iso, a pesar de que percibo que puido haber algunha posición máis próxima á que nós defendemos nese caso.

En todo caso, tamén temos unha iniciativa para aumentar o catálogo de probas diagnósticas dos médicos de primaria, porque permitiría superar o déficit que temos na petición da primeira consulta, incluso na petición de primeira proba diagnóstica, porque superaríamos

unha das barreiras das listas de espera. Cremos que é posible facelo dende atención primaria, controlando e regulando, que é posible saltarse ese espazo e, polo tanto, axilizar o sistema.

Falou vostede de vacinas. Eu pódolle ensinar unha carta que di —e que a firman vostedes, evidentemente— : «Por orde da Consellería de Sanidade de momento a vacina que corresponde aos pacientes con 6 anos está suspendida ata nova orde». A nai deste rapaz está nesta Cámara; quero dicir que non hai problema, non é unha cousa inventada. Pero é que o outro día vostedes anunciaron que a vacina do tétanos e da difteria, como a farmacéutica di que de repente se debeu enterar de que non tiña para todos, se suspendía. É difícil que vostede presuma de vacinas.

En definitiva, nós o que pretendemos é denunciar que a realidade non é tan así, e todo embadurnado dunha certa actitude que nós cremos certamente escurantista.

Mañá declaran no xulgado os investigados pola hepatitis C. Vostede dixo —cito literalmente—: «Magnífico traballo dos profesionais do sistema». Bueno, non de todos; polo menos deses dous non.

Nós plantexámoslle xa neste pleno que cremos que non é de recibo que sigan recibindo aos familiares dos pacientes as persoas que están sendo investigadas, e solicitámoslle que os aparte desas funcións. Nós teríámolo feito desde o primeiro momento sen que ninguén nolo pedise. Pero pedímoslle que os afaste. É unha necesidade moral para as familias que se ven diante de persoas que están sendo investigadas por falecemento dos seus propios familiares.

Vostede dixo que no de Conxo vai todo ben e non pasa nada. Pois, non pasa nada, pero pódemoslle explicar ás familias das vítimas, da persoa que se suicidou, da persoa que foi violada, que son situacións que eu creo que merecen unha análise moitísimo máis fría, moitísimo máis necesaria...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...de facer —vou acabando, presidente— con calma, si, e non mezclando unha comparecencia, como cando o Miño pasa por Ourense. Quero dicir que mezclar todo nunha comparecencia aquí non parece de recibo. É moi importante o contexto no que se trata a saúde mental, e o contexto é moi duro para os profesionais.

E, ademais, falou do 061 e olvidouse de que teñen un contrato de 121 millóns de euros que lle concederon a unha empresa que, antes de que se publicara o prego de condicións, xa tiña as ambulancias totalmente formadas, rotuladas e dispostas. Eu non sei o que dirá o xulgado, pero a min paréceme un cante enorme.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: Polo tanto, señor conselleiro, creo que é máis importante ir á realidade e deixarse, polo menos un pouco, de propaganda.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día, señor Almuíña.

Señores deputados e deputadas, os recortes matan, non proporcionar a tempo os tratamentos por asuntos económicos necesarios mata ou, polo menos, empeora a saúde. Mata recortar o persoal das urxencias, mermar a capacidade resolutiva dos centros; mata suprimir servizos de saúde mental, diminuír os efectivos, mirar cara a outro lado ante as denuncias das e dos profesionais; mata a usura, a visión economicista; mata a incompetencia, a mala xestión; matan os recortes e morre de abandono a sanidade pública, mentres vostedes incrementan o orzamento para a privada e mentres trasladan a totalidade da intelixencia, da innovación e da investigación a mans privadas, facendo que dependamos do investimento privado para poder sacar adiante o traballo das nosas e dos nosos investigadores; mentres permiten un indecente incumprimento da Lei de incompatibilidades, deixando que algúns traballen na pública e na privada á vez, lucrándose así do que é de todas; mentres trasladan toda a información ás grandes empresas privadas e mentres a xente esmorece agardando nas longas listas de espera non estruturais, un ano, dous anos, tres; mentres vostedes designan altos cargos a dedo e mentres as persoas morren nos servizos nos que entraron para curar; mentres as profesionais esmorecen tamén esgotadas e esgotados por dar todo de si e non chegar a tanto incremento de carga de traballo; e, mentres vostedes seguen apoiando as privatizacións. A materia non se destrúe, igual que os cartos, que non desaparecen, simplemente pasan das mans públicas ás privadas, do que é de todos e de todas ao enriquecemento duns poucos.

E mentres isto acontece, profesionais sanitarios e sanitarias bérranlles que xa non poden máis, bérranlles porque en marzo van vostedes ter unha folga de anestesistas no Chuac precisamente por mor da precarización polas contratacións temporais e polas condicións ás que someten a eses profesionais dos que presumen tanto. Bérranlles os das urxencias de Vigo, ante unha situación límite no Cunqueiro, nese hospital estafa; bérranlles que non poden seguir así pola ausencia suficiente de persoal e pola ausencia de espazo, ¡de espazo!, nun hospital que ten menos de dous anos, señor conselleiro. ¿Quen recepcionou esa obra? ¿Quen se fai agora cargo desas circunstancias? Meses de colapso. Ao parecer, din agora que se van sentar con eles, porque son, seguramente, profesionais médicas e médicos. E eu pregúntome cal é o interlocutor que van vostedes enviar a negociar, se é o xerente imputado por presunto homicidio imprudente.

E mentres iso acontece, os traballadores e traballadoras de Ourense seguen tamén denunciando a situación de colapsos nas urxencias e entregando centos de sinaturas, e vostedes fan caso omiso, aínda que a propia Fiscalía dixo que a responsabilidade de xestión era única da Consellería de Sanidade; e mentres tamén os profesionais de saúde mental acumulan

anos de denuncias dos recortes e diminución de servizos —si, recortes e diminucións de servizos—. Seguen vostedes facendo oídos xordos, e hoxe parece que nos anuncia un plan de saúde mental de costas a eses mesmos profesionais, mentres os eventuais e as eventuais teñen que facer continuamente protestas polas súas precarias condicións de traballo —tratarémolo mañá tamén neste pleno— e mentres vostedes fan ouvidos xordos.

¿Cre vostede que fai ben o seu traballo? ¿Cre que o fai ben e que merece o salario que cobra como conselleiro? ¿Pensa vostede, ademais, que está ben, cando o Consello de Contas volta a advertir que son ineficaces na contratación, que non existe unha xestión verdadeiramente centralizada dos contratos e que non hai unha planificación estratéxica de adquisición de bens e servizos? Di o Consello de Contas que están empregando criterios subxectivos para conceder contratos na Consellería de Sanidade. Di o Consello de Contas que hai deficiencias importantes nos servizos técnicos de mantemento, eses que vostedes privatizan e despois non controlan. E xa lle dixo no verán o Consello de Contas que vostedes desprazaran gasto, que as contas non cadraban cos orzamentos e que seguen incrementando os investimentos na sanidade privada. Esa xestión, esa mala xestión, repercute cando non hai persoal suficiente, cando o persoal é precario, cando hai colapsos, cando hai listas de espera. E, mentres, mentres tanto, imputadas, imputados, con contas que non cadran, e mentres vostedes colocan ese xerente do Servizo Galego de Saúde, o señor Campa, nun consello do Porto de Vilagarcía. ¿En serio nos falan de renovación, de transparencia, de democracia?, ¿en serio?, ¿de verdade? Mentres a sanidade pública esmorece, vostedes repártense os consellos de administración.

Señor conselleiro, veñen de aprobar, precisamente, uns orzamentos nos que non se disipa a dúbida da privatización. Díganos que van facer con esas unidades de xestión clínica que seguen aparecendo na Lei de orzamentos. Díganos por que manteñen un recortes do 21 % sobre o orzamento de cando vostedes chegaron; uns orzamentos que non teñen nin un recurso para ese plan de saúde mental que vostedes din que van facer, para ese plan de saúde da muller, para a implantación desas especialidades de enfermería das que vostede di que se van facer e non hai nin un só céntimo, para aplicar unha lei de coidados paliativos que hoxe tamén a nomeou e que leva dous anos vixente; uns orzamentos nos que vostede falou tamén, na comparecencia, na comisión, dese control de auga e de pole, e eu preguntolle —non nos esquecemos, o ano pasado houbo unha folga dos farmacéuticos e das farmacéuticas da sanidade pública—: ¿van privatizar vostedes a recollida de mostras para a análise de augas e das praias e retirarlles os empregos, ese emprego, esa tarefa, aos farmacéuticos e ás farmacéuticas públicas?

Trouxeron unhas contas nas que confirman oito anos de incapacidade para facer un hospital público en Pontevedra, oito anos de incapacidade para ampliar o hospital de Ferrol —1,9 millóns de euros non chegan para ampliar o hospital—. Unhas contas nas que seguen condenando a atención primaria. Hoxe vén presumir vostede aquí de non sei que plan de atención primaria. Desoem vostedes cando todos reclaman, cando reclaman os profesionais do 061, eses que advirten que cada día hai demoras e esperas na atención das emerxencias, que superan as chamadas os 10 minutos, os 12 minutos, por falta de persoal; que están denunciando que se tarda ata 50 minutos dende a chamada á asistencia por falta de efectivos. Iso é gravísimo. Estanse empregando ambulancias —que debería ser para casos excepcionais— cun só

técnico sanitario, un só técnico sanitario que ou vai conducindo ou vai atendendo a persoa que vai detrás. Ténsenos trasladado que se ten producido algunha morte. Dixémolo na Comisión de Sanidade, e o Partido Popular votou en contra, unha vez máis, de retirar ese servizo para as atencións urxentes. Os recortes matan. *(Aplausos.)*

E vostedes non están nada preocupados pola situación da saúde mental. Tardou, como xa se dixo aquí, uns segundos en despachar un tema que se acumulaba nesta comparecencia. Nós non queremos facer demagogia con este tema. Se o traemos e pedimos a súa comparecencia é porque é gravísimo. Porque, se existen denuncias pola diminución de servizos, non é verdade o que vostede trasladou aquí. Sabe vostede que se pecharon tres unidades residenciais no hospital de Conxo, sabe vostede que se amortizaron prazas, sabe ademais vostede, como se dixo aquí xa, que esas enfermeiras, eses enfermeiros, esas auxiliares, eses profesionais dese servizo, se trasladan cando hai colapsos noutros servizos a cubrir outras atencións que non son a psiquiátrica. Sabe vostede que non se están a cubrir con especialistas de enfermería psiquiátrica as prazas de enfermería. Sabe vostede que abriron a unidade de hospitalización psiquiátrica de infancia sen dotala de psicólogo clínico. Levan cinco anos agardando. Non sei de que presume. E gustaríame, por favor, que nos explicase na seguinte quenda se de verdade van facer algún tipo de investigación do que está a acontecer. Non queremos demagogia, queremos investigación real, porque esas persoas que morren por culpa dos recortes, esas persoas ás que lles empeora a súa situación de saúde por culpa dos recortes, teñen nome, teñen apelidos e teñen familias, igual que as que estaban esta mañá aquí agardando que se votase por unha comisión de investigación.

Máis nada, por agora, e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

O primeiro que quería facer ver, despois da comparecencia dos voceiros da oposición, é a facilidade que teñen algúns para xulgar e condenar persoas, persoas que están en investigación e que se dan directamente por condenadas. Eu espero as reaccións cando estas investigacións rematen.

E permítame, señor presidente, que empece polo tema dos sucesos de Conxo, por se non me chegara o tempo. Eu, con respecto —é unha opinión persoal— ao tema dos tristes sucesos ocorridos no hospital de Conxo, na unidade de saúde mental, non podo dicir máis que o caso está en investigación polas autoridades e que temos que respectar o segredo profesional, o que dificulta moito para os directivos sanitarios as explicacións sobre o asunto e o que impide que este voceiro teña ningunha información que poida transmitir a este Pleno. Polo demais, parece que algunhas persoas non respectaron a intimidade dunha paciente facilitando aos medios de comunicación datos que a farían claramente identificable. Nunca verán vostedes

a este voceiro utilizar estas desgraciadas situacións, que, de calquera xeito, poderían ocorrer en calquera servizo sanitario, para o debate político. Tamén dubido de que os profesionais do servizo estean moi contentos coa súa actitude.

E paso entón, señor conselleiro, a falar da súa comparecencia.

Querémoslle agradecer desde o Grupo Popular a súa comparecencia para explicar as liñas xerais de actuación da Consellería de Sanidade no futuro próximo. E diante de afirmacións xenéricas e repetitivas da oposición sen ningún dato, sen ningunha cifra, sobre a desfeita e as maldades da sanidade pública galega, vostede procede a relatar proxectos cara ao esperanzador camiño que ten a nosa sanidade pública; unha sanidade que ten eivas, como non podía ser doutro xeito, e na que hai que avanzar nas melloras que conduzan á súa resolución, e que ten atrancos puntuais, como nestas datas coas saturacións de urxencias polos picos gripais, pero que non ten nada que ver coa situación terceiromundista e catastrófica que nos queren facer ver desde os grupos da oposición. Que hai saturacións en urxencias é unha realidade. Hainas en Galicia, hainas noutras comunidades autónomas, hainas noutros países. Recentemente comentaba un xefe de servizo da Coruña, que fixo a especialidade nos Estados Unidos, que nos hospitais privados americanos nas épocas de gripe tamén había camas nos pasillos.

Pretender afirmar que Galicia está á cola da asistencia sanitaria en España é unha proba, sen dúbida, de descoñecemento da realidade. En Galicia, nestes tempos de crise, vostede, señor Vázquez Almuíña, e as persoas que o precederon na Consellería foron quen de manter a solvencia e aumentar a eficiencia do noso sistema sanitario; foron quen de construír un novo e gran hospital, o hospital público Álvaro Cunqueiro, de Vigo; foron quen de reformar toda outra serie de hospitais da rede pública galega; foron quen de construír un importante número de centros de saúde novos, de arranxar deficiencias doutros, de dotar de novo material a atención primaria e os PAC; foron quen de asumir centros de saúde xestionados polos concellos, aqueles que no pacto local ían estar todos asumidos no ano 2009 e non había nin o primeiro; foron quen de adquirir novas tecnoloxías en diagnóstico e tratamento, TAC, resonancias, mamógrafos, aceleradores...; foron quen de racionalizar a prescrición de medicamentos, de aprobar un catálogo que posteriormente foi adoptado polo propio Goberno central, de aumentar a prescrición de xenéricos e de conseguir un aforro económico que permite o financiamento de novas medicacións para loitar contra o cancro e outras enfermidades crónicas; foron quen de avanzar na utilización das novas tecnoloxías ao servizo dos cidadáns e dos profesionais. A extensión ao cen por cento da poboación da receita electrónica e da historia clínica foi pioneira. Eu pódolle dar fe, que estaba traballando na atención primaria. Temos un programa informático en Galicia, o IANUS, que é un referente a nivel nacional e que está en constante evolución, con novos aplicativos, semanalmente. E tamén hai novas tecnoloxías que permiten a telemedicina, facilitan a relación entre niveis asistenciais e evita en moitos casos desprazamentos e molestias para as persoas usuarias do sistema.

As innovacións derivadas dos proxectos Hospital 2050 e Innova Saúde son e serán no futuro próximo importantes ferramentas para mellorar a asistencia. Recentemente se introduciu no teléfono de familiares maiores meus a nova aplicación do Sergas, a de Urxencias 061. Vostede mete o nome e o número da TIS e automaticamente, desde un teléfono móbil, nun

marcador directo da aplicación márcase e o 061 ten os datos de filiación, ten os datos de historia clínica e ten os datos de xeolocalización da persoa que chama. Creo que é un avance importantísimo para o futuro.

Pode presentar vostede, señor conselleiro, as mellores cifras en actividade asistencial e en lista de espera dende que hai datos, as do pasado ano 2016, que xa contou aquí: demora media cirúrxica global inferior en dez días e medio á do ano anterior, unha agarda de pouco máis de dezaseis días nos pacientes de prioridade 1, unha espera para a primeira consulta de enfermidade no hospital de 47,3 días, a mellor cifra da década, e unha demora para probas diagnósticas de 58 días. Se vai vostede ás páxinas web doutras comunidades autónomas, pode comparar. Verán vostedes que as cifras de Galicia, que son as que están remarcadas aí en azul —non é moi grande o gráfico—, son das mellores de España, realmente similares ás de comunidades uniprovinciais, e coa excepción do País Vasco, como poden ser Madrid, A Rioxa e Asturias. Soamente esas catro comunidades e Galicia teñen todos os procesos cunha media por debaixo dos tres meses na intervención. Do resto xa non falamos.

Nas cifras de asistencia, aumentaron as cirurxías, aumentou a cirurxía ambulatoria, aumentaron as consultas hospitalarias, aumentaron as probas diagnósticas, aumentou o número de persoas atendidas en vías rápidas, aumentaron as consultas de primaria, as consultas telefónicas, o Conecta 72 e as urxencias. En resumo, señor conselleiro, as cifras de atención sanitaria cadran pouco co panorama da sanidade pública galega descrito polos deputados e deputadas dos grupos da oposición.

As distintas enquisas de satisfacción e o barómetro sanitario amosan unha opinión dos galegos e galegas que dista moito da que queren transmitir desde algunhas asociacións, plataformas e grupos políticos sobre a realidade da nosa sanidade pública.

Está claro —e así o fixen ver no debate dos orzamentos— que todo pode e debe ser mello-rable, pero sabemos dende o Grupo Popular, o maioritario desta Cámara grazas aos votos da cidadanía galega, que se está a traballar desde o seu departamento para mellorar día a día a saúde da nosa poboación. E desde o noso grupo instámolo a continuar nesa senda de mellora diaria para acadar obxectivos cada día máis ambiciosos.

Falou vostede, e todo o programa que presenta ou as estratexias que presenta están en relación coa Estratexia Sergas 2020, que fala de pacientes, de profesionais, de sostibilidade e de infraestruturas e equipamentos.

Os orzamentos deste ano 2017 do Sergas teñen un investimento de 3.614 millóns de euros, 101 e 204 máis que os anos 2016 e 2015 respectivamente. Ese montante económico representa un 41,9 % do total do orzamento e unha responsabilidade de xestión por parte de todo o equipo directivo da Consellería, pero tamén por parte de todos os traballadores e traballadoras da sanidade pública galega, para que esta poida continuar na senda da eficiencia e sostibilidade que non foi mantida nalgunhas comunidades autónomas e países do noso contorno.

Ata agora falamos do feito, e vostede veu aquí falar de futuro. Falou do problema do consumo de alcohol en menores, importante problema en menores, problema co botellón, e problema

nos adultos. Pero evitar o consumo en menores evitará o problema do abuso en adultos. Falou dos calendarios vacinais, do infantil —nacional— e do de adultos. Falou da extensión do cribado do cancro de colon no ano 2017 a toda a comunidade autónoma, tamén doutros programas de cribado e da implantación dalgún cribado máis de cancro e incluso do cribado en enfermidades neonatais.

Falou —e pareceume importante— do Programa galego de prevención e control da tuberculose, unha enfermidade infecciosa que está desaparecida detrás das máis novas, detrás do VIH ou detrás da hepatite C, e que foi e é un importante problema de saúde que ten, ademais, facilidade de contaxio.

Falou vostede da Rede de Atención ao Ictus e do programa Acude e Axuda —que é a atención precoz da parada cardiorrespiratoria—. Controlar e mellorar a atención ao ictus e á parada cardiorrespiratoria vains dar importante melloría na supervivencia e na evitación de complicacións nestes enfermos.

E, efectivamente, a atención primaria ten que readaptarse. Estábase readaptando pero ten que facelo xa. Hai que adaptar todas as estruturas e persoal sanitario á nova situación de cronicidade e do envellecemento da poboación, avanzar na utilización da telemedicina e da teleasistencia, abrir a atención primaria á sociedade e aos novos tempos que se avexían, aumentar aínda máis a capacidade resolutiva da mesma, axeitando a capacidade de diagnose, de tratamento e a incorporación de novas tecnoloxías á atención primaria. É importante reforzar as unidades para a atención domiciliaria, protocolizar programas de alta hospitalaria precoz —precoz, non prematura, que se dixo nalgunhas ocasións neste hemisiciclo citando ou culpando os profesionais ou acusando os profesionais de cousas que non facemos— para control con soporte domiciliario axeitado coa colaboración dos profesionais da atención primaria.

Por suposto, hai que potenciar os coidados paliativos, hai que colaborar na prevención e na loita contra a violencia contra as mulleres —hoxe novamente e tristemente de actualidade na nosa comunidade—. E no tema da saúde mental parécenos importante o anuncio da aprobación do Plan de prevención do suicidio e da próxima elaboración do Plan estratéxico galego de saúde mental.

Tamén nos parece que hai que destacar o esforzo que exige a extensión da visita única, que unha persoa vaia ao médico e que nunha soa xornada se lle fagan todas as probas, se lle dea o diagnóstico e incluso a cita para cirurxía directamente.

Falou de melloras de cara aos profesionais, do compromiso coa estabilidade e da petición da eliminación da taxa de reposición para poder converter en fixos a máis persoal interino. A integración progresiva tamén é importante na próxima OPE do ano 2017 dos enfermeiros especialistas, sempre respectando os dereitos adquiridos polos profesionais actuais. Ten que ser progresiva pero non debe parar, hai que empezar e hai que facela xa. Hai que fomentar a mobilidade voluntaria con concursos abertos e permanentes, reorganizar categorías profesionais e conciliar a vida familiar e laboral na sanidade, que é tremendamente difícil pola necesidade de atender as 24 horas de todos os días.

Referiu vostede centros de saúde que se construírán ou reformarán en próximas datas. Tamén falou de equipamentos en atención primaria...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor NÚÑEZ CENTENO: ...de reformas e ampliacións na rede de hospitais públicos de Galicia. Citou equipamentos tecnolóxicos que está previsto incorporar ao sistema neste ano 2017. Vanse incorporar TAC, vanse incorporar PET, resonancias magnéticas, plataformas de imaxe, aceleradores... En resumo, unha completa descrición do futuro da sanidade pública de Galicia que apoiamos sen ningunha dúbida desde este grupo parlamentario.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Réplica do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, presidente.

Señorías, desgraciadamente, cada vez que vimos a unha comparecencia sabemos que non imos encontrar moitas iniciativas que nos poida aportar a oposición, e creo que, fundamentalmente, porque non teñen interese ningún, non teñen ningún interese en facelo. Entón, veñen aquí, len a Rosalía —que me parece moi ben—, traen recortes de prensa e quérennos convencer de que están preocupados pola sanidade galega. Eu creo que non están preocupados pola sanidade galega, para nada, ¡para nada! De feito, dos problemas importantes que demos aquí na primeira parte da comparecencia, pois iniciativas, cousas que se queren facer, non se fala para nada. De obesidade infantil, de alcoholismo en menores, do que entendemos e tratamos que todo o mundo poida colaborar, non se di nada.

Os problemas reais, dicía a señora Prado que agocho a cabeza, que non vexo os problemas, e tal. O feito de facer un orzamento, unha planificación, indica que queremos mellorar. A sanidade nunca, nunca, vai estar ben, sempre é mellorable, sempre. Pero por iso daba os datos ao principio, antes de empezar co que quería desenvolver no ano 2017; é dicir, de onde vimos, onde estamos e onde queremos ir. Iso está claro, e Galicia creo que o fixo ben, non o digo eu, creo que hai un histórico claro marcado por ese paso, esa transferencia do servizo sanitario á comunidade galega, que se deu.

E compárase co País Vasco, unha comunidade autónoma cunha importante dotación económica, que partía dunha situación moito mellor que a galega hai trinta e seis anos, e en todo este tempo necesitou facer un só hospital, e é un comarcal, que, como dixen, non está funcionando, e Galicia, sen embargo, tivo que facer todos os hospitais que tivo que facer, os centros de saúde, e co financiamento que neste momento —como ben saben tamén— está en discusión. E, loxicamente, en discusión porque creo que debemos melloralo.

E a partir de aí o que quere a Consellería de Sanidade, dentro do obxectivo da Xunta, é mellorar os servizos, e para iso, loxicamente, analizamos cada situación e procuramos priorizar,

porque moitos de vostedes falan como a pólvora do rei, como non é noso, aquí hai que tirar, tirar e tirar.

Mire, a sanidade é o que é, e os servizos públicos son o que son porque os cidadáns españois pagan impostos, e por eles temos que facer unha xestión adecuada e priorizar aquilo que consideramos que é o esencial. Non podemos dicir como nos din, que, ao longo deste tempo, nos din que hai camas pechadas e que a consellería non fai nada. ¡Ah!, pero cando as abrimos, cando hai necesidade, cando se necesitan, tamén nos critican, porque estaban pechadas e agora están abertas. Pois están porque as necesidades as marca a situación, as marcan os profesionais, e, loxicamente, os xestores sanitarios temos que adaptar a situación e priorizar en cada momento.

A señora Prado dicía que nin me sentei cos sindicatos, seguramente porque non dou moitas roldas de prensa nese sentido; claro que me sentei cos sindicatos, e explicamos a situación. Di a señora Prado, aínda, coa cabeza que non. Pois si me sentei cos sindicatos, e estivemos falando de que se pode ou non se pode facer. E teño que dicir —que tampouco o dixo ela— que o ano pasado o crecemento ao capítulo I da Consellería de Sanidade —no 2016— creceu un 5,8 % e este ano un 1 %. Polo tanto, estamos subindo e adaptándoos.

Que pasa, ¿por que non podemos dicir que imos recuperar o que foi suspendido nun momento de crise económica? Porque o que temos é que analizar a situación como vai ao longo de todo o ano e poder tomar esas decisións. Precisamente, este ano hai recuperación de partidas que se perderan porque a Xunta fixo o que tivo que facer, que é cumprir o déficit e ter unha partida para dedicar nel o presuposto deste ano, precisamente para incrementar e facer o que ten que facer.

E se a situación económica segue mellorando, loxicamente por unha boa xestión a nivel nacional e tamén a nivel autonómico, poderemos falar doutras cousas para o 2018. Pero nós non facemos como facía o Bipartito, que o famoso Plan mellora a min xa me sae por todos lados, porque se falou do Plan mellora, pero era todo papel, non había nada detrás, e nós non somos así, nós falaremos de algo, non de ilusións, cando haxa algo sólido no que basealo. Esa é diferenza que temos nós, que teñen vostedes.

E, desgraciadamente, segue ocorrendo. Falamos de que estamos querendo potenciar a atención primaria e séguesenos dicindo que non, que nós non queremos, que queremos privatizar todo, acabar coa atención primaria, acabar con todo. Pois imos vendo os modelos e temos cousas concretas onde imos pilotar este tipo de cambio, ese tipo de cambio da atención primaria, que é unha atención primaria proactiva. Temos moita xente maior no rural que está con problemas, incluso, de saír da súa casa, illados, e temos que estar con eles, non podemos esperar a que cheguen ao sistema sanitario, ao centro de saúde ou ao hospital, temos que estar en contacto, ben potenciando —como dicíamos— a asistencia a domicilio —é un recurso que existe, pero que queremos potenciar—, pero tamén coas novas tecnoloxías.

As novas tecnoloxías vannos axudar e téñennos que axudar, e, ademais, temos financiamento europeo, precisamente porque Europa quere saber como se pode facer a atención a este tipo de poboación, porque está chegando a toda Europa. Nós posiblemente sexamos da

parte de Europa, con outras autonomías de España, que temos ese problema, adiantándonos ao que van ter eles dentro de pouco, e loxicamente están moi interesados.

E imos tratar de levalo a diferentes centros de saúde xa establecidos pola EOXI —van ser dous por EOXI—, onde imos establecer ese reforzamento do que é a atención a domicilio, pero tamén o contacto a través —como digo— das novas tecnoloxías e poder facelo e adiantarnos ao que nos está chegando.

Miren, o papel chega aquí e da unha serie de datos, de que todo é deficiente, todo é un desastre, e dicía a señora Prado, incluso, cales eran os protocolos, cales eran as necesidades de cada... Chegou a dicir —por iso digo que o papel e o Parlamento aguantan todo— que facían falta, segundo isto, seis celadores por cama. Entendo que se trabucou, pero igual que dixo iso podía dicir o contrario, exactamente igual, porque non se basea absolutamente en nada, e chegar aquí e sacar unha foto dun taboeiro e dicir que iso é onde están os protocolos, pois é unha cousa fácil para unha foto, pero nada máis.

Realmente, non queremos arreglar absolutamente nada.

Miren, o tema de Conxo, evidentemente, é un tema triste, un tema co que non estamos loxicamente contentos, que estamos actuando —como digo— con todo o que temos que actuar, pero, como dicía o portavoz do Partido Popular, temos datos. Nós temos que respectar a confidencialidade, e as investigacións que se están producindo, estanse producindo e chegarán a onde teñen que chegar, pero no momento que estamos falando, cando ocorreu, por exemplo, o tema do suicidio, toda a dotación —a dotación completa que tiña que haber nese momento— estaba totalmente cuberta.

Pero hai veces que a oposición utiliza feitos dramáticos —que realmente ocorren, e ocorren nos hospitais—, é así, para facer política, e creo que iso non é conveniente, e nós non imos entrar nesa polémica. Queremos que se resolvan os problemas, queremos que se analicen, que se investigue como pasan os feitos, pero, desde logo, estaba toda a dotación que tiñamos nese momento cuberta ao cen por cen, e, como digo, cos mellores profesionais posibles; porque cando se critica parece que se están criticando os profesionais, e temos uns magníficos profesionais que fan un labor difícil, e, como tamén se dixo aquí, traballando 365 días ao ano vinte e catro horas.

É difícil o servizo sanitario, pero temos a gran sorte —para min— dos profesionais que están con nós, que fan ese magnífico traballo.

E dicíamos, tamén, da situación de Galicia. Pois, señor Torrado, vostede que fala fácil do que é bo ou do que non é bo, pois, home, vostede que se encontra tan orgulloso do Bipartito, do seu partido no que o señor Pérez Touriño era o presidente, pois ten un goberno amigo neste momento que ten o menor financiamento sanitario de todos, que é Andalucía.

A verdade é que non sei se está vostede tamén nas manifestacións de Andalucía, de Spiriman e todos eles, protestando contra el. Supoño que alí farán o que poidan facer, pero, dende logo, con moito menos orzamento que fai a Xunta de Galicia, e a Xunta de Galicia ten, cla-

ramente, unha preocupación pola sanidade, pola mellora da sanidade. E, como digo, seguimos traballando nese sentido.

Fálase tamén do tema da dotación, da xubilación, da taxa de reposición, que xa temos pedido ao Goberno de España que desapareza ou, polo menos, que diminúa, que poidamos facer contratacións aínda maiores das que temos neste momento. Pero hai outros aspectos que non se arreglan dun día para outro, como o tema da pediatria.

A pediatria é un tema de formación que depende do ministerio, que non depende do Goberno galego, e que tamén indicamos que sería conveniente aumentar a formación de pediatras. Pero, desde logo, non é porque teñamos unha mala pediatria, temos unha pediatria que chega a todos os lugares de Galicia, pero é certo que temos esa limitación. Pedimos, pedimos para poder facelo.

Fala, tamén, a señora Solla —non é a primeira vez nin a última que fala de matar— de que os recortes matan. Bueno, é unha frase que a imprimiu e quedou con ela xa para o resto da súa vida. Pero dicirlle que nas urxencias, por exemplo, do Álvaro Cunqueiro, curiosamente, hai máis persoal agora mesmo que había no Xeral e no Meixoeiro xuntos, e, sen embargo, hai máis de cen urxencias menos ao día do que había entre urxencias do Xeral e urxencias do Meixoeiro, e non sei onde están os recortes. A verdade é que un día o presidente pode chamarme a atención e dicir que dotación estamos pondo nun hospital que unificamos unha urxencia e resulta que fai falta máis persoal, pero non só é que fai falta máis persoal, senón que encima se di que hai pouco persoal. Pois a verdade, é difícil de explicar.

Tampouco quero afondar niso, pero dicía a señora Solla se creo que merezo o salario que teño, pois posiblemente non, pero igual ela tampouco, sinceramente. *(Aplausos.)*

Porque dicir, como di a señora Solla, que non quere facer demagogia cando só fala de recortes, de matar, de privatización, que é o mesmo que falaba hai tres anos, dous anos, é exactamente igual, non cambia absolutamente nada, me parece que é algo que non ten moito sentido.

Eu digo que creo que podemos analizar, estamos encantados de poder recibir todo o que nos poidan dicir para mellorar o sistema, estamos encantados diso, pero na mañá de hoxe páreceme que non vai ser o día, desgraciadamente.

Si quero dicir —antes de acabar esta segunda intervención— unha cousa, deixala clara. Eu dicía que no tema da hepatitis C se fixo un gran traballo por parte de todos os profesionais do Sergas, incluídas, e especialmente, estas dúas persoas que están sendo atacadas por xente que non as coñece, que non coñece o seu traballo e fala por falar.

Pero, desgraciadamente, e porque digo que coñezo moi ben o que fixeron estas dúas persoas máis os outros membros da comisión, creo que temos que estar orgullosos do traballo de xente coma eles, facendo moitas horas fóra do seu tempo regrado para que a calidade de vida do servizo sanitario, de todos os pacientes, sexa mellor.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Rolda de réplica de grupos parlamentarios. Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Sinceramente, señor conselleiro, vostede dixo antes que o papel aguanta todo, e esta tribuna aguántao todo. Só por iso que acaba vostede de facer hai uns segundos, xa case o deberían inhabilitar para estar no posto que está.

Dicir que hai dous altos cargos da Xunta, nomeados polo Partido Popular, que están sendo investigados por posible homicidio no caso da hepatitis C non o di nin o BNG nin os outros grupos, dí o fiscal, e está o tema en investigación xudicial. E vostede vén aquí sacar peito e dicir que temos que estar orgullosos do traballo feito.

Bueno, supoño que para vostede por un lado vai a cuestión xudicial e por outro a responsabilidade política. É evidente que vostede nin responsabilidade política, e cando haxa resultados xudiciais, pois non sei o que vai facer, pero, dende logo, di moi pouco a favor de vostede o que acaba de facer neste momento, porque o mínimo... (*Aplausos.*) Son incapaces de cesalo, pero, ademais, saír aquí a quitar peito... Dende logo eu..., ¡incualificable!

Vou comezar polo tema de Conxo, precisamente por se non me dá tempo.

É que non estamos diante dun tema triste. Triste é algo que pasa porque non hai xeito de solucionalo, porque se fixo todo o posible, e no tema da saúde mental non é que non se fixera todo o posible, senón que miran para outro lado mentres se está denunciando ano tras ano, e mes tras mes, cal é a situación da saúde mental, e unha cousa é a investigación xudicial e as responsabilidades xudiciais e outra as responsabilidades políticas.

Cando se advirte por activa e por pasiva dos problemas, e por toda resposta se obtén a inacción dos responsables da Xunta de Galiza, dende logo creo que hai que cualificar o tema de algo máis que triste, de algo máis que triste.

E hai que asumir responsabilidades diante destas cuestións, porque se leva denunciado a falta de medios; lévase denunciado insistentemente cal é a situación da saúde mental, e cando hai como consecuencia que hai persoas que morren pola actuación ou pola falta de actuación, dende logo iso merece que se asuman responsabilidades, e cando unha persoa ingresa nun centro hospitalario, precisamente para evitar que se quite a vida, e precisamente o consegue neste centro hospitalario, como mínimo haberá que saber que pasou. E cando iso resulta que xa non é a primeira vez que pasa e é reincidente, haberá que investigar que está pasando, se os medios que se están poñendo á disposición son os adecuados e se funcionan todos os mecanismos. E, dende logo, insisto en que non se pode saldar coa frivolidade coa que o está saldando vostede hoxe aquí. Non se pode saldar con esa frivolidade.

E é evidente que non teñen ningunha intención de investigar, nin de saber que é o que está pasando, están deixando os profesionais sós, que teñen que estar acudindo a testemuñar en sede xudicial, sen que por parte da Administración se lles estea dando ningún tipo de amparo. Dende logo, iso, por si, xa é grave.

Pero bueno, de cara ao futuro, señor conselleiro, os profesionais demandan que haxa un reforzamento da finalidade terapéutica, que non está sendo a situación neste momento; que haxa unha dotación de profesionais suficientes e coa cualificación adecuada nestes unidades; que as persoas que hai que substituír que non se chamen da lista xeral, persoas que non teñen ningún tipo de formación para atender estas cuestións; que se implanten formas de traballo participativas, coordinadas; que se fale entre os profesionais; que haxa liñas de comunicación, que non é a situación neste momento; que se definan protocolos e instrucións de traballo claras ante potenciais riscos... E a pregunta é se van facer algunha destas peticións que fan os profesionais, señor conselleiro. Eu insisto, gustaríame que, na súa seguinte intervención, tivera algo que dicir ao respecto.

Eu, señor conselleiro, con respecto ao tema de persoal, díxenlle que vostede non se quere sentar a falar con eles para a recuperación salarial, foi iso o que lle dixen, e esa é a negativa constante —por parte súa e por parte dos seus directores xerais— de sentarse a falar cos profesionais a respecto da recuperación salarial negociada e comprometida, e que o Partido Popular suspendeu no ano 2010, despois de estar acordada no 2008, que se puxo en práctica no ano 2008 e no 2009, e que vostedes suspenderon e que estamos no 2017 e nin sequera se queren sentar a negociar con eles.

E resulta que o Partido Popular non se quere sentar a negociar nin a escoitar os traballadores e traballadoras, e non quere escoitar o pobo, non quere escoitar a sociedade...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...porque a seguinte pregunta, señor conselleiro, é, ¿por que non quere poñer en marcha os consellos de saúde de área? ¿Por que non quere poñer en marcha os mecanismos establecidos na Lei de sanidade durante o ano 2008 e que establecían a existencia duns consellos de saúde onde a sociedade organizada está alí representada e ten que dicir a respecto de cal é a política sanitaria, das cuestións que se poñen en marcha, de que opina respecto da política sanitaria? ¿Por que non queren escoitar o pobo a respecto de cal é a súa política sanitaria?

Gustaríame, señor conselleiro, que en todo caso contestara a algunha das preguntas que lle fixen.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Debo recoñecer que vistos os antecedentes das comparecencias anteriores, nos outros plenos e neste, teño que agradecerlle o ton ao señor Núñez Centeno, que comparativamente cos seus compañeiros creo que fixo a intervención nun ton san e construtivo, a pesar dos pesares. Agradézollo persoalmente.

Aínda así dime que non dei datos, agardo que como dato non nos valla o número de *selfies*, imos a datos un pouco máis serios. Porque vostede di que non dei datos, e o conselleiro di que non presentamos iniciativas, é o problema de traer as réplicas escritas.

Datos. Datos dou, por exemplo, como dei os das listas de espera, os propios, ¡eh!, os que dá a Xunta, que din que os datos son moito peores do que a propia Xunta acepta; a Xunta pon o criterio, a Xunta incumpre o criterio, a Xunta non fai nada para deixar de incumprir o criterio. E soamente dá os datos que quere, pon o criterio e dá a parte dos datos que lle interesa, e aínda así non cumpre os datos dos criterios.

Claro, é moi complicado, e sigo preguntando onde están eses datos. Si, eu tamén teño aquí listas de espera, podémolas comprobar, podemos comprobar estas listas de espera. Si, si, podémolas comprobar, non hai problema.

Neurocirurxía na Coruña, 103 días. Está aquí, nas lista de espera. Podo seguir, ¡eh!, e dar un montón deles, non hai problema.

En persoal, menos do 20 % dos MIR quedan en Galicia. Crecemento do orzamento un 1 %. ¿Pero canto executado? Porque orzar... Compartimos unha cousa, o papel soporta todo, ¿pero executado? Claro, porque se orzamos, pero logo non executamos, é que temos menos.

Por certo, xa fixen a pregunta: ¿número de traballadores do Sergas? ¿Por que ninguén me pode contestar? Porque están orzados uns, xa sei cantos, pero eu quero saber cantos son.

Datos, barómetro sanitario: 3 de cada 4 galegos din que a atención especializada é igual ou peor que hai cinco anos. Pero bueno, o dato máis consistente que deu aquí o Partido Popular é que en Estados Unidos, nos hospitais privados, tamén pasa o problema das urxencias. Están todos contentos, imos pedirlle aquí que compareza Donald Trump, e xa lle podemos pedir explicacións. Está ben.

Ninguén lle pide explicacións, señor conselleiro, porque se abran as camas, o único que dicimos, polo menos nós —é un proceso lóxico, non estamos a moito nivel intelectual, xa nolo din moito—, é que se se abren camas nalgún momento, é que antes estaban pechadas. Polo tanto, cando nós dicimos que hai camas pechadas, é que as hai, porque se despois se abren é que estaban pechadas. É o único que dicimos, pero parécenos ben que se abran, porque son necesarias.

Como nos parece ben que haxa unha aplicación para maiores, está ben, unha App, está ben, espero que non fora o [...] en sitios onde non chega a cobertura, pero está ben. Eu creo que iso é positivo, unha medida máis.

Aínda así, o que creo que queren os maiores é non pagar polas súas medicinas, como pagaban, ¡eh!, o que non queren é o copago. Está ben a App, pero o que non queren é o copago.

Claro que non queremos falar de xulgados, pero o que non é aceptable é que tal como están as cousas non se fale de xulgados. ¿Non é importante? ¿Non se está falando de temas importantes?

Queremos falar de sentenzas. Hai sentenzas, como teñen no Hospital de Pontevedra co Servizo de Dixestivo ou co Servizo de Psiquiatría. Teñen sentenzas, poden facer algo, xa que queren falar só cando hai sentenzas. Non hai ningún problema.

Pero é que claro, o problema é que teñamos que falar diso e non haxa explicacións. Non houbo explicacións reais sobre o que pasou en Conxo. Non houbo explicacións reais sobre o que pasou coa hepatitis C, aínda que escoitado, escoitado, ás veces penso que era mellor non telas escoitado. Era mellor non telas escoitado.

Non houbo explicacións sobre 121 millóns de euros nun concurso de ambulancias a unha empresa á que todo o mundo dicía que se lle ían dar e que xa tiñan as ambulancias armadas e cos logos.

Non houbo explicacións sobre estas sentenzas ao CHOU, que lle afirmei. Non hai explicacións ás demandas do persoal dos hospitais. Non houbo explicacións —aquí pedímolos— sobre cal foi o plan de previsión e o posterior plan de avaliación de que pasou coas urxencias hospitalarias.

É que non hai explicacións, pero é que nós presentamos iniciativas, presentamos esa, que nola botaron atrás. Claro que hai un problema de formación de pediatras, e claro que queremos contribuír a el, por iso presentamos unha iniciativa en comisión, por iso defendemos que se dera máis formación, e que non se resolvía dun día para outro. Ten vostede razón, señor conselleiro, por iso presentamos un plan plurianual, e dixemos, literalmente, «non se pode resolver dun día para outro». Si que coincidimos, onde non coincidimos é que despois eu votei a favor e vostedes votaron en contra.

Claro, é que vostedes soben aquí a dicir o mesmo que dicimos nós, e cando teñen que votar, votan en contra. Entón, non nos achaque a nós o que vostedes non fan.

O que non se pode é enganar con estas cousas, xa dicía Castelao: «*A loita noble e leal das ideas é o que asegura o progreso*». Non se pode contar o que non é.

O Plan de mellora do Bipartito, xa está un pouco farto do Plan de mellora, bueno, é así, nós falaremos cando haxa algo. Levan un tempinho xa gobernando, ¡eh! Un tempinho, para min moito, para vostedes non tanto, está ben, discutimos iso, pero se van falar cando fagan algo e levan oito anos, igual é o momento de empezar a falar.

Tamén presentamos iniciativas sobre a prescrición de enfermería, que axuda a desatascar o sistema sanitario, e á ampliación do catálogo de probas diagnósticas, que non sabemos nada del, que axuda a desatascar o sistema sanitario, como din todos os profesionais.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: E votan en contra de todo iso.

Non nos digan que non presentamos iniciativas, o que hai é unha diferenza de criterio, vos-
tedes xestionan a sanidade para ir ao tran tran, e nós cremos nunha sanidade pública, porque
estamos moi orgullosos, tan orgullosos estamos da sanidade pública que nós contribuímos,
coa complicidade da cidadanía, a creala, e vostedes estiveron en contra.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bueno, di o señor conselleiro que parece que non se entera das iniciativas da oposición, eu
quero lembrarlle que veñen vostedes de aprobar uns orzamentos nos que votaron sistema-
ticamente en contra —como fan cada ano dende que teñen maioría absoluta— da totalidade
das emendas da oposición. Teño que lembrarlles, tamén, que hai unha Comisión 5ª, e que
hai debates aquí, onde se traen proposicións non de lei dos grupos, quizais debería de estar
máis atento e facer os seus traballos.

Chámame a atención que vostede diga que se fala por falar cando falamos de que, eviden-
temente, é un escándalo que a consellería teña persoas imputadas por non proporcionar os
tratamentos da hepatitis C, persoas imputadas por presunto homicidio imprudente.

¿Quen fala por falar, señor conselleiro? ¿Falan por falar as afectadas e os afectados? ¿Falan
por falar as familias das persoas que morreron? ¿Fala por falar o fiscal? A min paréceme im-
prudente, tamén, a súa actuación, e paréceme que vostedes erran, e unha e outra vez insisten
en algo que non é certo: as responsabilidades legais que se diriman no xulgado non son as
responsabilidades políticas, e eu non sei que vai pasar con ese xuízo, pero sei que aquí hai
responsables políticos, e lémbrome porque estaba nesta Cámara nalgunha das votacións nas
que se votou en contra de proporcionar os tratamentos da hepatitis C ás persoas enfermas.
Vostede non estaba, eu si, e vin como saían chorando, e vinos moitas veces.

Non hai responsabilidades políticas niso. Vostedes cren que están por riba do ben e do mal.

Alégrome, sen embargo, de algo, que vostede recoñece aquí que se pechan camas, xa se dixo
agora por parte do voceiro do PSdeG, e por iso logo as teñen que abrir, por iso logo as teñen
que abrir.

E gustaríame que aclarase —xa que estamos— se en Vigo a concesionaria está cobrando
polo alugamento de camas, porque non o teño moi claro, e gustaríame que me respondese.
Tampouco me respondeu ao resto de preguntas que se están facendo aquí. Sabe vostede que

se desdobran as habitacións por falta de espazo nun hospital que aínda non hai dous anos que está aberto, pero non sabemos que estaba acontecendo con esas camas.

Falou vostede dun plan en atención primaria, da mellora da atención primaria, que somos uns catastrofistas. Reduciron en 1.154 os profesionais de atención primaria. ¿Como queren que atendan no rural, como queren que atendan a atención primaria? ¿Por que veñen presumir de algo que non son capaces de facer?

Fala de potenciar a hospitalización a domicilio. ¿Como? ¿Como en Ourense, que tiveron que desprazar os profesionais dos hospitais comarcais, retirándoos para levalos ao CHOU porque non había internistas suficientes, porque había un colapso que vostedes continuaban negándose a admitir nesta Cámara, e continúan a día de hoxe negándose a admitir?

Fala vostede agora de que van tratar os enfermos e enfermas de hepatite F0 e F1. Cando esta deputada preguntou —e imaxino que os demais voceiros de Sanidade— se se ían a facer eses tratamentos, tal cal nos reclamaron os afectados e afectadas que preguntásemos, vostedes non responderon nada. Non responderon que se ían facer eses tratamentos, porque vostede, como non ten nada máis, ten que vir aquí facer algún tipo de anuncio para intentar tapar que a súa xestión en sanidade é igual que a da conselleira que foi cesada pola súa mala xestión.

E fala vostede, e presumen do investimento en alta tecnoloxía, cando vostedes privatizaron a alta tecnoloxía, e agora temos que pagar a maiores un TAC intraoperatorio e un quirófano híbrido, porque vostedes non o meteron no diálogo competitivo. 9,4 millóns de euros. E eu pregúntolle —fago outra pregunta, vaia anotando—, ¿onde está o quirófano intelixente do Hospital Xeral? ¿Trasládouse? ¿Segue alí morrendo de risa? ¿Onde está?, porque acaban de comprar ou van comprar un quirófano híbrido e tiñamos un quirófano intelixente. ¿Que pasa con parte da maquinaria, do mobiliario e dos recursos públicos que vostedes están eliminando? A min gustaríame sabelo.

Vostede fala de estabilidade no emprego, éncheselle a boca —ten capacidade de facelo—, cando seguen os profesionais protestando pola súa precariedade. Teñen unha folga de anestesistas en marzo, teñen protestas continuas do persoal eventual. Pero vostede aquí pode dicir calquera cousa. Efectivamente, o papel sopórtao todo, e a tribuna do Parlamento parece que o soporta todo, e vostede pode dicir cousas que, evidentemente, non son certas.

Antes colapsábase...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Remate, señora Solla.

A señora Solla FERNÁNDEZ: ...—remato xa— o centro —e vostede debería sabelo— cando se superaban as 500 atencións. Agora colápsase cando se superan as 350, e iso é porque non hai recursos suficientes.

Non lle gusta a vostede oír —remato xa— que os recortes matan, soa duro ¿verdade? Soa duro, é duro para as familias ás que vostedes lles negan a posibilidade de saber que os seus familiares morreron por culpa dos recortes.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Señora Solla, retiramos a expresión de cara dura.

Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Torrado, desde logo, o meu ton foi sempre así na vida e vai seguir sendo así, e a política non o vai cambiar, non o dubide.

Eu, ademais, tiña unha eiva aquí, unha alegría neste Parlamento, porque me chamaban Centeno no meu colexio —xa o contei algunha vez— e vostede meteume o Núñez, e case me fastidiou un pouco, pero, bueno, ímolo deixar.

Falei de Estados Unidos por non falar do Bipartito, que recortes hai dabondo na época do Bipartito.

Ben, e falando da xuventude, a min este debate recórdame moito, señor conselleiro, as misas en latín, aquelas que eran co sacerdote ou co cura de costas ao pobo e ademais tiñan aquelas letanías, aquel *Kyrie, eleison, Christe eleison e ora pro nobis*, que se repite aquí, reiteradamente e repetitivamente, en todos os debates sanitarios. E é realmente unha letanía continua, unha repetición teimuda de frases, de eivas e de situacións. E, ademais, está claro que os grupos da oposición lles dan as costas á xente, aínda que máis ben son os galegos e as galegas os que lles dan as costas aos grupos da oposición.

Dicía a señora Prado que o PP non escoita o pobo, dáme a sensación de que é o pobo o que non escoita os grupos da oposición.

Este grupo xa recoñeceu en distintas ocasións que non todo é perfecto, desde logo, non ten nada que ver co que se escoita aquí, aquí ou nas salas de comisións, na Comisión 5ª. Temos unha moi boa sanidade pública, é a envexa de case todos os países do mundo; temos unha sanidade eficiente, que foi recoñecida recentemente pola Axencia Bloomberg como a máis eficiente do mundo —referida exclusivamente á sanidade pública, sen incluír a sanidade privada—; temos unha das cifras de esperanza de vida máis elevada do conxunto dos países avanzados; temos o sistema de transplantes máis consolidado, solidario e cos mellores resultados; e temos unha poboación cun alto grao de satisfacción coa nosa sanidade pública.

E con todo iso temos os grupos da oposición empeñados en desacreditar a nosa sanidade pública, e inclusive, en moitas ocasións —cando se fala de altas por cartos ou altas prematuras por presións e moitas outras cousas—, en desacreditar os nosos profesionais, e, por suposto, os xestores da nosa sanidade; que parecen, ao igual que os deputados do grupo

maioritario da Cámara, que estamos neste mundo única e exclusivamente para facer o mal, para cargarnos a sanidade pública. Pois este portavoz garántalles, señorías, que non é así, dende o Partido Popular defendemos e defenderemos a sanidade pública sempre. Os cidadáns galegos valoraron o Goberno hai poucos meses nas urnas, outorgando unha ampla maioría ao grupo político que represento eu hoxe nesta tribuna, e os resultados non admiten discusión.

Por iso, señor conselleiro, o instamos a continuar coa política sanitaria de rigor, eficiencia e sostibilidade que leva desenvolvido dende a súa chegada á consellería. E a cumprir co programa electoral do Partido Popular, co que todos os deputados e deputadas deste grupo, e vostede mesmo, nos presentamos ás pasadas eleccións.

Participaron na súa elaboración —e eu dou fe— diversos colectivos de profesionais, de asociacións de enfermos e de sociedades científicas. Un programa claro, con medidas concretas, que nos vai permitir avanzar na prevención e no tratamento das distintas enfermidades; cunha atención específica aos problemas de saúde derivados da cronicidade e o envellecemento da poboación; cunha mellora da educación sanitaria da poboación cun estilo de vida saudable, con hábitos de alimentación, de exercicio físico e de coidado da saúde propia que acaden unha boa calidade de vida nas idades avanzadas. Para cumprir todas estas expectativas ten vostede un orzamento que, supoño, lle gustaría que fose máis elevado, aínda que represente case o 42 % do gasto total da Xunta de Galicia.

Sabemos da dificultade de facer todo o que se necesita cando os cartos son limitados. Por iso o instamos a priorizar e a reducir gastos en partidas nas que considere que se pode facer. Veñen tempos de avances tecnolóxicos e, fundamentalmente, farmacoterápicos, que terán un custo moi elevado, e non será doado incluílos nos catálogos de prestacións sen facer perigar a solvencia e a sostibilidade do sistema sanitario. Hai que traballar entre todos —tamén invito a iso aos grupos da oposición— para seguir mantendo e ampliando as prestacións do sistema, pero sen conducilo á súa quebra, incorporando novas tecnoloxías e medicamentos, sempre que estes representen un verdadeiro avance de diagnóstico ou tratamento, pero respectando a solvencia da nosa sanidade pública.

Vostede, señor conselleiro, e as súas antecesoras, foron quen de manter o sistema sanitario nos tempos difíciles destes últimos anos. Esperamos que agora, co inicio da recuperación económica, a nosa sanidade pública continúe a ser o pilar fundamental do estado do benestar diante dos problemas asistenciais e de futuro incremento do gasto derivado do envellecemento da poboación.

Dende o Grupo Parlamentario Popular instámolo a seguir traballando con todo o seu equipo e todos os profesionais da sanidade galega neste apaixonante mundo da saúde.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Turno de peche desta comparecencia. Señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Grazas, señor presidente.

Bueno, moi bos días, xa case tardes. A verdade é que quero rematar falando, precisamente, do que hoxe anunciamos como novidade, non do que mantemos, senón de todo aquilo que incorporamos. É dicir, señora Prado, o pobo xa falou, escoitamos o pobo que falou hai uns meses.

E a verdade, señora Solla, tamén me sorprende que a crítica agora é que nas urxencias do CHUVI, do Álvaro Cunqueiro, faltan metros; eu pensei que era todo o contrario. Polo tanto, a verdade, que se diga agora que non hai espazo no Cunqueiro, nas urxencias, me parece que é unha tónica xeral do que son os argumentos da oposición.

Dicir —como dixer— que imos aprobar o programa galego de prevención de control da tuberculose; que imos, tamén, reforzar e consolidar a rede de atención ao ictus, algo que, desgraciadamente, afecta unha poboación envellecida, como a galega; tamén que imos abordar, e de forma urxente e participativa, un tema moi importante, que é o problema do alcohol nos máis novos, nos menores; tamén a obesidade infantil vai ter un tratamento especial ao longo do ano; tamén imos finalizar e imos presentar, nos próximos días, o plan galego de suicidio, traballado con moitos profesionais; e imos desenvolver o Plan estratéxico galego de saúde mental 2017-2020, como digo, atrasado, desgraciadamente, porque a nivel de Estado as autonomías non se quixeron poñer de acordo en algo tan importante.

Dicir que na OPE 2017 tamén o Sergas ofertará máis de 800 prazas para a cobertura de persoal estatutario fixo, incluíndo categorías de enfermidades especialistas, entre as que figuren as especialidades de saúde mental, de atención primaria e de pediatría. E tamén que nos próximos días abriremos novos centros de saúde na provincia de Ourense e na provincia da Coruña, e que seguimos traballando para mellorar as infraestruturas hospitalarias de todos os hospitais da nosa comunidade, como dos novos centros de saúde.

Novas necesidades, outros paradigmas, novos servizos. As necesidades actuais requiren que o sistema evolucione para dar unha resposta axeitada. O envellecemento da nosa poboación, derivado, entre outras cousas, do éxito social e do propio sistema sanitario para aumentar a supervivencia, xunto coa cronicidade das enfermidades e os cambios na forma de vivir —cambios sociodemográficos e dinámicas sociais e familiares—, obrígnanos a adoptar o sistema ante esta situación. Non é unha tarefa sinxela, pois o sistema é complexo, por iso a mellor garantía de éxito nesta adaptación é contar coa contribución, coa implicación de todos os axentes que temos nesta magnífica organización: os pacientes e a cidadanía. Por iso queremos continuar traballando para mellorar a comunicación con eles e contar coas súas achegas.

Continuaremos innovando, ampliando os servizos e poñendo á súa disposición instrumentos que melloren a súa información, a súa capacitación e a accesibilidade aos servizos. Cos profesionais, o activo imprescindible polo seu traballo cotián, as súas ideas e o seu coñecemento, ademais da súa participación, coidamos as súas condicións de traballo, a estabilidade, a seguridade, a súa formación, a conciliación da vida familiar e laboral. A propia organización e os seus xestores, co seu compromiso da organización do sistema e de utilizar os recursos de forma responsable e eficiente. Os axentes sociais e políticos, que son fundamentais nas súas

propostas e para manter un clima adecuado que facilite o correcto funcionamento do sistema. E tamén outros organismos e institucións cos que interaccionamos día a día e sen os que non sería posible o noso labor.

A todos eles agradezo a súa implicación e o seu compromiso, coa seguridade de que continuaremos traballando para prestar este gran servizo público que é a sanidade, que tanto necesitamos e apreciamos. Porque temos unha finalidade fundamental: mellorar a saúde dos galegos a través da prestación de servizos sanitarios efectivos, eficientes e de calidade; de forma equitativa, accesible ou sustentable; consolidando a innovación tanto tecnolóxica como na implantación de procesos integrados que garantan a continuidade asistencial.

Queremos, tamén, continuar cos cambios que necesita o sistema para facerse máis forte, para superar os desafíos que, sen dúbida, terá que afrontar: o referido ao envellecemento da poboación, a pluripatoloxía, a tecnoloxía e fármacos cada vez máis custosos, coa adaptación ás novas tecnoloxías da información e da comunicación. Pacientes cada vez máis informados e implicados nas decisións sobre a súa saúde e a súa enfermidade. As necesidades ineludibles da prevención e da promoción da saúde en accións cada vez máis transversais e fóra do espírito do ámbito sanitario. E, finalmente, as novas regras de xogo cos provedores sanitarios.

En síntese, as liñas de acción para o ano 2017, que desenvolveremos, pretenden, esencialmente, mellorar a saúde dos galegos a través de accións que diminúan a carga da enfermidade, potenciar ferramentas para a prevención e promoción da saúde, dispensar a mellor asistencia sanitaria cos mellores recursos dispoñibles, facer reais os dereitos legalmente recoñecidos e asegurar a sustentabilidade financeira do sistema público mediante a aplicación de criterios de xestión eficiente.

O Goberno e todos os grupos parlamentarios temos a responsabilidade de atopar puntos de encontro que nos permitan traballar conxuntamente nesa dirección. Unha vez máis, propóñolles que cheguemos a acordos que o fagan posible, e o que se nos reclama é o que nos reclama a cidadanía galega.

Para finalizar, quero dar as grazas a todos os traballadores do Servizo Galego de Saúde e da Consellería de Sanidade polo seu labor no día a día e o mellor estímulo para seguir traballando pola mellora do noso sistema; mellora dun sistema que responda ás necesidades das persoas, dos pacientes, eficientemente, durante as vinte e catro horas ao día os 365 días do ano.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

Modificacións no desenvolvemento da sesión plenaria e alteracións da orde do día

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Antes de suspender a sesión ata as dezaseis trinta, hora na que a reiniciaremos, comentarlles outras alteracións na orde do día. En concreto, foi aprazada pola Xunta a terceira interpela-

ción, a 5.3, e a pregunta 7.1, que ambas corresponden á Consellería de Infraestruturas e Vivenda. A solicitude foi aprazada polo Goberno e tramitarase no próximo pleno.

E tamén outra alteración na orde do día é que a pregunta que figura en segundo lugar, a 7.2, e a que figura en terceiro lugar, 7.3, serán tramitadas mañá, logo das preguntas ao presidente. Estas son as alteracións que temos na orde do día. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Perdón? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, suspendemos a sesión ata as dezaseis trinta.

Suspéndese a sesión ás tres e dez minutos da tarde e retómase ás catro e media.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e a actuación que debe levar a cabo en relación coas dificultades das familias para o pagamento do recibo da luz

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e outra do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Abel Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta moción.

Emenda de modificación.

Débase modificar o punto 1 da parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:

«1.-Demandar ao Goberno de España que aborde un proceso global de racionalización da fiscalidade sobre a enerxía, actuando sobre o conxunto de impostos que a gravan: o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), o Imposto Especial de Electricidade (IEE) e o Imposto sobre o Valor da Produción de Enerxía Eléctrica (IVPEE).

Este proceso debería de definir unha fiscalidade; tanto aos produtores, como aos distribuidores e aos consumidores; que reforce as funcións que debe garantir o sistema fiscal: a función estabilizadora, que afecta ao ciclo económico; a función redistributiva, que afecta a redistribución da renda e a función asignativa que afecta ao comportamento dos axentes económicos.»

Emenda de adición.

Débase engadir un novo punto (inmediatamente despois do 1) na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

«1 bis.-Demandarao Goberno de España que desenvolva un proceso de reforzamento e especialización dos órganos reguladores do sector enerxético e da competencia (CNMC), para garantir unha supervisión efectiva e profesionalizada das empresas reguladas e da competencia entre as mesmas.»

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Marta Nóvoa Iglesias, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da moción polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a:

-Demandar do goberno do Estado unha revisión da fiscalidade sobre a enerxía, de tal xeito que se adecúe o tipo de IVE e o Imposto Especial de Electricidade para favorecer a competitividade das empresas e o benestar dos fogares.

-Demandar do goberno do Estado a modificación da Lei 24/2013, do sector eléctrico, de maneira que se suprima a posibilidade de establecer os suplementos territoriais mediante os que se pretende que os consumidores dun territorio abonen totalmente o sobrecusto provocado por tributos propios das CCAA ou recargas sobre os tributos estatais (caso de, por exemplo, o canon eólico en Galicia)»).

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Desde o Bloque Nacionalista Galego traemos esta tarde a debate a moción resultante da interpelación do anterior pleno por parte do Grupo do Bloque Nacionalista Galego arredor da electricidade, das dificultades dos galegos e galegas para o seu pagamento. Trouxemos, xa que logo, o debate sobre o mercado eléctrico de novo ao Parlamento nun contexto no que se xuntan tres circunstancias que teñen que facer que esta Cámara non sexa allea a esta cuestión: por unha banda, estamos nun momento de dificultade económica —tal e como avaliamos tamén na sesión da mañá—; por outra banda, hai unha tarifa eléctrica abusiva, e iso é unha decisión de carácter estritamente político; e, en terceiro lugar, todo iso pasa nun país no que, sendo unha potencia en riqueza enerxética, non empregamos iso para corrixir a nosa pobreza.

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que a electricidade é un ben de primeira necesidade, imprescindible hoxe en día para desenvolver a nosa vida con dignidade, e máis aínda nos meses de inverno. Imaxino que, cando menos neste punto, estaremos de acordo todos os grupos aquí presentes, tanto os da oposición como o do Goberno. Porén, ¿que acontece? Que a situación económica fai que sexa na Galiza de hoxe en día francamente difícil asumir tarifas tan altas. É algo francamente difícil para os galegos e galegas que cobran unha pensión contributiva, que na Galiza é ata 178 euros máis baixa de media que no Estado español.

É difícil para todos eses traballadores e traballadoras pobres, dos que nos lembramos tamén hoxe pola mañá, aqueles e aquelas que cobran menos dun salario mínimo interprofesional ao mes, que é —segundo a Axencia Tributaria, non segundo o BNG— o único grupo no que

medran as persoas asalariadas no noso país, segundo os datos máis recentes. É difícil tamén para todas aquelas mulleres que, cobrando un 77 % menos de media que os homes, teñen que saír adiante. E é difícil nun país no que case o 14 % da poboación ten unha xornada parcial —dese 14 % de poboación— ocupada.

Unha situación difícil que podemos avaliar tamén segundo os datos que temos de pobreza enerxética e que se agrava por algo que non é menor, que é que non se lle atopa unha saída por falta de vontade política, porque temos un goberno no Estado ocupado por unha forza política que nos di que nos temos que acostumar directamente a ter unha factura de electricidade máis cara e porque temos un goberno aquí cómplice dun modelo de explotación e distribución eléctrica colonial onde Galiza non ocupamos o lugar que nos correspondería, senón máis ben todo o contrario.

Temos dito reiteradamente que o sector enerxético ten para nós un valor estratéxico polo que representa no noso produto interior bruto e tamén por ser un factor de absoluta relevancia para a produción industrial. Porén, como digo, a pesar desa importancia, desde Galiza apenas contamos con capacidade nin para deseñar nin para aplicar unha política enerxética propia, unha estratexia que estea orientada a un aproveitamento endóxico dos nosos recursos enerxéticos. E ao longo dos anos, por decisións políticas sucesivas —porque o debate da electricidade é un debate de política, non de abstraccións—, por diferentes decisións políticas, Galiza foi ocupando un lugar de especialización na xeración de electricidade. De feito, se ollamos os mapas de Rede Eléctrica de produción de electricidade, podemos ver ese gran pico que hai no noso país canto á produción e non canto ao consumo, que é máis acusado noutras partes da península.

Así, ata hoxe, por exemplo, os datos máis recentes que temos do Inega, que son do 2012, desvelan como o noso país exportou nese ano un 40 % da electricidade que produciu. Porén, a pesar de que a xeración eléctrica leva aparelados uns importantes custos tanto sociais como medioambientais, Galiza non tivo a oportunidade de tirar en ningún momento proveito económico desta actividade, ao contrario, máis ben se viu sometida, como vemos hoxe en día, a un marco regulatorio e tarifario, común en todo o Estado español, un marco tarifario que neste momento é completamente excesivo para a situación económica que antes referín.

No que atinxe a esta homoxénea política tarifaria, queremos subliñar —antes de que nos chamen insolidarios e insolidarias— que a tarifa eléctrica que se paga no noso país inclúe peaxes tamén de solidariedade interterritorial, como é o caso dos custos extrapeninsulares, que no 2013 —último ano do que temos datos dispoñíbeis— supuxeron 1.800 millóns de euros, cantidade pagada vía tarifas eléctricas. Polo tanto, de insolidarios, nada. Pero, citando ao noso señor presidente, que un día nos dixo aquí que parvos non eramos, pois nós pretendemos que se aplique un pouco o mesmo. Non é falta de solidariedade, senón querer aproveitar tamén no noso beneficio aquelas cuestións que xeramos.

Como xa digo, no Estado español foise xerando este procedemento de tarifa eléctrica única, que foi prexudicial para Galiza por tratar igual os consumidores dos distintos territorios, sen ter en conta a achega que faciamos como produtores. Porén, tamén é certo que na nova Lei 24/2013, do sector eléctrico, cuestiónase esa tarifa única e ábrese a porta a outras posibilidades, como xa teñen manifestado noutros pobos, como é o caso de Euskal Herria.

Máis alá do debate de fondo do modelo enerxético e de que desde o nacionalismo galego defendemos que como produtores deberíamos ter outra relación nese mercado eléctrico, por iso apostamos por ese estudo que se inclúe na nosa moción da viabilidade dunha tarifa eléctrica galega, que nos gustaría que o Partido Popular aceptase, porque, se tan equivocados e equivocadas estamos, demóstrannolo e non teñan medo a estudar, pero parece que aquí, neste Parlamento, sempre hai medo a investigar, sempre hai medo a estudar e sempre hai medo a pescudar, non vaia ser que as verdades proféticas que desde o poder nos emiten non sexan tan proféticas nin tan certas...

Pero esta moción, como xa digo, que responde a un momento de preocupación e a un momento social e económico concreto, ten outras cuestións que agardemos que si que sexan capaces de negociar, e que van referidas, precisamente, a esa fiscalidade abusiva que ten a tarifa eléctrica da que falaba e da que xa falamos o outro día.

A tarifa que nos chega a todos e a todas á casa ten, por exemplo, un imposto especial da electricidade nun 5,11 %, que se aplica en última instancia sobre todos os conceptos do recibo, coa excepción do alugamento dos contadores. Isto vén a supoñer como un duplo pagamento do IVE, porque, por outra banda, temos ese IVE no tramo máis alto. Recórdolles que o outro día, de feito, nos estendemos bastante niso, en ver como eramos un dos países da Unión Europea que tiña un IVE máis alto.

Pero cómpre recordar tamén que foi o Partido Popular de Rajoy quen impulsou ese imposto sobre o valor da enerxía eléctrica que se comezou a aplicar desde 2013. Tamén poñemos enriba da mesa que estamos nese momento onde desde o Estado se mira para Galiza para ver que pasa con ese canon eólico e outros a raíz desa iniciativa que pretende que ese tipo de suplementos territoriais repercutan na factura de todos e todas. Co cal, aínda por riba, non só estaríamos non sendo beneficiarios da nosa condición de produtores, senón que seríamos penalizados, o cal xa é o disparate do disparate do tarifazo eléctrico.

En resumo, nós entendemos que é unha fiscalidade excesiva, que lucra un oligopolio enerxético, que abusa dos galegos e galegas e que nos dá, aínda por riba, un servizo de segunda, como vimos hai unhas semanas coa cuestión dos temporais. Entendemos que se, como dicía ao principio da miña intervención, estamos todos e todas de acordo en que a electricidade é un ben de primeira necesidade ao que toda persoa do noso país deba ter acceso, pois, entón, non queda outra neste momento social e económico que instar o Goberno do Estado a que, cando menos, se reduza a carga impositiva do IVE e se revise esa fiscalidade, que nós entendemos que non ten ningún tipo de fundamento.

E precisamente isto debemos debatelo aquí e instar o Goberno do Estado, porque, como xa digo, conseguir o abaratamento da factura eléctrica é unha decisión política, non se trata dunha praga bíblica que teñamos que asumir sen poder facer nada a respecto dela.

Isto é, en liñas xerais, o que propoñemos na nosa moción. Temos varias propostas de transacción ás que me referirei despois.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Señora Presas Bergantiños, nós presentamos unha emenda. A verdade é que esta iniciativa se trasladou directamente á posverdade despois da intervención do conselleiro da mañá, en que o concurso eólico do Partido Popular no ano 2009 —que literalmente defendía os intereses que eu creo que case todo o mundo sabe que defendía, e que, ademais, ao final foron ningún, porque non hai ningún muíño instalado— formaba parte dunha pretendida solución a un problema de regulación enerxética que indubidablemente existía e existe neste país. Non vaia ser este voceiro quen negue que o mercado enerxético español ten disfuncións, por dicilo dalgunha maneira, que, desde logo, fan que o prezo medio da enerxía estea moi ribado do que debería estar tendo en conta o mix enerxético do que dispoñemos.

A verdade é que convén, á hora de falar de enerxía —e logo hai outra iniciativa sobre pobreza enerxética, eu persevero no apostolado—, falar dos beneficios das grandes eléctricas. Falta —que creo que este xoves o presentarán— o beneficio de Iberdrola. Os expertos falan de 2.650 millóns de euros, e iso significa que no ano 2016 as tres grandes eléctricas españolas tiveron uns beneficios de aproximadamente 900.000 millóns das antigas pesetas, é dicir, 5.400 millóns de euros. É verdade que un pouquiño menos que no ano anterior, pero é verdade que segue sendo un sector altamente remunerado. Eu de novo volvo acudir á prensa —é un vicio que un ten— de onte: «*La cúpula de Iberdrola se apunta un bonus —un bonus é unha gratificación extra que os bos xestores levan por acadar uns obxectivos de facturación ou beneficios— de 115 millones de euros*». Total, aprobárono en plena subida do prezo da luz para os consumidores. Eu creo que é, ademais, un bo momento, en fin, para demostrar exactamente como se reparte ese produto interior bruto, que algunhas veces, cando eu plantexo, vexo caras de excepticismo entre os deputados e deputadas do Partido Popular.

Eu a verdade é que ía deixar os temas de pobreza enerxética máis para outra intervención, aínda que están directamente relacionados, evidentemente, coa tarifa. Volvo ao camiño de Damasco. A verdade é que estou poñendo a Siria de moda, pero volvo a eses beneficios caídos do ceo dos que falaba o señor ministro sobre as hidroeléctricas e as nucleares, que, indubidablemente, significan máis facturación para as empresas e, polo tanto, máis bonus para os xestores desas empresas, que, bueno, é do que se trata. Isto é o que ten gobernar para todos, que todos sabemos que, cando algúns gobernan para todos, unha parte deses todos teñen bonus e outra parte deses todos teñen facturas da luz crescendo de maneira exponencial. Este é o escenario, lamentablemente.

Hai un par de cuestións. Nós presentamos unha emenda que en realidade o único que intenta é precisar en certa medida algunhas cuestións en relación coa imposición. Nós pensamos que é necesario, señora Presas, unha consideración global do sistema impositivo sobre a

enerxía. A nós non nos gusta, en principio, conceptualmente a baixada do IVE, non vaia ser que os que alumean de noite as súas piscinas en Pozuelo de Alarcón acaben beneficiándose desa baixada do IVE. Eu prefiro un IVE do 21 % e o que quero é unha política social que afronte os problemas de subministración enerxética dunha maneira solvente. E unha maneira solvente non é 4.000 —poboación diana, 4.000 fogares—, cando hai 37.000 en Galicia que non teñen ningún ingreso, insisto, ningún ingreso. Despois están os que teñen ingresos por debaixo do salario mínimo, que en total só son 310.000 ocupados. Bueno, eu creo que actuar sobre 4.000 fronte a case 400.000 fogares vai afinado, señor conselleiro, e Partido Popular.

Polo tanto, eu creo que aí conviría ou sería máis razoable un sistema impositivo conxunto que, desde logo, ten que ter tres obxectivos fundamentais. Nós queremos que queden claros.

Un deles ten que ver coa estabilización. É fundamental que os axentes económicos coñezan os prezos de produción e de consumo na medida do posible para que poidan tomar decisións fundamentadas. Isto é a base da teoría económica capitalista, pero da teoría económica.

Outro elemento: un elemento redistributivo, que eu creo que é fundamental e que se ten que facer dende a política social sen ningunha dúbida.

E, por último, a función asignativa ao comportamento dos axentes económicos.

E isto está directamente relacionado coa emenda de adición que ten que ver coa Comisión Nacional de Mercados e da Competencia. Porque o que está pasando no tema dos prezos é que esta cuestión marxinalista de que se remunere o prezo de xeración máis alto é que empresas que poderían producir todo con hidroeléctrica non o fan e meten o gas de maneira marxinal para producir un pouco co gas e cobrar todo o resto que producen, nuclear e hidroeléctrico —de custo moi baixo—, ao prezo do gas, que é o custo máis alto. E este é o truco co que hai 5.400 millóns de euros de beneficios, non o único por suposto, pero o máis relevante...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...—vou rematando, señor presidente— e os 119 millóns de euros de bonus que se van levar uns xestores de Iberdrola, que estou seguro que son uns magníficos xestores.

Polo tanto, eu creo que a Comisión Nacional de Mercados da Competencia que absorbeu a Comisión Nacional de Enerxía, unha decisión do PP que ninguén explicou no seu momento e que deu un resultado nefasto... Basta con ver os informes da Unión Europea sobre os temas da regulación da competencia en España. E eu creo que son os elementos fundamentais —esa racionalización do sistema fiscal e ese actuar sobre os temas da competencia— para conseguir...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...—remato— unha tarifa axeitada. E, desde logo, un elemento moi importante para a esquerda, que cre que baixar impostos non é de esquerdas, que é fundamentalmente unha política activa en contra da pobreza enerxética.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Grupo Parlamentario Popular, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Señora Presas, o Grupo Popular por suposto que comparte a preocupación social polo incremento do prezo da luz no que levamos de 2017, primeiro, porque é evidente que uns prezos da enerxía caros afectan boa parte dos consumidores, e especialmente os que teñen un nivel de renda máis baixa, e, segundo, porque tamén afectan a actividade económica e a capacidade de creación de emprego, xa que a enerxía é unha subministración básica e pode comprometer a competitividade das nosas empresas.

Como vostede sabe, trátase dun episodio de punta que acontece ás veces e sempre remite. De feito, hoxe o prezo medio da enerxía no mercado maiorista é un 40 % inferior ao que se rexistrou de máxima o pasado 25 de xaneiro, e é previsible que continúe a tendencia á baixa porque está a crecer de novo a produción eólica e a hidráulica; e tamén polo mercado francés, que está a recuperar a produción nas súas instalacións nucleares, que estiveron pechadas por revisións de seguridade.

Estamos de acordo con vostede en que a electricidade é un ben cunha alta carga fiscal, polo que na nosa emenda de substitución propoñemos demandar ao Goberno do Estado que adecúe o tipo de IVE e o imposto especial de electricidade en favor da competitividade das nosas empresas e o benestar dos fogares.

Posicionámonos con vostede tamén en que os impostos medioambientais galegos, tales como o canon eólico, non poden dar pé a suplementos territoriais que repercutan nos nosos consumidores, polo que demandamos a modificación da Lei da regulación eléctrica 24/2013, para que se suprima esta posibilidade.

En canto ao sistema de fixación de prezos sabe que é o mesmo que utilizan vinte e tres países da Unión Europea e incluso Estados Unidos. Como xa se explicou na Comisión 6ª, non é posible establecer o prezo da enerxía en función da tecnoloxía porque —repito— en España e na maior parte de Europa xérase enerxía co chamado «mix enerxético», no que entran as diferentes tecnoloxías enerxéticas: o carbón e a nuclear en maior medida, o ciclo combinado e todas as renovables —a eólica, a hidráulica, a solar—. ¿E sabe que pasou? Que como non choveu nin fixo vento, e por riba a nuclear —que se importa dende Francia— escaseaba,

produciuse un incremento da utilización dese mix das tecnoloxías máis caras, que, loxicamente, non son as renovables, e por iso subiu o prezo. Un episodio de punta claramente.

Claro que Galicia é excedentaria en enerxía nuns 4.000 gigavatios/hora. ¿Pero cal é o problema? Que non sempre sopra o aire, nin sempre fai sol, nin sempre chove. Entón, hai moitos momentos nos que as renovables non chegan para cubrir as demandas das familias e da industria. E non é posible que os prezos se marquen pola tecnoloxía máis barata porque non sempre a hai, nin tampouco que como Galicia é excedentaria poida permitirse ter unha tarifa eléctrica galega porque non sempre somos capaces de ser excedentarios. Convénzanse e deixen a demagogia a un lado, que non queren máis a Galicia por dicir que se pode facer unha tarifa eléctrica galega e vivir só da enerxía que se produce en Galicia, porque non é así, non é sostible, señora Presas. Pero, bueno, haberá tempo de debatelo na tramitación da ILP sobre a pobreza enerxética.

Miren, dende este grupo nunca imos defender unha posición separatista. Todos os españois e tamén os galegos contribuímos no noso recibo para que a electricidade custe o mesmo en todas as partes do territorio, por solidariedade. E isto tamén beneficia os galegos e as galegas porque aquí os custos das redes de transporte e distribución eléctrica son máis altos que noutras comunidades da península. E estes custos adicionais, señoría, páganos todos os españois, non só os galegos.

En canto á tarifa vasca. Deixen xa de dicir que o País Vasco ten unha tarifa propia; non a hai e vostede sábeo igual ca min. O que hai é o recoñecemento dunha tensión diferente coa que historicamente estaba traballando unha parte da industria vasca e que, comparativamente con Galicia e co resto de España, eles estaban a pagar máis. Ademais esta tarifa aplícase a todo o territorio, é dicir, calquera empresa que tivese esta tensión pagaría o mesmo.

De verdade, deixen esta ideoloxía separatista que a maior parte dos galegos non comparten; deixáronllelo ben claro nas urnas hai só uns meses. E vostede debería ser prudente cando fala de presunto déficit tarifario. O que fai vostede é omitir a irresponsabilidade do BNG, que apoiou o pago das primas ás renovables en 2008, 2009, 2010, cando eran dez veces máis caras que agora (*Aplausos.*), e diferir o pago, señoría, destes e doutros custos do sistema eléctrico ata acumular unha débeda de 26.000 millóns de euros, que pagamos todos. Por iso en España a electricidade é tan cara, señoría. Instaláron quilómetros de hortas fotovoltaicas cando o custo do megavatio/hora era de case quíntos euros e hoxe é menos da metade. Políticas equivocadas do pasado que pagaremos durante vinte e cinco anos, señorías. (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*)

O Goberno do Partido Popular tivo que poñer freo para non seguir incrementando este déficit. Decidiu conxelar as peaxes para 2017, co que non subirá o 60 % da factura, e, ademais, incluíu novas medidas para reforzar a protección dos consumidores.

E remato xa. A tendencia é toda a contraria, a tendencia é cara á integración en aras dun mercado único, que sexa capaz de garantir a subministración a fogares e a empresas nas mellores condicións de eficiencia, de seguridade e de competitividade posibles. Isto é o que apoia a maior parte das forzas políticas en Galicia, en España e no resto de países europeos,

a excepción de opcións extremas ou populismos, porque non sacamos ningún beneficio, señorías, de illar Galicia.

Grazas e boa tarde. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Merlo.

O señor MERLO LORENZO: Moitas grazas, presidente.

Señorías, a electricidade é un artigo de primeira necesidade. A evolución técnica, xunto cunha serie de políticas encamiñadas a fomentar e garantir o seu uso, fixérono así. Polo tanto, é razoable o que se pide nesta moción de que o IVE que se aplique sexa do 4 %. O problema pode ser que, do mesmo xeito que a industria e os fogares dependen da electricidade, o Goberno dependa dun IVE do 21 % na electricidade.

Cando unha empresa pública creada para brindar un servizo se privatiza, cámbiase a prioridade de garantir un servizo pola de garantir uns beneficios. Se ademais estas xeran beneficios encontrámonos coa perda dun financiamento polo Goberno, facendo este cada vez máis dependente de financiarse pola vía impositiva. Non é xusto, por tanto, que os fogares do país deban asumir o custo das portas xiratorias que o bipartidismo normalizou durante décadas cada vez que descapitalizaba as arcas públicas. Se os nosos gobernos do país e o Estado dependen dos impostos sobre a electricidade, o único que están a dicir é que necesitamos un cambio de modelo enerxético urxente e radical; e necesítamolo porque somos deficitarios en enerxía, ao depender do gas e do carbón para unha parte importante da nosa produción eléctrica.

No seu discurso de investidura, o señor Alberto Núñez Feijóo dixo que o seu Goberno apostaba por tecnoloxías renovables maduras como no caso da eólica. O problema é que as tecnoloxías non maduran soas. A cuestión é que sen unha investigación, sen un desenvolvemento, sen implantación e sen apostas claras por parte da Administración dun país como o noso, que ten as características para poder sacar partido de diversas enerxías renovables máis aló da eólica, estas non van madurar nin a tempo nin da nosa man, co cal nos van facer novamente dependentes dos que desenvolvan esas tecnoloxías.

Hai moito tempo xa que o cambio de modelo enerxético deixou de ser unha cuestión meramente técnica para ser un problema político, concretamente de falta de vontade política. É un problema de incapacidade de legislar para a xente e non para os oligopolios das portas xiratorias.

Na súa intervención do pasado día 8, o señor Conde declarou —e tamén se dixo hoxe— que defendía os suplementos territoriais por solidariedade e por centralidade. Ben, apelaba tamén á dispersión xeográfica. A dispersión é un feito que evidentemente dificulta a distribución eléctrica; dificultaa ata o punto de que no día de hoxe, a pesar das medidas xa aco- metidas e anunciadas nos plans estratéxicos daquela lonxana sexta lexislatura desta Cámara,

segue sendo en varios núcleos de Galicia unha tarefa pendente. Faltoulle ao señor Conde, tamén, mencionar que a dispersión xeográfica foi a muleta que permitiu acometer infraestruturas ao ancho e longo do país que doutro xeito non serían aceptables nos termos que se realizaron.

Falou tamén o señor Conde de que as competencias do Goberno galego nesta materia pasaban polo bono eléctrico ou por impulsar medidas para a eficiencia do aforro enerxético nos fogares. Gustaríame saber no concreto cales son os mecanismos cos que pretenden que os fogares que non poden pagar a factura mes a mes van poder asumir os custos de illar termicamente as súas vivendas, de renovar os electrodomésticos para unha maior eficiencia enerxética dos mesmos. Teño a sensación de que, do mesmo xeito que ocorre co bono eléctrico, estas medidas adoecen dunha falta de contacto coa realidade.

Hoxe díxose moitas veces aquí que o papel aguanta todo. Ben, paréceme a min que a nosa xente vai ter que aguantar máis que o papel no que alegremente se plasman estas ideas.

Señorías, pagar un 21 % na factura eléctrica como artigo de luxo é un despropósito. E é un despropósito especialmente no noso país, no que recentemente moitas poboacións estiveron sen ese servizo de luxo durante cinco días. Paréceme unha broma. Por todo isto, o feito de que nuns días comece a debaterse unha Iniciativa lexislativa popular sobre a pobreza enerxética evidencia un problema que ninguén nega e que moitos sofren. Falar sobre pobreza enerxética é recoñecer unha situación de inxustiza derivada de primar os beneficios sobre os servizos básicos e é unha inxustiza que evidencia que un artigo de primeira necesidade non pode levar un 21 % de IVE.

O que propón o primeiro punto desta moción é un paso para reverter esa situación de desigualdade xerada pola especulación co público, independentemente do que se achegue no debate da vindeira ILP mencionada. Estamos falando dun problema extremo que debe ser atallado por todas as fronteas posibles e non por unha soa.

Por último, o de realizar estudos co enfoque de buscar opcións de mellora na tarifa para os consumidores e as industrias do país parécenos necesario e interesante.

Apoiamos desde esta institución esta moción como apoiamos cada medida de atallar e paliar o problema da pobreza enerxética, do mesmo xeito que o facemos nas rúas e polos mesmos motivos que o fixemos enchendo as prazas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Merlo.

Grupo autor da moción, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde.

Señora Nóvoa, voulo repetir por se non lle quedou claro: si queremos que Galiza controle a produción e a distribución, queremos controlar a nosa enerxía, (*Aplausos.*) e si queremos ter

un modelo de relación diferente co Estado. E si, eu cada día que paso neste Parlamento son máis separatista. Non se preocupe. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Tómeno a risa, en fin... *(Murmurios.) (Risos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, ben, entrando... ¿Este tempo non computará, señor Santalices, que me están interrompendo?

Indo así a varias cuestións que foron saíndo. Falan vostedes desde o Partido Popular de episodio de punta. Que vostedes falen de episodio de punta para xustificar que a tarifa non é abusiva quere dicir que na súa emenda non van en serio, que non van en serio en confrontar co Estado e exixir unha rebaixa dese IVE como estamos propoñendo.

Mire, entrando xa na súa emenda, nós poderíamos transixir e reducir do noso contido orixinal a exixencia de que se pase do 21 % ao mínimo do 4 %. Nós poderíamos transixir con iso, pero é que, claro, o Partido Popular estanos propoñendo algo que é non dicir nada, que é demandar a revisión da fiscalidade sobre a enerxía. E igual despois soben o IVE da factura da luz e aínda por riba a culpa será do BNG, do Bipartito ou de servidora. Entón, nós non imos aceptar esa emenda. Se vostedes queren votar favorablemente a parte da nosa proposición que cuestiona o canon eólico, que cuestiona ese suplemento sobre os territorios, como cuestionamos na nosa intervención pola mañá, como cuestionamos hai un pleno tamén diante do conselleiro, pois benvidos. Teñen vostedes moitos máis altofalantes para que lles faga caso o señor Rajoy. Benvidos, e desde logo nesa batalla contarán connosco, porque nos parece xa un disparate o que fixeron vostedes efectivamente co canon eólico. Parécenos un disparate tamén que agora, aínda por riba, queiran que veña sobre a factura dos consumidores e das consumidoras.

Efectivamente, co modelo actual de tarifa que temos non é posible diferenciar a fonte da enerxía. Pero é así porque así o marca o sistema. Claro, habería que mudalo, efectivamente, nós queredamos mudalo.

Indo a máis cuestións —porque se esgota o tempo—, ¿saben quen non é excedentario?, ¿que comunidade non é excedentaria? Euskalerría. Euskalerría non é excedentaria e, porén, si que ten un desconto na súa factura eléctrica, ten unha peaxe nomeada «6.1B», que supuxo o ano pasado —segundo datos da CNMC, que non do BNG nin da CIG nin de rojos separatistas— un aforro de ata dez millóns de euros nas empresas de Euskalerría. Entón eu digo: se Euskadi si, ¿por que Galicia non? ¿Por que queren sempre que esteamos á cola de todo? ¿Por que eles poden aproveitalo e nós non podemos aproveitalo? Porque teñen forza e soberanía política e confrontan co Estado, non como queren facer vostedes.

Tamén queredamos comentar, a respecto da proposta do Partido Socialista, en primeiro lugar, que lles agradecemos que estean dispostos a apoiar unha moción que insta o estudo dunha tarifa eléctrica galega. Nós sabemos que son refractarios a que iso sexa posible pero valoramos positivamente o espírito construtivo do Partido Socialista nesta cuestión, que, cando menos, está disposto a que se estude e se avalíe con naturalidade iso para ver se ten algún tipo de beneficio para o noso país ou non. Manteremos o noso primeiro punto tal como está, pero si que nos parece positiva a segunda adición que propoñen coa cuestión da CNMC.

Respecto do primeiro punto, é simplemente por manter un pouco o sentido da proposición e buscar mantelo entre a proposta do Partido Popular e a que vostedes formulan, e que efectivamente se acepte un compromiso cara a unha rebaixa do IVE, non palabras baleiras para aprobar unha moción e que non se mova nada nin aquí nin en Madrid.

E ¿saben por que non baixa directamente o Estado a tarifa de electricidade?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Remato.

Pois xa o dixemos aquí. Porque con esta tarifa recadarán case 300 millóns de euros, 300 millóns de euros que é menos do que se gasta no bono social ese, que temos que esperar á súa hiperreformulación para que desde aquí se implementen medidas complementarias ao bono social. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Por favor, é que non me quedou claro se acepta o punto segundo da emenda do Partido Socialista. Acepta o de adición, o outro non.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Si.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa pobreza enerxética

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para a defensa da moción ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boa tarde.

Na propia interpelación formulada hai dúas semanas falabamos de que a pobreza enerxética é en realidade unha cara máis da pobreza a secas. Hai máis xente pobre, hai máis xente que non pode pagar o recibo da luz e, polo tanto, sobe a pobreza enerxética. É un xeito de esconder que en realidade neste país o que medrou nos últimos anos foi a poboación que está en pobreza. Pola mañá, na comparecencia do conselleiro de Economía citouse un dato —poderíanse dar moitos—, e é que neste país, antes do 2009, había 19.000 fogares que non percibían ningún ingreso, e en cinco anos incrementouse a 39.000 fogares sen ingresos. Pero o incremento espectacular en Galiza da pobreza enerxética —que a leva a ser a segunda comunidade autónoma con máis pobreza enerxética de todo o Estado, despois de Valencia— é debido a que se incrementaron os fogares sen ingresos, a que se incrementou o paro, a precariedade laboral, os traballadores pobres, a que se incrementou a temporalidade. E, polo tanto, o resultado é moita xente que non pode pagar a factura da luz para quentar a casa e para ter unha vida digna.

Tamén, en parte, é influído polos privilexios do oligopolio eléctrico, que incrementan o prezo da luz, dende a súa «liberalización» —que non foi tal—, pois case un 90 %, case un 100 % se contamos con ese déficit tarifario. E eses privilexios do oligopolio eléctrico, como dicíamos, pasan tamén por concesións como que a Xunta non vixie que empresas do oligopolio non cumpran co seu cometido, como pasou neste país hai ben pouco, onde houbo miles de persoas que tiveron que aturar días sen subministración eléctrica. Iso é unha vergoña, pero unha vergoña maior cando sabemos o que cobra Gas Natural Fenosa —que é practicamente a empresa que monopoliza no 95 % a distribución deste país—, que en 2016 cobrou por distribución —prezos regulados—, 715 millóns de euros —160 para mantemento, 430 para mellora das redes eléctricas e 90 para outro tipo de actividades—. Con 715 millóns, para que se fagan unha idea, sería a cuarta consellería deste goberno, sería un 8 % aproximadamente do orzamento do Goberno galego. E, con eses 715 millóns de euros, estiveron galegos e galegas ata cinco días sen subministración eléctrica. Non sei se lles parece normal.

E falo eu da responsabilidade da Xunta e da convivencia da Xunta porque é a Dirección Xeral de Industria e a Consellería de Economía e Industria a que ten que vixiar que Gas Natural Fenosa, ano tras ano, invista en mellorar a rede, en facer o mantemento, etc., que, como se demostrou, non se fixo. E é, unha vez máis, a demostración da convivencia dos gobernos co oligopolio eléctrico, con privilexios que consenten que sigan tendo beneficios millonarios mentres neste país o 15,4 % dos galegos sofren pobreza enerxética, segundo datos do Instituto Nacional de Estatística. O 15,4 % significa que neste país hai case 200.000 fogares con pobreza enerxética, 198.000. Deses 198.000 fogares, perciben algún tipo de axuda do Goberno galego entre unhas 5.000 e 6.000 persoas. Eses son os datos.

Nós non viñemos aquí hoxe a presentar unha moción para tratar de convencelos de resolver o problema estrutural que significa a consolidación do seu modelo de desigualdade. Sabemos que non imos estar de acordo. Vostedes defenden o modelo da desigualdade, da precariedade, e queren consolidar isto como «a recuperación», falan disto como «a recuperación». Só, simplemente, queremos —colléndolle as palabras ao presidente Feijóo— que os propios instrumentos que vostedes dispuxeron para paliar a situación da xente en situación de pobreza enerxética pois cheguen a toda a xente que os necesita, ou, polo menos, que cheguen a máis xente.

Vostedes instauraron unha axuda para as persoas que estean en risco de ter un corte de subministración eléctrica. Ben, no ano 2016 deixaron sen executar máis do 30 % desta orde. ¿Que fan ao ano seguinte? En vez de incrementar os criterios e abrir a man para que chegue a máis xente, recortan o orzamento. No ticket social eléctrico, o conselleiro recoñeceu que chegou, no ano 2016, a unhas 5.000 persoas —creo lembrar, entre 5.000 e 6.000 persoas—. E a nosa moción que traemos hoxe é simplemente a petición de modificar estas dúas ordes, a orde para o bono do ticket social eléctrico e a orde para as persoas en risco de ter un corte de subministración, esas dúas ordes, e modificar os criterios para que cheguen a mais xente. É dicir, na orde que concede as axudas para as familias en risco de corte de subministración eléctrica, o que pedimos é que pase de ter o límite máximo do IPREM a subilo a 1,5 veces o IPREM; é dicir, en vez de 6.390 como límite máximo para poder percibila —que unha unidade familiar con 6.390 euros ao ano supón pobreza severísima—, subilo a 9.585, e que non sexa necesario ter menores ou discapacitados a cargo. Iso dicímolos porque pode haber

unidades familiares que non teñan ningún menor a cargo e que estean en situación de pobreza enerxética e que non poidan optar, polo tanto, a estas axudas. Por exemplo, dúas persoas maiores con fillos de 19 anos xa non poderían optar a ningunha axuda por pobreza enerxética.

Pedimos tamén no ticket social eléctrico que se eleve de 1,5 veces o IPREM a 1,8 veces o IPREM. E tamén pedimos elevar as contías das subvencións de 180 euros anuais por unidade de convivencia —estamos falando de 180 euros para todo o ano, e estamos falando de 15 euros mensuais para familias que non superan os 9.000 euros de ingresos totais; vexan a dimensión do que estamos falando— e pasar a 240. E pasar as familias numerosas de 300 a 350. Estamos falando disto, estamos falando de axudas que non lles resolven a papeleta a estas persoas.

E, por último, no caso de familias con pobreza severa que teñen risco de corte de subministración de luz, pasar dun límite de dúas facturas anuais a tres facturas anuais, e a un importe máximo de 240 euros/ano por solicitante.

Son dúas peticións dentro do marco do que vostedes teñen instaurado pero que permitirán algo tan sinxelo como que, en vez de quedar moita xente fóra destas axudas, haxa xente —que o merece, que sofre de pobreza enerxética e que ten moitas dificultades— que poida ter simplemente unhas axudas que son bastante modestas.

Polo tanto, agardamos o seu apoio, o apoio de todos os grupos parlamentarios, a esta moción.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Ben, boa tarde a todas e a todos de novo.

Desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego daremos o apoio a esta proposta que En Marea trae hoxe para dar saída á interpelación de hai dúas semanas. Nós entendemos que é unha proposta consistente, que é unha proposta que, como dicía agora Antón Sánchez no final da súa intervención, malia ter que amoldarse aos marcos que xa hai —por así dicilo—, pois esprome bastante ben máis posibilidades das que teñen as persoas vulnerables en situación de pobreza enerxética no día de hoxe e que, polo tanto, suporía un pequeno paso adiante en tanto non sexamos quen de tratar aquí unha proposta de lei máis ambiciosa, como agardamos que sexa esa futura lei contra a pobreza enerxética no noso país.

Nós entendemos que a situación é tal que non só non se reverte senón que vai a máis. Levamos toda a mañá, na comparecencia correspondente á Consellería de Economía, Emprego e Industria, dando datos e dando alternativas; e ao comezo desta tarde, tamén. E a realidade é tal que podemos seguir poñendo argumentos enriba da mesa de por que se dá este empe-

oramento das condicións de vida nas clases populares do noso país. Pois, por exemplo, nese xaneiro de 2017 vimos como a taxa interanual do IPC subía até o 3,2 %, e que isto se debía especialmente ás cuestións referidas á vivenda —auga, luz, electricidade...—, emparellado tamén co aumento dos prezos dos carburantes. Todo iso, nun contexto de inverno, ademais, fai que sexa unha situación realmente dificultosa para moitas persoas nos seus fogares. Polo tanto, nós entendemos que hai que recoñecer este problema e que hai que poñer a andar mecanismos máis efectivos.

Temos falado xa longo e tendido nesta lexislatura da insuficiencia do t́icket eléctrico, de que a poboación á que chega non é suficiente. E non basta con dicir que non houbo máis solicitudes, porque o certo é que os datos están aí, están os datos de pobreza enerxética, están os datos das familias que non chegan a 600 euros ao mes, están os datos dos contratos temporais, están os datos —dicíao antes— daquela masa salarial que cobra menos do salario mínimo, que é a que máis sobe. Polo tanto, a realidade está aí fóra, esperando a que dende os parlamentos sexamos quen de lexislar algún tipo de alternativa. Entón, valoramos positivamente a que propón En Marea, e entendemos que sería unha posibilidade para explotar en canto non sexamos quen de desenvolver un marco máis ambicioso.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, empezo de novo polo camiño de Damasco. Neste caso a caída foi xa hai algún tempo, foi no ano 2014. Porque no ano 2009 o señor Feijóo chegou ao Goberno galego, e el sabía perfectamente que había crise. Era o único que o sabía. Zapatero non o sabía, Emilio Pérez Touriño non o sabía, só o sabía el. Iso si, sabía que había crise e pobreza pero tardou cinco anos —dende o 2009 ao 2014— en poñer en marcha o primeiro mecanismo para paliar as cuestións relacionadas coa pobreza enerxética, e votouse sistematicamente en contra neste Parlamento de todas as propostas feitas dende os grupos da oposición para precisamente arranxar este problema.

E, efectivamente, no ano 2014 inician este proceso, que foi, nunha expresión coloquial pero que lle vén cravada ao mesmo, parir un rato —un rato de roedor, non de tempo—. Digo parir un rato —por se hai algún problema de comprensión, nada máis— porque as necesidades en termos de pobreza neste país medraron de maneira espectacular dende o ano 2008 ata o ano 2014. E lamentablemente non melloran dende entón, aínda que o produto interior bruto da comunidade autónoma mellore. E de novo volvemos ao tema absolutamente relevante —isto da ideoloxía e da política é o que ten— de como se distribúe ese crecemento económico, de como se distribúe esa parte do pastel, por chamarlle en termos metafóricos. E eu, aínda a risco de ser repetitivo, vou repetir os datos da enquisa de poboación activa. Sei que o dixen pola mañá e, en fin, non o dixen na anterior iniciativa porque probablemente na mesma sesión dúas veces era moito. Pero agora vounos repetir.

No conxunto de España no último ano os fogares sen ingresos —insisto, sen ingresos, que son os que van aos bancos de alimentos, a Cáritas ou literalmente aos servizos sociais dos concellos, que, por certo, non teñen competencias, quen as ten é a Xunta de Galicia, como vostedes seguro que ben saben— medraron un 13,5 %. Dou os datos, por se hai algunha dúbida na regra de tres. De 32.800 no cuarto trimestre do ano 2015 a 37.100 no cuarto trimestre do 2016. Se fan unha regra de tres verán que é exactamente un incremento do 13,5 %. Mentres que no conxunto de España baixaron un 11 %.

Pero volvo dar o dato da era Feijóo, esa era que lle permite ao presidente Feijóo sacar peito polo cumprimento do déficit cando pasea polo resto de España. En España aumentou o número deste tipo de fogares —insisto, sen ingresos— un 21 %, e en Galicia un 88 %. Exactamente de 19.700 a 37.100. Insisto en que a regra de tres é fácil.

Ao lado disto temos os 5.400 millóns de euros de beneficios das tres grandes eléctricas, dos que falei antes. É o outro toque impresionista, porque en cinco minutos non dá tempo a abordar unha pintura realista, síntoo por Antonio López.

Pero aínda hai máis, hai máis, porque hai un dato que non aparece claro nas estatísticas do Instituto Galego, que é o tema da infravivenda, iso que antes chamabamos chabolismo pero agora, como somos finos e elegantes, chamámoslle infravivenda, pero é chabolismo, en moitos casos sen subministración de auga e na maior parte destes casos sen ningún tipo de subministración de evacuación de ningún tipo de residuos. Son 10.000, 10.000 infravivendas, co cal ese ticket eléctrico do que falan os señores do Partido Popular e o Goberno do señor Feijóo nin sequera cobre esas 10.000 infravivendas, que por suposto todas eles teñen banda ancha para conectarse a través da internet e solicitar o tíquet eléctrico.

Todos sabemos que acontece iso. Basta con que alguén vaia polo poboado que hai en Poio ao lado de Pontevedra ou polo que hai entre Maside e O Carballiño para darse conta da cobertura de banda ancha que facilita enormemente a xestión deste tipo de prestación social. Esta é a conexión coa realidade do país que ten este goberno. Eu creo que é un exemplo metafórico e paradigmático da desconexión coa realidade do país que gobernan.

E logo, indubidablemente, veñen aquí a dicir que se van cubrir todas as demandas que haxa. Pero ¿como vai haber demandas se é xente que non ten acceso á información nin o capital social e relacional para acceder a esa información, e xa non digamos —insisto— a cobertura tecnolóxica, esa que o señor Rueda di constantemente que está no 97 % da poboación desta comunidade autónoma. Eu recoméndolles que se dean un paseo por San Xoán de Río, que o coñezo ben. Claro, señor Blanco Paradelo, exactamente un paseíto por alí e vemos perfectamente a conexión en banda ancha na miña casa. Eu invítoos a que veña comprobalo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Remato, señor presidente.

Polo tanto, efectivamente nós imos apoiar esta iniciativa. Pero eu quero mostrar o interese e a rapidez na reacción deste Goberno. Miren, cun IPC medrando a un 3 %, co problema do

dato —que é verdade que é un dato conxuntural— de incremento espectacular do prezo da luz, incremento que non vén do ceo, que vén dunhas estratexias empresariais determinadas, este grupo fixo unha pregunta sobre pobreza enerxética, e remítenme o día 10 de febreiro, de agora, a unha intervención do Goberno do 13 de decembro. É dicir que, nun contexto radicalmente distinto —a peor, porque sobe o IPC, porque sobe o prezo da enerxía e porque aumenta o número de fogares sen ingresos—, a vostedes válelles o que nos contaron en decembro, que, por certo, era xa unha milonga desconectada da realidade. Agora, lamentablemente, máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías, de novo.

Señor Sánchez, dende o Grupo Parlamentario Popular queremos manifestar que estamos de acordo con vostede en que é prioritario mellorar e abordar o problema da pobreza enerxética de forma inmediata. O compromiso do Grupo Popular e do Goberno da Xunta con todos os fogares en situación máis vulnerable é total, con aqueles que non poden pagar nin o recibo da luz nin o do gas. Por iso este goberno foi dos primeiros en actuar, porque dende o ano 2014 ten medidas específicas para paliar a pobreza enerxética.

E, señores de En Marea, alégrome de que por fin valoren positivamente este esquema de axudas. Pero hai unha semana tivemos un debate similar na Comisión 6ª, no cal presentamos unha emenda de substitución para o estudo da mellora de axudas ás persoas en risco de pobreza enerxética, e vostedes rechazárona.

Vostedes saben que a Asociación de Ciencias Ambientais fixo un terceiro estudo sobre a pobreza enerxética en España e concluíu que as comunidades autónomas máis vulnerables fronte á pobreza enerxética son Andalucía, Castela-A Mancha e Extremadura, ningunha gobernada polo PP. E o que recomenda esta asociación para frear a pobreza enerxética é actuar nas liñas nas que está actuando o Goberno galego.

Porque, mire, señor Sánchez, as Mareas non queren solucións, nin para a xente de Galicia nin para a xente do resto de España. Demostrárono hai unhas semanas no Congreso dos Deputados, cando tamén votaron que non ao real decreto lei polo que se regula un novo mecanismo de financiamento do custo do bono social. Este bono social consolida axudas para preto de 250.000 fogares galegos. Explíqueme entón como é que a súa votación foi en contra. ¿Onde está a axilidade que tanto demandan?

Votaron que non á introdución dunha segunda categoría de consumidores que requiren un maior apoio pola súa menor renda, ou por unha serie de circunstancias persoais, para os que o desconto podería ser mesmo superior ao 25 % actual. Votaron que non a unha terceira categoría de consumidores cunha situación de vulnerabilidade severa, aos que non se lles

poderá suspender a subministración eléctrica. A estes consumidores, señoría, ademais de aplicarlles o desconto máis intenso, as empresas eléctricas cofinanciaranlles parte do custo da subministración para así completar as axudas previstas polas comunidades autónomas e os concellos. Votaron que non á introdución de obrigas ás compañías eléctricas, como son notificar aos servizos sociais das comunidades autónomas os impagos, para que estas administracións poidan actuar, o que permitirá, dende logo, dispoñer dun mecanismo de alerta temperá. Tamén votaron que non a que as ditas compañías amplíen de 2 a 4 meses o prazo para proceder ao corte de electricidade, ou á obriga de informar os clientes da modalidade de contratación do prezo da luz e do bono social.

A todo isto, señoría, vostedes votaron que non, porque a vostedes non lles interesa chegar a acordos.

Miren, o Goberno galego actúa. O compromiso con todos os fogares vulnerables é total. Repito que foi un dos primeiros en facelo, porque dende o ano 2014 ten medidas para paliar a pobreza enerxética, a través do ticket eléctrico social e a través da axuda que se dá para evitar o corte de electricidade, que, como ben dixo o conselleiro e o presidente Feijóo, se está a ampliar tamén ao gas natural, garantindo así o consumo enerxético das familias máis vulnerables.

E, sumadas estas axudas ás aprobadas no Congreso dos Deputados, chegaríase a aforros de preto dun 40 % na factura da luz. Pero, insisto, vostedes, señores de En Marea, a todo isto votaron en contra, aínda que, como dixen, é todo un avance que polo menos recoñezan a validez das axudas que aprobou este goberno.

Miren, o Goberno da Xunta atendeu o cen por cento das solicitudes, máis de 6.000. E neste ano 2017 por suposto que se atenderán igualmente todas as que se reciban. De todos modos, somos conscientes de que hai marxe de mellora, e existe o compromiso do Goberno da Xunta por avanzar unha vez definido o novo marco xeral do Estado contra a pobreza enerxética.

Como xa dixo o presidente Feijóo nesta Cámara, estudarase a ampliación da poboación diana do ticket eléctrico social. Nós estamos abertos a dialogar para atopar máis solucións a este problema, señoría. Diso se trata a política, de dar respostas, respostas responsables que respondan ao interese xeral dos galegos e das galegas e que sexan viables, e tamén que estean dentro das nosas competencias autonómicas.

E deixen dunha vez a teima de que este goberno prima o interese das eléctricas. Este goberno non foi o que perdoou máis de 3.000 millóns de euros ás eléctricas ao non reclamar o cobrado de máis polos custos de transición á competencia. Foi o señor Zapatero, co apoio dos nacionalistas, non se equivoquen. Pero si que foi este goberno o que abriu preto de 2.400 expedientes sancionadores a estas compañías, por un valor de case 24 millóns de euros, cando o Bipartito só abriu 9 expedientes por un valor de 97.000.

Repito, o Grupo Popular e este goberno non se conforman. E faranse todas as melloras que se poidan levar a cabo en favor das familias que máis o necesitan.

E, por último, quero sinalar que o Goberno central tamén ten decidido conxelar as peaxes para 2017, polo que o 60 % da factura enerxética non aumentará.

Señorías, isto é o que se fixo e o que se fará en beneficio dos máis vulnerables.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

Polo grupo autor da moción, o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, eu creo que viña preparada para outra intervención. Non sei de que falou. Non falou nada do que aquí viñemos falar. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Estiven escoitando perfectamente. Mire, non sei se gobernaron As Mareas —como vostedes din— de 2012 a 2015 neste país. Creo que gobernou o Partido Popular, ¿verdade? E nese período ¿sabe, segundo o INE, en canto se multiplicou a pobreza enerxética? Por tres, ¡por tres! Pasaron de 75.000 fogares a 198.000. E é responsabilidade das Mareas tamén, supoño. ¿Verdade?

E tamén é responsabilidade das Mareas que vostedes saquen unha orde no 2016 con 600.000 euros de orzamento e que se executen só 400.000, e que os outros 200.000 vaian para a Cidade da Cultura, para a súa iluminación. E que, en vistas diso, de que non chegan suficientemente á xente, en vez de ampliar os criterios vostedes recortan o orzamento para este ano. ¿Verdade?

Porque a nós non nos parece que as súas medidas palíen o problema cando se multiplicou por 3 en tres anos, señora Nóvoa. Son un fracaso, son publicidade e propaganda, ¡publicidade e propaganda, publicidade e propaganda! (*Aplausos.*) Só que con vostedes témolo que intentar por terra, mar e aire, a ver por onde entra o gol. É dicir, nós podemos vir aquí e dicir que a súa ideoloxía xera desigualdade, que as súas políticas xeran desigualdade, etc. Pero o que trouxemos hoxe foi unha medida para que as súas ordes, esas que non chegan verdadeiramente á xente que o necesita, cheguen a máis xente que o necesita. Nada máis que iso. E vostedes non a aproban porque vostedes, evidentemente, están a outra cousa, está a dicir que fan pero sen facer. E os datos din que non fan. Os datos din que non fan, e non lles bote a responsabilidade a outros.

Mire, vostedes presumen de que foron os primeiros en implementar estas axudas. Ben, ¿a canta xente pretendían chegar cando iniciaron estas axudas, señora Nóvoa? ¿Cantas publicitou o señor conselleiro? ¿A cantas chegan? Vostedes non chegaron nin ao 40 % do que anunciou o señor conselleiro. E, simplemente, o que nós propoñemos serviría para que chegaran aos seus obxectivos. Era un obxectivo modesto, pero, claro, como o propoñemos nós, a vostedes non lles vale, porque a vostedes non lles importa o sufrimento da xente. Non lles importa o sufrimento da xente. (*Murmurios.*) Exactamente. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, si, ¡xa se ve nos feitos! (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Mire, ¿como que non teñen conivencia coas empresas eléctricas?, *(Murmurios.)* ¿como que non? ¡Vostedes traballan para as empresas eléctricas! *(Aplausos.)* ¡Vostedes traballan para as empresas eléctricas! Evidentemente, ¡claro que si! *(Aplausos.)* Outra cousa é se quere vostede..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* o señor Pazos..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...e todos os que están berrando agora sen ningunha chamada á orde, se queren, que discutan co Partido Socialista a ver quen traballou máis para as eléctricas, pero a min non me metan niso. Vostedes traballan para as eléctricas. *(Aplausos.)* ¡Si, señor! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Si, señor!, ¡vostedes traballan para as eléctricas...! *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Si, señor Pazos, non se poña así.

O señor PRESIDENTE: E remate xa, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Vostede está nun partido que ten moitos membros que tomaron decisións a favor das eléctricas e que agora están cobrando uns salarios suculentos das empresas eléctricas. ¿Ou Arsenio Fernández de Mesa de que partido é?, ¿de En Marea, ou que? *(Aplausos.)* ¿Que capacidade ten o señor Arsenio Fernández de Mesa para mellorar a... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ¡É unha vergoña! *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. Remate.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: É que vostede debería de estar colorado en vez de indignarse todo. Arsenio Fernández de Mesa...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...vai cobrar 175.000 euros...

O señor PRESIDENTE: Remate, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ¿Isto non é corrupción? *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: 150.000 euros, que é case...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...case o 33 % do que vostedes adican para o ticket social eléctrico.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ¡Debería caerlles a cara de vergonza, home! (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas. (Murmurios.)

Silencio. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Silencio, por favor. Todos. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Silencio. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Por favor, silencio a ambos lados. ¡Silencio! (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Silencio. Vamos con tranquilidade que nos vai mellor a todos. ¡Veña!

Pasamos á seguinte moción.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de emprego público.

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Xa está. (Murmurios.) Silencio, por favor.

Creo que son vostedes deputados que xa coñecen isto. Imos levar isto con tranquilidade. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

A esta moción presentou unha emenda o Grupo Parlamentario de En Marea. (Os señores Pazos Couñago e Sánchez García pronuncian palabras que non se perciben.)

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada e voceira suplente Carmen Santos Queiruga, ao abeiro do disposto no artigo 15 1.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición no apartado 2.º).

Débase engadir no apartado 2.º), despois do primeiro punto seguido, a seguinte expresión:

<<..., sendo obrigatorio, como mínimo, a elaboración de un informe anual para cada unha das con-sellerías.>>)

O señor PRESIDENTE: Por favor, vai intervir o señor Villoslada.

Silencio. Señor Pazos e señor Sánchez, vounos chamar á orde. ¿Vale? (Murmurios.) ¡Silencio!

Cando queira, señor Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Grazas, señor presidente. Boas tardes, señorías.

A moción que hoxe defendemos por parte do Grupo Parlamentario Socialista é resultado da interpelación presentada no pasado pleno do día 8 de febreiro, na que interpelabamos a Xunta de Galicia —a Consellería de Facenda, en concreto— para coñecer, neste novo escenario económico 2017, se estaban en disposición de retomar o diálogo social e a negociación colectiva, no ámbito do sector público autonómico, para acadar unha mellora ou unha recuperación substancial na calidade dos servizos públicos.

A moción que hoxe presentamos, resultado desa interpelación, precisamente o que busca desta Cámara é un compromiso firme por parte do Goberno e do Grupo Parlamentario Popular para —como dicía— acadar dunha vez un pacto pola calidade dos servizos públicos para este mandato durante os exercicios 2017-2020.

Naquela presentación da interpelación faciamos un repaso, sen que fora exhaustivo, do conxunto de medidas e de recortes que se tiñan aplicado no conxunto dos servizos públicos da Comunidade Autónoma durante este último mandato de forma especial. Faciamos un repaso dos diferentes recortes que levaba a cabo a Lei 1/2012, da que, insisto, solicitamos a súa derrogación de forma clara e inequívoca. Faciamos tamén un repaso da minoración do conxunto de persoal ao servizo da Administración pública de Galicia con motivo de toda a secuencia de taxas de reposición de efectivos. Faciamos tamén unha alusión aos recortes salariais, que en Galicia foron especialmente intensos no emprego público durante os anos 2013, 2014, 2015 e 2016; sen que tiveran parangón no resto das administracións públicas do noso país. E tamén faciamos alusión a toda unha serie de datos no ámbito do ensino —do que esta mañá tamén se falaba— no ámbito da sanidade ou no ámbito da investigación e desenvolvemento, e falabamos das taxas de emprego temporal.

Falabamos tamén da suspensión unilateral do V Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia. Faciamos tamén unha referencia, precisamente, ás recomendacións da propia institución da Valedora do Pobo, establecendo que a Xunta de Galicia debería retomar este diálogo social. E faciamos ver toda unha serie de medidas que precisamente deterioraran dunha forma especial o conxunto dos servizos públicos en Galicia.

Diciamos tamén que, sen embargo —e a pesar do que dicía naquela intervención á interpelación o conselleiro de Facenda—, non parecía que a forma de presentar os orzamentos de 2017 dous días antes ás organizacións sindicais, e, por outra parte, a forma de modificar de forma tamén unilateral —e vouno dicir outra vez, de forma fraudulenta— a Lei de emprego público de Galicia pola porta de atrás, coa Lei de medidas de 2017, manifestaban ou evidenciaban precisamente o contrario do que o señor conselleiro facía referencia en relación con que si que estaban a falar coas organizacións sindicais.

Cando falamos de medidas en materia de emprego público, á parte de falar de emprego, do que estamos falando no fondo é da calidade dos servizos públicos. Precisamente, a calidade dos servizos públicos é o mecanismo redistributivo que ten o noso Estado —e que, no noso

caso, ten Galicia— para asegurar un tratamento igual das situacións desiguais. Nese sentido, por iso insistimos en que falar de emprego público —e non nos cansaremos de dicilo— é falar de asegurar a calidade dos servizos públicos.

Por iso nesta moción recollemos un decálogo. Trátase de dez medidas moi concretas que, se seguimos algún dos argumentarios que tamén poñía nesta tribuna o conselleiro de Facenda, poderíamos entender que estarían en marcha. O que pasa é que temos o coñecemento, loxicamente, por parte das organizacións sindicais —que precisamente tamén este domingo saían á rúa— de que isto non está a suceder.

Nas dez medidas que por parte do noso grupo se presentan para conseguir recuperar a calidade dos servizos públicos e impulsala de novo como en anos anteriores, nestas dez medidas —como digo— incluimos dúas partes: un primeiro conxunto de medidas a traballar no ámbito das mesas de negociación; e outra medida que é importante para conseguir avaliar dunha forma sistemática, rigorosa e imparcial, a calidade dos servizos públicos en Galicia.

Por iso como primeira medida o que si lle solicitamos á Consellería de Facenda, conxuntamente co resto do organigrama autonómico —porque aquí ten implicación en mesas sectoriais a Consellería de Sanidade, o Sergas, a Consellería de Educación, etc.—, é que se aborde dunha vez un plan sistematizado de oferta de emprego público para o período 2017-2020 que permita recuperar as taxas de emprego estable perdido durante o período 2009-2016, impulsando, neste sentido —e retomo algunhas palabras do conselleiro—, a supresión das taxas de reposición de efectivos para conseguir estes obxectivos.

En segundo lugar, un calendario —por favor, previsible— para a execución e a finalización dos procesos de consolidación de emprego temporal, de funcionarización e de promoción interna, que permita dunha vez estabilizar o emprego público autonómico e impulsar a suspendida carreira profesional en moitos dos colectivos.

En terceiro lugar —e así o manifestamos tamén nas emendas que presentamos aos orzamentos deste exercicio 2017—, insistimos na necesidade de non seguir abandonando a Escola Galega de Administración Pública nos seus programas de traballo. Os servizos públicos necesitan que a Escola Galega de Administración Pública reforce os seus recursos para ser quen de identificar os itinerarios profesionais, desenvolver os programas de formación por competencias e levar a cabo unha política de apoio á promoción interna practicamente inexistente a día de hoxe.

Exiximos —e isto si que é unha exixencia nosa, pero sobre todo dos representantes dos traballadores—, como dicía, que se levante a suspensión que a Lei 1/2012 establecía sobre determinados preceptos do V Convenio colectivo único, e nomeadamente —insisto— sobre o artigo 19 en materia de libranzas e descansos do persoal a que faciamos referencia en anteriores iniciativas.

En quinto lugar, exiximos tamén que se deixe de penalizar economicamente as situacións de incapacidade temporal; polo tanto, que se aborden aquí e que se inste o Goberno central a adoptar as medidas necesarias neste sentido.

Como tamén se falaba nalgunha iniciativa desta mañá, de forma sectorial é fundamental recuperar os acordos retributivos para o período 2008-2012 suspendidos unilateralmente no ámbito do Servizo Galego de Saúde. E, por suposto —como nalgunha outra comunidade autónoma tamén puxo en marcha—, levar adiante e prever un fondo especial de recuperación retributiva durante o período 2017-2020 que, coa necesaria progresividade, recupere a masa salarial e os fondos de acción social minorados de forma substancial e recortados durante o período 2013-2016.

En oitavo lugar, tamén demandan os representantes dos empregados públicos a estabilización dos cadros de persoal. Necesitan un sistema e un mecanismo de convocatoria permanente de concursos para a provisión de postos vacantes, de forma que se evite a excesiva proliferación —que xa coñecemos— das comisións de servizos e que se dote, precisamente, de estabilidade o persoal.

E avogamos tamén, en noveno lugar, por unha nova estratexia de igualdade no emprego público para este novo mandato.

Como cláusula de peche, observamos tamén absolutamente necesario instrumentar un observatorio que controle e avalíe a calidade dos servizos públicos da nosa Comunidade Autónoma, no que estean presentes, ademais dos responsables da Administración autonómica, as organizacións sindicais, as organizacións de usuarios e consumidores e os expertos. Este observatorio entendemos que debería encadrarse —como dicimos na nosa moción— na Lei 1/2015, de 1 de abril, de garantía e calidade dos servizos públicos e da boa administración, que deberá ser obxecto da necesaria modificación, xa que tanto a Comisión interdepartamental que nela se regula, como o sinalado barómetro de calidade establecido nesta lei en 2012, en principio entendemos que non instrumentos válidos para avaliar a calidade e a evolución da calidade dos servizos públicos da nosa comunidade autónoma.

Como dicía, para nós é unha liña estratéxica a recuperación da calidade dos servizos públicos. Teñamos en conta varios datos que temos tamén estes días encima da mesa. O IPC, na súa variación interanual, está no 3,2, e isto —á parte do resto dos colectivos de empregados—, no ámbito do emprego público, incrementa os diferenciais existentes a respecto da redución salarial. Entendemos que é mellor un calendario de negociación que un anunciado calendario, loxicamente, de mobilizacións.

Hai algún dato que creo que nos debe preocupar de forma importante en termos de emprego. Segundo os últimos datos da EPA do cuarto trimestre de 2016, 1 de cada 4 empregados públicos en Galicia é temporal, o 25 % da taxa de temporalidade. Por favor, non teñamos en ascuas a máis de 4.000 traballadores e traballadoras temporais, sobre todo do ámbito de política social, en absoluta inseguridade laboral...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...despois da modificación unilateral da Lei de emprego público coa Lei de medidas.

Nada máis. Boas tardes. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Boas a todos e a todas, señor presidente, membros da Cámara.

Dende o Grupo Parlamentario de En Marea compartimos a esencia desta moción presentada polo Partido Socialista. Consideramos a Administración pública —e, por extensión, os traballadores e traballadoras que a conforman— como un eixo fundamental para o mantemento do noso sistema non só de benestar, senón para o noso sistema democrático.

Asegurar os servizos básicos, gratuítos e de calidade, como son a sanidade ou a educación, é fundamental e clave. Un, porque para nós son dereitos fundamentais; e, dous, porque o consideramos como algo esencial para acadar unha sociedade galega máis xusta e igualitaria, onde se asegure que non hai cidadáns de primeira ou de segunda en función da súa conta corrente.

Nós cremos que é importante falar con seriedade deste tema, por iso imos facelo con datos da situación onde están os empregados públicos a día de hoxe —tal e como lle encanta utilizar os datos ao Partido Popular— e imos utilizar os datos facilitados polo Ministerio de Facenda do señor Montoro.

Señor Matoro, o terror das administracións públicas, que é coñecido por ter unha capacidade de recortar en dereitos e servizos dos cidadáns como ninguén na historia da democracia. Non se ría. Os que vimos da Administración tremiamos cada vez que oíamos Montoro.

Nos últimos anos vemos que hai uns datos que son moi alarmantes, e non nos fai graza, señor Tellado. Dende xullo de 2009 ata xullo de 2016, a Xunta de Galicia perde nin máis nin menos que 2.188 empregados públicos. Nos últimos anos, as baixas taxas de reposición para ocupar os postos dos empregados públicos que se xubilaban deixaron nunha situación tan delicada e precaria a nosa Administración galega que é realmente preocupante. En sectores considerados primordiais, como son a sanidade e a educación, a Xunta vende como un éxito que no ano 2016 se acadase unha taxa de reposición do 100 %. O que non conta a Xunta de Galicia é que do período de 2011 ao 2014 esta taxa foi do 10 %. É dicir, para que o entendan mellor, de cada 10 empregados públicos que se xubilaban, só se cubría un posto, só un. Polo tanto, dende En Marea, como é lóxico, consideramos que non chega cunha reposición do 100 % anual das prazas porque imos con retraso por todo o que non se repuxo e que quedou vacante.

Nós apoiamos concretamente unha das iniciativas desta moción do Partido Socialista, que consiste na creación dun plan de oferta de emprego público para o período 2017-2019 que sirva para recuperar as taxas de emprego perdido nos últimos sete anos.

Despois da exposición do conselleiro de Industria e da réplica do señor Tellado, como Galicia vai tan ben, temos unha economía tan boiante, estamos cunha situación económica tan con-

solidada, non é tanto pedir, é algo que se pode conseguir perfectamente e que non terá ningún problema o Grupo Popular, imaxinamos.

Gustaríanos concretar dous sectores dos que falabamos antes, principais dentro das preocupacións dos galegos e das galegas, como son a educación e a sanidade. Con respecto á situación do persoal docente non universitario, no que se inclúen profesores de secundaria e de primaria, a caída dos empregados públicos é aínda maior que no resto dos sectores. No período de 2009 a 2016, o número de profesores reduciuse en 1.510, representando nin máis nin menos que o 69,01 da destrución total do emprego público autonómico dos últimos sete anos. Sen embargo, tamén dende o ano 2009, segundo o Instituto Galego de Estatística, o número de alumnos matriculados en centros públicos galegos aumentou un 9,41 %.

Polo tanto, vemos a problemática clara: por un lado, sobe o número de alumnos matriculados e baixa o número de profesores. E ademais engádesse outro problema a maiores. Segundo o último anuario estatístico sobre a situación da educación en España, o 40 % dos profesores teñen máis de 50 anos, representando isto un problema, xa que en Galicia se esperan máis de tres mil xubilacións para os próximos cinco anos. Se non se equilibran cunha boa oferta de emprego estes datos, xa me dirán como se vai manter o sistema público de ensino.

O mesmo se pode aplicar á sanidade. Recórtase deixando morrer, non poñendo o persoal, e iso sabémolo —repito— as que vimos da Administración e os que vimos da Administración, sabemos que é unha táctica moi efectiva.

Dende logo, na sanidade fan exactamente igual: hai un ataque brutal á sanidade pública. De feito, sabemos todos que están artellando un proceso de desmantelamento progresivo. Neste ano 2017, a partida que se destina é 394 millóns inferior á partida do ano 2009. Con esta bonanza económica que nos explicaron aquí, tamén nos gustaría preguntarlle a que se debe.

O que está claro é que non cren no sistema público. O que está claro é que non cren na sanidade pública, que queren deixar un servizo público marxinal para cidadáns de segunda. Porque din que cren no público, e nas autonómicas dixémoslle ao señor Feijóo que fora exemplar e, xa que o hospital Cunqueiro era tan bo, o mellor de España, que fora pai nese hospital, pero nin sequera foi capaz de convencer a súa parella de que era mellor o hospital público. É obvio, calquera nai tería o fillo nun hospital peor que nun (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) hospital mellor. Sabémolo. É lóxico que non poida convencela de que a sanidade pública é mellor.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: E para finalizar, para finalizar...

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Ou sexa, se non convence a súa parella, ¿como vai convencer os galegos? ¡É lóxico! Ou sexa que imos dicir a emenda. Grazas.

Gustaríanos pedirlle ao PSOE que teña en consideración a nosa emenda que presentamos no punto 2 da moción, na que se insta á elaboración dun observatorio permanente (*Murmurios.*) para a avaliación da calidade dos servizos públicos, porque...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...dende En Marea queremos engadir tamén o obrigatorio que é que este observatorio elabore un informe anual da situación de cada consellería...,

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Remate.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...sendo os resultados de acceso público para todos os cidadáns e cidadás, porque temos dereito non soamente a coñecer os orzamentos, senón en que o gastan, señorías. En que o gastan.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Porque o gastan...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Saben vostedes como o gastan, *girando y girando las puertas giratorias.* (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Silencio, silencio.

O señor BARÁ TORRES: Boa tarde.

Para relaxar un pouco o ambiente voules citar a unha poeta separatista: «*Probe Galicia, non debes chamarte nunca española, / que España de ti se olvida...*». Rosalía de Castro. Si, non era do Bloque, era separatista. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Ben, a verdade teño que recoñecer, falando deste tema dos servizos públicos, que o outro día lendo a Estratexia exterior do Goberno da Xunta quedei tranquilo, porque expoñían alí unha tese sobre as causas da crise que non coincide coa posición Tellado, poderíamos dicir; esa posición férrea e inamovible: a crise provocouna o Bipartito. Non, alí din que foi o momento da especulación financeira agravada pola situación da especulación inmobiliaria no Estado español. En fin, que teñen unha teoría distinta. Eu rogaríalles que lean a estratexia, a ver se van afinando máis a posición.

En todo caso, iso que se chamou crise —que se malchamou crise— realmente foi unha escusa, foi un pretexto, para un descomunal roubo; un roubo legalizado, un espolio de renda e de recursos, fundamentalmente da clase traballadora, e, sobre todo, un gran roubo de de-

reitos sociais e laborais que tamén afectou moi directamente aos servizos públicos e que provocou —como xa está máis que demostrado— un descomunal transvasamento de riqueza e de renda da clase traballadora para engordar as contas de resultados da gran empresa, do gran capital.

Polo tanto, hai dous fenómenos que caracterizan este proceso dos últimos anos, que foron a concentración da riqueza e, en segundo lugar, a centralización tamén do poder e da toma de decisións, impondo desde o centro do sistema políticas económicas e sociais inxustas e —tamén hai que dicilo— corruptas.

Esa toma de decisións foi desde a Unión Europea, o Estado Español, e o terceiro escalón é a Xunta de Galiza, que presume de ser alumna avantaxada na toma destas decisións inxustas. A verdade é que hai que dicir que todo isto foi posíbel por un gran acordo político, por unha gran coalición que permitiu que houbera unha maioría política na Unión Europea, e tamén no Estado español, que permitiu levar a cabo estas políticas e que levou, por exemplo, á reforma do artigo 135 da Constitución por un acordo entre o PSOE e o Partido Popular que impuxo o equilibrio orzamentario —aí está a raíz de todo— e tamén a prioridade absoluta do pagamento da débeda pública; e despois, xa por iniciativa do Partido Popular, levou á aprobación da Lei de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Todo isto tivo como consecuencia ese empobrecemento da clase traballadora, ese descomunal transvasamento de riqueza e de renda da xente que vive do seu traballo cara á xente máis rica, e un gran espolio de dereitos sociais, laborais e tamén democráticos: negociación colectiva, xornada laboral, contratación, pensións, despedimentos, prestacións por desemprego etcétera. E cebouse especialmente ese tipo de políticas, con especial crueza, no sector público e no persoal da Administración pública, que como está tamén demostrado perdeu ao longo de todos estes anos arredor do 30 % da capacidade adquisitiva en forma de reducións laborais, de eliminación de pagas extras, de conxelación salarial, de impostos directos ou indirectos ou do IPC. E tamén levou a unha drástica redución do emprego público e á deterioración de servizos públicos fundamentais para a xustiza social e para a vida das persoas. Polo tanto, tivo tamén consecuencias na actividade económica e no consumo, porque sabemos que a menos ingresos, menos actividade no consumo.

Polo tanto, desde o BNG apoiamos todas as medidas encamiñadas a recuperar os dereitos espoliados e os salarios e a capacidade económica, a capacidade adquisitiva, que foi espoliada, que foi eliminada ao longo de todos estes anos, pero tamén demandamos que se dea un paso máis, que vaíamos máis alá. Se realmente queremos chegar a un acordo polos servizos públicos e por recuperar eses dereitos espoliados e roubados, temos que cambiar o marco, temos que cambiar as regras de xogo, temos que cambiar a Constitución e tamén toda a lexislación que impuxo esas políticas inxustas. Polo tanto, esa lexislación que sacrifica dereitos e liberdades no altar e no dogma da estabilidade orzamentaria e do control da débeda pública.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Popular, señor Moreira.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señor presidente.

Moi boas tardes.

A iniciativa do Partido Socialista pide que no novo escenario de recuperación económica se retome o diálogo social. Creo que a primeira conclusión é importante. Por fin van recoñecendo que hai un escenario de recuperación económica. Creo que é un paso moi pequeno para o Partido Socialista pero un paso importante para o entendemento no Parlamento de Galicia, señor Villoslada. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A partir de aquí, vostedes —insisto— piden que se retome o diálogo social, e o que hai que dicirles é que a Xunta de Galicia está nun constante proceso permanente de diálogo coas organizacións sindicais, e ese diálogo está a permitir acadar unha serie de melloras nas condicións de traballo dos empregados públicos. Pódolle enumerar unhas cantas, por exemplo, o incremento de prazas da OPE 2016 na promoción interna do persoal laboral; o aumento da promoción interna nas prazas acumuladas na OPE 2015-2016; a oferta específica de emprego público por primeira vez para persoas con discapacidade intelectual ou a creación da comisión de seguimento sobre aplicacións e instrucións sobre o réxime de vacacións, permisos e licencias etcétera.

Porén, hai negociación, estase producindo a negociación. Coa negociación chégase a acordos. É o relatorio que lle acabo de dicir que podía ser máis extenso, pero non o vou facer por falta de tempo. É evidente que se están producindo acordos entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais.

O que nos preguntamos, señor Villoslada, é que negociación levou a cabo o Goberno do seu partido co presidente Rodríguez Zapatero cando por decisión unilateral decidiu recortar para a sempre un 5 % do salario dos empregados públicos. *(Aplausos.)* Non coñezo que tipo de negociación se produciu. E o Goberno da Xunta tivo que tomar medidas temporais ante un escenario de maior recesión, cun déficit que rozaba o 9 %, cunha prima de risco que chegou a superar os 600 puntos básicos e que puxo a España a borde do rescate, cando o paro acadaba cifras insostibles, cando as empresas pechaban, facían ERE, entraban en concursos etcétera.

Un goberno responsable tivo que tomar medidas temporais, e moitas desas cousas estanse recuperando pouco a pouco a medida que o escenario o vai permitindo. E o Goberno do Partido Socialista, ao que vostede pertence, o escenario que tiña, o diagnóstico que tiña, era aquilo de que estabamos na *Champions League* das economías e que ía todo fantasticamente. Ese era o diagnóstico, e con ese diagnóstico mire vostede que medidas se tomaron.

Por outra banda, en canto ao plan de oferta de emprego público, pois mire, as consellerías en 2008 presentaban un nivel de efectivos de 16.092 efectivos, e en 2016, 16.025; a diferenza é dunha baixada dun 0,4 %. A media total é unha baixada dun 0,05 % na Xunta de Galicia. Se quere comparar, comparamos coa Administración local, que era de -19,1 ou a Adminis-

tración central do Estado, que era de -5,8. Por tanto, ao final, en termos absolutos, estamos falando practicamente dunha diferenza de 40 efectivos. A nivel, por tanto, de emprego público, estamos practicamente en niveis do ano 2008. Este ano ofertaranse 3.000 novos empregos públicos estables, que o que se garantiu en todo momento foi a sanidade, a educación e os servizos básicos. A sanidade pública, á que todo o mundo ten dereito a ser atendido nesa sanidade pública, sen que ninguén, señora Santos, estea obrigada a ir á sanidade pública e sen que haxa que impoñer nin convencer a ninguén, porque, mentres governe o Partido Popular, as mulleres darán a luz onde elas queiran, ¿está claro? (*Aplausos.*)

E falando de calidade de emprego, hai outras administracións que si rebaixaron a calidade do emprego, si rebaixaron un 10 % a xornada e os salarios, e aquí en Galiza tomáronse unha serie de medidas como impulsar as ofertas públicas de emprego. Máis de 2.600 prazas ofertadas no 2016. Este ano —insisto— ofertaranse 3.000 prazas máis e impulsáronse concursos de traslados. Máis de 6.800 prazas ofertadas dende o 2009, e un longo etcétera.

En gran medida, parte das cousas que pide vostede, como que se elimine a taxa de reposición —aquí sempre se mantivo a máxima taxa de reposición, o máximo que se permitiu; non noutras comunidades autónomas, pero en Galicia si—, señor Villoslada, dependen do Partido Socialista, de que se apoiem as contas do Goberno central, porque iso permitirá facer máis avances e que se poidan ir recuperando certos aspectos do emprego público que tiveron que ser recortados durante os anos de recesión económica porque había que tomar esas medidas. Pouco a pouco, moitos deles estanse recuperando, e o outro día o conselleiro aquí deu unha conta longa de moitos acordos aos que se está chegando para recuperar moitas condicións de traballo, porque eran medidas temporais, non eran medidas definitivas, e moitas delas xa se están recuperando.

De feito, dende o 2015, por exemplo, en materia social creáronse 151 novas prazas destinadas a aumentar as categorías nos centros de maior carga de traballo e a posibilidade de desfrutar de días de asuntos persoais sen estar condicionado por necesidades de servizo.

Piden vostedes cousas como o Observatorio, e xa existe esa figura na Lei 1/2015, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración; ao final sacáronse os resultados no Barómetro de calidade dos servizos públicos. E outra serie de cuestións que, sinceramente, se están facendo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor MOREIRA FERRO: Principalmente, o diálogo social, señor Villoslada, nunca cesou, está funcionando día a día, e chégase a acordos coas organizacións sindicais. Polo tanto, non imos apoiar esta iniciativa do Partido Socialista.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Moreira.

Grupo autor da moción, señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Grazas, presidente.

Polo que respecta, en función das intervencións, brevemente agradecer as consideracións da señora Santos, porque, pola nosa parte, ao introducir esa emenda á nosa moción veríamos que completaría esta cuestión. Aínda que nós avogamos porque na modificación da Lei 1/2015 este observatorio teña unha regulación completa, con prazos de rendición de informe... vemos que poden axudar a mellorar as medidas que incorpora a moción.

Non sei se é cargo de conciencia ou non é cargo de conciencia, señor Moreira, pero se hai diálogo social e hai negociación colectiva, non sei por que as organizacións sindicais se manifestan diante do Parlamento, saen á rúa... (*Aplausos.*) É que de verdade... Porque, se é así, nós retirariamos a moción, pero precisamente as organizacións sindicais, e o conxunto dos empregados públicos, están demandando toda unha serie de medidas que nós estamos recollendo na moción.

Hai datos que son irrefutables, e estes datos son da propia Consellería de Facenda, datos de emprego público. Non se pode dar o dato que están dando cando na propia páxina web da Consellería de Facenda vemos como só en postos estruturais a Xunta de Galicia perdeu practicamente 3.000 postos estruturais, baixando de 89.299 a 86.499. Son datos publicados pola propia Consellería de Facenda. Sei que igual non lles interesan moito, pero son os datos oficiais que hai.

Hai un tema no que insistimos moito, como é a perda de efectivos adicados a investigación e desenvolvemento, e son datos INE do período 2010-2015. Perdéronse 1.075 no sistema de ensino público superior en Galicia e 420 nos centros de investigación da Administración pública galega; 1.500 investigadores que perdeu este país para cambiar non sei que modelo produtivo.

Foi o 20 % a redución dos salarios que levaron por diante os empregados públicos no período 2013-2016. Ningunha administración pública neste país levou adiante un recorte salarial no emprego público como o Goberno da Xunta de Galicia deste último mandato. Son datos que temos encima da mesa, son datos que ten todo empregado público, son datos que están poñendo tamén encima da mesa as organizacións sindicais e son datos que, en definitiva, o que están indicando é unha perda de calidade do servizo público.

O que pedimos é que avogemos por un pacto pola recuperación do servizo público, nada máis e nada menos, señor Moreira.

Grazas. (*Aplausos.*)

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada.

Rematadas as mocións, imos proceder ás votacións.

Faremos dúas votacións. En primeiro lugar, votaremos as mocións. E logo, tal e como se anunciou, votaremos a solicitude de creación da Comisión de investigación do accidente de Angrois.

Comezamos votando a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños.

Xa manifestou que aceptaba o punto 2 da emenda socialista e que non aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e a actuación que debe levar a cabo en relación coas dificultades das familias para o pagamento do recibo da luz.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa de don Antón Sánchez García.

Non hai emendas. Votamos.

Votación da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa pobreza enerxética.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada.

Foi aceptada a emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de emprego público.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación

O señor PRESIDENTE: Votamos xa todas as mocións e procedemos a votar a solicitude de creación da comisión.

Penso que xa teñen todos a papeleta para a votación. Entón, prégolle ao vicepresidente e á vicesecretaria que baixen a onde está a urna, e á señora secretaria que empece o chamamento para a votación por orde alfabética.

A señora SECRETARIA (Arias Rodríguez): Grazas, señor presidente.

(A señora secretaria, Arias Rodríguez, procede a efectuar o correspondente chamamento das señoras e dos señores deputados, que depositan o seu voto na urna. A seguir, fano os deputados membros do Goberno e finalmente os membros da Mesa.)

O señor PRESIDENTE: ¿Votaron todos os deputados?

(Procédese ao escrutinio.) (Pausa.)

Xa temos o resultado. Votaron a favor, 20; hai 14 abstencións e 39 votos en contra.

En consecuencia, non procede a creación da comisión de investigación. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Prégolles aos servizos da Cámara que acompañen os nosos invitados ao vestíbulo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. Por favor, acompañen os nosos invitados ao vestíbulo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Silencio, por favor.

Non están permitidos os insultos. Silencio, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Acompañen, por favor, os nosos invitados ao vestíbulo. ¡Silencio!

Continuamos coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Abel Fermín Losada Álvarez e D^a María Dolores Toja Suárez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intencións da empresa Ferroatlántica de segregar as súas actividades de produción de enerxía eléctrica e de ferroalixes, así como a venda das centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Miguel Tellado Filgueira, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Esixir a empresa Ferroatlántica o mantemento da actividade productiva e dos postos de traballo na factoría de Cee-Dumbría a través das inversións necesarias para este fin. Traballar con Ferruglobe para conseguir o desenvolvemento dun Plan de modernización das súas fábricas en Galicia que conte co máximo respaldo social e sindical.

2. Velar polo mantemento das condicións establecidas nos documentos concesionarios vixentes das centrais hidroeléctricas con aproveitamento nos ríos Xallas e Grande, e moi especialmente as seguintes:

a) Non poderán segregarse de Ferroatlántica SA as actividades de ferroaliaxe e de produción de enerxía eléctrica polas centrais.

b) A perda por parte de Ferroatlántica SA da súa condición de titular dos aproveitamentos sinalados ante calquera acredor, memos pignoraticio, será causa de extinción destes nos termos establecidos nos documentos concesionarios.

3. Solicitar que os postos de traballo que se derivan da xestión, administración, contabilidade e explotación da división de enerxía, recaian no centro de traballo de Cee-Dumbría-Centrales Hidroeléctricas, como así foi desde sempre, na historia de Carburos Metálicos».)

O señor PRESIDENTE: Para a defensa da proposición non de lei ten a palabra a señora Toja.

A señora TOJA SUÁREZ: Boa tarde.

Unha vez máis, traemos a debate a situación de Ferroatlántica, a fábrica da Costa da Morte. A verdade é que, despois de tantas ocasións que tivemos de tratar este tema e a pesar de que xa se preguntou practicamente todo, a día de hoxe a realidade é que de todo iso que preguntamos practicamente non se respondeu a nada. Aínda así, hoxe é unha ocasión importante para traer Ferroatlántica. Os traballadores teñen convocada unha folga para o mes de marzo e acaban de pedir unha entrevista co conselleiro de Industria.

Señor Conde —que non está—, reciba os traballadores e traballadoras, reúnanse con eles, estallo pedindo. Bueno, díganlle que os reciba. *(Aplausos.)*

A situación actual é a seguinte: nestes momentos existe unha proposta de venda sobre as centrais por valor de 255 millóns, pendentes de aprobación das autoridades, segundo o diario *Expansión*, ou pendente da consecución das preceptivas autorizacións, segundo o diario *Cinco Días*, porque, lamentablemente, nos temos que enterar de cal é a situación de Ferroatlántica pola prensa.

Vendo isto e chegados a este punto, está claro que nesta situación algo está pasando, e permítanme que o diga así, porque a venda das centrais de Ferroatlántica xa foi tratada en pleno, xa foi tratada como pregunta ao presidente, como pregunta ao conselleiro dúas veces, en comisión de Industria e agora neste pleno, por non falar da reunión que tivo o presidente da Xunta cos señores alcaldes da Costa da Morte, na cal se comprometeu, entre outras cousas, á transparencia, dada a importancia enorme que ten para a Costa da Morte o destino de Ferroatlántica. O certo é que temos avanzado bastante —¡só faltaría! — en canto á importancia de cumprir coa legalidade, esa legalidade que, como dicíamos, implicaba que non se podía perder a cotitularidade de Ferroatlántica e que, ademais, non se podía realizar a segregación, pero temos moi pouco avanzado en canto á transparencia. ¿Canto temos avanzado en transparencia? Nada, cero.

Este proceso, se por algo se está caracterizando precisamente é por esa falla de transparencia, unha falla de transparencia dende o principio e, en consecuencia, pois, a angustia dos traballadores e traballadoras; angustia que xera incerteza de non saber que vai ocorrer cos seus postos de traballo, cunha proposta de folga para o mes de marzo. Así, esta é a situación, e o Goberno xustifica a súa falla de transparencia dende o principio porque tal operación non existe.

A vostedes non lles consta, só se trata dun rumor. En cambio, baseándose en tales rumores, si que solicitan aqueles famosos informes técnicos e xurídicos e, con base en tales rumores, tamén anunciaron en plena campaña electoral a creación de postos de traballo en Sabón, para o cal sabemos que era preciso, precisamente, vender as centrais. Aquí hai algo que non cadra.

Chegados aquí hoxe, no día de hoxe, con todo o que o tempo foi poñendo as cousiñas no seu sitio, é preciso insistir en que os seus postos de traballo de CEE e Dumbría, os postos actuais, deben ser un punto de partida, non deben ser un punto de chegada; débense manter os postos de traballo, e para iso Ferroatlántica debe facer os investimentos que sexan necesarios. Calquera ampliación, diversificación, investimento ou plan que supoña un incremento de maior formación na comarca, é dicir, incrementar as posibilidades de desenvolvemento profesional dunha comarca que ten unha elevada taxa de desemprego, é benvido.

As centrais son un seguro para a comarca, iso é así, mírese por onde se mire, e é que, ademais, emprega os nosos recursos. Para iso houbo beneficios que hai que recordar, beneficios públicos supeditados ao mantemento e á xeración de postos de traballo, así como a declaración de utilidade pública para a expropiación de terreos, para a construción e explotación das centrais eléctricas dos ríos, e ademais construíuse o porto de Brens especialmente para iso.

Por iso presentamos unha vez máis a nosa iniciativa, porque volvemos falar unha vez máis de territorios e de persoas. Territorios, toda unha comarca, pendente do que poida pasar con Fe-

rroatlántica, cunha elevada taxa de desemprego, e un territorio, como saben, cunha importante regresión demográfica, con mozos e mozas que se van a outros países porque ven que aquí non teñen oportunidades laborais, e temos unha poboación, en consecuencia, envellecida. A desaparición desta empresa suporía un agravamento desta situación. E falamos de persoas, de persoas que agora mesmo viven coa angustia de non saber que vai pasar cos seus postos de traballo, como a noticia do 2 de febreiro, como dicíamos, ante a falla de transparencia deste goberno.

Pero hoxe, ademais, quixera ter un recordo para as viúvas de Ferroatlántica, máis de 50 viúvas da Costa da Morte por mor da silicose ou de accidentes laborais causados na factoría de carburos metálicos. Iso é do que estamos a falar hoxe, de territorios, de persoas, dunha comarca cunha importante débeda histórica, dunha comarca tratada con desprezo e que non forma parte do reequilibrio territorial que tanto predica este goberno, e, se non, expliquen como encaixa a Costa da Morte no seu concepto de reequilibrio territorial.

Repito de novo que, neste caso, se tratou os traballadores con desprezo, que se puxo por diante os intereses dun empresario fronte aos intereses dos traballadores e das traballadoras, e, se non, volvo preguntar —porque non é unha pregunta retórica senón que é unha pregunta para que me respondan—: ¿para que pediron eses informes técnicos e xurídicos cando aínda non había coñecemento de que se ían vender as centrais? Pregúntolle se os empezaron a pedir ao mesmo tempo que anunciaban en campaña electoral grandes investimentos en Sabón para os que necesitaban esta venda das centrais. ¿Para que os pediron?, ¿para matar dous paxaros dun tiro?, ¿para que se poidan vender as centrais e ao mesmo tempo cumprir o seu programa electoral?, ¿para que os pediron?

Contésteme: ¿por que un empresario pode vender algo público? Isto é moi importante. ¿E saben por que é tan importante? Eu pregúntolle, seguirei preguntándolle e cada vez que poida volverei preguntar. É moi importante polo seguinte: porque aquí hai algo en xogo, algo moito máis que o emprego dos traballadores e traballadoras, algo moito máis que o futuro dunha comarca. Aquí do que estamos a falar a fin de contas é do modelo de goberno, da importancia de distinguir ata onde chega o público e ata onde chega o privado, para despois non caer e confundir o contable co extracontable.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Toja.

Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Boa tarde a todos.

Grazas, señor presidente.

Señorías, traen a este pleno unha iniciativa copiada literalmente —é exactamente igual— dunha que debatemos e aprobamos o xoves pasado na Comisión de Industria, que debatemos e aprobamos a través dunha transacción, na que chegamos a acordo o Partido Socialista e o Partido Popular.

Dicíalles daquela, hai catro días —hai catro días que falabamos disto e que chegamos a un acordo—, que volvemos debater hoxe en sede parlamentaria sobre unha presunta, unha suposta venda das centrais hidroeléctricas de Ferroatlántica na Costa da Morte. Voltamos debater sobre o xa debatido. Propóñennos que volvamos votar sobre o xa votado, pero, en calquera caso, eu o que lles teño que dicir é que hai varios acordos con total vigor nesta Cámara, neste Parlamento, porque non ten máis vixencia un acordo en sede plenaria que un acordo en comisión. Ten exactamente a mesma vixencia. Hoxe probablemente chegaremos a un acordo que é idéntico, o mesmo, ao que acordamos hai catro días, se é que o Grupo Socialista mantén a mesma postura que hai catro días, que é a de buscar acordos e buscar consensos.

Ás veces, escoitando as intervencións de determinados deputados, semella que alguén o que pretende é buscar disensos, buscar conflitos, buscar confrontacións onde hai unidade, na defensa dos intereses dunha comarca, como é a da Costa da Morte. E hoxe, unha vez máis, un par de plenos e un par de comisións despois, volveremos tamén mostrar o noso compromiso rotundo cos traballadores de Ferroatlántica e con toda a xente da Costa da Morte, esa que a oposición quixo botarnos enriba sempre que tivo ocasión.

Gustárame lembrar que neste Parlamento se criticou con dureza á Xunta de Galicia porque mantiña que a empresa non elevara aínda unha proposta formal de venda das centrais, e desde as tres minorías da Cámara insistiuse en que debiamos estar ocultando información ou que nos debiamos estar facendo os tolos mentres as centrais estaban xa practicamente vendidas de xeito ilegal.

Iso era o que defendían vostedes. Vostedes utilizaron esta cuestión para intentar meter medo nunha comarca cun déficit na súa actividade industrial. Vostedes seguiron intentando axitar o medo malia que tanto o conselleiro como o presidente se reuniron con todos os actores implicados na zona; incluso alcaldes socialistas e alcaldes nacionalistas quedaron satisfeitos coas explicacións dadas nesa xuntanza na Costa da Morte.

Esta fin de semana en varios medios de comunicación galegos vimos publicada unha entrevista co conselleiro delegado de Ferroglobe, na que se dicía que Ferroglobe está negociando con empresas, pero aínda non pediu nada á Xunta de Galicia. Polo tanto, señorías, nós non agochabamos nada porque a Xunta de Galicia non era coñecedora de ningún acordo, de ningunha transacción.

¿Rectificarán vostedes, señorías, nas súas acusacións? Eu estou seguro de que non; estou seguro de que non porque hoxe se trae a este pleno unha iniciativa que foi debatida tan só hai catro días na comisión de Industria, e tráese simplemente por un motivo: por posturoo político. Non ten outra explicación, señora Toja. Traer a este pleno esta iniciativa que xa foi debatida hai catro días en comisión, que ten un acordo plenamente vixente —o de hai catro días—, non pode cualificarse máis que de posturoo político, guste ou non guste.

Aos socialistas non lles gusta que lles digan que son moderados nin sensatos, e non llelo vou dicir nesta ocasión, creo que teñen demostrado que, efectivamente, lles molesta que llelo digamos, e igual non o son. Eu creo que están presos deses complexos que teñen agora

por parecerse a Podemos, por parecerse ás Mareas de Podemos ou por parecerse ao Grupo Parlamentario de En Marea.

Por iso nós presentamos unha emenda que reproduce exactamente ese acordo, o que acordamos en comisión hai tan só catro días; un acordo que está plenamente vixente, palabra por palabra, punto por punto.

Seguimos do lado da actividade industrial, imos seguir defendéndoo por moito que lle moleste ao Partido Socialista ou ao Bloque Nacionalista Galego. Seguimos ao lado dos traballadores, seguimos ao lado, en definitiva, da Costa da Morte.

Vou rematar lendo o acordo da Comisión do pasado xoves, que é a proposta de transacción que presentamos a este Pleno:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a, en primeiro lugar, exixir á empresa Ferroatlántica o mantemento da actividade produtiva e dos postos de traballo na factoría de Cee e Dumbría, a través dos investimentos necesarios para este fin, e a traballar con Ferruglobe para conseguir o desenvolvemento dun plan de modernización das súas fábricas en Galicia que conte co máximo respaldo social e sindical. En segundo lugar, a velar polo mantemento das condicións establecidas nos documentos concesionarios vixentes das centrais hidroeléctricas, con aproveitamento dos ríos Xallas e Grande, e moi especialmente as seguintes:

1. Non poderán segregarse de Ferroatlántica S. A. as actividades de ferroaliaxe e de produción de enerxía eléctrica polas centrais.
2. A perda por parte de Ferroatlántica S. A. da súa condición de titular dos aproveitamentos sinalados ante calquera acredor, mesmo pignoraticio, será causa de extinción destes nos termos establecidos nos documentos concesionais.
3. Solicitar que os postos de traballo que derivan da xestión, administración, contabilidade e explotación da división da enerxía recaian no centro de traballo de Cee e Dumbría, centrais hidroeléctricas, como así foi desde sempre na historia de Carbuos Metálicos.»

Presentamos unha proposta de emenda que non é máis que a que vostedes plantexaron como transacción hai catro días, e, polo tanto, supoño que non haberá dúbida de que poidamos estar de acordo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

*«Cando ninguén os mira, / vense rostros nubrados e sombrisos, / homes que erran cal sombras vol-
texantes / por veigas e campíos. / Un, enriba dun cómaro, / séntase caviloso e pensativo; / outro, ó pé
dun carballo, queda inmóvil, / coa vista levantada hacia o infinito. / ¡Van a deixar a patria...! / Forzoso,
mais supremo sacrificio. / A miseria está negra en torno deles, / ¡ai!, ¡i adiante está o abismo...!»*
Rosalía de Castro.

Señor Tellado, as miñas barbas, as miñas canas, non van responder a súa fogosidade, pero o Parlamento aprobou xa en 2016 por unanimidade unha iniciativa do BNG que recolle a imposibilidade da segregación.

Na comisión 6ª, en sesión do 2 de decembro do 2016, tómanse os seguintes acordos: «Evitar a segregación das centrais, manter a actividade produtiva, manter os postos de traballo en Cee e Dumbría e establecer co grupo empresarial Ferroglobe, e especialmente con Ferroatlántica, mecanismos para incrementar a actividade industrial e os niveis actuais de emprego en Galicia, especialmente nos concellos de Cee e de Dumbría.»

Clariño como a auga. Xorde unha única pregunta que en si é unha afirmación: ¿cantas veces máis teremos de acordar os mesmos puntos —por xunto ou por separado— para que o Goberno faga valer a legalidade e a exixencia do conxunto da sociedade galega, manifestada nos cordos unánimes desta santa casa? Porque se o Parlamento galego ten claro que todos estes acordos son a mellor e a solución legalmente posible, a empresa non o considera así, e envía notas á prensa anunciando un acordo coa maioría do comité de empresa de Sabón fundamentado na obtención de ingresos extraordinarios e condicionado á venda das centrais. Non é de estrañar, porque o acordo formal de venda xa foi comunicado en bolsa, e, segundo parece, a firma compradora xa visitou a fábrica en Cee.

Unha vez máis, os intereses gananciais das grandes empresas campan por riba da legalidade, disfrazándoa e relegando a último termo os dereitos dos traballadores e da sociedade de toda unha comarca.

Se repasamos a historia de Ferroatlántica, observamos con preocupación como as promesas de postos de traballo e de investimentos foron reiteradamente incumpridas. Por exemplo, para que se lles concedera a repotenciación de tres novas explotacións hidráulicas no río Xallas a empresa argumentou a promoción de 700 postos de traballo que nunca chegaron.

A permanencia das centrais é o seguro de pervivencia de Ferroatlántica e da pervivencia dunha economía estable na zona. Ferroatlántica nestes momentos non é crible. Cando se levou a cabo a fusión con Globe, falouse de que esa fusión colocaría a Ferroatlántica como empresa punteira a nivel mundial. Fixo caixa e non investiu nin un euro na zona.

Isto é todo unha operación especulativa, maquillada con boas palabras e planificacións, para xustificar o inxustificable. Dende o BNG exiximos poñer fin a tanta dilación e que o Goberno faga cumprir os acordos parlamentarios dunha vez. Esta emenda que propón o PP rompe a unidade que tiñamos no Parlamento para defender o emprego na Costa da Morte e a continuidade de Ferroatlántica. A emenda abre as portas a que se consolide a venda ilegal das centrais. Nós aí non estaremos nunca. *(Aplausos.)*

Pedímoslle a todos os grupos que hoxe lle digamos desde aquí a Villar Mir, alto e claro, que as centrais non se segregan en ningún caso, e que lle deamos así un principio de confianza e seguridade, un respiro aos traballadores e traballadoras de Ferroatlántica e a toda a comarca da Costa da Morte.

E, por favor, díganlle ao señor conselleiro que fale cos traballadores. Non fan mal ningún, eles só defenden o seu pan e o dos seus fillos, e el, ¿a quen defende? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Boa tarde a todos.

O nome dunha das centrais do Xallas, que o coñecerán todos, é Castrelo, e Castrelo recórdanos a outra, a de Castrelo de Miño, e isto vén a conto por como se enaxenaron bens públicos e do pobo galego durante o franquismo para beneficiar compañías privadas de persoas achegadas ao réxime.

En España houbo unha imperfecta transición política á democracia, e por iso hai que poñer en marcha un novo período constitucional cen por cento democrático que poña por diante as persoas. Pero do que non hai dúbida é de que non houbo ningunha transición económica á democracia que compensara os atropelos realizados contra os bens públicos e as persoas en beneficio de catro oligarcas. Así seguimos, e algúns deses oligarcas pensan que seguen a poder facer o que queiran.

Veñen agora a Galicia a dicir que van malvender por case moito menos da metade do que valen realmente eses aproveitamentos hidráulicos, que van malvender os nosos recursos naturais a cambio dun espellismo de plan industrial. Pensan que estamos no oeste americano no século XIX e que se poden dar espellos por riqueza. Insultan a intelixencia de todos os galegos.

Pensabamos de verdade que o tema da venda das centrais do Xallas estaba zanzado despois das PNL das que xa se falou, que mencionou o señor Tellado, aprobadas nesta Cámara o día 2 de decembro, hai poucos días de novo outra vez, e das manifestacións posteriores aquí, no Pleno, do presidente da Xunta de Galicia. Pero o señor Villar Mir pasa da legalidade, pasa do poder democrático, pasa de todo e dá por feita a venda. Esta é unha realidade, e non é unha elucubración da oposición, é unha comunicación oficial aos reguladores bursátiles españois e americanos.

Se o compromiso é rotundo —como acaba de dicirnos o señor Tellado e eu o creo— cos traballadores de Ferroatlántica, a resposta ten que ser contundente. Ante un ataque deste tipo á legalidade a ao poder democrático representado neste Parlamento, a resposta ten que ser do mesmo xeito que a afrenta do señor Villar Mir, que dá por feita a venda das centrais e comunícaa aos operadores bursátiles.

O que ten que facer o Goberno, se de verdade quere responder a este órdago, é non seguir facendo estudos técnicos e xurídicos, como tamén volveu sacar o señor Tellado a semana pa-

sada na comisión —volveuno mencionar, si—. Iso si que crea inquedanza na cidadanía, iso si que crea inquedanza, volver ao que dixo ao principio, que despois o señor Feijóo ratificou que non ían facer máis estudos técnicos nin xurídicos, que estaba todo moi claro en sentenzas do Tribunal Supremo, no informe xurídico e técnico dos letrados da Xunta de Galicia de hai xa moitos anos.

O que hai que facer é o mesmo que eles, facer unha comunicación aos reguladores bursátiles —porque hai unha constatación de que esa comunicación existe por parte da compañía—, facer unha comunicación por parte do Goberno da Xunta de Galicia de que esa segregación e posterior venda é absolutamente imposible. E transmitirlo, tamén —como deste tema falaremos mañá, tamén—, aos fondos de investimento que queren adquirir estas centrais.

O señor Villar Mir xa hipotecou dúas veces as centrais e non investiu nin un peso en Ferroatlántica nin na comarca. Financiou outros negocios alleos a Galicia, no último caso unha das torres de Chamartín, que ten pouco que ver coa costa da Morte. Na última repotenciación que autorizou o señor Feijóo fixéronse moitas promesas, ¿onde están os incrementos de postos de traballo e as melloras laborais e económicas para os traballadores? ¿Onde está o prometido forno 23? ¿Onde está o anterior Plan industrial?

Se Ferroatlántica, de verdade, quixera facer un plan industrial coa garantía das centrais, podería volver facer un *leasing* como fixo nas outras veces, sen perder a propiedade da concesión, pero esta vez si para investir na Costa da Morte, non como antes. E podería conseguir máis de 150 millóns de euros para investir e desenvolver todo o Plan industrial non só na Costa da Morte, chegaríalle tamén para Sabón e incluso para as factorías que teñen en Cantabria. Pero todo é mentira, e non se pode consentir esta venda deste tesouro natural dos galegos e da cidadanía da Costa da Morte, que é a verdadeira garantía de futuro para Ferroatlántica.

Ferroatlántica sempre será rendible asociada ás súas centrais. Os ciclos da economía, que fan variar os prezos das ferroaleacións, quedarían mitigados por eses máis de 20 millóns de euros que as centrais renden cada ano á empresa e equilibran as súas contas. Señores do Goberno do Partido Popular, non permitan un novo espolio aos recursos naturais de Galicia e díganlle ao señor Villar Mir que xa non estamos no franquismo, nin político nin económico.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Toja.

A señora TOJA SUÁREZ: A algún parece que lle preocupa e que lle aburre este tema, a nós non nos aburre, e aos traballadores e traballadoras de Ferroatlántica tampouco lles aburre este tema. (*Aplausos.*)

Fálanos de postureo, postureo igual é medir a popularidade dunha persoa con base nas *selfies*, de acordo coas súas declaracións esta fin de semana nun medio de prensa. (*Aplausos.*)

Fálanos tamén de enfrontamento da comarca, os primeiros que enfrontaron as dúas comarcas, Cee, Dumbría e Sabón, foron vostedes cando lles preguntamos se lles importaban Cee e Dumbría e nos contestaron aquí: impórtame Cee, impórtame Dumbría e impórtame Sabón. E nós pedímoslles que non enfrontaran as comarcas, porque podían ser e debían ser complementarios os plans e non debían ser substitutivos, complementarios. De todas formas, este é un tema moi relevante e vai vir aquí tantas veces como sexa posible darlle voz á xente da Costa da Morte, ¿sabe por que?, porque de todas as veces que viñemos non nos contestaron ás preguntas que fixemos, nunca nos contestaron.

Contéstanme despois desde o escano, cando non están no uso da palabra, iso si que o fan, pero nunca contestaron cando lles preguntamos. E as preguntas son moi importantes: ¿como se pode vender algo público?, ¿como alguén pode vender un ben público?, ¿e como é posible que no mes de setembro, sen haber vendas, sen saber nada deste tema, xa se fixera un anuncio dun investimento en Sabón para a creación de postos de traballo, para os cales era necesario vender as centrais?

Non o explicaron, non o contestaron, seguen dicindo que a venda non existe, a pesar de que está comunicado na bolsa americana, seguen dicíndoo. Por iso o hai que traer, porque isto é un exercicio de transparencia e, como lle dicía, aquí está en xogo moito máis que o emprego dunha comarca. É todo un modelo de goberno no que se está confundindo o público co privado e o privado co público. E son os cartos dos galegos e galegas e os traballos dos galegos e galegas; non do Goberno, dos galegos e galegas.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: ¿A emenda, señora Toja? ¿Vai aceptar a emenda?

A señora TOJA SUÁREZ: A emenda, loxicamente, ímola transaccionar como xa fixemos na Comisión. ¡Claro que si!

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, non, non hai opinión sobre isto, aquí pódese debater o que se queira, iso está claro.

Agora imos debater as interpelacións.

Interpelación de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os compromisos asumidos polo Goberno galego no Pacto local

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señoras e señores deputados. Boas tardes, señor conselleiro.

O Grupo Parlamentario Socialista hoxe traemos aquí unha interpelación sobre o desenvolvemento do Pacto local. Pacto local que —como vostede ben sabe— se asinou no ano 2006 e que hoxe, 21 de febreiro de 2017 —é dicir, once anos despois da súa sinatura—, segue sen estar totalmente desenvolvido; e, o que é peor, sen data e sen un programa para o seu desenvolvemento ao cento por cento.

Antes de tocar cada un dos termos e acordos recollidos neste documento, vou facer un breve relatorio dos antecedentes do Pacto local. No ano 1993 a Asemblea da FEMP —xa naquel momento na Coruña— elaborou un documento denominado «Bases para o desenvolvemento do Goberno local». No ano 1997 —catro anos despois— apróbase a Lei 5/1997, de Administración local de Galicia, na que se regulan os mecanismos de transferencia, delegación de competencias e encomenda de xestión dende a Comunidade Autónoma aos entes locais; e tamén se prevé a creación da comisión galega de cooperación local.

No ano 1998 hai unha reunión do Goberno galego en Armenteira onde se establecen as premisas do proceso plasmadas no Informe sobre o Pacto local en Galicia. E no ano 1998 tamén se crea a Comisión Galega de Cooperación Local, un órgano de carácter permanente e composición paritaria entre a Xunta de Galicia e as entidades locais galegas para dirixir o proceso, a negociación e os acordos do dito Pacto local.

No ano 1999 a Comisión Galega de Cooperación Local aproba os principios reitores do dito Pacto local e dos métodos para o cálculo do custo efectivo dos traspasos das competencias. Xa no ano 2000 a reforma do Fondo Galego de Cooperación Local, que se creou no 1990, que se dota financeiramente para contribuír a corrixir os desequilibrios internos de Galicia, fundamentalmente en infraestruturas básicas de carácter local. Convértese nunha participación nos ingresos da Xunta de Galicia e deixa de ser finalista.

No ano 2005 a Comisión Galega de Cooperación Local aproba o documento para a materialización do Pacto local en Galicia, pero ten que ser un goberno socialista, liderado por un presidente socialista —Emilio Pérez Touriño—, quen saque adiante e materialice este Pacto local. Vostedes dende o ano 1993 pasaron enredando trece anos facendo que fan. Algo no que a verdade é que son uns artistas, sempre fan que fan sen facer nada, só o fan para lavar a cara.

Outra vez aproban leis, regulamentos e decretos para desenvolver os acordos que toman, pero non os materializan, non teñen as consecuencias para as que son creados. Non soamente se vén legislar, tamén hai que cumprir; gobernar non son xestos, gobernar é executar e levar a cabo os acordos que se toman e os acordos que se asinan.

O 20 de xaneiro de 2006 —cinco meses despois de acadar o Goberno da Xunta de Galicia un presidente socialista— Emilio Pérez Touriño asina co presidente da Fegamp, Xosé Crespo —que, como ben sabe, é o ex alcalde de Lalín do Partido Popular—, o Pacto local galego. E no seu acordo estableceron unha reasignación de competencias entre a Comunidade Autónoma e a Administración local, baseándose nos principios de subsidiariedade, de autonomía local e de financiamento suficiente para a súa prestación.

Nestas cláusulas recóllese, por unha banda, o financiamento, sen renunciar ao obxectivo de chegar a un estado co Estado polo financiamento, e a Comunidade Autónoma levará a cabo as seguintes actuacións: en primeiro lugar, a regulación do Fondo Galego de Cooperación Local no período 2006-2009, no que se establece unha contía complementaria de 6 millóns de euros, e no anterior documento pedíanse 4. E xa con Emilio Pérez Touriño apróbase unha contía complementaria de 6 millóns de euros para cada un dos anos 2006, 2007, 2008 e 2009, acadando no 2008 a cifra de 119.687.834 euros. Pídese, tamén, que o fondo principal e o fondo adicional se incrementen conforme o crecemento vexetativo que experimentan os capítulos I, II e III dos orzamentos de ingresos da Comunidade Autónoma galega.

Nun segundo punto pídese o fondo de compensación interterritorial, que é a creación dun fondo destinado aos concellos menos favorecidos, co fin de paliar os desequilibrios existentes, fundamentalmente en infraestruturas físicas, económicas e sociais, e de propiciar un desenvolvemento equilibrado. E tamén con este fondo se absorberían algunhas das liñas de subvención da Xunta de Galicia aos concellos.

Outro dos puntos importantes —e no que se debateu bastante— foi a asunción dos custos de mantemento dos centros de saúde actualmente —bueno, naquel momento eran actualmente— a cargo dos concellos. E establécese unha comisión mixta paritaria entre a Consellería de Sanidade e a Fegamp para determinar os centros de saúde locais que serán asumidos en cada exercicio. Empezarase polos concellos con menor poboación, o proceso será voluntario e cederáselle ao Sergas a titularidade dos edificios e terreos simultaneamente. O acordo formalizarase mediante convenios e os bens patrimoniais integranse no patrimonio do Sergas e quedarán afectados ao Servizo Público de Saúde. E no caso de supresión de servizo, estes reverterán ao concello.

Outro dos puntos fundamentais era a asunción dos custos de mantemento dos centros de ensinanza primaria. Tamén se crea unha comisión mixta paritaria entre a Xunta de Galicia e os entes locais para asumir os custos económicos que soportan os concellos derivados do mantemento dos centros de ensinanza primaria; isto foi no 2006. O 14.11.2016 —é dicir, case once anos despois— a Fegamp publica as liñas de actuación 2016-2017, entre as que se atopan, en primeiro lugar, a de solicitar unha entrevista co presidente da Xunta e trasladarlle determinadas reivindicacións.

E estas reivindicacións son, fundamentalmente, reclamar un modelo de financiamento local xusto e non discriminatorio con Galicia, para o cal solicitan unha reunión urxente da Comisión Galega de Cooperación Local para facer unha análise da situación. Unha comisión que se preocuparon de introducir na lei, de aprobar un regulamento de organización e de funcionamento, pero que en toda a lexislatura anterior non se reuniu nin unha soa vez, ¡nin unha soa vez! E cónstame que o presidente actual da Fegamp é do Partido Socialista, pero o anterior comparte bancada agora mesmo no Goberno con vostede, e tamén solicitou a reunión desta Comisión Galega de Cooperación Local.

Nas bancadas deste Parlamento hai varios deputados que foron alcaldes, e hai moitos e moitas que fomos ou son concelleiros e concelleiras de distintos grupos políticos —do seu

tamén—. E dentro da Fegamp, como federación representativa do cento por cento dos concellos galegos, existe e existiu sempre unanimidade para tratar estes temas.

Os outros asuntos que se propuxeron nesta listaxe da Fegamp eran: na Consellería da Presidencia, elaborar unha lei de cooperación municipal de Galicia, que defina os ámbitos de cooperación entre administracións, e debater o modelo de mapa territorial, sen que isto supoña que a fusión dos concellos absorba unha parte moi importante do Fondo de Cooperación Local. Na Consellería de Educación e Cultura, vólvese pedir o estudo e a elaboración dun calendario realista cara á asunción, de maneira urxente, do mantemento de todos os centros educativos. E na Consellería de Sanidade, realizar un calendario realista cara á asunción, de maneira urxente, da titularidade da xestión integral de todos os centros de saúde que actualmente están en titularidade municipal ou provincial. O Fondo de Cooperación Local, a posibilidade de regulalo por lei e a inclusión de todas as subvencións no Fondo de Cooperación Local, sen que teñan que ser finalistas aquelas que se poida e cun procedemento de concorrencia competitiva.

No caso das subvencións e dos investimentos pídense criterios básicos de repartición de investimentos en obras, fondos e axudas económicas aos concellos: os de publicidade, concorrencia e igualdade e non discriminación, amparándose na Lei xeral de subvencións de 2003 e na Lei de subvencións de Galicia de 2007, e reducir as axudas directas e nominativas e as situacións realmente excepcionais.

Vou ir directamente ás preguntas porque podería seguir cos acordos que pide a Fegamp pero estáseme esgotando o tempo. Polo tanto, señor conselleiro, dígolle que vinte e catro anos despois do inicio das bases que rexerían o Pacto local e trece anos dende que o Goberno socialista aprobara e iniciara a posta en marcha dos acordos do Pacto local, a Fegamp segue a demandar os mesmos acordos que hai trece anos, practicamente os mesmos. Este segue sen estar totalmente desenvolvido, cando xa tiñamos que estar falando doutro texto máis avanzado, de maior envergadura e adaptado aos concellos do século XXI.

Vostede é claramente coñecedor da situación financeira dos nosos concellos, que son as administracións máis pretas á cidadanía e, polo tanto, as que teñen que darlle solución á veciñanza no seu día a día. Vostede sabe, perfectamente, que as facendas locais son febles, que non contan con recursos suficientes para poder levar a cabo as súas competencias. Sabe tamén, perfectamente, que a Xunta de Galicia non é, e non debe ser, un pai protector posto que as administracións locais teñen a súa propia autonomía garantida por lei. Vostede prefire ter un sistema clientelar e caciquil no que os que máis reciben sexan os do seu grupo político...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...señor conselleiro, do Partido Popular. Permítese o luxo e a arrogancia de convocar en concorrencia non competitiva, na que os seus son avisados previamente para chegar primeiros e esgotar os créditos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...dos que alí se dispoñen, negándolle, incluso, telefonicamente a algún alcalde doutro grupo político que estivera aberta esa convocatoria de subvencións...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señor RODRÍGUEZ RUMBO: ...e son da súa consellería. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo. Ten despois outro turno.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Rodríguez Rumbo, por empezar polo final, porque isto que acaba de dicir vostede a verdade é que xa o dixon nunha pregunta que me fixo e xa llo dixen: primeiro, é un sistema que vostedes utilizaban —en tres anos utilizárono máis dunha vez— e, segundo, debe ser que o facía vostede cando estaba na dirección porque, se non, é que non se me ocorre que vostede poida dicir tranquilamente que isto é unha práctica que se fai. Por certo, —xa llo dixen a outra vez— debe ser que avisamos tamén os concelleiros do Partido Socialista que se presentan nalgúns casos dos primeiros nesa relación, ou as asociacións, supoño que se está referindo a esa orde de concellos gobernados polo Partido Socialista. ¿Que pasa?, ¿que avisamos aos seus tamén?, ¿os seus entran en complicidade? Pero ¿dáse conta de que se di estas cousas ao final o que fan é botarlle unha mala fama a todo o mundo, empezando polos seus, que están ás veces beneficiados do que é un sistema de solicitude que, por certo —vólvolle dicir—, usaron vostedes bastantes veces?

Señora Rodríguez Rumbo, eu xa sei que vostede coñece ben o Pacto local; por se houbera algunha dúbida fíxonos aquí un relatorio, vostede era lectora no ano 2006. Decía que o asinou un presidente socialista, efectivamente, cun presidente da Fegamp, que se imos a partidismos... Eu creo que o Pacto local non hai que entendela así, é un presidente dun concello gobernado polo Partido Popular. Se quere entendela así, pois perfecto, puxéronse de acordo o Partido Socialista e o Partido Popular. É que estivemos todos de acordo naquel momento, e aí está a hemeroteca para ver como o Partido Popular, naquel momento na oposición á Xunta de Galicia, aplaudiu que se asinara por fin o Pacto local. E dixemos que estaba ben, e asinárono vostedes nada máis chegar, supoño que porque había un traballo feito antes de moitos anos e de moitísimas discusións para poñernos de acordo. Eu non sei se vostede o recoñece ou non, en todo caso non é necesario porque a exposición de motivos do propio Pacto local vai facendo un relatorio —vostede referiuse algo a ese tema— onde vai dicindo cales foron os pasos, cales foron os acordos, cales foron os logros para poder chegar a principios do ano 2006, cando vostedes levaban apenas seis meses no goberno, a poder asinar o Pacto local. Eu creo que en seis meses ninguén fai milagres, nin vostedes nin nós; polo tanto, hai un traballo anterior e nós estivemos de acordo en que se plasmaran moitas cousas e dixemos que adiante, e despois, o que chegaba, claro, era o momento de materializar todo iso.

Xa nos preocuparon naquel momento moitos dos contidos do Pacto local porque, se vostede os repasa, que seguro que os repasou, hai unha serie de consellerías onde o que se formula son os desiderátums: crear unhas comisións de traballo para establecer puntos en común de colaboración para ver se podemos chegar a avances. Hai varias consellerías que non din máis que iso, é dicir, nada de nada, é isto o que imos facer: nada; por certo, case todas gobernadas polo BNG, que non se adheriron moito a isto do Pacto local. Como vostede di, era unha cousa sobre todo do señor Pérez Touriño do Partido Socialista. Polo tanto, alí había declaracións de intencións que quedaron en nada, en fume. O malo é que tamén quedaron moitas das que vostedes intentaban concretar porque, se lle digo a verdade, o único que había concreto e que foi para adiante foi o Fondo de Cooperación Local, que, como di a propia exposición de motivos e o propio preámbulo do Pacto local, vén dun fondo que xa se viña negociando e xa se viña xestando e xa estaba en práctica desde antes de que se asinara o Pacto local, desde bastantes anos antes. O que fixeron vostedes foi dotalo dunha maior cantidade de cartos, ¡faltaría máis!

Ano 2006, orzamentos absolutamente expansivos da Xunta de Galicia. Por certo, medraban moito máis en porcentaxe os orzamentos da Xunta de Galicia que o que vostedes decidiron que tiña que medrar o Fondo de Cooperación Local. Xusto ao contrario do que pasou no ano 2009, no que, baixando e sendo un fondo referenciado aos ingresos da Xunta de Galicia e baixando os ingresos da Xunta de Galicia, nós blindámolo e fixemos que subira cando baixaban os orzamentos. Vostedes cando os orzamentos subían moito, ¡que casualidade!, a porcentaxe de incremento do Fondo de Cooperación Local, dun fondo —insisto— xa totalmente deseñado polos gobernos anteriores do Partido Popular, vostedes fan unha subida que a nós nos pareceu naquel momento cativa pero que, polo menos, o respectaron e o mantiveron, porque outras moitas previsións que había no Pacto local...

Pasaron os anos, vostedes fóronse e non houbo nada ata o ano 2009. ¿Ou acaso pódeme dicir cantos centros de saúde que xa estaban sinalados no ano 2006 estaban asumidos no ano 2009 cando saíron do Goberno?, ¿cantos centros de saúde tiña a Xunta de Galicia que asumir e xa non asumían os concellos antes do ano 2009? Tres anos para planificar, para falar, para facer esas comisións de cooperación e de puntos en común e de bo rolo que vostedes poñían no pacto, pero en tres anos non asumiron absolutamente nada, señora Rodríguez Rumbo. Cando chegamos nin un só centro de saúde estaba asumido, tampouco ningún centro de educación, tampouco todas aquelas cousas que se dicían.

Os Grumir —por certo, que diso non sei se se falou— había que asumilos en catro anos, xa non só asumir o custo de financiamento, tamén había que deseñar un novo modelo. Por suposto, do novo modelo non deseñaron absolutamente nada, deixaron aquilo como o encontraron, pero foron desprazando o financiamento á asunción dos custos da Xunta de Galicia; era do 25 % cada ano, despois do 50 %, despois do 85 % e despois, ¡ah, casualidade!, do 100 %. Chegamos nós ao Goberno no ano 2009 e o financiamento dos Grumir sen resolver. Por suposto, do mapa de emerxencias, da redistribución e de darlles solidez e continuidade a un despregamento de emerxencias no territorio de Galicia, por suposto, nada de nada. Niso consistía o Pacto local que, oia, lle recoñecemos que estaba ben asinalo e que o dixemos alí no ano 2006, que estaba ben, que adiante, que iamos, xa no noso labor de oposición, fiscalizar o que se estaba cumprindo e o que non, e non se cumpríu absolutamente nada.

Xa digo, co Fondo de Cooperación Local vostedes fixeron a fórmula matemática: os orzamentos crecían expansivamente, faltaría que non subira tamén o Fondo de Cooperación Local, pero podía subir moitísimo máis e non subía. Centros de saúde, absolutamente nada. Centros de educación, absolutamente nada. Redeseños en Grumir, absolutamente nada. Todas as cousas que ían facer, aquelas reunións que ían facer entre as consellerías e os concellos nunha serie de materias tal e bo rolo de comisións de cooperación, absolutamente nada. Ese é o panorama que nos encontramos.

Que vostede me veña dicir aquí que fotos, fotos, fotos e que non fixemos nada. ¡Oia!, é que todo o que está feito, materializado e asumindo custos da Xunta de Galicia está feito desde o ano 2009. Dirame: non, é que levan moitos anos gobernando. Si, pero estiveron tres anos con orzamentos expansivos e non fixeron absolutamente nada. ¿Tanto tempo lles levou saber cantos centros de saúde tiñan que asumir? ¿Non podían facer unha operación por fases, como fixemos nós, asumindo primeiro uns, logo outros, logo outros e, ao final, ir asumindo, que aínda non rematamos, unha cantidade importante? En tres anos cando lles subían os orzamentos tanto, ¿non puideron facer absolutamente nada? Parece ser que non, parece ser que era difícilísimo e parece ser que todo era falar, falar, falar e xa chegarían outros —despois chegamos nós— a intentar materializalo. Esa é a verdadeira historia do Pacto local, señora Rodríguez Rumbo.

Eu ata lle podó admitir que todos os comezos son difíciles, que vostedes non foron capaces de arrancar no tempo que tiñan que arrancar. Pero, ¡que me veña dicir a min que tantos anos despois non está feito absolutamente nada! As reclamacións dos concellos seguen sendo as mesmas e van seguir sendo as mesmas sempre, é que é lóxico. ¡Home!, desde logo non lles escoitei nin aos anteriores presidentes da Fegamp nin ao de agora dicir que hai que meter todas as subvencións no Fondo de Cooperación Local, que foi o que vostede dixo. E despois, cando... ¿Todas as subvencións hai que metelas no Fondo de Cooperación Local? Non é o que están pedindo, nin moito menos, os concellos, haberá unhas que si e outras que non. Vostedes non foron capaces de identificar nin as que si nin as que non. Nós levamos un tempo, non é nada fácil, porque nin sequera niso se poñen de acordo todos os concellos, pero si haberá unha serie de subvencións de tramitación repetitiva, de non moita contía, que se poidan meter no Fondo de Cooperación Local. Agora, ¿todas? Vamos, é unha novidade que eu lle preguntarei ao presidente da Fegamp se realmente iso é así. Iso que vostede me transmite non coincide, en absoluto, nin co que transmite el nin co que transmiten os concellos. Só lle pido que mo aclare, porque é importante sabelo, a ver de que estamos falando porque, efectivamente, agora no mes de marzo imos ter unha reunión e hai unha serie de reivindicacións enriba da mesa. Non creo que sexa do Fondo de Cooperación Local, que —insisto— cando baixaban os orzamentos da Xunta se blindou e medrou, todo o contrario —volvo dicir— do que tiñan vostedes.

Pídenos e séguennos pedindo que completemos o mapa da solución de centros de saúde; ¡joia!, quedan uns cantos, pero non quedan todos, como lles quedaron a vostedes. Pídenos que sigamos asumindo os colexios, que sigamos asumindo a calefacción; aínda quedan, pero non quedan todos. Pídenos que acabemos de darlles estabilidade definitiva aos grupos de emerxencia supramunicipal, é dicir, que nos esquezamos xa para sempre deses Grumir que vostedes nos deixaron, que pasaron ao financiamento do 25 % despois tal tal, e chegou o

ano 2009 e estaba todo sen deseñar, todo sen falar e todo sen asumir. Ese, señora Rodríguez Rumbo, é o Pacto local que nós atopamos.

Eu celebro a colaboración que tivemos sempre de todas as presidencias da Fegamp, de todas as comisións executivas da Fegamp, e de que non quixeran facer liorta política nin facer do Pacto local unha cuestión de dicir que a asinou un presidente socialista. Oia, fixéronse moitísimas cousas, o papel está moi ben, as fotos están moi ben, pero vólvolle dicir: chegamos no ano 2009 e todo o que había que facer, todo o que tiña que estar en marcha, estaba por poñer en marcha.

Alégrome de que nós, pouco a pouco —os ritmos sempre son mellorables—, coa colaboración dos concellos de todas as cores políticas puideramos facer algo, que sempre será o 100 %, o 200 % ou 300 % do que vostedes, e vostede tamén como directora xeral de Administración Local, fixeron en tres anos con orzamentos que medraban: absolutamente nada. Falar, falar, falar e asinar un pacto é o que tivo mérito, pero nada máis. Esa é a realidade e alégrome de que me dera a oportunidade de vir contala aquí.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Na rolda de réplica ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: A verdade, señor conselleiro, é que escoitándoo case me dá a risa. Porque, mire, que vostede me diga que nós en tres anos non fomos capaces de desenvolver o Pacto local na súa totalidade é verdade. Evidentemente, non nos deu tempo, pero é que vostedes tardaron vinte e catro anos e non o teñen desenvolto aínda hoxe. (*Aplausos.*) Entón, por favor, un pouco de sentidiño.

E voulle dicir: o Fondo de Cooperación Local no ano 2004 era de 72.904.825 euros, e no ano 2008, cando nós rematamos a nosa lexislatura —que foi a principios de 2009—, era de 119.687.834 euros. Isto é gobernar, isto é compromiso e isto si é unha aposta firme polo que nós cremos, polo que alí se establecía no Pacto local, e non palabras, reunións e reunións. É verdade que tivemos moitas reunións da Comisión Galega de Cooperación Local, moitísimas, pero vostedes non teñen ningunha porque non a convocan, porque non lles interesa.

Ademais, se estiveran tan ben asumidas todas as competencias que quedaron sen desenvolver durante estes oitos anos non lle terían volto reivindicar ao presidente da Xunta na última reunión da Fegamp todo iso, e volve ser exactamente o mesmo. E voulle ler textualmente —que non o quería facer, porque a verdade é que ás veces é un pouco aburrido— o que di o apartado 6, «Subvención e investimentos» —isto é o que pide a Fegamp textualmente—: «Reclamar que a Xunta de Galicia estableza como criterios básicos de repartición de investimentos en obras, fondos e axudas económicas aos concellos os de publicidade, concorrência e igualdade e non discriminación, con criterios de avaliación preestablecida e coñecidos, tal como se determina no artigo 22 da Lei xeral de subvencións e na Lei de subvencións de Galicia». E cando fala do Fondo de Cooperación Local di: «Eliminación de todas as subven-

cións, e incluso das mesmas do Fondo de Cooperación Local, distinguindo entre aquelas que teñen que ser finalistas ou aquelas que teñan que ser, necesariamente, por un procedemento de concorrencia competitiva». E así o dixen na miña primeira intervención, non dixen que tiveran que ser todas.

E, mire, no caso das subvencións non se bote as mans á cabeza, e cando diga que nós si que eramos clientelares traia aquí datos e demostre que esa é a nosa forma de gobernar. E dígolle máis: na subvención do Plan Hurbe, sacado por vostedes este ano pasado, no 2016, foron beneficiados corenta concellos, trinta e nove do Partido Popular. E o peor é que deses trinta e nove do Partido Popular, unha ampla porcentaxe de convenios xa estaban asinados antes de que saíra a convocatoria de subvención. Iso é caciquil e iso si que é unha forma inxusta de gobernar.

Non sei para que aproban unha Lei de transparencia se, total, a súa forma de gobernar é dun xeito opaco. ¿Para que aproban unha Lei de subvencións se logo empregan a excepcionalidade? ¿Este é o xeito que teñen vostedes de gobernar? De todos os xeitos, eu pregúntolle. Dígame claramente cales son os custos dos centros de educación primaria e os centros de saúde que ten asumido a Xunta de Galicia a día de hoxe, que plan teñen e que calendario teñen para acadar o cen por cento deles.

E —volvendo sobre o mesmo— dicíame que había un traballo de trece anos. Xa. ¿E? Pero durante trece anos enredaron, enredaron e enredaron, e nós tardamos cinco meses en levalo a cabo e poñer os fondos. Porque o Fondo de cooperación local estaba, ¿si ou non? Estaba ¿verdade? Por moito que fora época de crecemento. Pero estaba. ¿Verdade que se dotou? Ben, e en todo o demais puxéronse as bases. Dime que non está desenvolvido no cen por cento. Evidentemente, pero hai determinadas cousas que quedaron moi adiantadas e que, por falta de vontade do voso grupo, do voso goberno, non están materializadas a día de hoxe. Polo tanto, o que lle pido é: desenvólvaos. Xa sei que é ben para todos e —xa o dixen antes— aquí hai moitos alcaldes —que foron alcaldes— e hai moitos concelleiros e concelleiras, e seguro que niso estamos de acordo. O que lle pido é que asuman que teñen que desenvolver as cousas que asinan e ás que se comprometen, non soamente escribilas no papel.

E creo que non teño nada máis que dicir.

Moitas grazas e boas tardes. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Ten a palabra, para pechar, o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Rodríguez Rumbo, pois daralle a risa, tamén nola deu a nós cando chegamos no ano 2009 e vimos que non había ningún centro de saúde asumido, que non había ningún centro de

ensino asumido. É que é así, iso non foi capaz de negarmo. Oxalá mo negue, porque entón pásolle os datos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si estaba establecido, no ano 2006, en xaneiro. E resulta que en abril do ano 2009, tres anos e medio despois, vostedes en cinco meses asinaron un papel, —gran celeridade pola que xa a felicitamos... *(Murmurios.)* Pola que xa felicitamos naquel momento e pola que volvo felicitara agora. Oia en cinco meses pódese asinar un papel, se se traballa, claro. O que pasa é que en tres anos e medio non ser capaz de asumir un só centro de saúde que estaban na primeira cláusula... Non, a primeira era a do fondo de cooperación local. Dime vostede que está en 119 millóns. Oia, pois é a mesma cifra na que está agora pero cunha diferenza, que agora hai 1.000 millóns de euros menos no orzamento do que tiñan vostedes e sendo un fondo referenciado a unha porcentaxe dos ingresos da Xunta, tería que ser moito máis por esa lóxica, señora Rodríguez Rumbo. E resulta que é o mesmo que agora, que hai 1.000 millóns de euros menos despois de pasar toda a crise. Dáse conta como ao final as cifras deixan quedar a uns ben e a outros non tan ben. Se resulta que había tantos cartos e me di que había 119 millóns, xa lle digo que son os mesmos que agora pero cunha cifra de ingresos aprobada neste Parlamento naquel ano que agora son 1.000 millóns de euros menos. O que pasa é que nós o que fixemos foi blindar, aínda que a Xunta estaba ingresando menos cartos por recadación de impostos. Parecíanos moi importante que os concellos non sufriran tamén esa mingua que estaba sufrindo a Xunta de Galicia, e por iso o fixemos.

E, iso si, vostedes mantivérono. ¡Home!, faltaría máis, é unha lei. É que iso é automático, vólvollo dicir. Pero onde hai que negociar, onde hai que poñerse e arremangarse cos concellos, sabendo o que se asume e o que non, aí xa lle digo que non fixeron absolutamente nada; se non, explíqueme por que en tres anos ningún centro de saúde, por que en tres anos nin unha escola unitaria, por que non se asumen nin gastos de calefacción nin limpeza, nada de nada de nada. Todo houbo que facelo, señora Rodríguez Rumbo, dende o ano 2009 cuns orzamentos moito máis pequenos.

Xa lle dixen antes, e non me dixen nada tampouco —supoño que porque hai pouco que dicir—, o do tema dos Grumir. De auténtico escándalo. Vostedes tiñan unha asunción de financiamento: 25 % cada ano desde o ano 2006. Foron —non sei por que, podo imaxinalo— pasando e din: Non, mellor ao ano seguinte o 50 %; non, agora non, ao ano seguinte o 75 %; e cando chegou o ano 2009 e o 100 % non tiñan nada asumido e houbo que cambiar o modelo. Houbo que asumilo todo e agora estamos acabando. E di que, claro, que iso é un modelo inacabado. Claro que si, é que claro que os concellos van seguir pedindo sempre —faltaría máis— liberdade, publicidade e libre concorrência nas subvencións. Dime vostede e empézame a falar de clientelismo nas subvencións. ¿Sabe vostede que na orde de casas consistoriais, que era a máis grande que tiña a súa consellería, cando eu cheguei no ano 2009 me atopei con que o 70 % dos fondos estaba destinado ao 30 % dos concellos? ¿Sabe quen era o 30 % dos concellos? ¿Os concellos do Partido Socialista e do BNG? Os do Partido Socialista especialmente. ¿Sabe de quen eran o 70 % dos concellos que só levaban o 30 %? Os concellos do PP. E, polo tanto, en fin, se quere, comparamos porcentaxes cando vostede queira, e verá como ao final esas acusacións de clientelismo, se se lles pon o espello diante, caen polo seu propio peso.

Eu, de verdade, señora Rodríguez Rumbo, alégrome de que nos deamos conta e espero que esta interpelación contribuíse algo, polo menos, a que do pacto local sexa mellor falar menos, presumir menos e traballar máis.

Estou de acordo. Non houbo moitas reunións da Comisión Galega de Cooperación Local. O que houbo foi moitas asuncións dos gastos dos centros de saúde e dos colexios. Vostede preguntéllas aos concellos. ¿Que prefiren? ¿Vir reunirse a Santiago cada tres meses co presidente da Xunta, como facían co señor Touriño, con vostede e co conselleiro que levaba as competencias naquel momento, ou non ter que vir tanto pero que cando veñan a unha reunión digan que o seu centro de saúde a partir do semestre que vén xa non ten que pagar os gastos porque os paga a Xunta de Galicia? Estou seguro de que tamén os concellos gobernados polo Partido Socialista prefiren a segunda opción. Foi pola que nós optamos, menos reunións, menos papeis, menos fotos, pero máis asunción de custos cando máis lle custaba á Xunta de Galicia.

Imos seguir por aí. Temos agora outra reunión, efectivamente, despois dunha xuntanza creo que bastante frutífera —recoñecido tamén polo presidente da Fegamp, do Partido Socialista, xa que vostede se empeña tanto en poñerlle unha matrícula, do Partido Socialista, que recoñeceu que a Xunta fixo un esforzo importante e que aínda ten que facer máis esforzos—. Por suposto. A ver se somos capaces de implicar as deputacións —que, por certo, está no pacto local redactado por vostedes—. As deputacións teñen que implicarse, as deputacións teñen moito que dicir, as deputacións non poden pensar que todos os problemas dos pequenos concellos son só dos pequenos concellos ou da Xunta de Galicia, como pasou co tema das inundacións. Os problemas dos pequenos concellos tamén son das deputacións. A ver se neste novo pacto local, se neste novo impulso do pacto local, somos capaces de convencelas ás catro. Estou seguro de que polo menos ese esforzo, se se consegue, valerá a pena.

E seguiremos, xa lle digo, sen tanta propaganda, sen tanta acusación, sen tanto dicir que non se fixo nada, pero facendo. É moi fácil dicir que moitos anos despois —porque nós estivemos máis anos que vostedes gobernando— non se fixo todo o que se tiña que facer. Recoñezollo, pero de non facer todo o que se ten que facer a non facer absolutamente nada —que foi o que pasou do ano 2006 ao ano 2009— vai unha grande diferenza, na que eu espero sempre estar no lado dos que fan.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte interpelación.

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións da Xunta de Galicia para afrontar problemas relacionados coa violencia no deporte

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a interpelación ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Traemos hoxe un tema a debate que nos parece relevante, respecto do que queremos incidir nalgunhas cuestións nas que consideramos que non se está facendo todo o correcto.

Nós apuntamos que no caso do afrontamento da violencia no eido deportivo hai un bo camiño pero hai unha mala velocidade. O deporte en si mesmo é un elemento de socialización moi relevante, especialmente estou pensando en nenos e nenas. Ten un valor educativo e formativo moi potente, moi potente. Fundamentalmente a base da imaxe e do exemplo. É certo que, cando estaba pensando na intervención e falando de exemplos no eido deportivo, pensaba que hai outros exemplos. Eu vexo aquí algunhas veces algunhas reaccións chamándolles «ridículos» a algúns deputados e non me parecían moi exemplares; polo tanto, igual tampouco é tan fácil falar de violencia porque incluso ás veces se ve algunha cousa un pouco inexplicable.

Pero, en todo caso, falando soamente de deporte, a imaxe e o exemplo son elementos fundamentais, o que se coñece por aprendizaxe por modelado. A través do que fan pais e nais, do que fan as persoas moi recoñecidas, incluso as persoas próximas pero ben valoradas, os nenos e nenas aprenden moitísimas cuestións, e, se cadra, non estamos nunha situación óptima neste punto.

Ten habido avances, é innegable. E creo que é mérito común das administracións, dos medios de comunicación —que apostaron por esta cuestión— e de moitas organizacións deportivas, tamén clubs. Creo que hai algúns avances. Pero, como dicía, non estamos na boa velocidade.

A importancia do impacto do deporte ten un dobre filo: é moi bo se o facemos ben, pero é moi malo se o facemos mal. E, polo tanto, nós o que plantexamos é que existe un problema relacionado coa violencia en torno ao deporte e dentro do deporte que adquire un potencial moi grande e que debemos afrontar. E non estamos vendo actividade nese sentido.

Cando falamos de violencia, falamos de tres aspectos: en primeiro lugar, unha violencia intergrupar, que se plasma sobre todo nas cuestións entre afeccións; a violencia de xénero, presente fundamentalmente no deporte masculino; e o racismo e xenofobia, que existe, e existe bastante, dentro do deporte.

No tocante á cuestión intergrupar, cremos que se fomenta demasiado —ou non se limita o suficiente— un contexto bastante tribal, de identidade grupar, se cadra, exaxerada. E, se cadra, existen algunhas cuestións e declaracións públicas que alimentan tensións innecesarias, e creo que deberíamos ter coidado sempre en permitir, en non avalar, as cuestións neste sentido. E moitas veces existen grupos que alimentan cuestións identitarias de colectividade propia entre afeccións das que debemos ser conscientes de que non contribúen en nada ao bo desenvolvemento deportivo.

Na cuestión de xénero, o problema basicamente, como se ten sinalado nesta Cámara e moitísimas persoas que traballan sobre o tema e que coñecen a situación, é que hai aínda unha tolerancia social —menor da que había, pero aínda existe—. Como dicía, está máis que demostrado —todos os estudos o apuntan— que moitísimo máis ocorre no deporte masculino que no feminino, por razóns obvias. E é certo que a maior presenza de deporte feminino nos medios de comunicación —ata agora absolutamente ninguneado o deporte feminino— e a maior relevancia social, contribúe a igualar neste sentido. Pero aínda queda moito por facer.

E hai unha masculinización do deporte. Semella que existe aínda unha certa tolerancia social na que contribuímos a asumir que o deporte, especialmente o deporte de competición, é unha cuestión masculina, cuestión evidentemente errada.

E sobre o racismo existe, aínda máis que nos outros casos, un problema de tolerancia. Existen moitos casos de racismo dentro que tamén se chama, no eido das ciencias sociais, o «racismo simbólico», basicamente aquel que di: «Eu non son racista, pero...». E, como xa sabemos e me explicaban a min de pequeno, todo o que vén antes do «pero» non vale. E existen moitas declaracións, moitas imaxes no deporte, que aínda alimentan algúns aspectos, e non estamos sendo de todo contundente contra iso. A Unesco sinala o racismo dentro do deporte, particularmente dentro do fútbol, como o gran problema de desigualdade e de violencia que existe no deporte.

Para afrontar isto —somos conscientes— existe un marco normativo. Pero o que nós apuntamos é que este marco normativo é insuficiente, tense revelado absolutamente ineficaz. Hai unha lei do deporte en Galicia que ten un título IX dedicado a este punto, pero contén algúns aspectos ou contén algunhas propostas que non teñen amosado moita efectividade. A Comisión Galega para o Control da Violencia, por ser suaves, creo que é excesivamente discreta. Tal é así que nos custaría encontrar un puñado de xente que soubera quen son —refírome dentro do ámbito deportivo, por suposto—. Existe un Comité Galego de Xustiza Deportiva, pero que é competente unicamente na aplicación de sancións, pero non no desenvolvemento de accións para evitar esa violencia. Existen protocolos de actuación que implican a moitos. O papel —dicimos hoxe— sopórtao todo: hai que implicar a asociacións deportivas, clubs..., pero ao final non desenvolven ningunha acción. Ese protocolo está absolutamente inaplicado.

Polo tanto, como noutras ocasións xa temos apuntado noutros temas, regular pode ser interesante, pode aportar, poñer as cousas en papel pode aportar. Pero nós o que cremos é que hai que ser eficaces na aplicación do que se pon nun papel. E, dende logo, non unicamente vale o aspecto sancionador. As sancións en realidade non limitan en exceso, porque o obxectivo dunha sanción é ser restritivo, pola consecuencia que ten; pero as sancións realmente no eido deportivo, nos temas que teñen que ver co xénero, nos temas que teñen que ver co racismo, nos temas intergrupais, como dicimos, non limitan en realidade. ¿Por que? Porque soamente son relevantes en canto á súa contía cando tratan sobre o gran profesionalismo, digamos. Claro, pero son grandes para todos os demais pero non para ese eido. Polo tanto, ás organizacións que teñen que soportar esas sancións non lles supón un gran esforzo e non producen o efecto desexado. Polo tanto, non conseguen ao final o efecto real, porque, cando as trasladamos a outros contextos, esas sancións desaparecen ou practicamente non se emiten. ¿Por que? Porque ao final, ademais, sempre hai de fondo unha idea latente, errónea, que é: non imos danar as federacións, non imos danar os clubs. Pero son os que ao final deben ser tamén corresponsables da situación.

Sen embargo, como dicimos, hai un marco normativo pero non hai aspectos formativos. Falta formación ante a violencia no deporte, falta formación. Hai docentes en escolas de entrenadores que se queixan de que o espazo da violencia no deporte non está dentro dos temarios, ou se está, dáse dunha maneira absolutamente tanxencial. Pero necesitamos falar

disto; necesitamos falar de escolas de pais e nais; necesitamos falar de formación a entrenadores para que saiban ensinar e ensinar a aprender moito mellor, para que eduquen en tolerancia, porque o 99,99 % dos rapaces e rapazas que fan deporte non van ser profesionais, non é necesario educar en cuestións orientadas á profesionalidade, senón en cuestións educativas.

É necesario corresponsabilizarse cos clubs na limitación e na confrontación das actividades agresivas, non pasar de perfil como ten ocorrido nalgunhas ocasións, nas que a Administración evitou pronunciarse ou, sinxelamente, achacou os problemas a cuestións dos clubs, e os clubs son importantes, son corresponsables, pero non son únicos corresponsables. Poderíamos falar de todo iso porque a realidade non está toda mal, houbo avances —si que houbo avances—, pero necesitamos falar de todas estas cousas e ter algún exemplo e algúns datos relevantes.

En 2008, para afrontar este problema, creouse a que en realidade si é máis eficiente, a Comisión Antiviolenza do CSD —¡maldito Zapatero, que loitaba contra a violencia no deporte, que é o exemplo algunhas veces!—. ¿Que di a Comisión Ativiolenza sobre os datos en Galicia? Di que... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Non dialoguen.

O señor TORRADO QUINTELA: É unha cuestión de educación. Se me falan, contesto. Entón, chámelle a atención a el. *(Risos.) (Aplausos.)* É moi complicado que me falen e non contestar. Quedo eu de maleducado, je encima a culpa é miña! Algunha vez podía pagar a casa. En fin.

Dicía que esa comisión antiviolenza di que o 10 % dos incidentes de toda España se producen en Galicia; que somos a terceira comunidade autónoma en número de incidentes rexistrados. E di tamén que se producen maioritariamente en fútbol, aínda que esa é unha explicación obvia, xa que é o deporte que máis fichas federativas ten, pero que se produce sobre todo no eido dos afeccionados, no deporte afeccionado, onde ten lugar a maior parte das incidencias que teñen relación coa violencia. E especialmente sinala tamén a cuestión do racismo.

Aceptemos, polo tanto, que non hai moitas denuncias e incidentes do que de verdade ocorre; existe unha porcentaxe moi mínima do que ocorre. Os campos deportivos, os pavillóns, están cheos de agresións e violencia —moitas veces verbal— en termos que non son aceptables e que estamos aceptando. Está ocorrendo e non o estamos afrontando. Nós cremos que é posible dar máis pasos, e con toda a vontade propositiva traemos esta iniciativa para que entre a interpelación de hoxe e a parte propositiva que nos tocará despois sexamos quen de construír entre todos unha proposta que mellore a situación actual, que cremos —como dicíamos— que vai no bo camiño por algúns avances que se fixeron, pero que nos últimos tempos vemos un pouco falta de velocidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Señor Torrado, se mo permite, primeiro agradézolle o ton da súa intervención inicial, creo que así é como se pode chegar a acordos, e estou seguro, ademais, de que xa non nesta interpelación, senón despois na moción, poderemos chegar.

E un consello, se o que pretende é que cada vez que un estea falando aquí e lle digan algo — no meu caso desde aí, case sempre desde aí— haxa que contestar, entón non se fai outra cousa. Polo tanto, con iso teña coidado porque ás veces vostede, se está aí sentado, non se pon no seu lugar, non escoita o que se di desde aí. Ou sexa, é unha cuestión de educación, estou de acordo, pero se hai que contestar, se eu tivese que contestar todas as cousas que escoito cando estou falando desde aí, non faría outra cousa. Dígollo para que o teña claro. *(Aplausos.)*

Dito isto, señor Torrado, estou de acordo, creo que é un tema do que deberíamos falar e do que non se fala demasiado. Por certo, creo que é a primeira vez nos anos que levo neste Parlamento, que xa son uns cantos, que un grupo da oposición —e, dende logo, o Grupo Socialista— plantexa unha interpelación sobre esta cuestión.

Eu creo que é bo que falemos disto e é bo que intentamos chegar a acordos. E seguro que hai cousas que mellorar e seguro que hai cousas que se poderían facer e non se están facendo. O último caso tívoo vostede na súa terra hai moi pouco tempo con ese futbolista, con Carlos Arturo Sánchez, que foi obxecto de insultos e de vexacións. Denunciouno e fixo ben, é o que tiña que facer, son cousas que non se poden permitir, e iso deu lugar a sancións. Polo tanto, iso demostra que o sistema funciona ou, polo menos, que cando hai unha denuncia non se lle dá as costas e non se fai como se non pasara absolutamente nada. Pero ¡claro que se poden facer máis cousas!, ¡claro que se poden recoller máis datos para ver realmente a dimensión do problema! e ¡claro que en función diso se pode reaccionar!

De todos os xeitos, dígolle unha cousa, non estou de acordo. Vostede —vou ler exactamente na exposición ou na interpelación que fixo— di que existe unha tolerancia social aínda latente que protexe e sostén a existencia de condutas e actitudes manifestamente reprobables. Non lle vou dicir que isto non pase, porque nalgún caso, desgraciadamente, pasa, pero pasa dun xeito cada vez máis illado. Nalgúns sitios é practicamente inexistente, e eu me alegro de que sexa así, iso quere dicir que imos evolucionando, que somos cada vez máis conscientes de que o deporte é o que é, unha práctica saudable, unha práctica de convivencia, pero non ten que ser un lugar onde os os violentos vaian expoñer as súas frustracións e onde vaian armar bulla ou provocar todo tipo de pelexas.

Creo que o panorama mellorou moitísimo. Vostede o dicía tamén, pero creo que mellorou máis do que di na súa exposición de motivos, por iso quería dicilo, porque me chama un pouco a atención. Creo que, afortunadamente —na miña opinión é demasiado pesimista—

, estamos algo mellor. ¿Temos que seguir progresando? ¡Por suposto! Pero no que non estou de acordo é en que teñamos un problema latente e xeneralizado en Galicia de violencia deportiva. Aí están as estatísticas, e sei que as estatísticas reflicten o que reflicten, unha análise dos datos que hai, e probablemente haxa que ter —estou de acordo— máis datos para analizar e ver a dimensión do problema, pero as estatísticas, sobre todo comparado con outras comunidades autónomas, dinnos que aquí, afortunadamente, estamos algo mellor.

Está claro que a tolerancia ten que ser cero, pero as porcentaxes din que se celebran centos, probablemente miles, de acontecementos deportivos, sobre todo nas fins de semana en Galicia, e a maioría, afortunadamente, desenvólvense con normalidade.

Ante eses comportamentos illados, loxicamente, temos que reaccionar. Creo que a educación é a base. Como en tantas cousas, aquí tamén. Eu creo que con boa educación, e sobre todo coa educación de rapaces e rapazas cando empezan co deporte, podemos avanzar moito. Temos que facer tamén campañas desde a Administración; temos que ter unha actitude proactiva; e tamén, por suposto, cando se producen acontecementos violentos que necesitan unha reacción desde a Administración, temos que reaccionar, loxicamente, e para iso están os mecanismos, que en Galicia están na Lei do deporte.

Vostedes votaron en contra desa lei, pero eu creo que hai un título —vostede mesmo se refería a el— adicado á xustiza deportiva, a reaccionar contra situacións de violencia no deporte, e creo sinceramente que están funcionando, polo menos, están funcionando nos casos que lles chegan. Outra cousa é que lles deberían chegar máis casos, que hai que denunciálo todo, que non se pode permitir absolutamente nada, e que non debería chegar ningún caso porque teríamos que actuar para que non se deran en ningunha circunstancia. Pero cando se dan, creo que hai reacción.

Sabe vostede que hai tres tipos de instancias para reaccionar contra a violencia no deporte a través da Lei do deporte de Galicia. A potestade disciplinaria deportiva, que é onde se dan a maioría dos casos, correspóndelles ás federacións, tamén aos árbitros, aos xogadores, aos técnicos. Cando teñen coñecemento dalgún tipo de circunstancia que mereza ser denunciada por constituír algún tipo de manifestación de violencia no deporte, está a primeira instancia, por así dicilo, se falamos de xustiza deportiva, que é a potestade disciplinaria deportiva, onde se teñen producido anualmente, afortunadamente, non moitos. Xa lle volvo dicir que, se houbera máis datos, máis coñecemento e máis fomento para non deixar pasar nada, probablemente terían que actuar máis, pero cando lles chega, actúan, e creo que actúan con contundencia, dentro das potestades e dentro das capacidades que lles dá a Lei do deporte e a potestade disciplinaria deportiva. Creo que en Galicia este proceso funciona ben.

Despois a segunda instancia, a potestade sancionadora en materia administrativo-deportiva. Aquí xa actúa moito máis directamente o Comité Galego de Xustiza Deportiva. Vostede dicía que non é un órgano coñecido. Iso en abstracto quizais ata sexa bo, porque non ten que actuar moitas veces. Eu teño constancia de que, cando lle chegan casos, actúa, e actúa con total imparcialidade. Creo que non hai ningunha dúbida, eu non a teño, e espero que vostede tampouco, de que actúa con total independencia. E ademais con sancións que poden chegar ata

30.000 euros, clausura de instalacións, suspensión de licenzas federativas... Creo que hai posibilidade, cando o caso así o require, de actuar con contundencia.

Despois está, por último, a vía xurisdiccional penal. Calquera persoa que presencie calquera circunstancia relacionada coa violencia no deporte, igual que en calquera outro ilícito penal, ten a obriga de denuncialo na vía xurisdiccional penal.

Polo tanto, estes son os tres mecanismos que ten previstos a Lei de deporte de Galicia para cubrir todas as circunstancias, e creo —vólvollo dicir— que funcionan axeitadamente. Pero isto ao final son movementos de reacción, e temos que crer moito máis na prevención, na educación, nas campañas de fomento do deporte como saúde, do deporte como práctica saudable, como forma de fomentar a amizade e a relación entre as persoas, e nunca como xeito de exteriorizar condutas violentas, frustracións, actitudes xenófobas, contra a igualdade de xénero nin con nada de todo aquilo que estamos intentando erradicar.

Xa lle digo, podemos falar moito disto, podemos entre todos ver como funcionan mellor os mecanismos, creo que a día de hoxe non nos podemos dar por satisfeitos, pero, sinceramente, creo que a situación non é alarmante para traela ao Parlamento. Si, por suposto, pódese traer ao Parlamento porque aquí é onde está o principio da solución de moitas cousas, pero como para dicir que en Galicia hai un problema latente, alarmante e urxente que atallar respecto de actitudes violentas no deporte, creo sinceramente que a día de hoxe, afortunadamente —e iso di moito da xente que practica deporte—, non é así. Mellorar, por suposto. Dicir que estamos nun ambiente irrespirable en canto á práctica do deporte, creo que non é así, afortunadamente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Eu teño o costume de responder cando me falan, pero non o fago por mal. Sinxelamente, se me falan, contesto, pero por unha cuestión de educación. Neste Parlamento dialógase pouco e apláudese de mais, eu creo, é unha actitude. Ás veces o que fala propón cousas interesantes, entón non está mal. É certo que o vexo pouco, pero en fin.

Eu creo que non dixeran que fose un ambiente irrespirable nin dixeran que fose alarmante. Dixeran, e sosteño, que hai unha situación latente, na que existen condutas reprobables en termos de violencia de xénero, xenófoba e intergrupala, que non estamos atallando correctamente. Si o creo. Entendo que os organismos que teñen que regular isto, cando lles chega unha denuncia, tramítana e fano con toda naturalidade, sen apriorismos, estou plenamente convencido. Pero é que os datos que temos da Comisión Antiviolenza din que o ano pasado solucionaron 22 casos en toda Galicia, e a min paréceme poucos. Eu o que digo é que hai unha realidade moito máis alá deses datos. Non é cuestión de que o que nos chegue o tra-

mitemos, a cuestión é que sexamos conscientes de se hai ou non hai moito máis do que se di, e eu digo que si, creo que si. E se acaso non podemos facer nada máis alá das sancións do que estamos facendo; porque as sancións só as podemos aplicar nestes casos que nos chegan. Pero se consideramos —insisto, nós o consideramos— que hai moitos máis casos, moita máis realidade, do que se denuncia, a iso podemos chegar —e aí concordamos— a través das accións formativas e educativas.

Pero aí vamos ao principio da cuestión: falta formación ante a violencia no deporte. Non o digo eu, dío Miguel Juane, presidente da Comisión Galega de Xustiza Deportiva. Titula un artigo que di así: *Falta formación ante la violencia en el deporte*. Eu tiven oportunidade de compartir algúns cursos —ademais é unha persoa perfectamente formada neste campo— e creo que compartimos esa opinión. Polo tanto, non é unha opinión unitaria.

Os expertos no campo tamén o din: falta formación para afrontar. Os entrenadores moitas veces non saben como afrontar algunhas situacións; os directivos dos clubs ás veces non saben como afrontar e teñen que amarrarse unicamente ás cuestións normativas. É necesario desenvolver esas políticas pedagóxicas neste campo, pero non existen porque non hai formación nas escolas de entrenadores neste campo.

Polo tanto, o que nós dicimos é: se estamos de acordo en asumir que existe moito máis do que se di —e semella que aí temos unha discrepancia porque nós cremos que hai moitísimos máis casos dos que se din, moitos máis que eses 22—, se asumimos que iso é así, debemos asumir que eses non se poden afrontar cunha sanción porque non existen, non están contabilizados, polo tanto, non se poden afrontar con esa sanción, hai que afrontalos dende a previsión pedagóxica e formativa. Pero esa previsión pedagóxica e formativa non existe nos cursos de formación, está demandada polo propio presidente do Comité Galego de Xustiza Deportiva e por todos os expertos da área.

O que nós dicimos é: fáltanos aínda moito por facer, esa é a nosa posición. Cremos que o camiño iniciado xa hai moitos anos é bo. Esa Comisión Antiviolenza non é nin sequera o punto de inicio, hai cousas anteriores. Hai implicación doutros axentes sociais —dicía eu os medios de comunicación—, que se implicaron neste tipo de situacións.

Vostede citaba un caso que eu tamén coñezo. Ademais estaba vendo por aquí que tivo un problema de coche e non chegou. Xogou nun club no que eu xoguei cando era pequeno, quero dicir que coñezo o caso, e voullo relatar. Como vostede coñece, dixo que ía deixar o fútbol porque estaba farto de escoitar moitas veces que lle chamaran de todo, pero o que detonou foi que llo chamou unha nena de dez anos. É dicir, que nun campo de fútbol unha nena de dez anos lle chame calquera cousa... ¡algo non estamos facendo ben! E ese caso, por suposto, non se rexistrou, porque ao final non se rexistrou, o que é curioso; ademais sae na prensa...

É dicir, que están faltando cousas, e neste sentido nós traemos esta interpelación. Agradézolle que me agradeza o ton; eu tamén lle devolvo o agradecemento, así finalizamos ben o día. É certo que, se imos falar de violencia, tampouco é unha cuestión de facelo exemplarmente, e, polo tanto, tampouco é necesario profundar niso, coa vontade de compartir, pre-

cisamente, se temos esa mesma visión. Parece que temos unha visión distinta sobre a contía da situación.

Agardo que poidamos encontrar puntos en común para iso e posibles solucións nas que se incorporen os demais grupos, porque, sinceramente, é un tema que creo que é necesario afrontar pois ás veces non valoramos o potencial que ten o deporte como ferramenta de socialización e ferramenta educativa, que é enorme. Probablemente, entre a familia e a escola, despois diso a ferramenta máis importante que teñamos hoxe en nenos e nenas sexa o deporte. Se a utilizamos ben, temos moito gañado, e eu vou traballar nese sentido.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Para pechar esta interpelación, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Señor Torrado, a verdade é que pouco máis podo dicirlle. Agora o que queda, como isto vai acabar nunha moción, ¡ogallá sexamos capaces de chegar a acordos en temas que son de sentido común! Xa lle admitín na primeira intervención que claro que se pode mellorar.

Unha das cousas que nos gustaría ao Goberno da Xunta de Galicia é que —igual que existe unha comisión a nivel estatal para a violencia no deporte— se puidera crear e tamén puidera existir en Galicia. ¡Oia, non foi posible! Requiríusenos dende o Estado dicindo que esa era unha competencia exclusiva, que remataría nun conflito de constitucionalidade, e ao final, abordándoo dende un punto de vista xurídico, decidiuse que para esas materias quedabamos ao abeiro das actuacións do comité constituído a nivel estatal, agora, algunha das medidas se pode facer é pedirle un especial celo para que actúe sobre o terreo, porque, dende logo a nivel galego, se existira ese órgano, iso estaría asegurado.

Polo tanto, ese órgano é a nivel estatal. Podemos aceptar nun debate xurídico que é unha competencia exclusiva estatal. Pero entón teñen que estar sobre o terreo, polo tanto, esa é unha das medidas que podemos exixir, igual que tamén se pode exixir recabar máis datos neste sistema a tres instancias, ao que antes me refería. Á xurisdición penal a última, pero despois aos dous comités, ao de disciplina e ao de xustiza deportiva, pois ao final é certo que moitas veces só chega aquilo do que se ocupan. Pero outro datos de campo que se poden recoller, que poden servir para unha visión e diagnose do problema moito máis axeitada, ás veces non se teñen.

É certo que ao Comité de Xustiza Deportiva o que lle chega moitas veces é aquilo que lle chega en recurso, nada máis. Polo tanto, casos como o que vostede dicía, como o caso deste futbolista ou outros moitos que se producen, pois simplemente porque a xente non os denuncia, ou porque se os denuncia non o fai axeitadamente, ou polo que sexa, ao final non dan orixe a un procedemento administrativo e, polo tanto, non entra nas estatísticas, e ao

final parece que iso non se produciu, que non existiu ou que non tivo lugar, e moitas veces si que ten lugar. Afortunadamente é dunha importancia —enténdaseme o que vou dicir— non tan grande como para motivar todo ese procedemento, pero dunha certa importancia, porque moitos pequenos feitos, ao final, o que poden chegar a crear —xa lle digo que creo que afortunadamente no día de hoxe, e toquemos madeira para que se manteña ou se reduza, non é así— é un mal clima nun eido deportivo que ten que ser todo o contrario.

Polo tanto, eu creo que temos que facer un esforzo dende a Xunta de Galicia para recabar todos eses datos, para telos. E ás veces tamén dicirlle a este comité de xustiza deportiva — que como lle dicía antes depende da secretaría, sen prexuízo da súa independencia— que ás veces haberá que actuar de oficio con eses datos que tes, e non simplemente cando chega un recurso, que aí tes que actuar sempre.

Eu creo que esas son ese tipo de medidas que o que fan, nos medios reactivos, é facer que funcione mellor, facer que se convertan tamén en medios preventivos, e, dende logo, niso creo que —polo que lle escoitei na primeira, pero sobre todo na segunda intervención— estamos de acordo en actuar na prevención. Iso que vostede di, esa nena de dez anos insultando a un futbolista é unha mostra de moitas cousas, ¿non?, e polo tanto aí hai que actuar con especial contundencia. Non hai máis que actuar no eido da educación, e tamén os pais aí, por suposto, teñen moito que dicir, porque a Administración por si soa e os clubs deportivos non van poder facelo todo, nin moitísimo menos. Quen teñen que facelo, quen temos que facelo especialmente, somos os pais, pero ao final os deportes socializan, e no que se fai en sociedade tamén temos que incidir moitísimo.

Eu creo que se teñen feito iniciativas que son moi significativas e moi útiles. A colaboración que se fai coa escola de fútbol Vero Boquete para fomentar os valores e a igualdade no deporte. Eu creo que Verónica Boquete, á parte dunha magnífica deportista, é todo un símbolo para moitas rapazas que queren practicar deporte, que parece que hai deportes que están vetados, que son só para os homes, e ela demostra que non, que poden practicalo con total liberdade, exactamente igual que os homes, e poden chegar a ter éxito igual que teñen os homes.

Polo tanto, eu creo que como esa colaboración que temos con Vero Boquete, ogallá teñamos moitísimas máis nese eido con outras deportistas galegas e tamén con outros deportistas, porque representan os valores do deporte, alonxados de toda discriminación, de toda violencia, e creo que por iso hai que ir.

Evidentemente, tamén haberá que ver a formación dos técnicos deportivos, a formación dos entrenadores, para incidir moito máis nas materias que teñen que ver con todo o que é a prevención da violencia e a reacción contra a violencia cando esta se produce.

Xa lle digo, creo que hai moitas cousas que facer, creo que aquí hai pouco que discutir, outra cousa é que despois esteamos acertados nas medidas. Sobre todo, indo un pouco á interpe-lación anterior, podemos estar de acordo na diagnose pero despois hai que acertar. E tamén lle recoñezo que a quen lle toca gobernar é o primeiro responsable de acertar para chegar a implementalas, que sexan eficaces e que dean resultado. Pero cando se ten a colaboración e

o acordo de todos os grupos políticos dun Parlamento, polo menos na diagnose do problema e no principio das medidas que hai que adoptar, creo que se ten moito camiño andado. E xa lle digo, agardo que desta interpelación —como vostede di, no Parlamento se acordan tamén cousas moi útiles— e do que poidamos facer despois, saia un avance máis para seguir reducindo ese clima de violencia no deporte, que —volvo insistir por última vez— en Galicia creo que afortunadamente estamos a niveis que non son preocupantes. Pero por se acaso chegan a selo, reaccionemos canto antes.


Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Boa noite.

Suspéndese a sesión ás sete e cincuenta e sete minutos do serán.



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25